



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 44

Sesión plenaria
25 de marzo de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1. Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia (doc. núm. 15321, 12/PL-000007).

Publicación do Ditame da comisión e do mantemento de emendas, BOPG nº 174, do 18.03.2025

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia (doc. núm. 14045, 12/PPLC-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 06.11.2024

Punto 2. Comparecencias

2.1 3936 (12/PPP-000010)

Do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

2.2 21907 (12/PPP-000039)

Da conselleira de Economía e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación dos proxectos industriais estratéxicos na nosa Comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

Punto 3. Mocións

3.1 21766 (12/MOC-000053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1137, publicada no BOPG núm. 10f1, do 12 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 11 de marzo de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

3.2 21824 (12/MOC-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos

Sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20084, publicada no BOPG núm. 159f2, do 19 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de marzo de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025



3.3 21832 (12/MOC-000055)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo**

Sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19844, publicada no BOPG núm. 159f2, do 19 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de marzo de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 2945 (12/PNP-000332)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e tres deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

4.2 11056 (12/PNP-000917)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo executivo galego en relación coa autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024

4.3 19448 (12/PNP-001536)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.4 19556 (12/PNP-001551)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.5 20584 (12/PNP-001652)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025



4.6 20941 (12/PNP-001682)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 1280 (12/INT-000059)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

5.2 18909 (12/INT-000755)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

5.3 21036 (12/INT-000851)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 21905 (12/POPX-000037)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de transparencia, normalidade e legalidade da tramitación dos procedementos relacionados coa implantación do proxecto industrial de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

6.2 21906 (12/POPX-000038)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a instalación en Galicia da macrocelulosa de Altri que non quere Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 21889 (12/PUP-000096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a valoración realizada pola Xunta de Galicia respecto da solicitude de captación de auga no encoro de Portodemouros prevista no Proxecto Gama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

7.2 16166 (12/POP-002377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as demandas de profesorado de apoio manifestadas pola ANPA do CPI Castro Baxoi, de Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

7.3 20731 (12/POP-003171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a cobertura da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025

7.4 21890 (12/PUP-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as sentenzas que acaban de recoñecer o dereito das nenas e dos nenos galegos ao acceso ás axudas educativas no ámbito da educación inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

7.5 21305 (12/POP-003253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o anuncio de peche da Escola Infantil A Casiña, situada no barrio ourensán das Lagoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

7.6 19096 (12/POP-002944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e oito deputados/as máis

Sobre as medidas de concesión de avais á compra de vivenda postas en marcha polo Goberno central e que terán que xestionar as comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025



7.7 21250 (12/POP-003244)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e nove deputados/as máis**

Sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia destinadas a facilitarlle á xente nova o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

7.8 17776 (12/POP-002795)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á redución das listas de espera para consultas no Hospital Público da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.9 18357 (12/POP-002870)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o balance dos plans locais de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pide a palabra o señor Bará Torres (BNG) para solicitar que se someta a votación unha modificación da orde do día, para incluír no pleno a comparecencia do presidente da Xunta en relación coa macrocelulosa de Altri. (Páx. 12.)

Pide a palabra a señora Espinosa Mangana (S) para solicitar a acumulación das proposicións números 2945 e 11056. (Páx. 12.)

Pide a palabra o señor Pazos Couñago (P) en relación coa solicitude feita polo señor Bará Torres (BNG) e a solicitude feita pola señora Espinosa Mangana (S). (Páx. .)

O señor presidente somete a votación a alteración da orde do día proposta polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ademais, explica que hai dúas delegacións de voto e aclara a natureza da votación que se vai realizar. (Páx. 13.)

Votación da alteración da orde do día

Votación de alteración da orde do día proposta polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 34 votos a favor; 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 14.)

O señor presidente fai unha nova aclaración ao respecto do resultado da votación. (Páx. 14.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 14.)

Presentación do Ditame: Sr. vicepresidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Rodríguez Martínez). (Páx. 14.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 15.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 16.), Sr. Castro García (BNG) (Páx. 20.) e Sr. García Comesaña (P) (Páx. 23.).

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 29.), Sr. Castro García (BNG) (Páx. 30.) e Sr. García Comesaña (P) (Páx. 31).



Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación da proposición de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 37.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 37.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 39.).

Rolda de réplica: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 42.)

Votación de textos lexislativos

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 44.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia: *rexeitadas por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia: *aprobado por 48 votos a favor, ningún voto en contra e 26 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Comparecencia do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 62.), Sra. Castro Rey (S). (Páx. 64.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 68.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 71.).

Réplica do Goberno Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 74.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 84.) Nesta rolda interveñen: o Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 84.), a Sra. Castro Rey (S). (Páx. 85.), o Sr.



Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 87.), a Sra. Prado del Río (P) (Páx. 89) e o Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso) (Páx. 91.).

A señora presidenta (Candia López) anuncia que, ao se prolongar a comparecencia, a sesión retomárase ás catro horas e quince minutos. (Páx. 95.)

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos. (Páx. 95.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Economía e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación dos proxectos industriais estratéxicos na nosa Comunidade. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 96.)

Rolda dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 104.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 104.), Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG) (Páx. 108.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 111.).

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 115.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 118.). Nesta rolda interveñen: a Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 118.), o Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG) (Páx. 121.), o Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 123.) e a Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza) (Páx. 126.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública. (Punto terceiro da orde do día)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción (Páx. 128.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 135.), Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 135.).

A señora Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 137.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade. (Punto terceiro da orde do día)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. López Font (S). (Páx. 140.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 142.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Grueira Fernández (P). (Páx. 145.)



O señor López Font (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 147.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias. (Punto terceiro da orde do día)

A señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 148.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 149.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Trenor López (P). (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 154.), Sr. López Font (S) (Páx. 154.).

O señor Ríos Santomé (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 156.)

Votación das mocións

A señora Espinosa Mangana pide a palabra para pedir a votación por puntos para a Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública. O señor presidente comunica que non se acepta a votación por puntos. (Páx. 158.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública: rexeitada por 22 votos a favor, 39 votos en contra e 10 abstencións. (Páx. 158.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade: rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 158.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias: aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 159.)

O señor presidente responde á solicitude feita pola señora Espinosa Mangana (S) respecto do debate acumulado de dúas iniciativas e sinala que non hai antecedentes para a acumulación de dúas iniciativas do mesmo grupo. (Páx. 159.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e tres deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á proposición non de lei. (Páx. 159.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 160.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. López Font (S). (Páx. 163.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.), Sr. López Font (S) (Páx. 165.) e Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 165.).

O señor Rodríguez Martínez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 167.)

O señor presidente solicita do señor Rodríguez Martínez (P) unha aclaración sobre a utilización dunha expresión na súa intervención e este acorda retirala. (Páx. 168.)

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e sete minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

(O señor Bará Torres pide a palabra.)

Si, señor Bará, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

O BNG quere solicitar que se someta a votación unha modificación da orde do día, para incluír no pleno a comparecencia do presidente da Xunta en relación coa macrocelulosa de Altri; utilizo a denominación que lle deu o pasado domingo a conselleira de Medio Ambiente. O BNG solicita esta comparecencia tendo en conta o debate público que hai neste momento, os últimos acontecementos, as mobilizacións e sobre todo as enormes repercusións sociais, económicas e ambientais que ten esta macrocelulosa, pola súa afección ao medio, ao río, á auga e especialmente aos sectores económicos centrais da nosa economía, como son o turístico, tamén o sector da produción alimentaria, o forestal ou a produción marisqueira e pesqueira da ría de Arousa, que tamén está ameazada por este proxecto. Pensamos que hai razóns máis que xustificadas para que o presidente da Xunta compareza neste pleno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Espinosa Mangana pide a palabra.)

Si, señora Espinosa.

Ten a palabra. Déanlle voz ao escano da señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Antes de aprobar a orde do día, nós queríamos que se puideran acumular as proposicións números 2945 e 11056, porque a identidade é a mesma nos dous casos.

O señor PRESIDENTE: Ben, iso cando sexa o momento de substanciala. Efectivamente, foi un tema que se falou onte na Mesa, e eu mesmo teño moitas dúbidas sobre esa cuestión, que non hai un precedente aquí.



Señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si.

En canto á solicitude do BNG, dicir que creo que xa substanciou con bastante detalle o señor Bará a súa petición; en todo caso, non faltará ocasión neste pleno para dar razóns que apoien esas afirmacións ou para desmentir os bulos que tamén se conteñen na mesma. En todo caso, foi unha cuestión xa debatida durante a Xunta de Portavoces, e evidentemente votaremos en consecuencia se o señor Bará considera que é necesaria esa votación.

E respecto da acumulación que se solicita, non me consta que exista precedente ningún sobre que se acumulen iniciativas presentadas por un mesmo grupo nesta Cámara. Se queren, debatemos ese precedente, pero despois cada cal que se ataña ás consecuencias das súas propias solicitudes. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ese tema, efectivamente, é un asunto que é unha potestade do presidente, e eu xa dixen que teño as miñas propias dúbidas sobre esa cuestión, efectivamente, pero esa é outra historia.

Agora ao que imos é a someter a votación. ¿Vostede quere que se someta a votación? *(Asentimento.)*

Pechen as portas, por favor.

Imos someter a votación esta alteración da orde do día proposta polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación de alteración da orde do día

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Ben, claro, hai que facer unha consideración. Como foi así todo tan rápido, non lin o que tiña que ler, que ten a súa importancia; pero, claro, como foi así tan rápido... Ben, vou explicalo, porque hai dúas delegacións de voto: unha delegación de voto do deputado Enrique Barreiro Sánchez, que o delega no portavoz do grupo parlamentario, no señor Alberto Pazos Couñago; e hai tamén unha delegación de voto de dona Iria Taibo Corsanego, que delega na deputada dona Ana Pontón Mondelo.

Entón, imos proceder... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos ver, que teño outra dúbida agora aquí. Imos ter que volver votar. Señora Pontón, ¿votou desde aí? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, perfecto! Esa é a dúbida que tiña



eu. Se votou desde aí, vale. Perfecto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, ten que votar desde o seu escano. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, aínda vou ler.

Votación de alteración da orde do día proposta polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se acepta a alteración da orde do día.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Aquí ponme 71 máis 1; (*Murmurios.*) máis 2, si, efectivamente, 71 máis 2, en realidade son 73, e o resultado que xa dixen. Pero entón cambia o resultado tamén. É que foi un lío, claro, isto de empezar así, con... (*Murmurios.*) Aturúllase un, porque é normal que se aturulle. Tiña que ter lido primeiro eu as incidencias e despois, con base niso, pois poderíamos facelo.

Ben, o resultado da votación é que non procedía a alteración da orde do día, con ese resultado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non. Non é serio, Montse, pero as cousas son como son. ¿Que queres que che conte? (*Risos.*) Iso pásalle a calquera.

Ben, entón, comezamos. Textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame, ten a palabra o vicepresidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

O señor VICEPRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Rodríguez Martínez): Grazas, presidente.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 5 de decembro de 2024, co número de rexistro 15.321. A Mesa do Parlamento, na reunión do 11 de decembro de 2024, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que remataría o día 30 de decembro de 2024 para as emendas á totalidade e o 1 de febreiro de 2025 para as emendas ao articulado.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.



As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas respectivamente pola Mesa da Comisión nas sesións do día 16 de xaneiro e 3 de febreiro de 2025, e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 141, do 17 de xaneiro de 2025, e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 152, do 5 de febreiro de 2025, foron dúas emendas á totalidade de devolución, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

107 emendas ao articulado, 42 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 51 emendas ao articulado presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 14 emendas ao articulado presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Na sesión plenaria do día 11 de febreiro de 2025 rexeitáronse as emendas á totalidade de devolución.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 14 de febreiro de 2025, designou os seguintes ponentes: Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presidente, Julio Comesaña, titular; e Roberto Rodríguez Martínez, suplente. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Daniel Castro García, titular; e Brais Ruanova Vilas-Boas, suplente. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, Julio Ernesto Abalde Alonso, titular; e Lara Méndez López, suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 18 de febreiro de 2025, coa presidencia de Julio García Comesaña, presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e ponente titular, coa asistencia dos restantes ponentes titulares: Daniel Castro García, Julio Ernesto Abalde Alonso e Armando Ojea Bouzo.

Nas seguintes reunións, dos días 24 de febreiro e 5 e 6 de marzo de 2025, analizou o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas, así como as propostas de transacción, e concluíu o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia; informe que foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 1ª do pasado día 13 de marzo. Recolléronse no ditame todas as recomendacións feitas pola ponencia no seu informe e unha nova transacción relativa á composición do Consello Galego de Intelixencia Artificial.

Ata aquí un resumo sucinto da tramitación parlamentaria levada a cabo pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, correspondéndolle hoxe ao pleno desta cámara a súa definitiva aprobación.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Comezamos, polo tanto, a rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Declina. Grazas.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidente.

Deputados e deputadas que estamos hoxe aquí para discutir esta Lei de intelixencia artificial de Galicia.

En primeiro lugar, saudar os membros da Amtega que están hoxe aí e o seu director, o responsable da intelixencia artificial nese organismo.

E quero iniciar, precisamente por eles, agradecéndolles o traballo que fixeron para o desenvolvemento desta lei dentro dos marcos establecidos politicamente pola propia consellería.

Tamén quero deixar constancia neste inicio de debate do espírito construtivo que houbo na ponencia, de colaboración, de traballo e de diálogo, que creo que é un exemplo que deberíamos de seguir noutros organismos dentro deste propio Parlamento, e tamén, ¿como non?, a colaboración e o traballo dos letrados da Xunta, que nos fixeron moito máis fácil a adecuación deste texto que se presentaba aos requisitos que debería de cumprir calquera texto lexislativo que saía deste Parlamento, de aquí, de Galicia.

Ben, ata aquí os agradecementos. Agora imos entrar un pouco no contido desta lei.

Seguimos pensando, como dixemos cando presentamos as mocións das emendas á totalidade, que este é un texto que podería ser máis ambicioso. É un texto que, como dixo moitas veces o propio Goberno, é a primeira Lei de intelixencia artificial que se establece no Estado español; agora o Goberno central ten en trámite de audiencia a lei —digamos— estatal. Pero precisamente como é pioneira —é a primeira—, debería de ser un pouquiño máis ambiciosa, debería de intentar non só quedar en cuestións que teñen que ver e que vinculan a Administración autonómica, senón tamén ir un pouquiño máis alá e que esta lei actuara realmente como un motor para dinamizar, potenciar e definir —digamos— o sector de intelixencia artificial na nosa Comunidade Autónoma, sector que economicamente ten un papel fundamental e que creo que debemos estar orgullosos en Galicia de dispoñer dese sector empresarial tan potente.

E, polo tanto, seguimos pensando que non soamente hai que definir os dereitos dos usuarios cando se acerquen á Administración autonómica e que estean utilizando a plataforma, senón que debería dalgunha maneira tamén recollerse aquelas cuestións que teñen que cumprir as empresas, poñer en mans das empresas distintas ferramentas precisamente para traballar a prol dunha intelixencia artificial galega, baseada fundamentalmente na cultura, no coñecemento e incluso na lingua galega. E, polo tanto, esta lei esa parte non a vincula en absoluto.

Vou citar así algunhas das carencias que nós consideramos que seguen manténdose nesta lei e incluso despois —digamos— do trámite de discusión e incluso incorporación dalgunhas das emendas que presentamos os distintos grupos parlamentarios.

Cremos que nesta lei xa se cita o Cesga como un elemento fundamental dentro do punto de computación de altas prestacións, pero, non obstante, non se lle dá un papel relevante dentro



desta propia lei. Cremos que debería ser a cuarta pata da intelixencia artificial, porque sen sistemas masivos de utilización de computación dificilmente podemos facer desenvolvementos vinculados á intelixencia artificial. Polo tanto, cremos que un organismo como é o Cesga, que está intimamente relacionado coas redes españolas e europeas de computación de altas prestacións e de computación cuántica, debería de ter un papel máis importante.

Como dicíamos antes, cremos que esta lei perde a oportunidade de crear e reforzar ese ecosistema empresarial, ese ecosistema de investigación, de desenvolvemento de centros de investigación e centros tecnolóxicos, que están xa traballando na nosa Comunidade Autónoma. E, polo tanto, estas posibilidades tractoras desta lei circunscribíense única e exclusivamente ao sector da Administración autonómica, que indubidablemente vai xogar un papel importante, pero cremos que debería estar moito máis reforzada.

Exactamente igual que a atracción e a retención de talento vinculado á intelixencia artificial. Cítase a posibilidade de incorporar ese talento a través desta lei, pero, non obstante, déixase en mans doutros instrumentos, doutras ferramentas, como pode ser o Plan galego de I+D+i ou incluso a Estratexia galega de intelixencia artificial, que se cita nesta lei. Pero, non obstante, non se modifican nin se prevén as posibilidades de adecuación destas estratexias no momento en que estamos na metade do período de vixencia desa Estratexia galega de intelixencia artificial.

Polo tanto, márcanse dereitos, pero, non obstante, non se marca como imos actuar, que ferramentas temos, que mecanismos temos no caso do incumprimento que se poida producir destas cuestións. Están regulados pola norma e polo regulamento europeo aqueles cales casos moi graves de incumprimento e, polo tanto, si que existen nese momento incluso organismos supervisores e organismos de sanción, como é o caso da AESIA.

Señor presidente, non vexo aquí o tempo.

O señor PRESIDENTE: Si, pero recuperarase despois, porque é que eu tamén non teño...

O señor ABALDE ALONSO: Non, eu téño por guiarme.

Ben, imos alá.

O señor PRESIDENTE: Non te preocupes.

O señor ABALDE ALONSO: Vale, de acordo.

Polo tanto, dicía que no regulamento europeo si que existe esa posibilidade de sanción e de supervisión, que os casos que non están regulados na norma europea neste caso non parece que queden claramente establecidos.

Nós seguimos pensando que a estrutura de xestión, de gobernanza da intelixencia artificial repite figuras que xa existen na Administración e que se poderían utilizar facilmente. De feito, unha das figuras que crea, que é a dos comisionados de intelixencia artificial, despois nunha



transitoria, dálles esas funcións aos hoxe responsables de xestión de datos de cada unha das administracións. Pois dándolles as funcións directamente xa era moito máis fácil e non crear unha estrutura a maiores. Que, por certo, son estruturas que se crean suplantando ou substituíndo —digamos— funcións que desempeñaban outras figuras xa creadas anteriormente.

Por exemplo, na Estratexia galega de intelixencia artificial créase o Nodo galicIA, que é o nodo precisamente de Galicia, que ten, ademais, as competencias —digamos— da participación de estruturas administrativas do norte de Portugal e, polo tanto, incluía a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal. E curiosamente esa estrutura non se mantén —ou non parece que se manteña—, senón que se substitúe por outra que non ten os mesmos —digamos— ámbitos de actuación que tiña ese Nodo galicIA.

Exactamente, aínda que se indica a colaboración a nivel de —digamos— convenios de transmisión e transferencia de información coa AESIA, cremos que debería de marcarse na lei unha relación moitísimo máis intensa coa AESIA, porque a AESIA si que ten esas capacidades de supervisión, que tamén vai supervisar determinadas ferramentas vinculadas á propia Administración cando teña altos riscos —digamos— dentro da categorización dos riscos das plataformas de intelixencia artificial. E, polo tanto, poderíamos utilizar esta lei para vincular de xeito efectivo e darlle competencias ou colaboración a esta axencia, que está na Coruña, precisamente para que desenvolva esas actividades de supervisión dentro dos casos onde non sexa de aplicación o regulamento europeo e a lei estatal que se está neste momento tratando. Polo tanto, creo que aí perdemos unha oportunidade.

Tamén —e creo que cecais é para min a carencia máis importante— esta lei renuncia a crear e a constituír ferramentas necesarias para definir e establecer unha auténtica intelixencia artificial galega; é dicir, establecer mecanismos que permitan que as empresas, —digamos— os investigadores, a xente, os desenvolvedores de intelixencia artificial poidan ter ferramentas que utilicen, que se entrenen, que se desenvolvan en galego, coa cultura galega, cos datos e cos coñecementos galegos, e ferramentas e infraestruturas que serían moitísimo máis eficientes e efectivas porque estarían desenvolvidas dentro do noso ámbito de actuación cultural, económico e social.

Polo tanto, a iso renúnciase absolutamente. Menos mal que no caso do galego e da utilización dos recursos galegos o Goberno central ten neste momento en marcha e acaba de anunciar de novo un novo financiamento para o Proxecto Alia, que precisamente do que se trata é de crear ferramentas de intelixencia artificial que van ter como base os tres idiomas cooficiais do noso Estado, e, polo tanto, o galego vai estar incluído dentro desa ferramenta e van ter posibilidade as empresas de utilizalo porque vai ser de disposición libre.

Ben, pero non todos son —digamos— pegas en cuestións que consideramos non adecuadas, senón que creo que neste proceso —como dicía antes— houbo diálogo, houbo —digamos— intercambio de opinións e aceptación dalgunhas das posicións que se estableceron dentro das propias emendas do Partido Socialista. Moitas non se recolleron e mantémolas para ser discutidas ou votadas hoxe, pero hai outras que si se aceptaron.



Dentro das que se aceptaron, foi expresamente —e ademais foi aceptada non como transacción, senón directamente— o reforzo das capacidades de computación de altas prestacións, que cremos que é fundamental. Non se pode ter un desenvolvemento de intelixencia artificial, non se pode ter bancos de datos, non se pode ter espazos de entreno e de proba se non temos esas capacidades desenvolvidas e ben desenvolvidas. E aquí —como dicía antes— temos o Cesga, que xa ten neste momento e vai ter despois un supercomputador con capacidades precisamente específicas para a intelixencia artificial, e temos ese mesmo organismo que dispón xa dun computador cuántico onde se poden realizar probas para poñer en marcha determinadas ferramentas baseadas nesa computación, que todo o mundo di que son as computacións do futuro. Por certo, volvo dicir que a computación cuántica non existe nesta lei.

Tamén creo que se fixo unha aposta pola eficiencia enerxética da intelixencia artificial, coa incorporación, como unha emenda do propio Partido Socialista, de principios de sustentabilidade e de potenciar a utilización tanto na Administración como no noso sector dos principios de algoritmos verdes. Por certo, algoritmos verdes onde Galicia non soamente é pioneira, senón que dispón dunha cátedra de intelixencia artificial vinculada con Inditex precisamente para desenvolver estes algoritmos verdes aquí en Galicia, sendo —como dicía antes— pioneiros en toda España nesa tecnoloxía.

Tamén creo que foi un acerto a incorporación, a inclusión do recoñecemento dos dereitos de autores e creadores, sobre todo nunha comunidade autónoma como é Galicia, onde temos unha gran cantidade de creadores culturais, do audiovisual, da cultura gráfica. E, polo tanto, eses materiais, esas creacións que están —digamos— recoñecidas con dereitos de autor e creador, van ser utilizadas para as ferramentas de intelixencia artificial, e, polo tanto, temos que polo menos que figure na lei que se van protexer. Desde logo, non corresponde á lexislación galega facer esa protección, pero si o que se recoñece é que se vai ter en conta que se cumpran a lexislación española e a lexislación europea no que ten que ver co recoñecemento dos dereitos de autores e de creadores.

E, por último, creo que se reforza o papel e a utilización do galego na intelixencia artificial, non como nos gustaría a nós —como dicíamos antes—, coa creación de ferramentas específicas para desenvolver a intelixencia artificial con linguaxes e con datos e contidos e mecanismos de aprendizaxe galegos, pero si que se reforza —digamos— a participación de organismos que teñen como función velar pola utilización e o uso do galego en distintos ámbitos, como é a presenza das organizacións sociais, dos servizos de normalización lingüística, que hai en todas as comunidades, e que se incorpora un representante a ese órgano xestor ou consello reitor da intelixencia artificial. E, como contrapartida, tamén hai a incorporación do representante da Administración lingüística. Polo tanto, imos ter, como sucede noutros sectores, a parte —digamos— administrativa, pero a parte tamén do sector que está traballando directamente.

Polo tanto, estas son as emendas que por parte do Partido Socialista foron aceptadas, vía aceptación directa, vía transacción, e, polo tanto, cremos que formaban parte de catro dos grandes temas que tratamos nas nosas emendas presentadas.

Polo tanto, como conclusión, ¿que poderíamos dicir? Pois que aquí estamos poñendo enriba da mesa e aprobando unha lei que está traballando sobre uns elementos ou unhas situacións



que xa están reguladas neste momento por unha directiva europea, están reguladas por un regulamento europeo, que entrará en vigor de forma absoluta en agosto do próximo ano, do ano 2026, e agora tamén por unha lei que é unha transposición desas normativas europeas. ¿Que facemos nesta lei? O que facemos nesta lei é regular como vai ser utilizada pola nosa propia Administración autonómica.

¿Ten que ser rango de lei? Nós temos moitas dúbidas de que teña que ser rango de lei. Pero ben, se o Partido Popular decidiu que sexa rango de lei, pois benvido sexa.

Pero recordo: aquí neste caso dá máis a impresión de que do que se trata é de ter ferramentas para xestionar a implantación da intelixencia artificial na propia Administración autonómica, que non entendo moi ben, porque o Goberno ten ferramentas de sobra para establecer eses sistemas, pero que non se aproveita para ser un elemento tractor do sector da intelixencia artificial en Galicia.

Polo tanto, dá a impresión de que se trata de ser os primeiros, que esa sexa a lei que imos desenvolver, pero non se ten a ambición necesaria para ser pioneiros. Creo que, sendo pioneiros, había que ser capaces de arriscar un pouquiño máis.

E ata aquí a nosa opinión sobre esta lei e sobre os plantexamentos. Cremos que era necesario facer unha boa lei, e non que fora necesariamente a primeira. Pero ben, o Partido Popular decidiu ir pola vía da propaganda, do márketing, de dicir: somos os primeiros, e, non obstante, non se preocupou tanto de facer unha boa lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Antes de nada, quería comezar poñendo en valor unha cousiña, unha cousiña que pasou o domingo, e é que, a pesar do frío e da chuvia, pois houbo cinco mil persoas en Viveiro, que volveron saír a reclamar o obvio, que é que somos así tan pedichóns que queremos médicos e médicas nos centros de saúde, e somos tan pedichóns que queremos ser atendidos no noso hospital de referencia e non ter que ir a Lugo todos os días. (*Aplausos.*) E, mentres ocorría iso, en Viveiro, a menos dun quilometriño, aí na parroquia de Celeiro, outros estaban de paparota, pero ben, ¡que aproveite!

Soamente dicía isto, ademais case como un pouco de servizo público, ¡eh!, porque casualmente ningún dos deputados e das deputadas que estivo aquí puido velo na Televisión pública do noso país. Eu sei que sacaron a delegación da TVG da Mariña hai xa anos, eu sei que facía frío e desprazarse ata a Mariña pois é difícil, ¿non?, pero non o puido ver ningún de-



putado dos que estamos aquí. Pero, contrariamente, si que puideron ver como ían a Mondoñedo a cubrir unha concentración moteira de trescentas persoas e saía no Telexornal. Trescentas persoas —que non teño nada contra a concentración moteira, jeh!— nunha concentración moteira en Mondoñedo, si; cinco mil persoas manifestándose por unha sanidade pública de calidade, iso non. Non sei para que cambiaron a lei, porque non se pode manipular máis. *(Aplausos.)*

Dito isto, antes de nada, falando da lei, quería agradecerlle tamén o traballo á letrada, que tivo abondo, e quería saudar a xente da Amtega, á cal lle agradecemos o trato e ademais unha boa vontade explicativa, que moitas veces nun tema como este é de desexar e coa que aprendemos todos e todas.

Co que ten a ver coa Lei de intelixencia artificial na Administración pública, quero facer fincapé na nomenclatura, porque eu creo, como xa se veu aquí e levamos falando moito tempo, que o proxecto quedou un pouco niso, nunha lei que vai decidir cal vai ser o traxe, neste caso a IA, que a Xunta de Galiza vai poñer. E, jollo!, non se me entenda mal, isto é importante, jeh! E desde o BNG evidentemente estamos de acordo con iso, que a Xunta de Galiza regule o uso da IA na Administración pública, pero —o que falamos sempre— o contexto que estamos a vivir creo que fai necesario que o Goberno galego faga máis, vaia máis alá e teña vontade de regular algo sobre algo que nos afecta no noso día a día, xa hai anos que nos vai afectando no noso día a día e, seguramente, sen dúbida ningunha, cada día que pase nos vai afectar dun xeito máis directo.

E tómesese isto, de verdade, como unha crítica positiva. Porque desde o Bloque temos claro que legislar sobre a intelixencia artificial é máis que necesario, e por iso como país temos que ser valentes; e, se hai que pecar de algo, pois pequemos de valentes. Porque —xa se dicía e se falaba, debatiámolo nos outros debates— partimos —e eu creo que aquí estaremos todos de acordo— dun punto de inferioridade, a Xunta de Galiza, pero calquera outro goberno vai partir dun punto de inferioridade neste eido.

O punto de partida da Xunta, como o de calquera outro goberno, é menor a respecto dos grandes feudais das tecnolóxicas, por darlles un nome, que lles dá igual a democracia, que lles dan igual os dereitos das persoas e, por supostísimo, lles dá absolutamente igual a lexislación; é máis: viven mellor nos lugares nos que non hai lexislación. Porque na selva é onde son máis fortes. Na selva facer saúdos nazis non custa nada, na selva aínda os seus petos —se iso é posible— aínda están máis cheos. Por iso hai que legislar.

E, por resumilo, a intelixencia artificial ten que estar, poñéndonos un pouco filosóficos, ao servizo da razón e non de Amazon, así de claro. E se lle ten que chegar ao señor Bezos desde aquí, pois fagamos o esforzo para que lle chegue ao señor Bezos e a outros magnates da ultradereita.

E por esa razón seguimos sen entender —ou si— por que non aceptan emendas que van no camiño de garantir que, de darlles diñeiro público ás empresas privadas, pois, por exemplo, sexa a cambio de algo, que non custa moito. Que se se financian empresas de intelixencia artificial sexa a cambio de desenvolver os seus produtos en galego sempre, que se favoreza



que teñan sede no noso país, que se favoreza aquelas que son máis sustentables e, sobre todo, que non marchen cando lles dea a gana.

Porque no noso país temos moitísimos exemplos, moitísimos exemplos de empresas que recibiron inxentes cantidades de diñeiro público e que marcharon cando lles deu a gana, sen que a Xunta fixese ou quixese facer nada.

Podemos legislar sobre a deslocalización, podemos legislar contra a deslocalización, pero hai que querer. E por iso queríamos emendar e emendamos para que aquelas empresas que recibisen diñeiro público, financiamento público —que iso non está mal—, estean obrigadas a estar un período mínimo de dez anos no noso país. As cifras podemos discutilas, pero para iso hai que ter esa intención de debatelo.

Do mesmo xeito que non entendemos o marco lingüístico que se lle quere dar a esta lei. Imos regular a Lei de intelixencia artificial coa Lei de normalización lingüística, de 1983, que eu xa non vou entrar en que non a cumpren —que iso creo que é obvio, non o di soamente o BNG—. É que poderían regular de xeito específico as axudas que reciben as empresas para a promoción da lingua. É dicir, poderíamos regular para xerar —por dicilo dalgunha maneira— valor engadido sobre a nosa lingua.

É certo que a Xunta aquí tamén vai ter que facer un traballo eu creo que pedagóxico e divulgativo, porque se atendemos a algúns estudos e análises que se teñen feito mesmo no noso país, como por exemplo o do Consello da Cultura Galega, A intelixencia artificial na cultura galega: coñecemento, usos e opinións, de xullo do ano pasado; eu sei que algo de xullo do ano pasado a respecto deste tema ao mellor agora, a finais de marzo de 2025, xa variou, pero deixa datos bastante interesantes, como que soamente o 28 por cento das persoas empregaran a IA no seu traballo de xeito profesional ou que o 45 por cento das persoas velle máis cousas negativas que positivas á intelixencia artificial.

E isto é normal, é entendible, porque, vendo cales son os maiores magnates que dirixen todo isto, pois como para non terlle medo. E por iso hai que animar sempre a Xunta, neste caso de forma positiva, a que sexa divulgativa, a que sexa pedagóxica, porque hai que quedar sempre cos beneficios que pode traer esta tecnoloxía para a sociedade e hai que pelexar sempre para que sexan beneficios, e non as cousas negativas, que sabemos todos e todas que poden ser bastantes.

A intelixencia artificial ten que primar sempre o interese público antes, sempre, sempre antes, que o interese privado.

É necesario tamén falar dos nesgos que teñen que eliminarse de calquera xeito, tanto agora no comezo como cando se vaian desenvolvendo máis, todos aqueles que poidan ir aparecendo.

Por entendernos, imaxinen que, por exemplo, unha plataforma dun programa de intelixencia artificial se adestrase unicamente con información que recibe da TVG. Pois sería unha intelixencia artificial que daría uns resultados extraordinariamente positivos para o Partido Po-



pular pero non daría unha visión moi real do que é este país, ¿non? Pois eses nesgos hai sempre que combatelos.

E outro punto importante, xa que cadrou e está no noso país —cousa que é moi positiva—, a Xunta debe ter unha moi boa relación coa AESIA, e viceversa, por supostísimo. E é certo que a AESIA ten que poñer as pilas e traballar conxuntamente. Pero digo que o obxectivo aquí non pode ser chocar.

E isto lévame ás competencias. Seguramente aquí falarase do límite competencial, evidentemente, pero eu soamente quería animar a xente do Partido Popular a que mire o que está a facer a nivel competencial soamente por chocar moitas veces co Goberno central. Decía o presidente, literalmente: «A debilidade de Pedro Sánchez permítenos agora pedir competencias». Ben, máis aló de que miren soamente polo electoralismo e non polo noso país, eu ánimoos moi fortemente a que vaian a tope no eido competencial e non o empreguen como escusa, porque ben se ve que, cando queren chocar, pois poden saltar o nivel competencial cando queren, e aí van ter sempre o noso apoio.

En resumo, porque levamos tamén moitas veces, moito tempo falando disto, hai que destacar sempre cando houbo consensos. Tamén quería agradecerlle ao señor Comesaña —todo sexa dito— o bo talante ao longo da negociación. Sei que fixo o que puido á hora de negociar e conseguir que se aceptasen emendas e transaccións. Ao igual que o talante que mostrou a Amtega. Pero eu non sei se é que, como xa se dixo aquí, queren un titular moi chulo despois da votación de hoxe —que non llelo vou negar: o titular vai ser chulísimo, evidentemente—. Non sei se é algo que ían facer de todos os xeitos e darlle rango de lei pois queda mellor, pero a min a sensación que me dá é que esta lei vai ser un pouco como ese exame que queres sacar de enriba e che vale o 5, e se sacas o 5 pois xa vai para diante e perfecto; e eu creo que en calquera lei, sexa o tema que sexa, pero máis nun tema coma este, hai que ir sempre a polo 10. Desde o Bloque iremos sempre a polo 10.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Saudar, por suposto tamén, os invitados na tribuna. Neste caso vexo que son nenos, pero quería especialmente saudar os membros de Amtega que nos acompañan hoxe aquí, o seu director e a subdirectora.

Debatemos hoxe e votamos o Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre ese Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, unha norma pioneira. Si, é pioneira no sentido de que



ningunha comunidade ata o de agora o desenvolveu, nin en Galicia nin, polo que sabemos, no ámbito europeo.

Quero agradecer, como non pode ser doutro xeito, en primeiro lugar, pois a disposición e o traballo dos grupos parlamentarios e, en particular, dos ponentes dos grupos parlamentarios, dos tres neste caso, que a verdade é que foi moi fácil e ata instrutivo traballar con eles.

Tamén quero, por suposto, agradecer o traballo dos letrados do Parlamento; curiosamente está agora mesmo a letrada asignada a esta comisión, que fixo un traballo pois tamén moi bo e llo agradezo en persoa, como fixeron os meus compañeiros; e, como dicía, agradecer á Consellería de Facenda, ao conselleiro, aquí hoxe no pleno, e á Amtega, que dicía antes, o seu labor de facilitar o traballo no Parlamento.

Unha norma que —quero insistir— contou con dúas prioridades fundamentais. Por un lado, asegurar os beneficios que poderán obter con esta nova tecnoloxía tanto o tecido produtivo que desenvolve o seu traballo en Galicia como fundamentalmente a cidadanía, na súa relación coa Administración galega, como —insisto— obxectivo fundamental. Queremos que a intelixencia artificial se incorpore a esa relación do tecido produtivo e, sobre todo, dos administrados coa Administración galega. Ese é o obxectivo fundamental. Pero queremos facelo sempre garantindo a eses galegos e galegas pois os seus dereitos sempre que utilicen a intelixencia artificial. Son dous obxectivos sinxelos, pero de moito calado, calquera dos dous. Por tanto, é un proxecto de lei que ten o potencial, de verdade, de transformar.

Eu creo que —comentabamos neste mesmo pleno e nas reunións— a intelixencia artificial está transformando moitísimas cousas. Seguramente algún dos deputados que estamos aquí hoxe xa utilizou a intelixencia artificial para redactar unha iniciativa, probablemente, e incluso un discurso, como dicía o señor Castro no anterior. Está transformando, efectivamente. Ben, pois o que queremos é que esa transformación chegue á relación das empresas e dos cidadáns coa Xunta de Galicia. Creo que é un obxectivo, primeiro, actualizado, e racional e lóxico.

E, ao mesmo tempo, seguir situando neste caso a Galicia, non porque a lei sexa pioneira, senón porque hai un sector pioneiro da intelixencia artificial en Galicia, como quedou demostrado nestes últimos anos, e que tamén forme parte dese proceso de transformación.

Insisto: o obxectivo fundamental é transformar, utilizando estas ferramentas, a relación dos cidadáns galegos coa Administración. E iso é moi relevante, porque ao longo da historia os avances tecnolóxicos foron motores de cambio e de progreso.

A intelixencia artificial, definida pola Unión Europea como aqueles sistemas que manifestan un comportamento intelixente ao analizar a súa contorna e realizar accións con certo grao de autonomía —iso é o que se define como intelixencia artificial; quero destacalo, porque un Excel non é intelixencia artificial, é outra cousa—, pois esta intelixencia artificial así definida, representa un dos avances máis significativos do noso tempo. Teño que dicir un avance que leva tempo, que leva anos desenvolvéndose entre outros sitios aquí en Galicia, nas nosas facultades, nos nosos centros de investigación e tamén, por suposto, nas nosas



empresas, pero que nos últimos tempos está tendo unha proxección maior, se cabe. E iso, ademais de ser merecido, é bo e non hai que escapar diso.

Dende asistentes por voz ata vehículos autónomos, pasando por ferramentas de axuda e diagnóstico médico, como a que se está a utilizar dende hai case dous anos nos servizos de urxencias dalgún hospital galego, a intelixencia artificial está a cambiar a nosa forma de vivir, de traballar e tamén de relacionarnos. Insisto: o que queremos é que iso chegue a esa relación dos galegos e galegas coa Xunta de Galicia.

Neste escenario o Goberno galego ofrece á cidadanía un marco xurídico estable que lle dea esa confianza e certeza nas súas relacións coa Administración pública galega e que —insisto— blinde os seus dereitos. Un proxecto de lei que regula ata onde as nosas competencias na materia o permiten, e isto é un tema importante, que xa se deixou entrever polos dous ponentes anteriores, é unha cuestión fundamental, as competencias que temos —logo falarei un pouquiño máis delas—. E, por suposto, ten que ser moi respectuoso co recentemente aprobado regulamento europeo, co fin de aplicar esa intelixencia artificial e ofrecer mellores servizos onde estas tecnoloxías o permiten e de conformidade tamén coas demandas da cidadanía e tamén das empresas.

E facémolo dunha maneira integral, cun enfoque transversal, ao longo de setenta e dous artigos, distribuídos en cinco títulos, para abordar os principios que van rexer a actividade da Administración galega, efectivamente, para regular a actividade da Administración galega, non na actividade fóra dela, polo tanto actividade privada, e para uso responsable da intelixencia artificial e, por suposto, mantendo os dereitos da cidadanía.

Os capítulos son gobernanza e planificación, dous aspectos que seguramente, se non estivesen, alguén os botaría en falta. ¿Onde están os elementos de gobernanza? ¿Onde está a planificación do que se quere facer neste caso? Pois están, por suposto, incluídos os instrumentos que utilizamos; está incluída a xestión e a colaboración con outras administracións, por suposto, coa Administración local, coa Administración do Estado, por suposto coa AESIA, está recollida aquí, tamén co tecido produtivo, importante neste caso.

Procedementos para a definición e posta en marcha de proxectos de interese artificial. Calquera departamento da Xunta de Galicia que queira poñer en marcha un proxecto de intelixencia artificial sabe como vai ter que facer, vai ter ese procedemento. O uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos de interese de intelixencia artificial de uso xeral, por suposto. E tamén unha cuestión importante: medidas para o impulso de intelixencia artificial en Galicia.

Comentarios que facía o señor Abalde, que xa comentamos. Efectivamente, hai unha parte de impulso que si está na propia lei. De feito, o propio título da lei non inclúe a Administración da Xunta soamente porque hai este capítulo específico para o impulso, capítulo, por suposto, onde, señor Castro, se teñen que resolver, como xa dixemos, todas as características desas axudas, os requisitos das empresas e incluso pois os requisitos de permanencia ou de compensación sobre o caso. Pero iso hai que facelo nese impulso que se faga despois.



Este texto recolle —é importante— as conclusións e recomendacións emitidas por un grupo de expertos do ámbito universitario en Galicia, das tres universidades, no estudo denominado Estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial impacto da intelixencia artificial en Galicia, un estudo presentado en marzo de 2023; efectivamente, na intelixencia artificial o tempo pasa moi rápido, pero creo que a natureza deste estudo recomenda pois destacar algúns aspectos.

Nese estudo —feito, insisto, por uns profesionais que levan moito tempo traballando en intelixencia artificial, aínda que non con ese nome, senón en xeral coas técnicas de computación, os modelos de computación avanzada— estes expertos establecen que hai marxe para que esas comunidades autónomas, en concreto Galicia, reforcen os obxectivos da Lei de intelixencia artificial europea. É dicir, dentro do ámbito das competencias da lei da Unión Europea hai un espazo para o desenvolvemento das leis autonómicas. Ese é o motivo fundamental, non ser pioneiro, senón que estes expertos dixeron que había un oco aí que había que abordar.

Nese sentido, estes expertos subliñan que Galicia pode regular esa utilización das novas tecnoloxías baseadas en IA polo propio sector público autonómico no exercicio das súas competencias de autogoberno, que é o que temos nesta comunidade autónoma.

Así mesmo, destaca que as nosas competencias en desenvolvemento lexislativo en materia de contratos e concesións administrativas, falando do tema do impulso, permiten introducir as explicacións xerais exigibles a toda aplicación, produto ou servizo baseado en intelixencia artificial que as administracións, neste caso a Xunta, adquiren no sector privado.

Por último, o estudo fai fincapé nas capacidades de Galicia para desenvolver unha política propia de fomento do desenvolvemento das tecnoloxías da intelixencia artificial sobre a base das súas competencias estatutarias en materia de fomento da actividade económica.

Tamén se recolleron moitas achegas dos grupos parlamentarios, xa comentadas aquí, no trámite de debate en ponencia, en ámbitos como a lingua galega, na que creo que fixemos un esforzo grande. Efectivamente, nese Consello Galego de Intelixencia Artificial vai estar a Secretaría de Política Lingüística e tamén o sector social, que é unha palabra agora que se utiliza moito, un obxectivo que se utiliza moito, de normalización; pois efectivamente, é bo que estean os dous e así está contemplado. Tamén van estar asociacións sindicais, que tamén era un aspecto demandado neste caso polo BNG; estará nese consello un representante.

E, por suposto, todo o relativo aos algoritmos verdes e tamén —insisto, comentámolo xa— todo o que ten que ver coa propiedade intelectual, un aspecto que, como todo o mundo sabe, está regulado e é competencia do Estado, pero no que se fixo un esforzo por incorporar esas referencias, e creo que o resultado foi bo, e, ben, agradecer esa iniciativa.

En todo caso, esta norma, pioneira e ambiciosa —nós cremos que é ambiciosa e cremos que é unha norma de 10, señor Castro, non de 5; nós queremos o 10 tamén, como vostede seguro—, ten tres obxectivos fundamentais —dicimos—: mellorar a eficacia da Administración; ¿por que o que temos nos nosos móbiles non o poden ter os cidadáns na súa relación



coa Xunta?, ¿por que non pode ser de uso xeral na Administración? Ben, pois queremos mellorar esa eficacia da Administración autonómica e a súa relación coa cidadanía. Tamén queremos dispoñer ao mesmo tempo dunha intelixencia artificial en Galicia segura, para salvaguardar eses dereitos da cidadanía. E tamén, claro que si, queremos consolidar Galicia como unha rexión de referencia en Europa en intelixencia artificial.

Unhas prioridades que plasmar nos contidos para ter unha lei que garanta, por un lado, asegurar a supervisión humana daqueles procedementos que así o exixan, unha cuestión que supoño que vai na liña do que pedía o señor Castro, ¿non? Onde faga falta supervisión humana, esta lei teno que garantir, e así llelo temos que trasladar a todos os organismos da Xunta de Galicia.

Establecer tamén que todos os temas de intelixencia artificial que usa a Administración formen parte dun resisto; vai haber un rexistro transparente, onde os cidadáns poderán ver cada consellería que ferramentas de IA está a utilizar; unha cuestión que creo que vai nesa liña de seguridade.

Tamén crear esa figura do comisionado, que foi motivo de debate, para velar polos intereses neste caso da cidadanía e os valores éticos dos sistemas; unha figura efectivamente que é nova, pero que comparte probablemente algúns aspectos, sobre todo de formación e de traballo, cunha figura que xa existe, que son os delegados de protección de datos. De aí que se considere que a mesma persoa pode facelo coas funcións, pero son funcións diferentes: unha é a protección de datos e outra é a ética. Polo tanto, non podemos primeiro cambiar a Lei de protección de datos estatal para engadir funcións que son desta lei. O que facemos é que lles poñemos dous gorros a eses profesionais, que o van facer, encantados, porque ademais é xente á que lle gusta este tema.

Insisto: nas cousas que ten que facer, asegurar o dereito das persoas a ser informadas sobre a intervención de intelixencia artificial; isto é, cando un cidadán interactúe coa Xunta de Galicia e haxa unha ferramenta de IA, o cidadán vai saber que está interactuando esa ferramenta. Creo que é unha cuestión tamén importante, que vai na liña de garantir eses dereitos.

E tamén obrigar a que calquera implantación de intelixencia artificial veña precedida dun informe de avaliación de riscos desa ferramenta.

Crear esa oficina de intelixencia artificial en Galicia e constituír a Comisión estratéxica para o asesoramento da intelixencia artificial. E, por último, conformar ese Consello Galego de Intelixencia Artificial, que substitúe ese nodo que dicía o señor Abalde, evidentemente non cos compañeiros portugueses, pero estea tranquilo, que colaboraremos con eles en montóns de aspectos, como xa se fai noutros ámbitos.

E logo, por suposto, seguir incentivando a implantación dunha intelixencia artificial aliñada cos intereses estratéxicos de Galicia. Non se poden implantar solucións ou proxectos que non vaian aliñados pois, por exemplo, no ámbito da investigación, coa RIS3 ou, no ámbito da innovación, coas liñas que se desenvolvan en Galicia.



E tamén, por suposto, unha cuestión importante na que xa se leva traballando pero que se consolida aquí agora, que é apostar pola formación e pola capacitación para os empregados públicos, por suposto, pero tamén para a cidadanía nesa relación coa Xunta de Galicia.

Señoría, somos unha comunidade autónoma que posúe un sistema fortalecido ao redor da ideación, desenvolvemento e demanda da intelixencia artificial, capaz de albergar a sede da AESIA, efectivamente, e cunha infraestrutura de computación avanzada —imos chamarlle así, señor Abalde—, infraestrutura de computación avanzada, porque xa dixemos: falar de cuántica é de agora do 2025, pero quen sabe no 2027 de que falaremos. Cremos que computación avanzada é un termo moito máis amplo que vai facer que esta lei non envelleza tan mal; se usamos termos actuais, probablemente en pouco tempo, como di o señor Castro, estará desfasado. E seguimos, ademais, apostando por esa infraestrutura de computación avanzada.

En definitiva, Galicia pode aprobar a primeira lexislación rexional europea, que o obxectivo non é ser a primeira, senón ter esa regulación para o desenvolvemento dunha intelixencia artificial ética, segura, fiable e centrada nas persoas. Estamos a traballar nunha lei que regule ese sistema de intelixencia artificial, que podemos desenvolver ou comprar dende a Administración pública, que asegura que as persoas teñen sempre a última palabra e que establece a responsabilidade das funcións de cada un dos servidores públicos e entidades no proceso de verificación e implantación desta tecnoloxía e que define os criterios para a compra ou o desenvolvemento de sistemas de intelixencia artificial na Xunta de Galicia.

En definitiva, creo que estamos nun momento doce de intelixencia artificial en Galicia, un proceso que dicía que leva anos; eu creo que dende o ano 1993 xa se está traballando en Galicia en computación avanzada, ese ecosistema do que xa falamos e que nos levou a ter esa sede da AESIA aquí en Galicia, que é un reflexo desa evolución, e cremos que agora mesmo esta lei pon non o punto final nin moito menos, senón que pon o punto axeitado para que os cidadáns galegos na súa relación —insisto— coa Xunta de Galicia poidan utilizar as ferramentas que utilizan na súa relación con outros entes ou na vida privada. E, sobre todo, facémolo porque cremos que iso é bo para mellorar a Administración e, polo tanto, a vida dos administrados, e facelo, como dicía, coa máxima seguridade.

Eu remato pois agradecendo novamente o traballo dos grupos, dos ponentes e tamén dos letrados e, por suposto, da Amtega e da Consellería de Facenda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos saudar os nosos invitados, e tamén dun xeito especial os alumnos de primaria do Centro Rosalía de Castro do Grove, que hoxe nos visitan e acoden a esta sesión plenaria. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos coa rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días de novo.

Benvidos os alumnos de primaria, que á fin e ao cabo estamos traballando para o que van utilizar posteriormente estes alumnos cando sexan adultos.

Señor García Comesaña, unha intelixencia artificial ética, avanzada, social, sostible —engadiría eu— e baseada nas persoas é o que pretendemos todos. Pero cecais non estamos de acordo cos mecanismos ou polos sistemas polos que imos ir.

Ben, a utilización pola Xunta de Galicia da intelixencia artificial é unha decisión política da Xunta de Galicia, e ten neste momento ferramentas para facelo, de feito faino, porque xa hai aplicacións que usan a intelixencia artificial desenvolvidas na Comunidade Autónoma, desenvolvidas na Administración. Ademais, dispón da Amtega, unha magnífica ferramenta para, precisamente, impulsar esta implantación da intelixencia artificial e das ferramentas da intelixencia artificial na Comunidade Autónoma de forma ética, segura, avanzada e —repito— sostible.

Polo tanto, esas ferramentas témolas. Nós o que non temos moi claro é que sexa necesario que esta normativa, que é de regulación interna dentro da propia consellería, de darlles máis forza aos responsables de desenvolver estas plataformas, teña que ser en forma de lei; non o temos moi claro; sobre todo porque vostede di que —digamos— o traballo que se fixo sobre aspectos éticos e xurídicos da intelixencia artificial que se presentou, efectivamente, no ano 2023, era: fomento —creo recordar— das actividades económicas vinculadas á intelixencia artificial en Galicia; iso significa todo: sector público e sector privado. Vostedes aquí esquécense do sector privado nesta lei e, ademais, deixan esas funcións non á Lei de intelixencia artificial, senón a outras ferramentas que están dispoñibles, onde esta lei non lle pon deberes, como é o Plan galego de I+D+i, que non ten rango de lei, nin a Estratexia galega de intelixencia artificial, que tampouco ten rango de lei. E, non obstante, esta lei non actúa e non toma decisións sobre esas dúas ferramentas. Cita a Estratexia galega de intelixencia artificial, pero non lle pon deberes. É que esa creo que é a función da lei que ten rango superior e que, polo tanto, é o que podería xustificar, efectivamente, darlle valor de lei; non obstante, esta lei non o fai.

Polo tanto, creo que iso é o que nós dicimos, que lle falta un pouco de ambición, incluso dentro de Galicia. Efectivamente, ninguén discute que é necesario regulala, que é necesario establecer os dereitos dos cidadáns cando se enfrontan a ferramentas e plataformas vinculadas á intelixencia artificial, ata que punto teñen eses dereitos, e, polo tanto, eses xa están regulados na lei europea, para casos máis graves. É simplemente dicir: pois estes mesmos dereitos están para aquí. Por certo, algúns dereitos dixitais pois non están recollidos nesta lei. E, ademais, soamente son eses dereitos cando se relacionan coa Administración. É que eses dereitos deberían de ser estendidos a toda, a todo o ámbito da intelixencia artificial. Tamén cando sobre todo aqueles que están regulados para casos —digamos— de alto risco, pois en Galicia podía regulalos para casos de menor risco; é dicir, que todas as relacións coa intelixencia artificial, sexan da Administración ou non sexan da Administración, teñen que cumprir.



Polo tanto, creo que iso é a cuestión que nós puxemos enriba da mesa. E, polo tanto, claro que se trata de mellorar a relación cos cidadáns, se trata de ter unha administración moito máis efectiva; por suposto, niso coincidimos, niso levamos traballando moito tempo desde distintas posicións e desde distintas responsabilidades. Polo tanto, niso vainos atopar e imos estar, desde logo, sen ningún tipo de problema.

E, polo tanto, nós coincidimos nalgúns obxectivos. Cremos que se podería facer doutra maneira, pero teño que dicir que nós apostamos polo diálogo. Como dixo o noso portavoz, o señor Besteiro, nas primeiras sesións, nós somos aquí unha oposición que queremos ser unha oposición construtiva, somos unha oposición que queremos chegar a través do diálogo e do acordo a mellorar as condicións de vida dos galegos e as galegas e, polo tanto, mellorar Galicia. E, aínda que consideremos que os avances son curtos, que poderían ser maiores, nós sempre imos apostar por esa oposición construtiva.

E, tendo en conta que nesta comisión se apostou polo diálogo e non pola bronca, se apostou polo acordo e non pola imposición, esa é a razón pola cal o Partido Socialista vai apoiar esta lei, vai votar afirmativamente, pero vai ser un apoio crítico. ¿Por que? Porque esta lei deixa moitos deberes para o futuro: regular dunha mellor maneira esta situación, establecer unha reforma que quedou comprometida cando falamos da Estratexia galega de intelixencia artificial. Espero que, polo menos —digamos—, sigan nesta senda, se trate e se poida discutir aquí neste Parlamento esa modificación desa lei. E, nese sentido, imos votar favorablemente, como unha aposta de futuro, de traballo, de colaboración, de diálogo e de acordo, e non de bronca e de imposición, como normalmente nos ten acostumados o Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Bo día a todos os alumnos e alumnas. Hai non tanto viñera a velo eu, pero xa pesan máis os anos, era máis neno.

Ben, non vou tardar moito. O primeiro que quero desexar —e isto tamén vai para vostede, conselleiro— é que con isto non vaia ocorrer como a Lei de estatística, co IGE, na que chegamos aquí a un acordo, que iso é sempre positivo, e logo saltan os acordos polos aires e van camiño da privatización do IGE. (*Aplausos.*) A ver, imos desconfiar un pouquiño só.

No que ten a ver coas emendas do Partido Socialista, son moi coincidentes ademais coas do Bloque Nacionalista Galego e contarán co noso apoio. Nós seguímolas mantendo, evidentemente, todas as nosas. Eu persoalmente non son moi relixioso, pero seguirei crendo nos milagres, para ver se aquí o Partido Popular pois pode apoiar algunha das emendas, que, como dixen xa vinte mil veces, van no camiño de mellorar esta lei, porque cremos que, canto máis regulada estea a intelixencia artificial, mellor ha ser para todos e para todas.



Iso si, vémoslle, seguimoslle vendo moitas carencias a esta lei, moi pouca ambición a esta lei, como para votarlles a favor. Iso si, como non queremos copialos, non imos ser o rodillo do Partido Popular, que pasa sempre por este Parlamento, día si día tamén, non imos ser un obstáculo para a súa aprobación.

E collinlle a palabra, señor Comesaña. Hoxe tamén trouxen aquí a intelixencia artificial, non é por vagancia, xa llelo digo, que a min encántame escribir todo o que digo, pero pregunteille de novo á intelixencia artificial, igual que fixeramos no primeiro debate, e díxenlle: ¿vai ser boa a Lei de intelixencia artificial da Xunta de Galicia? ChatGPT. E púxome o seguinte: «A lei pode ser boa se está ben feita,» —non lle falta razón— «con equilibrio entre a innovación e protección de dereitos, pero, se queda nun texto con boas intencións, sen medios reais para aplicala, pode ser máis un freo que unha oportunidade. Haberá que estar atentos ao seu contido final e á súa aplicación práctica».

Pois volvo quedar coas palabras de ChatGPT. Así faremos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Ben, pois eu quero agradecer, en primeiro lugar, a predisposición dos grupos, por suposto do Partido Socialista, que se mostra partidario de votar afirmativamente. Gustaríame que o Bloque Nacionalista Galego tamén votara afirmativamente, se de verdade pois cre todo o que dixo aquí na tribuna e o que levamos dicindo todo este tempo. Pero, ben, supoño que acaba de demostrarse que ChatGPT non supera os discursos do Bloque Nacionalista Galego, que son sempre os mesmos, *(Murmurios.)* no sentido de que si, está moi ben, pero non imos apoialo, efectivamente. En todo caso, agradezo o seu apoio, aínda que sexa desa maneira. *(Aplausos.)*

Eu quixera destacar cal é a motivación deste proxecto, para que a todo o mundo lle quede claro. Por unha banda, seguir as recomendacións da OCDE de 2023, para precisamente desenvolver un contorno que facilite a adopción desa intelixencia artificial útil para os cidadáns, pero tamén ética e segura. Por outra banda, unha cuestión non menor: foi unha petición deste Parlamento. En abril de 2023 chegouse a un acordo para impulsar este tipo de normativa, e incluso unha declaración institucional tamén do Parlamento, por unanimidade, entendo como tal declaración institucional, que falaba de traballar nesa intelixencia artificial ética e centrada no ser humano, que se asinou en xullo de 2022.

Logo, efectivamente, a sede da AESIA en Galicia foi un elemento tamén importante. Ben, vou ler o que dicía o director da AESIA hai escasamente un mes, o 23 de xaneiro de 2025: «La Xunta está analizando su propia ley, también otras comunidades autónomas lo están haciendo. La filosofía de estas leyes autonómicas es más de régimen interno,» —nunca ocultamos isto, ese



é o obxectivo fundamental— «de cómo se debe utilizar la inteligencia artificial que la Xunta va a utilizar. No se trata de imposiciones a las empresas o normas a los ciudadanos, sino códigos de conducta de la Administración autonómica. Es fantástico que las administraciones públicas regulen internamente la IA que van a utilizar». Palabras do director da AESIA, co que temos unha excelente relación, como vostede ben sabe, señor Castro.

E, por último, é un compromiso, un compromiso electoral neste caso para a lexislatura 2024-2028. E isto queda recollido nun informe recente da Unión Europea sobre as rexións, ese desenvolvemento local, que reconece o traballo que se está facendo en Galicia.

Con isto quero dicir que a motivación é clara, o obxectivo da lei sempre foi claro, e aquí — aínda que xa o comentamos tamén— hai unha certa contradición; por unha banda, din que isto non merece ser unha lei, que podía ser algo de procedemento, pero que é pouco ambicioso como lei; as dúas cousas non poden ser ao mesmo tempo.

Efectivamente, é un intento ou unha iniciativa para ordenar e mellorar o funcionamento da Administración da Xunta de Galicia, fundamentalmente na relación cos cidadáns. E cremos que é bo que sexa con este rango de lei, pois precisamente pola implicación que teñen estas ferramentas e tamén, por suposto, porque leva unha parte de impulso non menor.

Eu quixera destacar cal é o obxectivo do regulamento europeo. O Parlamento Europeo quere mellorar o mercado interior mediante o establecemento dese marco xurídico uniforme para que o desenvolvemento e a introdución no mercado e a posta en servizo de sistemas de intelixencia artificial na Unión Europea sexa pois ordenado. Pero o obxectivo da lei galega, efectivamente, é fixar as bases da gobernanza e planificación dos sistemas que utilice a propia Xunta de Galicia.

O regulamento europeo busca evitar a fragmentación do mercado interior, debido a normas nacionais diverxentes, e, non obstante, a Lei galega non quere facer iso. O que quere é regular dentro do seu ámbito competencial. E faino de maneira que non obstaculiza esa libre circulación, e, por suposto, non obstaculiza a innovación no mercado interior. O regulamento europeo establece requisitos para os sistemas, para os modelos de intelixencia artificial de alto risco utilizados en Europa, independentemente da súa procedencia, dos datos que utilicen, mentres que a lei galega respecta e acata os requisitos establecidos para os temas de alto risco, e establece eses requisitos adicionais para todos os sistemas, así como —moi importante, destacábo antes— os dereitos de información e supervisión humana á cidadanía.

Insisto: eu, cando á miña nai lle contaba algo disto, que é unha lei para que, cando interaccións coa Xunta e utilices unha ferramenta de intelixencia artificial, ti o saibas, que a Xunta está utilizando esa ferramenta, e que ademais establece claramente cando non pode ser unha ferramenta e ten que ser supervisión humana. Isto, visto así deste xeito sinxelo, é o obxectivo da lei.

Eu —insisto— agradezo o esforzo. Creo que se fixo un esforzo tamén importante pola nosa parte por recoller todas as medidas. De feito, nas transaccións apoiamos, fixemos un exercicio de funambulismo apoiándonos nun grupo para poder collela do outro.



Ben, creo que o esforzo é claro, para intentar que Galicia teña unha lei —insisto— de uso na Administración pública co maior consenso, que creo que dalgún xeito é o que temos conseguido. Eu agradezo a todos o esforzo e insisto no agradecemento á Amtega e á Consellería de Facenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos con textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día, señorías.

Presidente.

O pasado domingo celebrouse o Día Meteorolóxico Mundial, e con este motivo a Organización Meteorolóxica Mundial fixo público un informe que documenta o que eles denominan a «espiral de consecuencias dos eventos meteorolóxicos extremos» e da situación límite na que podemos dicir que se encontra o planeta, sobre todo por tres fenómenos concretos: o primeiro é o incremento alarmante das temperaturas, que xa está no umbral do 1,5 grados con respecto á era preindustrial; tamén o quecemento dos océanos e o desxeo.

Estamos, polo tanto, diante dunhas das principais ameazas ás que se enfrenta a humanidade e non se pode trivializar a gravidade deste feito. (*Aplausos.*) Porque temos que ter en conta que o clima non é un fenómeno local; é un fenómeno integral, global, e o que pase no Ártico, o que pase en Groenlandia ou o que pase no Pacífico aféctanos directamente nas condicións climáticas e meteorolóxicas.

E neste momento en que se fala tanto de seguridade, dunha maneira interesada, esta precisamente, a cuestión da crise climática, debía ser unha das principais e primeiras preocupacións dos gobernos. Pero, lamentablemente, hai un deseño político, do que participa a Unión Europea, para que a principal preocupación en materia de seguridade sexa unha escalada armamentista: o incremento do gasto militar, o rearme, o belicismo, a pretensión de mobilizar 800.000 millóns de euros para facer fronte a unha ameaza imaxinaria e, sobre todo, para obedecer as ordes do amo americano. Unha escalada armamentista que fai que se detraia atención e recursos das que son as principais ameazas á seguridade e ao benestar, como esta crise do clima, ou o incremento das desigualdades ou a privatización dos servizos públicos. Por iso, o BNG teno claro: pacifismo, antimilitarismo e poñer por diante o interese xeral, os servizos públicos, os dereitos democráticos e a vida das persoas.



Esta deriva antidemocrática, esta deriva tamén belicista e armamentista vai acompañada dunha regresión reaccionaria nas políticas ambientais, en xeral, e en relación co clima, en particular. Unha deriva reaccionaria e negacionista que compra tamén o Partido Popular, como acabamos de ver hai uns días nos seus acordos coa ultradereita na Comunidade Valencíá. (*Aplausos.*) ¡Nada menos que na Comunidade Valencíá, despois do que acaban de pasar coa dina, comprar ese discurso negacionista!

E tamén, hai que dicilo, en Galiza cos reiterados discursos negacionistas e terraplanistas de responsables do Partido Popular, que tamén o vimos o pasado domingo nesas declaracións, que só podemos cualificar de magufistas, da conselleira de Medio Ambiente na Cadena Ser, onde hai que recoñecerlle que dixo algunha cousa acertada, como que, por exemplo, falou da macrocelulosa de Altri. En fin, van vindo á razón. E dixo tamén auténticas xoias que quedan aí para a historia —e tamén para a súa traxectoria— como que a xente non bebe auga directamente do río Ulla. Ou tamén isto de que «se queres ter bandeiras azuis, pon unha celulosa á veira», como no caso das praias de Marín. É dicir, que veu xustificar a celulosa enriba da ría, algo absolutamente demencial que outra vez denunciámos desde aquí, porque ademais dío así o Plan de ordenación do litoral, que di que hai que sacar esa celulosa de aí. ¡Celulosa polo tanto, fóra da ría de Pontevedra! (*Aplausos.*) ¡E tamén fóra do Ulla, da Ulloa e da ría de Arousa!

Contra a evidencia científica, vostedes tamén presentan propostas absolutamente delirantes e perigosas, como esa campaña de Galiza como refuxio climático que acaban de presentar a bombo e prato en Fitur. (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) Miren, recoméndolles que lean este artigo: «Refuxio climático como reclamo turístico, unha mensaxe desacertada». Un artigo de Elvira Giménez, que é doutora en Turismo e Cambio Climático, e di esta autora —como dicimos nós— que é unha mensaxe desacertada. En primeiro lugar pola banalización absoluta e a trivilización desta cuestión e porque utilizan o concepto de «refuxio climático» dunha maneira totalmente errónea, equivocada e confusa. Porque os refuxios climáticos, como sabemos, son eses espazos das cidades, principalmente, onde se poderá refuxiar a xente, sobre todo a poboación vulnerable, ante eventos meteorolóxicos extremos, por exemplo ondas de calor ou de frío. Segundo, porque é unha absoluta banalización, porque en Galiza non hai un único clima; hai moitas Galizas climáticas e hai moitas partes de Galiza que xa están sufrindo as consecuencias dramáticas en forma de mortes, por exemplo, das ondas de calor, como é toda a bacía dos vales do Miño e do Sil. Terceiro, porque o cambio climático tamén é unha realidade que está impactando de maneira directa en importantísimos sectores da economía galega, como por exemplo o agrario, o gandeiro, o forestal, o viñedo, a pesca, o marisqueo... ¿Como poden falar desta maneira frívola do «refuxio climático»? E tamén porque é unha mensaxe, como di esta autora, que chama á inacción climática, porque vén dicir que o cambio climático é algo que nos pode beneficiar, porque vai traer máis turismo. Mentres prexudica outros territorios do mundo e mentres prexudica sectores estratéxicos da nosa economía. Por iso o que lles dicimos aquí é que o mellor que poden facer é retirar esta campaña, por responsabilidade, por respecto e por vergoña. ¡Retiren xa a campaña de Galiza como refuxio climático! (*Aplausos.*)

E neste contexto, e no medio destes debates frívolos e equivocados, o BNG propón un debate serio, un debate rigoroso, un debate científico; señor Trenor, non se ría, que o caso é serio.



Vostede parece coma os dirixentes daquela película norteamericana, *No mires arriba*, que non eran conscientes e non querían asumir a realidade do perigo que viña enriba. Queremos dar este debate de forma seria e rigorosa, en primeiro lugar porque non temos unha lexislación específica sobre o clima. Imos moi por atrás doutras comunidades, a pesar de que isto xa o anunciaron ata en catro ou cinco ocasións dende o ano 2021. Estamos agardando. Agora din que vai ser para o verán; veremos se é para o verán. En segundo lugar, porque non temos as competencias plenas en servizos meteorolóxicos; non as temos. Non aparecen no noso Estatuto. Somos con Melilla e Ceuta as únicas comunidades que non teñen esta competencia recollida.

E porque temos un ente, que é MeteoGalicia, que está en situación de precariedade legal de competencias, de medios, de persoal... Porque MeteoGalicia é unha marca, é un nome, non ten existencia legal, funciona mediante un contrato con Tragsa, como moitas outras cousas, que di literalmente que é un «contrato encomenda de xestión para o servizo técnico cualificado para a predición e difusión climatolóxica, o seguimento do estado químico e ecolóxico das augas, o control da calidade do aire e o cambio climático». Un contrato de 2,7 millóns de euros anuais para que MeteoGalicia poña o persoal, nunha situación que eu creo que é de dubidosa legalidade, nun edificio de MeteoGalicia no barrio das Fontiñas onde noutra planta hai outro equipo técnico de Tragsa que executa outro contrato que se chama «Traballos auxiliares de avaliación ambiental estratéxica, de avaliación do impacto ambiental de tramitación da autorización ambiental integrada». ¿Sóalles isto, señorías do Partido Popular? ¿O que están facendo coa tramitación de proxectos como Altri, derivando ao sector que non é a Administración pública da Xunta a realización de informes aos que despois lles poñen a sinatura os altos cargos da Xunta nomeados polo Partido Popular despois de cesar os cargos incómodos? Isto é o que están facendo vostedes, que é unha auténtica trapallada legal que vai facer que caian con todo o equipo. (*Aplausos.*)

Desde o BNG, ademais, estamos convencidos de que hai que rematar con esta precariedade, con este limbo legal de MeteoGalicia. Por iso imos traer a este pleno unha proposta para crear a Axencia Galega para o Clima e para a Meteoroloxía, cuestións fundamentais; e mediante unha axencia pública, non mediante este sistema de derivación a outros medios. Como fixeron vostedes tamén, por certo —e iso é o que está dando lugar a esas campañas como «Galicia, refuxio climático»—, que como só tiñan unha persoa —dixérono vostedes— na dirección xeral de cambio climático, unha única persoa para unha materia desta transcendencia, tiveron que contratar unha empresa por máis de un millón de euros para facer estas *campañitas*.

En fin, esta proposta que traemos ao pleno é para contar con todas as garantías legais no exercicio destas competencias; tamén con todas as garantías legais dos avisos de MeteoGalicia. Porque neste momento, por esta situación, os avisos de alerta vermella que fai MeteoGalicia coa Axencia Galega de Emerxencias non teñen validez legal, teñen que ser validados pola Aemet.

Vostedes, noutras ocasións, cando gobernaba o Partido Socialista en Madrid, defenderon a transferencia, e hai acordos parlamentarios nese sentido. Despois cambiaron a partir do 2012 de guión e dixeron que xa non facían falta máis transferencias e vostedes agora din que o



van facer a través dunha reforma legal, dunha lei; esa arquirepetida lei do clima que queren traer aquí antes do verán.

Pero, no fondo, vostedes están nun debate tramposo, porque vostedes a mensaxe que queren colocar é que queren xestionar os eventos meteorolóxicos extremos para que non pase o que pasou en Valencia, onde hai unha responsabilidade clara e absoluta do Goberno do Partido Popular que vostedes están intentando tapar. (*Aplausos.*) Esa xestión absolutamente desastrosa do seu soldado Mazón, do seu zombi Mazón, un auténtico cadáver político que están mantendo por puro interese partidista.

A realidade é que vostedes nunca quixeron a transferencia. E non só iso, senón que puxeron paus nas rodas. Porque este debate xa o trouxemos aquí no 2014 —¿no 2014 recordan quen gobernaba no Estado?— e no 2021 e vostedes votaron en contra, señorías do Partido Popular. No 2014 e no 2021 votaron en contra; con argumentos como que os principais traspasos do Estado xa están esgotados. E, fronte a esta posición partidista, centralista e antigalega do Partido Popular, o BNG defende que Galiza conte coas máximas competencias nesta materia —tamén noutras relacionadas, como por exemplo o salvamento marítimo e a loita contra a contaminación—, por tres razóns fundamentais. A primeira, polo que dixen antes de ter plenas garantías legais nos avisos dos eventos meteorolóxicos extremos, que agora non teñen validez. En segundo lugar, pola función predictiva deste servizo, que é moi mellorable, sobre todo se reunimos e aglutinamos todas as competencias en Galiza; para que non pase o que está pasando agora: que a información que se dá desde Madrid —desde a Aemet— é unha información centralizada, é unha información nesgada, é unha información xeralista que non ten en conta as distintas realidades do país. E así pasa o que pasa, con informacións que se dan en Madrid que causan graves problemas aos nosos sectores económicos. E, en terceiro lugar, e tal vez a máis importante, pola función prospectiva. Porque temos que adiantarnos ao futuro, temos que ser conscientes da importancia que teñen os cambios climáticos e a crise climática: por exemplo, para a saúde; por exemplo, para as emerxencias; por exemplo, para a biodiversidade; e por exemplo, para os incendios. E non nos dámos conta do que vén aí. Tamén lle recomendo que lean o último artigo do gran experto galego, Juan Pico, sobre esta materia, do aviso que nos dá de que aquí vai pasar, máis pronto que tarde, o que xa está pasando en Portugal e noutras partes do mundo. É necesario para iso e tamén para coñecer os efectos, pero con estudos propios do noso país, do impacto destes fenómenos nos nosos sectores económicos estratéxicos.

A realidade é que non temos información sobre estas materias. E miren, voulles dar un dato, os últimos informes de cambio climático que aparecen na páxina web da Consellería de Medio Ambiente: o informe xeral é do ano 2016 e os informes sectoriais son do ano 2015, sobre clima e eventos extremos, sobre ecosistemas terrestres, sobre saúde ambiental e sobre recursos hídricos. ¿Pero que clase de Goberno é o seu, o do Partido Popular, se están utilizando datos do ano 2015, coa gravidade e importancia que teñen estas materias?

Polo tanto, remato xa, dicíndolles que esta proposición de lei de transferencia dos servizos meteorolóxicos que traemos aquí é para avaliar e para votar a súa admisión a trámite. É un texto que despois estará sometido ás achegas, ás propostas e ás modificacións que se consideren. Polo tanto, pedímoslles que non o veten; que o fagan por racionalidade, por utilidade



e tamén tendo en conta a singularidade que ten o noso clima e a nosa meteoroloxía. Porque, ao fin de contas, o que queremos contar é con instrumentos e con medios —con todos os medios— para mellorar a saúde, para mellorar a seguridade, para mellorar a economía e para mellorar, en definitiva, a vida de todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. (*Pausa.*) (*O señor Ojea Bouza renuncia á súa quenda de intervención.*)
Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días de novo a todos e todas.

Ben, non cabe dúbida de que este debate que hoxe temos —mais outro que tivemos hai uns plenos— está claramente condicionado e realízase precisamente por estas situacións destes episodios que estamos vivindo na nosa comunidade, pero tamén no Estado e en Europa, de situacións meteorolóxicas límite, drásticas, de cambio radical desde unha situación de tranquilidade a unha situación case de emerxencia desde o punto de vista das choivas e tamén das temperaturas que se están producindo, con picos enormes.

Isto está sendo anunciado por científicos desde hai moitos anos. Desde hai moitos anos estase falando de que o cambio climático vai ser isto; van ser episodios onde se van producir momentos de altas temperaturas, baixas temperaturas, de alta pluviometría e de situacións de seca. E, polo tanto, iso non é unha cuestión que xurda dun día para outro; iso é unha situación global, que precisamente é o que a Axenda 2030 da Unión Europea, a Axenda Verde, trata de intentar evitar. Trata de intentar poñer solucións permanentes a esta situación, que vai ser moi complicada, porque estamos xa chegando. Antes anunciábase que na elevación da temperatura xa estamos en 1,5 graos de media de elevación da temperatura, cando todos os estudos científicos consideran que en dous graos de subida xa estaríamos nunha situación case de non retorno.

Pero iso é consecuencia do cambio climático, esa é a realidade. E todas estas políticas negacionistas do cambio climático, das medidas que se están facendo para a sustentabilidade enerxética, para a sustentabilidade do medio ambiente, van precisamente no camiño contrario; van no camiño de provocar que estas situacións se produzan con maior frecuencia. Polo tanto, hai que ser coherentes absolutamente en todas as situacións.

Nós, desde o Partido Socialista, tratamos de ser coherentes, tratamos de apoiar todas esas medidas que vaian en contra do cambio climático. E, precisamente para ser coherentes, tamén imos manter a nosa postura. Antes o representante do partido do BNG dicía que as transferencias destas competencias xa se trataron neste Parlamento dúas veces. E neses dous casos o Partido Socialista apoiou esas dúas mocións, esas dúas iniciativas para reclamar estas competencias, e imos facer exactamente igual hoxe.



Pero ímolo facer desde o prisma en que nós vemos estas competencias. A realidade é que o Estatuto de autonomía de Galicia non recoñece as competencias meteorolóxicas, como si fai no caso dos estatutos do País Vasco e de Cataluña. Curiosamente hai unha serie de estatutos que teñen que ver con comunidades autónomas —a Comunidade Valenciana, Asturias, Andalucía, Canarias ou Navarra— que si teñen no seu estatuto o recoñecemento destas competencias. Non teñen desenvolvidas nin teñen solicitadas esas competencias, pero téñenas nos estatutos. ¿Por que? Porque todos estes estatutos sufriron un proceso de renovación e actualización dos estatutos de autonomía, cousa que o Partido Popular se negou a facer aquí en Galicia, como ben se fixo constancia neste Parlamento. Sen embargo, o Partido Popular nunca apoiou esta modificación de estatuto mentres gobernaba durante estes quince anos.

Durante quince anos esqueceuse o Partido Popular de solicitar calquera competencia, ata que chegou a Lei do litoral. Precisamente a Lei do litoral tiña ese problema, que esas competencias non estaban nos estatutos e utilizou un formato, que foi a confrontación co Goberno central. A confrontación foi a vía que escolleu o Partido Popular e, pola proposición que presentou hai uns cantos plenos, parece ser que esa é a vía que segue elixindo o Partido Popular. Nós estamos máis de acordo coa liña que plantexa hoxe o BNG; é dicir, intentar introducir pola vía do acordo a través da Comisión de Traspaso de Competencias e, a través de acordo co Goberno central, ver a forma en que obtemos estas competencias sobre meteoroloxía.

Pero, desde logo, esas competencias sobre meteoroloxía non pode ser —como plantexaba o Partido Popular— a través do fraccionamento da Aemet e dos recursos da Aemet e das instalacións de Aemet en dezasete comunidades autónomas, porque esa vía non funciona. Non é posible desde o punto de vista técnico. A estrutura da Aemet, e a estrutura de determinadas organismos que están na Aemet, é unha estrutural que funciona en rede, que funciona conxuntamente. E non se poden sacar os observatorios e os sistemas que ten a Aemet en Galicia, retiralos da rede xeral, porque non van funcionar. Exactamente igual que a Aemet ten a competencia exclusiva de relación con determinadas axencias internacionais; por exemplo, a que nutre de datos meteorolóxicos os aeroportos. É imposible que esas competencias sexan da Comunidade Autónoma.

O que si se pode facer é o que está facendo o País Vasco —por certo, que o acaba de dicir— : chegar a acordos de forma que esas competencias se compartan dentro da comunidade autónoma. Polo tanto, o Goberno do País Vasco ten capacidade de establecer —como dicía o representante do BNG— alertas climatolóxicas que teñan validez xurídica —e, polo tanto, esas si que van ser—, mentres que as competencias que teñen que ver con funcionamentos xerais seguen estando na Aemet. Por certo, é o mesmo modelo que hai en Cataluña. En Cataluña, a Aemet segue existindo, segue tendo infraestruturas en situación. Polo tanto, o que establece son colaboracións para intercambiar datos, para intercambiar información, para que o representante da meteoroloxía nese territorio sexa a axencia dese territorio, mentres que a Aemet cumpre tamén nese territorio outras funcións claramente diferenciadas. Esa é a vía pola que apostamos o Partido Socialista; esa vía de colaboración, de traballo conxunto.

O que si que, desde logo, non pode ser é que aquí en Galicia teñamos MeteoGalicia e siga funcionando como describiu o representante do BNG: a través dun convenio de colabora-



ción cunha empresa, cunha universidade... Non, señores do Partido Popular, fagan os deberes, creen unha axencia autonómica —que o poden facer— que teña esas competencias. Unha axencia autonómica que, no momento en que se negocien co Goberno central esas transferencias de competencias, exactamente ao mesmo nivel que están no País Vasco e en Cataluña, poida ser onde se alberguen as competencias. E, polo tanto, iso neste momento non o temos. Non temos creada esa axencia. MeteoGalicia actúa case como un convenio de colaboración e de investigación cunha universidade, a través, agora, dunha empresa. Polo tanto, ese si que é traballo da Xunta de Galicia e iso é o que ten que facer a Xunta de Galicia.

Os socialistas estaremos en solicitar sempre o máximo nivel competencial para Galicia, pero tamén para que despois esas competencias que adquiramos as desenvolvamos e as poñamos en práctica. Non como fai o Partido Popular, que nalgúns casos coas competencias que ten exclusivas —nomeadamente, o caso do marisqueo, do que temos falado moitísimas veces—, pois simplemente bóttalle a culpa ao Goberno central, bóttalle a culpa a outras administracións, pero non fai un uso efectivo desas competencias. Nós reclamamos competencias para Galicia para que Galicia as exerza; para que Galicia sexa dona do seu futuro. E neste caso, exactamente igual: queremos que Galicia teña esas competencias de meteoroloxía e que teña esas competencias —como din os estatutos de autonomía doutras comunidades autónomas— sen prexuízo de que a Aemet tamén figure e teña as funcións e competencias en todo o Estado español. Pero queremos que sexa a través dunha axencia perfectamente establecida; unha axencia autonómica, que ten que ser xa o que ten que facer o Partido Popular para poñerse as pilas definitivamente neste caso.

Polo tanto, imos apoiar a proposta do BNG de que se trate esta lei orgánica, para que despois con algunhas cuestións nas que non estamos de acordo haxa ese espazo de emendas e que poidamos chegar a un texto de acordo. Polo tanto, desde aquí anuncio o noso apoio a esta iniciativa do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

A primeira lección que podemos dar ao Bloque sobre democracia é que neste Parlamento non se veta; aquí vótase. Señor Bará, aquí vótase. (*Aplausos.*)

E a min, señoría, non me quedou nada claro se vostede nos estaba a pedir o voto ao grupo maioritario da Cámara, voto imprescindible para que a súa iniciativa poida saír adiante. Eu xa lle dixen que vostede ten unha forma moi rara de pedir o voto, que pasa por insultar, por desqualificar e por desprezar o voto da maioría dos galegos.



Pero, bueno, señor Bará, vostede aquí fixo unha intervención moi súa. Aquí vostede apoiou o posicionamento que teñen as ditaduras neste momento fronte ao ataque de Rusia a outro país soberano. Aliñouse tamén co discurso neopacifista dos *patriots*. Parece que vostede agora ten moito máis que ver con eses partidos políticos que con aqueles que defenden a democracia. É curioso que o Bloque Nacionalista Galego nunca está de acordo coas grandes democracias —con Inglaterra, con Alemaña, con Francia—, con ningunha delas, sempre, sempre, sempre aliñado con quen quere acabar coas democracias. (*Aplausos.*) ¡Sempre, señor Bará!

Que sexa vostede, que sexa unha persoa do Bloque Nacionalista Galego, a que acuse o Partido Popular ou a Xunta de Galicia de banalizar e de frivolar coa linguaxe... Cando vostedes falan de «bomba», cando falan de «navallada», cando falan de «depredación» absolutamente en todos os temas que traen a esta Cámara parece que se están a rir dos galegos. ¡Iso si que é banalizar a linguaxe! (*Aplausos.*) ¡Iso si que é frivolar coa linguaxe! ¡Claro que si! Pero eu, señorías, non vou falar de Valencia, non vou falar de Rusia; non vou falar doutros países e doutras cousas que seguramente que ao Bloque lle gustarían máis. Eu quixera empezar reiterando a vontade do Grupo Parlamentario Popular de que o Goberno central transfira o Servizo de Meteoroloxía á Xunta de Galicia.

A petición de transferencia de competencias en materia de servizos meteorolóxicos a Galicia non é nova, e quero lembrar que foi esta unha petición constante dende Galicia. Por iso mesmo dende o ano 2000 existe Meteogalicia. Pero, sen irnos tan lonxe, hai que lembrar que o conselleiro de Presidencia xa anunciou no debate dos orzamentos —esa cousa tan estraña que temos en Galicia, que parece que só se dá aquí porque no Parlamento central xa non saben o que é un debate de orzamentos— xa anunciou que a vontade da Xunta de Galicia era reclamar esa transferencia. Na mesma liña, a conselleira de Medio Ambiente —na súa comparecencia para falar das políticas contra o cambio climático— xa anunciou que se estaba a traballar na Lei do clima e que nesa lei do clima se ía contemplar todo ese rango normativo que contemplaba as funcións de Meteogalicia. E tamén quero recordar que no pleno do 04-12-2024 —de decembro de 2024— aprobouse —coa abstención do grupo, se non me equivoco, do Partido Socialista de Galicia— a PNL que instaba a Xunta de Galicia para solicitar a transferencia da competencia dos servizos de meteoroloxía e de estudos oceanográficos, iniciar os trámites para establecer o marco normativo e solicitar o traspaso dos medios materiais relativos ás competencias anteriores. A maiores quero lembrar que, a diferenza do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista de Galicia, o Partido Popular de Galicia presentouse ás eleccións autonómicas cun programa de goberno real. Un auténtico compromiso cos galegos, con 872 propostas que constitúen unha auténtica folla de ruta, e unha delas era precisamente o traspaso dos servizos meteorolóxicos.

Por todo isto, xa se está, señorías, a traballar para regular as redes e os servizos meteorolóxicos e climatolóxicos; particularmente Meteogalicia, por lei, en concreto a través da Lei do clima de Galicia. Xa se está traballando co obxectivo de ter listo o proxecto normativo antes de que remate o verán, para poder remitilo a continuación a esta Cámara e que prosiga co que é o debate parlamentario.

O lóxico é que Galicia faga uso dos medios á súa disposición, que son máis completos que os que ten a Axencia Estatal de Meteoroloxía na nosa comunidade, pois o noso servizo de me-



teoroloxía está mellor preparado e está mellor equipado. Por iso tamén é lóxico reivindicar as competencias meteorolóxicas do Estado, porque é un servizo vital para a cidadanía e queremos que se preste de forma racional e tamén sen duplicidades.

MeteoGalicia, señorías, está considerada unha das axencias máis importantes e punteiras dentro do seu campo. É un servizo meteorolóxico propio que está a empregar a intelixencia artificial e que está constituído por 160 estacións, case o triplo das que ten a Aemet, ademais de contar co radar meteorolóxico de Cuntis. MeteoGalicia dispón tamén dunha rede de detección de raios, acceso ás imaxes de Meteosat e un equipo de radiosondaxe. Toda unha completa infraestrutura que lle permite ofrecer información da situación real cada dez minutos, o que se traduce en 120 millóns de datos ao ano. Ademais, tamén conta coa certificación de calidade ISO 9001. O servizo meteorolóxico colabora ademais con Sanidade no sistema de alerta temperá por episodios de calor e con Medio Rural para a prevención de incendios forestais. MeteoGalicia tamén colabora con Augas de Galicia no sistema Merlín de prevención de inundacións. Polo tanto, as predicións e avisos de MeteoGalicia e o resto de ferramentas das que dispón permítennos anticiparnos aos fenómenos meteorolóxicos adversos que afectan a saúde das persoas, como son as vagas de calor, como son as inundacións ou como son tamén os incendios.

Resulta, deste xeito, máis lóxico que Galicia teña competencia para que os seus avisos meteorolóxicos teñan validez oficial. Por iso esperamos que o Estado traspase esas facultades en materia de meteoroloxía.

Pero, á marxe da tramitación desta norma, a Lei do clima, insistimos e agardamos que impere a lealdade institucional e recibamos o mesmo espírito de colaboración amosado polo Goberno central co País Vasco; que precisamente lles acaban de dar a comezos do mes de marzo o seu acordo de cooperación en materia meteorolóxica. Non nos cansaremos de repetilo: Galicia non quere ser máis que ninguén, pero tampouco menos. Por iso exiximos o mesmo trato que reciben outras comunidades por parte do Executivo de Pedro Sánchez, tanto neste como noutros asuntos de interese para a nosa comunidade.

Porque na ampliación do noso teito competencial son moitas as materias que interesan a Galicia. Porque miren, na reivindicación de ampliar o noso teito competencial estamos absolutamente sós. Vostedes, señores do Bloque, elixiron poñerse do lado de Pedro Sánchez contra Galicia. A gran maioría dos galegos non entende como vostedes seguen sostendo un goberno que fai dano aos galegos e ás galegas. Sempre que teñen que elixir entre Sánchez e Galicia, elixen a Sánchez. (*Aplausos.*) Vímolos coa Lei do litoral, á que vostedes se opuxeron levándoa ata o Constitucional, e estámolo a ver coa AP-9, secuestrada por Armengol e polo Partido Socialista usando subterfuxios antidemocráticos e o Bloque Nacionalista Galego feliz e sen alzar a voz ante este atropelo, non vaia ser que molesten vostedes o señor Sánchez. ¿Por que non se plantan vostedes, do Bloque Nacionalista, ante o secuestro da AP-9 pola Mesa do Congreso?

Señoría, son vostedes os do «non» e xamais van facer valer o seu voto, nin sequera de forma simbólica, por Galicia. Non o fixeron coa Lei do litoral, non o fan co secuestro da AP-9, non o fan cos recursos da dependencia, que o Estado non nos dá o que nos corresponde, nin para



modernizar sequera unha infraestrutura como poden ser as liñas ferroviarias, algunhas do século XIX. Nunca, nunca van facer uso do seu voto para apoiarnos niso. Por nada diso se plantan vostedes. Triste, moi triste que non fagan valer o seu voto en Madrid para nada bo para Galicia. A única vez que os vin ameazar a Pedro Sánchez con retirarlle o seu apoio foi para que non veñan 250 millóns de euros a Galicia. Son vostedes, señorías —xa llelo dixen moitas veces— os do «non».

E con esta iniciativa ¿que é o que vostedes pretenden? A Xunta xa anunciou que imos regular a través da Lei do clima o que vostedes están a pedir aí nesta iniciativa. Entón, ¿por que se empeñan vostedes en que debatamos esta iniciativa? ¿Porque queren que o Partido Socialista volva secuestrar outra competencia nosa na Mesa do Parlamento? (*O señor Trenor López amosa un titular de prensa.*) ¿Iso é o que vostedes queren levándoa aí? ¿Vostede cree que a señora Armengol vai darlle o visto bo para que se poida debater esta iniciativa? ¿Cree isto? (*O señor Trenor López amosa un titular de prensa.*) ¿Ou vostedes o que buscan é o que fixeron no 2023, cando xa tiñamos presentada a nosa lei e cando estabamos traballando a nosa lei, vostedes presentan unha iniciativa como esta para ter este titular: «*El PP veta que el Parlamento reclame el traspaso a Galicia de la gestión del litoral*»? Iso é o que vostedes buscan. Ou ben que secuestre a lei a Mesa do Congreso ou ben un titular manipulado, porque iso é o único que vostedes saben facer: o «non» e a manipulación, señores do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Pero nós faremos como fixemos coa Lei do litoral: traeremos ese debate a esta Cámara e cada un dos grupos que estamos aquí sairemos retratados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de Primaria do Centro Apóstolo Santiago de Santiago. Benvidos ao Parlamento. (*O señor presidente saúda coa man.*)

E, agora si, turno de réplica.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Trenor, mire, non lle pedimos o voto a favor desta proposición de lei, non lle pedimos o voto a favor. É suficiente con que vostedes se absteñan e que deixen paso á democracia, que deixen paso ao debate e que deixen paso á tramitación deste proxecto. (*Aplausos.*) Iso é o que lle pedimos: que non o veten, que non o veten. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A vostedes moléstalles moito que se exerzan os mecanismos parlamentarios e que se debata unha proposición de lei.

E miren, utilizou vostede... (*Murmurios.*) Si, o matonismo do Partido Popular. Falou vostede dunha serie de cualificativos do BNG sobre este proxecto de Altri e agradézolle que trouxera aquí o tema de Altri. Falou vostede da «bomba ambiental». Pois mire, volveu citar algunhas fontes técnicas e científicas acreditadas, por exemplo o señor Fernando Valladares —non sei se vostede o coñece—, acreditado e prestixioso científico do CSIC que falou dun «canonazo ambiental» para referirse a Altri, señorías do Partido Popular. Ou podo referirme a ese



gran *gurú* durante moitos anos do Goberno da Xunta do Partido Popular, como o señor Chipperfield, arquitecto de prestixio internacional, que cuestionou este proxecto dunha maneira contundente e dixo que non era o modelo que precisaba Galiza. Ou o caso da exdirectora xeral de Innovación de Xera, señor Trenor, que acaba de dicir o que acaba de dicir sobre o proxecto de Altri. Polo tanto, son persoas con perfil técnico e científico que están dicindo o mesmo ou cousas máis fortes das que está dicindo o BNG. (*Aplausos.*) escoiten os técnicos, escoiten a ciencia, escoiten, sobre todo, a cidadanía, que se está mobilizando masivamente, e tamén os sectores produtivos.

Este argumento de fragmentar, de dividir en 17 os servizos meteorolóxicos, a min chámame a atención. Porque, claro, aos que din isto non lles preocupa, por exemplo, que estea dividida esta competencia entre España e Portugal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, claro, claro. É dicir, que para nós é fundamental estar integrado e coordinado o Servizo Meteorolóxico de Galiza con Portugal, ¿ou non? Porque nos afectan os mesmos fenómenos meteorolóxicos. Debería ser iso prioritario, non esta idea de dividir. Ou que lle chame a atención isto e, por exemplo, que non lle preocupe que a Unión Europea teña 27 servizos meteorolóxicos ou que o Reino Unido non estea coordinado coa Unión Europea. En fin, son argumentos un pouco «particulares».

Ademais, nós deixamos claro na nosa proposta que está garantida a coordinación, que está garantida a cooperación e que está garantido o intercambio de información. Pero a realidade, señorías do Partido Popular, é que vostedes son o PP máis centralista da historia. Vostedes non queren as competencias, queren as confrontacións; as competencias non as queren. Acabamos de velo recentemente co debate da transferencia de tráfico e seguridade viaria. Vostedes volveron vetar a demanda desta transferencia. E que Galiza non conte cunha policía propia, como teñen en Cataluña, en Euskadi, en Nafarroa ou en Canarias; tamén en Canarias. Como fixeron tamén coa AP-9. Veñen vostedes aquí presumir da AP-9. ¡Pero se vostedes vetaron! Non é que estea en trámite parlamentario como está agora, jé que vostedes xa o vetaron na Mesa do Congreso en tres ocasións! (*Aplausos.*) ¿Como se atreven a falar da AP-9 e do seu atraso? ¡É que é alucinante! Alucinante, o de vostedes. (*Aplausos.*) Pero ben, diso xa se falará despois, porque teñen moito que tratar vostedes nesta materia.

E xa, para rematar, o que queremos dicirlles é que por moitos atallos... Ben, por certo, esquecíame, o do litoral. Nós defendemos sempre e apoiamos a demanda da transferencia do litoral. Pero non para unha cousa: non para a especulación a toda costa, como pretenden vostedes; (*Aplausos.*) para impoñer fábricas contaminantes en dominio público marítimo-terrestre e para os negocios dos seus amiguetes, que xa están preparados para facerse cos bens que hai no litoral. Estaremos atentos para impedi-lo.

E a realidade é que o procedemento que prevé a súa sacrosanta Constitución para a transferencia desta competencia, que é unha competencia exclusiva do Estado — non para que figure no Estatuto, senón para exercer plenamente a competencia de todos os medios dos servizos meteorolóxicos radicados en Galiza; cousa que vostedes non queren, díganlo con claridade —, é o que prevé o artigo 152 da Constitución. E por iso traemos esta proposta. E vostedes retrátense: se queren as plenas competencias ou se queren un sucedáneo.



Esta é unha cuestión de vontade política, non é de nada máis. De vontade política, pero vostedes non teñen vontade e menos teñen capacidade para decidir. Porque vostedes o que fan é obedecer; obedecer o que lles manda o señor Feijóo desde Madrid. Iso e nada máis. Poñer os intereses do Partido Popular por diante dos intereses de Galiza. Iso, desde logo, o BNG nunca o fará. *(Protestas.)* Porá sempre por diante os intereses de Galiza para ter a máxima capacidade de decisión, porque nos xogamos moitas cousas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señor Pazos, reláxese, porque cada vez que vostede se sulfura nós sentímonos máis motivados para facer oposición e para... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Si, si, si... Ala, veña, veña, anímense, anímense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Dicialles que se trata de defender a vida, de defender a economía, de defender o benestar das galegas e dos galegos. Para iso queremos esta competencia de verdade, señorías do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematados os textos lexislativos, procedemos á votación.

Votación de textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Escomezamos votando as emendas mantidas e o Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Primeiro imos votar as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas.

Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 48; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa votación, neste caso coa seguinte iniciativa.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematou a votación.

Polo tanto, agora continuamos co punto segundo da orde do día.



Comparecencia do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para iso, ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe, a petición propia, ante esta Cámara para informar das liñas estratéxicas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que teño a honra de dirixir. Tentarei debullar as principais actuacións nas que estamos traballando nos diferentes ámbitos de competencia desta consellería e que desenvolveremos nos vindeiros meses.

Comezamos pola Secretaría Xeral para o Deporte. Antes de entrar en pormenores das principais liñas de actuación no eido do deporte, quero salientar tres datos que poñen de manifesto o valor e lle dan valor ao traballo feito ata o de agora.

Galicia pechou o ano 2024 con 319.671 licenzas deportivas, un 3,4 por cento máis que no ano 2023. Desas licenzas totais, 98.650 son de mulleres. En ambos os casos constitúen datos récord en toda a serie histórica.

Tamén alcanzamos unha marca histórica en canto aos deportistas galegos de alto nivel, 1.500; o 41 por cento deles son mulleres. En 2011 sumaban 333, o que supón un incremento dende o ano 2011 do 350 por cento. E, se nos centramos nas representantes femininas dentro dos deportistas de alto nivel, pois pasamos das 95 que existían, que tiñamos cualificadas no ano 2011, ás 617 actuais; é dicir, dende 2011 aumentaron nun 549 por cento (*Aplausos.*)

E o terceiro dato que quero resaltar son os resultados logrados en París polos olímpicos e paraolímpicos galegos que participaban na delegación española: 11 medallas e 25 diplomas, coas que melloramos a nosa participación nas Olimpíadas de Tokio.

Con esta bagaxe, froito dunha estreita colaboración con todos os actores implicados no eido do deporte, seguiremos afondando nunha tripla dirección. En primeiro lugar, no impulso e promoción da actividade deportiva, para crear hábitos saudables entre os escolares e acompañar os nosos deportistas durante toda a súa carreira; no apoio ao tecido deportivo; e na conservación, mellora e dotación de instalacións deportivas e o seu equipamento.

En canto ao primeiro punto, no impulso do deporte, quero principiar por salientar que na temporada pasada, a 2023-2024, participaron no programa Xogade 147.740 escolares, de entre 6 e 16 anos; é dicir, o 60 por cento da rapazada escolarizada participa no programa Xogade. Loxicamente é un incremento importante, e a nosa intención é conseguir que, cada vez máis, máis rapaces participen, pero loxicamente ese 60 por cento é un dato que nos congratula.



Hai que poñer de manifesto tamén que para eses rapaces entre 6 e 16 anos o seguro escolar é gratuíto para os pais e nais, e somos a única comunidade autónoma en España que ten ese seguro gratuíto, que representa un custo importante cada ano, de 3 millóns de euros, para a Xunta de Galicia, pero apostamos por seguir facendo ese investimento e facilitar que os rapaces practiquen deporte.

Cremos que promover o deporte dende a infancia, ademais de ser un punto de partida para os futuros deportistas profesionais, é fonte de saúde física e psíquica, pola súa asociación coa práctica de hábitos saudables, ao tempo que é unha alternativa tamén de ocio e un elemento importante de sociabilización.

O deporte contribúe a fomentar valores positivos, como o traballo en equipo, a disciplina, o respecto, e é a nosa obriga como administración, pero tamén como sociedade, educar neses valores os nenos e nenas de hoxe, chamados a liderar a nosa sociedade mañá. Non podemos permitir que todo o traballo que se fai cos escolares e no deporte de base para inculcar estes principios se estrague por actitudes descontroladas, violentas e inaceptables, nas canchas ou nas gradas —dá igual—, dalgúns individuos, xa sexa en calidade de xogadores ou de espectadores, por moi excepcionais que sexan este tipo de incidentes.

Para evitalo, como medida disuasoria, imos promover a modificación tamén da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, para que o Goberno galego poida exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia no deporte, na forma e condicións establecidas pola lexislación procesual. (*Aplausos.*) Cremos que é un paso máis, un paso máis no traballo que o conxunto do sistema do deporte galego (federacións, Comisión de Control da Violencia, Xunta, equipos, clubs) está a desenvolver contra a lacra da violencia no deporte; un traballo pese ao que, lamentablemente, non se poden evitar casos como o que ocorreu hai pouco en Sanxenxo.

Neste propósito de tolerancia cero contra a violencia tamén se enmarca o protocolo de protección de nenos e adolescentes fronte á violencia no deporte en Galicia; aprobámolo o pasado maio e é de obrigado cumprimento para federacións e clubs deportivos se queren optar a recibir axudas da Administración autonómica. Galicia, xunto co País Vasco, é pioneira na posta en marcha desta medida. O obxectivo é converter as entidades deportivas en espazos seguros e libres de violencia. Todo o exercicio de protección e intervención que sexa necesario realizar pivotará ao redor da persoa delegada de protección, que deberá nomear cada entidade deportiva e ser incluída como tal no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Dende o pasado mes de xuño estamos levando a cabo un plan de formación práctica para axudar os clubs e federacións na implantación deste protocolo. O vindeiro xoves, ademais, realizaremos formación especialmente dirixida á persoa delegada de protección das federacións, centrada en darlle os recursos para a mediación e resolución dos conflitos. Ata o de agora hai máis xa de catrocentas entidades que presentaron o seu protocolo no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e esperamos que de aquí ata mediados de ano sexan a totalidade das entidades deportivas.



Non só se trata de apoiar os equipos e deportistas na alta competición, polo prestixio e a honra que os seus resultados supoñen para Galicia, senón tamén pola repercusión económica do sector do deporte no seu conxunto que supón para a Comunidade.

Hai escasas semanas presentamos a Conta Satélite, que se estaba a falar disto. Esta Conta Satélite é pioneira en España. Hai algunha rexión en Europa que conta con ela, pero en España conseguimos ser a primeira comunidade autónoma que a puxo enriba da mesa. Grazas a iso, esa contribución directa do sector do deporte na sociedade que queríamos ter consolidada — é certo que nos falta a parte inducida no turismo, que tamén conleva a práctica deportiva ou os eventos deportivos—, no día de hoxe xa sabemos que directamente supón o 1,3 por cento do PIB e o 1,95 por cento do emprego, ao xerar 22.140 postos de traballo directos e indirectos.

Coidar os nosos deportistas e tamén poñer á súa disposición instalacións ben equipadas, axeitadas ás súas necesidades. Pretendemos evitar que teñan que marchar fóra de Galicia para seguir crescendo deportivamente ou converterse en atletas de elite.

Nese sentido vai a ampliación do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, para a súa transformación posterior nun centro de alto rendemento en Galicia. Vimos de declarar o interese autonómico do proxecto, que permitirá a nosa Comunidade consolidarse como un referente nacional e internacional do deporte, posto que será o terceiro centro destas características existente en España. A finais do vindeiro ano podemos ou contamos ou esperamos poder contratar os proxectos para desenvolver esta ampliación da CGTD en Cernadiñas; serán 120.000 metros cadrados, máis de 30 millóns de euros de investimento, que permitirá o desenvolvemento en modalidades deportivas como o bádminon, ximnasia, escalada, esgrima, atletismo, entre outras.

O futuro CAR permitirá seguir progresando na excelencia deportiva e garantir a participación galega nas principais competicións nacionais e internacionais, e seguro que os nosos deportistas nos van regalar moitos éxitos.

Non será a do CAR a única obra importante que imos desenvolver en infraestruturas deportivas. De feito, no orzamento deste ano temos consignados máis de 14 millóns de euros, e entre algunhas actuacións previstas están a reforma do Anxo Carro, en Lugo, que vimos de licitar hai pouco tempo; a reforma do complexo de Acea de Ama, na Coruña; a construción do skatepark de Culleredo; a reforma do pavillón polideportivo Elviña II; ou a construción do parque acuático-complexo lúdico deportivo de Monterrei, a seguinte fase conxuntamente coa Deputación de Ourense; así como as pistas de atletismo de Balaídos, para o que seguimos tendo unha aportación económica nos orzamentos.

Pasamos agora á Dirección Xeral de Xustiza. Na área de Xustiza quero dedicarlle especial atención ao Instituto de Medicina Legal de Galicia, que, como saben, concentra a pericia público-oficial médico-legal de psicoloxía, traballo social forense, da nosa Comunidade. Esta merecida atención é por varios motivos.

O primeiro deles é que xa iniciamos os traballos previstos: desbroce de sinalización, peche perimetral e inicio das obras da construción da nova sede en Santiago, que ten un prazo de



execución de dezaoito meses e un investimento de 7 millóns de euros. En segundo lugar, polo excelente traballo que realizan os seus profesionais, un traballo que está experimentando un constante notable incremento nos últimos anos; realizan ao redor de vinte e cinco mil probas periciais ao ano. E, en terceiro lugar, porque é un centro de constante innovación.

Para mostra, un botón: puxemos en marcha o proxecto de xustiza amable, para mellorar e sobre todo para humanizar a atención ás vítimas menores de idade ou con discapacidade. Así, as antigas salas Gesell transfórmanse en salas amables, seguindo os estándares do programa Bauhaus do Consello de Europa, no que participamos dende o ano 2023. Neste momento, dispoñemos de salas amables en dependencias xudiciais na práctica totalidade das cidades e nalgunhas das sete subdireccións do Imelga.

Nun proxecto transversal, ademais, coa Consellería de Cultura, creamos ademais pequenas bibliotecas adaptadas ás distintas idades e discapacidades nestas salas.

Ademais, aprobamos un protocolo de colaboración coas oficinas das vítimas para que a estancia e a realización das pericias se desenvolvan no maior confort posible.

Promovemos a interoperatividade co Instituto Nacional de Estatística, co INE, nas mortes xudiciais, e isto é posible porque realizamos os informes da patoloxía forense a través do noso sistema operativo Simelga, que nos permite compartir e combinar información en tempo real co INE, a través da plataforma Robot INE, por certo, unha plataforma que acaba de recibir o primeiro premio de innovación de Gain a finais do ano pasado e que agora o INE está introducindo en todos os institutos de medicina legal en España, o cal é un recoñecemento ao labor destes profesionais.

Con esta mesma plataforma que empregamos co INE tamén puxemos en marcha un proxecto pioneiro en prevención e posvención das condutas suicidas en colaboración co Sergas. O obxectivo é establecer perfís epidemiolóxicos e ofrecer a posibilidade de realizar unha autopsia psicolóxica ás familias dos falecidos, identificar factores de risco e áreas de concentración de risco que permitan aos servizos asistenciais establecer un plan estratéxico de prevención de saúde mental.

Tamén estamos desenvolvendo un proceso de dixitalización das tramitacións das pericias.

Polo tanto, estamos innovando continuamente no Imelga.

Ademais, seguindo a encomenda deste Parlamento, estamos colaborando cos centros de formación profesional e universitarios para recibir alumnos en prácticas. A este respecto, estamos ultimando un asunto importante, que é a solicitude dunha unidade docente MIR de Medicina Legal e Forense para recibir médicos residentes destas especialidades no Imelga. Para iso, en colaboración coa Consellería de Sanidade, estamos desenvolvendo o itinerario docente e o convenio de colaboración pertinente.

Tamén, nunha clara vocación por empatizar coas vítimas, puxemos en marcha as oficinas de asistencia ás vítimas do delito; un servizo multidisciplinar, público e gratuíto, que lles



permita prestar asistencia integral, coordinada e especializada e que dá resposta ás súas necesidades específicas, tanto no ámbito xurídico como psicolóxico e social.

Agora queremos dar un paso máis nesa atención personalizada, poñendo en marcha a Oficina Virtual de Asistencia ás Vítimas do Delito, que ofrecerá unha asistencia urxente a petición da vítima, a petición do órgano xudicial, da Fiscalía, do Imelga, do Sergas, dos corpos de seguridade, dos servizos sociais ou de calquera entidade pública ou privada que teña contacto coas vítimas e que precisen o servizo e non poidan desprazarse ata as oficinas físicas. Ofrecerá tamén asistencia psicolóxica ou social non urxente a petición da vítima en calquera das fases: de información, intervención ou seguimento.

Seguindo no ámbito da Xustiza, pero centrándome no que respecta ao ámbito normativo, saben vostedes que o pasado día 18 publicamos no *Diario Oficial de Galicia* a modificación do Decreto 248/2007, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. O obxectivo das modificacións, nas que levabamos tempo traballando, é facilitar a tramitación e adaptar o texto tanto ás novas tecnoloxías como aos últimos cambios normativos. Apostamos por unha maior funcionalidade e tamén unha maior simplicidade, tanto para a cidadanía como tamén para o persoal que traballa nos rexistros.

A aplicación da Lei de medidas en materia de eficiencia no servizo público de Xustiza está sendo un reto para esta consellería, e podería dicir para todas as consellerías que teñen delegadas competencias en toda España, porque supón acometer un profundo cambio estrutural. O Goberno central obriga, a través desta lei, con data límite de cumprimento e sen transferencia económica —que tamén hai que poñelo enriba da mesa—, á actualización dos modelos de referencia das oficinas xudiciais, o seu regulamento e protocolos locais de actuación; a elaborar e aprobar a relación de postos de traballo en consenso coas organizacións sindicais, ademais da asignación de persoal aos postos de traballo correspondentes á nova organización; a adecuar as instalacións e dotalas de aplicacións informáticas novas; ao acondicionamento dos arquivos físicos virtuais dos expedientes; á execución de plans de formación e información ás partes interesadas; por non falar da reconversión dos 268 xulgados de paz en oficinas de Xustiza do municipio. *(Aplausos.)*

En calquera caso, como as leis son para cumprir, estamos a traballar arreo para cumprir os prazos e os requisitos establecidos. Estamos desenvolvendo unha campaña de exposición e divulgación aos avogados, procuradores, graduados sociais, asociacións de letrados da Administración de xustiza, porque o cambio estrutural que leva aparellado a nova lei require contar con todos os operadores xurídicos.

Estamos organizando, xunto coa Amtega, un plan de formación do persoal ao servizo da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista tecnolóxico como organizativo, e estamos traballando na concreción dos medios tecnolóxicos precisos que poden ser necesarios.

Salientar tamén que creamos dúas subcomisións, unha con xuíces e outra coa Fiscalía, nas que de forma continua facemos alegacións e seguimento dos modelos de referencia e documentos relacionados coa nova oficina xudicial.



Loxicamente, estamos mantendo reunións constantes para a posta en común co secretario de goberno do Tribunal Superior Xustiza de Galicia e os secretarios coordinadores provinciais de Galicia, e tamén coas asociacións representantes que representan os letrados da Administración de xustiza.

Salientar, ademais, que remitimos á Fegamp un informe sobre o impacto da implantación da nova oficina xudicial nos concellos, co ofrecemento de organizar actos divulgativos e informar os concellos dos efectos da nova lei. Nestes momentos estamos á espera de confirmar que actos son necesarios.

E quero destacar tamén que Galicia se adiantará ao resto do Estado na implementación do Dicireg, o sistema dixital na tramitación dos expedientes, nos rexistros civís de toda a Comunidade Autónoma. É competencia do Ministerio —é certo—, pero a colaboración da Comunidade Autónoma é fundamental, e o propio Ministerio de Xustiza, que é o promotor deste cambio, pois a través da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública do ministerio ten felicitado a Comunidade Autónoma de Galicia pola súa implicación e, sobre todo, pola rapidez de implantación.

Quero lamentar tamén neste apartado da Xustiza que, por segundo ano consecutivo, non fose posible a posta en marcha de novos xulgados, por culpa do Ministerio de Xustiza, que non comunica novas unidades xudiciais correspondentes á programación do ano 2024. Saben vostedes que en Galicia —non en todas as comunidades— se fai unha petición conxunta entre a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Comisión Mixta de Xustiza. Nesa petición conxunta establécese un listado de distintos órganos xudiciais que cremos que son os prioritarios para crear en Galicia. Nunca, dende que se fai este traballo —teríámonos que remontar a moitos anos atrás—, se deixaron de poñer en funcionamento os órganos que aproba o ministerio o primeiro día hábil que poden empezar a funcionar. É máis, nós temos amosado a nosa disposición para que, se algunha comunidade non é capaz de poñer en servizo algún órgano xudicial, pois nós estamos dispostos a poñer ese órgano xudicial en funcionamento, e isto conleva unha dotación de persoal e tamén de espazo físico para que poida empezar a funcionar, por exemplo, un novo xulgado.

A última petición que fixemos era do Xulgado de Violencia sobre a Muller no partido xudicial de Santiago de Compostela, con carácter comarcalizado; tamén figuraba un xulgado de primeira instancia para Ourense, outros dous de primeira instancia e instrución para Viveiro e Vilagarcía de Arousa, así como maxistrados para as audiencias provinciais da Coruña e Pontevedra e para a Sala Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras. Pero non tivemos sorte e, por segundo ano consecutivo, non se crean unidades xudiciais novas en Galicia.

No tocante á Dirección Xeral de Administración Local, o compromiso do Goberno galego coa Administración local é indubidable. Así o demostramos exercicio tras exercicio, co firme propósito de contribuír a garantir a correcta prestación dos servizos básicos aos galegos. Proba disto é que este ano adicamos 168,1 millóns de euros consignados no Fondo de Cooperación Local, 10 millóns de euros máis que no ano 2024, que supón un incremento dun 6,3 por cento nesta partida, que é un incremento moi superior á media das partidas dos or-



zamentos. Se o comparamos co ano 2008, vemos que o incremento foi do 40 por cento; polo tanto, dende o ano 2008 incrementouse o Fondo de Cooperación Local nun 40 por cento.

E o dato mata relato, señores —síntoo—, pero este ano nos concellos galegos, sumando as transferencias correntes e de capital, o FCL, a súa liquidación é de 627 millóns de euros. Se temos en conta, ademais, as aportacións que fai Augas de Galicia e o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, imos a 641 millóns de euros, que é a cifra máis alta da historia coa que a Xunta de Galicia colabora cos concellos.

En calquera caso, o problema de base do financiamento municipal é o modelo, non é a aportación dos fondos ou non son os fondos aportados pola Xunta. É necesario un cambio de modelo de financiamento autonómico e local, que dea certeza aos recursos cos que vai contar cada administración e que á hora da repartición teña en conta tamén criterios que son importantes para os concellos de Galicia, como é o envellecemento da poboación e a dispersión xeográfica, que loxicamente repercuten no custo dos seus servizos. Levamos anos reclamando que o Goberno central actúe, pero, como tantas outras cousas, non o fai.

Quero salientar, ademais, que neste momento esta consellería ten abertas case todas as liñas de financiamento para os concellos de Galicia. Temos activas cinco ordes de axudas á altura de marzo do ano presente. O 15 de xaneiro publicamos o Plan específico de acción comunitaria, destinado ás entidades veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunidades de usuarios; este ano, ademais, incrementamos a súa dotación nun 25 por cento, incrementamos 1 millón de euros. Isto foi fundamentalmente porque o ano pasado recibimos 955 solicitudes e só se puideron atender 341. Hai unha gran demanda de axuda por parte das asociacións de veciños e nós queremos contribuír nese sentido.

O 28 de xaneiro publicamos a Orde de infraestruturas de uso público, dotada con 3,5 millóns de euros; o Fondo de Compensación Ambiental, que conta con 11,2 millóns de euros publicouse o pasado 6 de febreiro; o 13 de febreiro publicamos as axudas de eficiencia enerxética con fondos Feder, por valor de 5 millóns de euros; e as axudas do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local, que conta con 5,4 millóns de euros, adicados única e exclusivamente aos concellos de menos de quince mil habitantes, foron publicadas o pasado día 12; salientar que este fondo se incrementou un 4,8 con respecto ao consignado dende o ano 2011. Proximamente sacaremos tamén unha orde de proxectos estratéxicos, que ten consignados —igual que a do ano pasado— 8,5 millóns de euros. E só nos quedará a convocatoria de axudas para a contratación de auxiliares de Policía local durante o verán nos concellos máis turísticos, que sacamos cada ano.

É dicir, dende a consellería, a principio de ano sacamos todas as convocatorias para que os concellos teñan exactamente o mapa de axudas ás que poden presentar os seus proxectos e que saiban exactamente cales teñen enriba da mesa á disposición deles. *(Aplausos.)*

No eido local, un dos principais retos que temos por diante este ano é o impulso da nova Lei de Administración local de Galicia. Despois de vinte e oito anos, é obvio dicir que as circunstancias teñen cambiado, tanto no ámbito social como no económico, demográfico e tamén tecnolóxico. Por tanto, é necesario adaptar a súa norma ás necesidades actuais, para que



sexa unha ferramenta útil para afrontar os problemas que xorden día a día na xestión pública local.

A nova lei modernizará o marco xurídico da organización e funcionamento das entidades locais, que permita a súa axilización e simplificación; potenciará a súa autonomía e a súa potestade de autoorganización; para iso introducirase unha nova fórmula de cooperación, que son as áreas funcionais de carácter temporal; esta unión temporal permitirá que durante un máximo de cinco anos, posto que a partir dese momento se entende que xa non é conxuntural, senón que é estrutural, deberá constituírse unha entidade local de carácter supra-municipal, se supera eses cinco anos. Porá á disposición dos concellos un amplo catálogo de fórmulas para garantir o correcto exercicio das súas competencias, reforzará o papel das deputacións provinciais como garantes da autonomía local e potenciará un modelo de xestión máis innovador.

E, por suposto, dentro das nosas limitacións legais, imos abordar a modificación do financiamento local; dentro do marco no que nós nos podemos mover, levaremos a cabo unha modificación deste marco.

No que respecta a súa tramitación, sinalar que a iniciamos o pasado 11 de febreiro, coa publicación do anteproxecto de lei no Portal da Transparencia da Xunta de Galicia, para que a cidadanía en xeral nos traslade as súas suxestións. Neste momento estamos revisando o borrador do texto, que fixemos en colaboración coa Universidade de Vigo a través do grupo de expertos en Administración local Rede Localis. Nas próximas semanas, unha vez teñamos o texto definitivo, abriremos os trámites de audiencia e información pública, co obxectivo de traelo loxicamente este ano ao Parlamento.

No que respecta ao estado das infraestruturas solicitadas, as cousas de palacio van despacio. O da AP-9 é unha historia interminable, perdemos a conta de cantas veces se atrasou a súa tramitación no Congreso, facendo oídos xordos á reiterada petición unánime deste Parlamento.

O traspaso da xestión do litoral estase alongando de xeito inxustificable. Non vou —ou si— dicilo. Recorden aquilo que dicían que era practicamente unha declaración de independencia, ou a presentación do recurso de inconstitucionalidade o último día do prazo no que podía facelo o Goberno sen ter previamente feito unha bilateral. Pero a verdade é que todos podemos comprobar que hai cousas que en Galicia van a paso de tartaruga e a velocidade de lince noutros territorios; e pódolles asegurar que non é por falta de interese do Goberno, nin moito menos, senón máis ben por falta de interese do Goberno central.

Con respecto á xestión do litoral, o pasado 17 de decembro acadouse un acordo, pero ata o pasado día 5 deste mes o Goberno central non achegou a proposta provisional de memoria económica e de transferencia de medios.

O traspaso das competencias dos servizos de meteoroloxía —ao que facían referencia hai un momento nesta tribuna— nós queremos facelo a través da Lei do clima; esperemos que polo camiño non aparezan novas pedras para intentar que vaíamos máis amodo. Dicía hai pouco,



cando empezamos a falar deste asunto, o delegado do Goberno que iso era imposible, que non se podía facer, e resulta que ás poucas semanas lle traspasan o Servizo de Meteoroloxía ao País Vasco de maneira rápida, urxente, sen ningún tipo de problema.

E isto pasa tamén co ingreso mínimo vital. Tamén vai lento. En xuño do ano pasado solicitamos por escrito a competencia, xuño do ano pasado, vai facer dentro de pouco un ano. Catro meses despois de ter solicitada a competencia, a ministra de Inclusión fixou como requisito previo que adaptamos a normativa da Risga á do ingreso mínimo vital. Podería ter sentido, pero, claro, ao mesmo tempo ao País Vasco non lle pediron de novo que fixera o que nos piden en Galicia. En fin, máis do de sempre. Agora o Goberno central está aberto ao traspaso das funcións, iso si, sen orzamento. Nós, dende logo, temos claro o que queremos e como o queremos, e pode que leve máis tempo, pero alá cada un e as súas responsabilidades. Seguiremos negociando o tempo que sexa necesario para telo de maneira xusta e axeitada, seguiremos tamén poñendo enriba da mesa os agravios, e supoño que contaremos co apoio do resto de forzas políticas.

En canto á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a verdade é que boa parte dos nosos esforzos e do orzamento vai destinado a axudar as entidades locais na prestación dos servizos, que son única e exclusivamente competencia dos concellos.

O vindeiro mes de abril publicaremos no *DOG* a resolución da orde de subvencións para o funcionamento das asociacións de voluntarios de protección civil. Poderanse beneficiar 189 agrupacións, e os seus fondos incrementaranse este ano un 9 por cento.

Hai poucos días entregabamos a 87 concellos material de emerxencia por un importe de 420.000 euros; eran *kits* de ferramentas eléctricas, era material loxístico de seguridade viaria, eran remolques, tendas de campaña, todo o material que previamente as propias agrupacións tiñan demandado ao Goberno da Xunta de Galicia e que adquirimos para poder repartilo. Nos próximos meses imos licitar outros 75 lotes de material, por importe de, aproximadamente, 300.000 euros.

Seguimos garantindo o funcionamento dos grupos de emerxencias supramunicipal, os GES. Renovamos os convenios e a aportación da Xunta de Galicia este ano vai a 5,6 millóns de euros neste exercicio. (*Aplausos.*) É dicir, a Xunta asume máis do 50 por cento do custo deste servizo.

Pero, ademais, dámoslles formación a través da Academia Galega de Seguridade Pública, e colaboramos cos concellos na dotación de material; levamos investidos máis de 12 millóns de euros en material para estes grupos de emerxencia supramunicipal.

Nos próximos días temos previsto entregar, ademais, 5 vehículos de bomba rural pesada e 3 furgonetas de servizos varios con material, por importe de case 1,8 millóns de euros adicionais.

Un ano máis sacamos a orde para financiar a contratación de socorristas, por 1,5 millóns de euros. O pasado 13 de marzo acabou o prazo de presentación de solicitudes e o vindeiro mes de abril faremos pública a resolución.



O Goberno galego —de novo volvemos dicir nesta sede—, ademais de promover a contratación de socorristas durante o verán, que é unha competencia estritamente municipal, regula a formación que deben cumprir. Neste momento hai 4.500 profesionais no rexistro profesional de socorristas, e hai que salientar que hai máis de 1.000 prazas de formación que temos previsto convocar, para poder inscribirse neste rexistro. Reservamos un 30 por cento para os voluntarios de protección civil.

O pasado ano a AGSP realizou 15 cursos, nos que se ofreceron 425 prazas. No primeiro semestre deste ano xa están convocados 12 cursos, cun total de 360 prazas.

E seguiremos garantindo tamén os servizos de bombeiros en todo o territorio. Facémolo participando nos consorcios provinciais; nos catro consorcios chegouse a un acordo cos representantes sindicais. E impulsando tamén a comarcalización dos parques das cidades.

Eu tiña escrito aquí que é de xeito inminente a comarcalización de Santiago, pero hoxe aparecía unha noticia na prensa, na que non sabemos se efectivamente se vai levar máis pronto ou se vai seguir adiando, como pasou co anterior Goberno municipal e como segue a pasar con este goberno municipal.

En todo caso, a Xunta e a deputación teñen cerrada a súa aportación e consignada nos seus orzamentos a aportación necesaria para que este parque poida funcionar de maneira comarcalizada. Agora a pelota está no tellado —digo agora, por non dicir dende hai dous anos— do concello, que esperemos que poida solventar os seus problemas.

En definitiva, a Xunta segue garantindo os servizos de bombeiros, a pesar de que nos concellos de máis de vinte mil habitantes é unha competencia deles e nos de menos de vinte mil habitantes é unha competencia das deputacións provinciais.

No ámbito da prevención, non desatenderemos a actualización dos plans de emerxencia de protección civil. Estamos pendentes do informe do Consello Nacional de Protección Civil para dar o *ok* definitivo ao Sismigal. Ao longo dos vindeiros meses temos previsto tamén elaborar novos plans, como son o Plan especial ante o risco radiolóxico en Galicia, que se prevé que someteremos en breve a información pública, ou o Plan especial ante os riscos derivados de fenómenos meteorolóxicos, que é o Meteobal.

Non deixaremos tampouco de avaliar o funcionamento de todos os plans vixentes, coa organización de diferentes simulacros, que son fundamentais. A principios de ano xa fixemos un simulacro do Plan de emerxencia exterior de Foresa Caldas, e imos facelo tamén en Arteixo Química, Cabo Prioriño e Syngenta. A finais de ano farémolo no depósito de lodos vermellos en Xove, e entre outros activaremos o Plan territorial de emerxencias de Galicia, o Platerga, por simulacro de accidentes de aviación nos tres aeroportos de Galicia.

Ademais, potenciaremos accións de coñecemento á poboación sobre os riscos de protección civil, realizando campañas específicas de divulgación dos sistemas de aviso á poboación, como é o xa famoso ES-Alert, ou as sirenas de avisos, empresas ou industrias Seveso.



E, por descontado, a través da Axega, seguiremos desenvolvemento proxectos innovadores, de busca de persoas desaparecidas mediante sistemas de localizacións e drons, e entre outros seguiremos aprofundando no proxecto A tempo, para mellorar a resposta de emerxencias transfronteirizas entre Galicia, Castela e León e norte de Portugal, empregando ferramentas de intelixencia artificial.

Non quero esquecerme neste apartado dunha demanda na que seguiremos insistindo machaconamente as veces que sexa necesario diante do Ministerio de Interior, e é a cobertura das vacantes da Unidade de Policía Adscrita. Falamos deste asunto en varias ocasións no Parlamento. Temos un catálogo que recolle a posibilidade de ter 500 efectivos da Unidade de Policía Adscrita en Galicia, e no día de hoxe temos 343, e, dado que 13 deles están en comisión de servizos, o déficit real é de 170 efectivos.

Este déficit, ou esta escasa cobertura das prazas, ten consecuencias graves, que redundan loxicamente en detrimento das funcións asumidas, en todas as funcións asumidas. De non ser capaces de chegar a un acordo co ministerio para que nos permitan cumprir parte polo menos desas 170 prazas vacantes, en próximas datas verémonos abocados loxicamente a deixar de prestar algunha das funcións que está prestando a Unidade de Policía Adscrita, porque non se poden prestar todas esas funcións cada vez con menos efectivos.

E fago neste momento ademais un agradecemento a todos os efectivos da Unidade de Policía Adscrita, pola súa predisposición sempre a poder cubrir as funcións asumidas. (*Aplausos.*) Pero non chega, pero non chega. Ademais, o incremento da idade media dos efectivos, a carencia de mandos na escala executiva, e na escala intermedia, imposibilita que os servizos que estamos prestando os poidamos seguir prestando durante moito máis tempo.

En decembro do ano 2023, o Goberno de Sánchez comprometeu, a través dunha carta do ministro, a adscrición temporal de 50 axentes ata asinar un novo convenio. Pero dende decembro do ano 2023 non tivemos máis noticia.

Hai escasos días vimos que o Goberno permitía un incremento de 4.000 novos Mossos para Cataluña. Nós pedimos 157 e non temos resposta. É dicir, por cada policía que non se debe a Galicia, Cataluña recibe 25. Eu creo que é de recibo que se chegue a un acordo. Temos iniciadas as conversacións e temos falado ao máis alto nivel que se pode facer no ministerio, pero seguimos sen resposta. Os días pasan e cada vez —repito— é máis difícil prestar as competencias que estamos levando a cabo.

No referente ás relacións exteriores e coa Unión Europea, destacar, como saben vostedes, que dende o pasado mes de febreiro o presidente da Xunta ostenta a Vicepresidencia do Comité das Rexións da Unión Europea, nun momento en que é clave para o futuro da xestión dos fondos de cohesión e políticas rexionais.

Por outra banda, a responsabilidade da presidencia da delegación española implica a coordinación dos traballos das comunidades autónomas e representantes das entidades locais nas seis comisións nas que se organiza o Comité Europeo das Rexións, cuxas competencias



van dende a economía e industria ata a política de transportes, cooperación transfronteiriza e fondos europeos.

Polo tanto, a defensa dunha posición preponderante das rexións na distribución e xestión destes recursos, para garantir así unha asignación axeitada e eficaz, é unha das prioridades do presidente Rueda durante este ano e medio de mandato.

A este respecto hai que salientar que Galicia, xunto con outras comunidades, levamos moito tempo reclamando ao Goberno central a convocatoria da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea, para coñecer a postura de España sobre a política de cohesión e tamén para trasladar a posición e a postura de Galicia con respecto a estes fondos e a esta política de cohesión; unha posición que, como xa indiquei, pasa por outorgar ás rexións capacidade para participar no deseño e na execución dos fondos de cohesión e garantir a continuidade dos programas operativos rexionais.

Á vicepresidencia do presidente Rueda deste Comité das Rexións súmase a presidencia rotatoria da Comunidade de Trballo Galicia-Norte de Portugal, posto que ocupa dende o pasado mes de outubro.

As prioridades neste ámbito son varias. En primeiro lugar, a mellora das infraestruturas de conexión entre o territorio da eurorrexión, especialmente ferroviarias, que son as que máis atrasadas están, coa conexión por tren de alta velocidade entre Galicia e Portugal como acción preeminente pero non única; proseguir coa loita pola aprobación do Estatuto do traballador transfronteirizo, a aposta pola cooperación cultural e creativa como medio para a promoción da reafirmación eurorrexional e o apoio ao ecosistema innovador consolidado e aos clústeres transfronteirizos, ou a utilización coordinada do espectro radioeléctrico.

Precisamente nesa longa e frutífera relación da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, o vindeiro mes de maio marcaremos un novo fito, que é a constitución dunha nova agrupación europea de cooperación territorial, a da Raia Seca, que abrangue case 3.200 quilómetros de superficie, 18 concellos de ambas as marxes e 72.000 habitantes. Esta agrupación é o colofón a unha activa colaboración, que se remonta ao ano 1996, que deu como resultado a creación do primeiro parque transfronteirizo da Península, tamén un dos primeiros de Europa, e a súa posterior transformación na primeira reserva da biosfera transfronteiriza no ámbito ibérico no ano 2009 pola Unesco. Estou a falar do Parque Natural da Baixa Limia e Serra do Xurés.

Con esta nova agrupación, a práctica totalidade da fronteira entre Galicia e norte de Portugal quedará cuberta con organizacións estables de cooperación. Á da Raia Seca súmase a da eurorrexión Chaves-Verín e a Raia Húmida do río Miño. Isto significa que as áreas transfronteirizas co norte de Portugal poderán establecer dende o seu propio territorio, e acorde coa súa propia visión de oportunidades e necesidades, os mecanismos de desenvolvemento e de aproveitamento de recursos que consideren axeitados e optar aos fondos europeos para levarlos a cabo.

No eido da mobilidade, nos vindeiros meses daremos un pulo importante ao proxecto Móvete, co fin de que no ano 2026 estea totalmente implantado. Como saben, esta iniciativa



enmárcase dentro da Plataforma Galega de Mobilidade 4.0, que conta con financiamento europeo, e baséase en catro piares.

O primeiro é proporcionar novos métodos de pago a través do móbil con código QR ou mediante unha nova tarxeta física, Móvete, con novas vantaxes para os usuarios. En segundo lugar, poñer en marcha un planificador intermodal, que integrará nun punto único toda a oferta de transporte e mobilidade existente en Galicia, transporte público, como o bus urbano, os barcos, ferrocarril, pero incluso alquiler de patinetes ou bicicletas eléctricas. En terceiro lugar, dará aos usuarios información en tempo real de onde se atopan os autobuses e cando chegarán á súa parada, información relativa a itinerarios, distancias etcétera. E, en cuarto lugar, poñer en marcha unha nova web, unha nova app, desde a que se poderá acceder para beneficiarse das melloras previstas.

A Xunta habilitará esta nova app durante este ano. Empezaremos en dúas concesións de transporte, identificándose a través dun código QR. As concesións onde se atopará dispoñible este sistema en modo de proba serán inicialmente as liñas que discorren polo leste da comarca de Santiago e o norte da comarca do Deza, que conecta Santiago de Compostela con Touro e Arzúa; e a liña que une A Coruña e Lugo. Ademais, a través da nova app os usuarios poderán planificar as súas viaxes, realizar reservas nos servizos de baixo demanda, consultar o histórico de viaxes ou xestionar o seu moedeiro virtual.

No que respecta ao servizo de transporte interurbano, seguiremos ampliando a rede de transportes expreso, coas conexións directas entre as principais cidades de Galicia. Acabamos de poñer en marcha a que conecta Lugo-A Coruña/A Coruña-Lugo.

No eido da mobilidade, temos retos importantes nos vindeiros meses, como é a renovación do transporte escolar, que é un deles. O próximo 30 de novembro vencen os contratos das 57 concesións en vigor e todos acordamos acometer esa transición durante as vacacións de Nadal deste ano. Coa vista posta neses prazos, prevemos sacar as novas licitacións a finais do vindeiro mes de maio ou principios do mes de xuño; mellorar a configuración dos contratos para incrementar a eficiencia do uso dos recursos; reforzar o control da prestación do servizo e favorecer de novo a concorrencia de pequenas e medianas empresas, facendo incluso algún lote máis. Estableceremos a duración dos contratos nun prazo inicial de dous anos, prorrogables ata tres anos máis, para que coincida co vencemento do transporte interurbano; e iso permitiranos, cando terminen os dous contratos, reformular de xeito conxunto o mapa de servizos existentes, que coido que será un paso importante.

Hai que salientar que para garantir o servizo de transporte gratuíto aos 81.000 alumnos de ensinanzas obrigatorias contamos con 3.380 liñas de transporte: 2.200 liñas integradas para uso compartido e 1.180 de transporte escolar. Repito o que digo sempre: non hai maior interesado en que o transporte de competencia autonómica funcione ben que a Xunta de Galicia, créanmo.

Outro reto será exercer as competencias autonómicas sobre aeródromos de uso restrinxido, recollidas no noso Estatuto de autonomía. Trátase de asumir as competencias de aeródromos e heliportos que non teñan a cualificación de interese xeral do Estado. Ata o de agora, ese



labor correspondía á Axencia Española de Seguridade Aérea (AESA), pero durante este ano a Dirección Xeral de Mobilidade articulará a estrutura necesaria para o exercicio desta competencia sobre os 40 aeródromos e heliportos que existen en Galicia.

Seguindo en materia aeroportuaria, non cabe dúbida que o peche do aeroporto Rosalía de Castro durante cinco semanas, polas obras previstas na pista de aterraxe, suporá un esforzo engadido ao transporte interurbano. Tan pronto como coñezamos cal vai ser a oferta dos voos que se van poñer no aeroporto de Vigo e no aeroporto da Coruña, procederemos a reforzar as liñas de autobús que conectan Santiago cos dous aeroportos. Pero esa oferta de novos voos, segundo nos adiantaron o outro día os representantes de AENA, non se coñecerá ata finais deste ano. E, aínda que a mellora da infraestrutura, da importancia do aeroporto da Lavacolla, sempre é benvida, require cando menos tamén unha reflexión conxunta; e é que noutras terminais nacionais, e por suposto tamén internacionais, este tipo de actuacións non perturba o seu funcionamento. Non obstante, AENA nos aeroportos de Galicia decide pechar totalmente o aeroporto durante semanas, cando se podería ou está demostrado que se pode facer doutro xeito.

E reitero aquí o que dixemos o outro día na comisión de colaboración en materia aeroportuaria: é necesario que Galicia conte cun mapa de rutas coordinado e consensuado, para garantir a competitividade dos aeroportos. É un feito —tamén o dixemos o outro día— que, máis aló de que se perda unha conexión internacional, en Galicia non se teñen recuperado as frecuencias que existían de conexión entre os principais aeroportos españois de antes da covid. É dicir, no maior uso que fan os galegos dos aeroportos, que é a súa conexión coa capital, cada vez temos menos frecuencias e esas menos frecuencias acábanse traducindo nun maior custo dos billetes de avión. E nisto si ten competencias AENA, si que pode dicir algo e si que pode facer algo. Nós xa o dixemos o outro día diante dos representantes dos tres concellos e diante do secretario de Estado e os representantes de AENA, e volvémoslo dicir aquí, na sede do Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)*

E xa que falamos de avións, tamén podemos falar de trens. É unha mágoa que non poida trasladar a este respecto nin unha soa boa nova, porque de ningún dos proxectos ferroviarios que son estratéxicos para a nosa Comunidade temos boas noticias. Seguimos sen ter o Plan director do corredor atlántico; nin detalle, señorías, nin obras nin horizonte. Cada vez que se fai unha presentación nesas macrocifras que nos amosan nos distintos powerpoints contemplan con investimentos do corredor atlántico os desbroces dos taludes, o cambio das travesas desgastadas ou o cambio da sinalización. Nós cremos que un plan director é moito máis que iso. E, loxicamente, para poder emitir unha opinión e para poder sobre todo facer aportacións a ese plan director, necesitamos a concreción do que quere facer o ministerio. Van oito meses da reunión co comisionado e co secretario de Estado, comprometeuse a enviar ese plan director practicamente ao cabo duns días; oito meses máis tarde, e despois de encontrarme co propio comisionado para o corredor atlántico en distintos actos aos que acode loxicamente, non ten tempo para acudir á Xunta de Galicia e seguimos sen ter ese documento. Non hai nada do grupo do traballo teoricamente creado nin cando se vai activar para falar do corredor. Fíxense: non hai nada nin sequera do interlocutor de Renfe coa Xunta de Galicia para informarnos das incidencias, para informarnos das obras ou para informarnos de calquera nova de interese que poida ter o servizo de ferrocarril en Galicia.



Non hai máis que boas palabras, pero poucas concrecións do AVE de Vigo-Porto; non hai nada da conexión con Bouzas, salvo que o alcalde dixo que non facía falta; non hai nada do tren Celta; non hai nada da variante do de Cerdedo; non hai nada da variante exterior de Ourense; nada do AVE a Lugo, parece que xa están feitas todas as infraestruturas, pero o tren a Lugo non vai pasar de 100 quilómetros por hora, e iso non é un AVE; non hai nada da variante a Betanzos; por suposto, nada do AVE a Ferrol; e nada da mellora do tren de vía estreita, ese no que compraron locomotoras nun momento determinado que despois non collían polos túneles e para que pasara o momento sonrojante decidiron que Asturias e Cantabria non pagasen polos billetes de tren. (*Murmurios.*) Pero Galicia si, (*Aplausos.*) en Galicia seguimos pagando polos billetes de Feve, porque as locomotoras non entran polo túnel.

É un mar de nadas, unha morea de escusas. Pero nós non imos parar, non deixaremos de dicir que o transporte ferroviario en Galicia é un cúmulo de incidencias; dá igual viaxar en Feve, en rexional, en Alvia ou en AVE. Fíxense que as últimas expedicións de AVE de Madrid cara a Lugo, en teoría de Alvia, cando chegaron a Monforte pararon e puxeron uns autobuses para trasladar os viaxeiros de Monforte a Lugo. ¿Saben vostedes por que? Porque o tren quedou sen gasoil. E isto que parece unha broma é o que acaba de pasar hai escasas semanas; o tren quedou sen gasoil e, polo tanto, ao chegar a Monforte continúaase a viaxe en autobús. Non escoitamos os grupos que están na oposición falar destes asuntos, non os escoitamos absolutamente nada. (*Murmurios.*) Prefiren falar doutras cortinas de fume para non falar destes asuntos. (*Aplausos.*)

Señorías, como ven, nesta breve exposición que veño de trasladarlles temos moito traballo por diante, proxectos aos que dar continuidade e proxectos que poñer en marcha.

Salientar, a modo de resumo, que, no que respecta á axuda do Goberno galego ás entidades locais, nunca se adicaron tantos fondos públicos como o de agora na historia dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Lémbrolles que este goberno foi pioneiro en fixar un modelo de participación estable das entidades locais nos tributos autonómicos cunha garantía de mínimos, con independencia da situación económica conxuntural a través do fondo base. E insisto en que, mentres que a Xunta traballa con e para os concellos —e o Anteprojecto de lei da Administración local é un bo exemplo—, o Goberno central non só se nega a negociar un novo modelo de financiamento, senón que non ten reparo en cargar novas competencias.

Son un bo exemplo a Lei de benestar animal. ¿Cantos alcaldes se teñen queixado desta competencia que lles atribuíu o Goberno central durante o ano pasado sen facer ningún tipo de aportación no seu financiamento? Pregunten aos alcaldes o que supón para un concello pequeno a aplicación desta lei e o que está a lastrar as súas contas e, sobre todo, capacidade de prestar os servizos.

Ou a Lei de residuos, con numerosas obrigas para a eliminación do amianto nos edificios públicos municipais ou o establecemento de impostos á vertedura e á incineración. E jollo!, que Galicia é a única comunidade autónoma que os axuda a paliar o impacto da suba de impostos e a eliminación de bonificacións impostas unilateralmente polo Goberno central na xestión dos residuos.



Por non falar da Lei de eficiencia da Xustiza, que obriga tamén os concellos a asumir novos cometidos, coa implantación das oficinas de xustiza do municipio.

Nós imos seguir loitando, imos seguir pelexando para conseguir un mellor modelo de financiamento para as entidades locais, e, como poñemos de manifesto en todas as sesións, tamén para a Administración autonómica.

Seguiremos, pese a ser unha competencia municipal, trasladando fondos e medios materiais para o mantemento dos servizos de emerxencias en todo o territorio, tanto para os bombeiros como para os GES e para as asociacións de protección civil. E seguiremos testando, actualizando e elaborando plans de emerxencias, para estar mellor preparados precisamente para afrontar calquera catástrofe ou evento climático adverso; previsión, preparación e protocolos de actuación para minimizar todo o posible as consecuencias deste tipo de situacións.

Seguiremos mimando os nosos deportistas, do deporte de base, de categorías inferiores, ata os deportistas de elite, porque o deporte educa en valores e porque os seus éxitos tamén contribúen a facer marca Galicia. Non deixaremos que condutas desafortunadas e intolerables duns poucos incontrolados afeen o traballo desenvolvido na promoción da actividade deportiva por esta administración nin os logros dos nosos deportistas. Tolerancia cero á violencia dentro e fóra das canchas. (*Aplausos.*) Illamento e persecución sen cuartel aos que exerzan condutas agresivas a través do protocolo de protección de nenos e adolescentes fronte á violencia no deporte e dende a Comisión Galega de Control da Violencia, pero tamén dende os xulgados.

Seguiremos traballando en prol da Xustiza como servizo público que é, mellorando infraestruturas, axilizando procedementos e protexendo as vítimas, e tamén reivindicando a dotación de novas unidades para alixeirar as cargas pendentes.

Seguiremos promovendo actuacións transversais con outros departamentos desta administración, para poñer en marcha iniciativas innovadoras, como a prevención e posvención das condutas suicidas que temos en marcha con Sanidade.

Seguiremos reclamando ao Goberno central, de xeito paulatino e sosegado, a transferencia de novas competencias para Galicia, sempre en aras de que esa asunción de novas competencias redunde no interese xeral da Comunidade, nunca polo simple feito de inflar unha lista a calquera prezo.

E seguiremos defendendo na Unión Europea os intereses dos galegos, amplificando todo o posible a voz de Galicia na Europa das rexións.

Seguiremos fortalecendo a nosa conexión e complicidade co norte de Portugal, para captar fondos europeos que nos permitan o desenvolvemento de accións estratéxicas de interese para ambos os territorios, como pode ser a conexión do tren de alta velocidade.

E seguiremos traballando para que os galegos contemos co mellor servizo público de transporte por estrada, para desprazarnos polo noso territorio e tamén para que dispoñamos de



oferta variada, suficiente e de calidade para facelo por outros territorios e por diversos medios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de darlle paso á intervención dos distintos grupos parlamentarios, saudamos e damos a benvida aos alumnos de 3º de educación secundaria obrigatoria do IES Pedro Floriani, de Redondela. Benvidos ao Parlamento.

Comeza a rolda de grupos parlamentarios e ten, en primeiro lugar, a palabra, por parte do Grupo Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señorías.

Ben, señor conselleiro, aquí o Regulamento do Parlamento pois aporta unha grande asimetría entre os tempos que se lle conceden ao comparecente e os turnos de réplica. Vostede ten un tempo potencialmente infinito para falar e nós temos dez minutos. A única maneira de rebaterlle —digamos— nunha marxe comparable de tempo, sería que eu e os demais portavoces faláramos a seis ou sete veces a velocidade, como cando se acelera un envío ¿sabe?, que soa así a pitufos. Entón, como o meu aparato fonador non é capaz de levar esa velocidade, limitareime a comentar, de todos os temas que tratou, a ver se me dá tempo polo menos a tocar un. E voume centrar, primeiro, no tema que vostede tamén tratou en primeiro lugar, que é o tema do deporte.

Falou dos investimentos previstos en materia de infraestruturas deportivas para o próximo ano ou para o futuro inmediato, e falou de grandes investimentos, dun grande investimento en Pontevedra, dun grande investimento en Lugo, dun grande investimento na Coruña, en Culleredo, Balaídos, e, no caso da provincia de Ourense, só se referiu a unha actuación adicional no complexo de Monterrei e, ademais, con aportación económica da Deputación. ¡Home!, a deputación é unha administración moito máis pobre que a Xunta de Galicia. Xa lle teño recordado que o propio o orzamento da Televisión de Galicia é maior que o orzamento da Deputación de Ourense.

Entón, ben, estou vendo que non parece ter un interese comparativamente igual en Ourense que co resto das provincias. Vólvoo repetir: falou de Pontevedra, de Lugo, da Coruña, de Culleredo e, concretamente, na provincia de Ourense, no complexo de Monterrei, que, xa digo, era unha actuación a maiores do que xa había, pero curiosamente tampouco falou nada da cidade de Ourense, da capital.

Entón, voulle recordar, porque xa lle constan, algunhas actuacións moi necesarias en materia de infraestrutura deportiva no concello de Ourense: a cuberta da piscina de 50 metros Rosario Dueñas, necesaria adecuación das instalacións da piscina ás exixencias das federacións



de natación para poder levar a cabo competicións autonómicas, nacionais e internacionais; no caso da piscina de 25 metros Pedro Escudero, fai falta arranxar a solera, nova climatización, novas ventás; nos Remedios, eficiencia enerxética, a través de fotovoltáicas.

Tamén necesitamos unha grande instalación deportiva para poder realizar actividades deportivas como a ximnasia... —¿como se chama esa de tirar para arriba os...?— rítmica, que non temos altura suficiente para poder facer esa modalidade deportiva e teñen que desprazarse a outros lugares.

Escalada, por exemplo, que tamén se debería ter onde facelo.

Arranxo dos exteriores da contorna do Barbaña. Necesidade de novas canchas exteriores, *skatepark*. Humanización dos accesos e da visibilización dos complexos deportivos que hai en Oira. Mellora das instalacións deportivas e novas instalacións no campus de Ourense, da Universidade de Vigo. Campo de fútbol de Seixalbo, que tamén necesita unha grande mellora.

Isto xa o ten todo vostede, se se molestou en ler cando fixemos as emendas ao orzamento; están tamén as cifras que estimamos necesarias; pero, en todo caso, estas son necesidades.

E ben, agora vou parar un pouquiño concretamente no estadio do Couto, porque o estadio do Couto foi reformado recentemente, pero as deficiencias son enormes e voullas detallar, señor conselleiro de Deportes. Reformouse o campo e non se cerrou polos catro lados. Hai problemas por ese motivo para que teñan lugar nese campo ligas profesionais de fútbol. Non deixaron habitación para as roldas de prensa, non arranxaron o teito da tribuna e segue igual que hai setenta anos; o acceso á tribuna tamén é defectuoso; na grada de preferencia a óptica visual está incompleta, non se ve desde preferencia o terreo de xogo completo, co cal son os problemas obvios de valorar. A iluminación non se mellorou, segue sendo deficiente. Volvo repetir que isto é exclusivamente no campo do Couto. Mala sonorización, os altavoces non se escoitan ou escóitanse mal, están mal colocados, etc. O céspede aquí recoñecemos que quedou moi ben, pero a falta de mantemento ou o mal mantemento fai que estea xa estropeado. E ben, todo o mundo que está no sector do deporte, concretamente do fútbol, coincide en cualificar o campo de fútbol do Couto, de Ourense, como o peor das sete cidades galegas.

Entón, vólvolle recordar: coincidimos na importancia que ten o deporte, por todos os motivos que vostede dixo hoxe e que xa coñecemos de máis veces, pero, como tamén dixo, é fundamental que os deportistas, para que teñan eses premios, para que teñan medallas, para que leven o nome de Galicia polo mundo adiante, como vostede dixo, teñan lugares axeitados onde entrenar, á parte de talento deportivo, que iso xa é outra cousa.

Pero estas instalacións que entendemos como unha serie de mínimos para poder practicar o deporte nestas modalidades en condicións dignas pois debería telas en conta e debería a Xunta, o Goberno da Xunta, levalas a cabo, máis pronto que tarde, para que a cidade de Ourense se iguale ou equipare ao resto das cidades de Galicia nesta clase de infraestruturas.

E non me olvido da provincia. Loxicamente, centreime agora fundamentalmente na cidade, pero moitos concellos tamén están precisados de instalacións deportivas. Moitos



deles vostede seguramente sabe cales son; entón, tampouco llos vou dicir, sinxelamente que lles preste atención. Moitos deles están levando a cabo ampliacións das áreas dotacionais deportivas e nalgúns casos modificando os seus plans urbanísticos para poder ter terreos con esa cualificación dotacional para practicar deporte. Pois teñan en conta esas iniciativas para tamén axudar á construción de infraestruturas deportivas no rural ourensán, á parte das outras moitas que son necesarias. A algunhas tamén se referiu falando do resto das cuestións das que falou: de Xustiza, de reclamacións ao Goberno central, de Policía local, etc., etc.

Ben, como digo, o tempo do que dispoñemos os grupos parlamentarios é moito menor que o seu; eu iso enténdoo como unha deficiencia do Regulamento, pero ben, o Regulamento é o que é. En todo caso, habería que abordar unha reforma nese sentido, porque vostede falou máis dunha hora e nós temos dez minutos. Todos sabemos que o comentario de texto adoita ser máis longo que o propio texto. Traducindo iso a esta situación, pois normalmente para comentar todo o que vostede dixo necesitaríamos máis tempo mesmo do que vostede utilizou, e iso é totalmente imposible.

Entón, centreime nesta cuestión das necesidades de infraestruturas deportivas, que xa lle enumerei, e, á parte de que me faga a súa valoración na súa réplica, animalo a que as leve a cabo, na medida do posible, con vontade política e canto antes.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A señora CASTRO REY: Bo día, conselleiro.

Ben, dicía o señor Ojea o do tempo. Eu o que lle pediría é que, tendo en conta que a súa consellería, como xa falamos nalgunha ocasión, é un *totum revolutum* de áreas, moitas delas con ningún tipo de relación entre si, pois que vostede a próxima vez que veña comparecer a este Parlamento nos especifique un pouco ou se centre nalgunha das áreas concretas, porque é que é imposible poder fiscalizar o labor da súa consellería unicamente en dez minutos.

E vou intentar seguir o mesmo índice que fixo vostede, e comezar, por exemplo, co deporte.

¿Non vai dicir vostede nada disto, (*A señora Castro Rey mostra un documento.*) do que saíu onte en toda a prensa, do cambio de criterio da Federación Española de Fútbol sobre utilizar o estadio de Balaídos como centro para o próximo Mundial 2030, señor conselleiro? (*Aplausos.*) ¿Entende vostede este cambio de criterio, vostede que foi presidente dunha deputación, vostede que ten competencias de xestión, entende vostede este cambio de puntuación? Vostede mandaba unha carta ao alcalde de Vigo na que dicía que senten as carencias que puidera dar a resposta á proposta olívica, xunto coa ausencia de influencia do Goberno local. Que isto en linguaxe da rúa se traduce en: sinto que vostedes dende Vigo non teñan padriño para poder optar a que Balaídos sexa sede do Mundial 2030. (*Aplausos.*)



Vigo é unha das principais cidades galegas. ¿Vai vostede dicir algo? ¿Van desde a Xunta dicir algo ou defender a Balaídos como sede do Mundial, ou non van dicir algo ante esta inxustiza e este cambio inxustificado?

En relación co deporte, o outro día celebrabamos aquí no Parlamento uns cursos de RCP e o profesor Juanatey, que viña impartir os mesmos, dicía que facer exercicio físico é un dos elementos principais da prevención. En Galicia os últimos informes dinnos que temos un elevado nivel de sedentarismo, o que ten unhas consecuencias terribles, polo tanto, na nosa saúde e incrementa, ademais, o gasto sanitario.

O Goberno galego sacou en plena campaña electoral o ano pasado unha medida que ao final se demostrou que era claramente electoralista, que era ese Bono Deporte, para os nenos federados de ata 16, e o Bono Actívate, para os maiores de 65. O primeiro, a verdade, con grande aceptación social, porque é un custo moi elevado o material deportivo e supón un custo inasumible para moitas familias. E o segundo, pois un mero anuncio, porque non chegaron nin sequera a implantalo.

¿Van vostedes volver aprobar dende o Goberno algún tipo de axuda para o fomento da actividade deportiva ou teremos que esperar ata 2028, ata que volva haber eleccións?

E, por outra banda, tendo en conta este informe que lle dicía eu a vostede, que sinala que os nenos e as nenas entre 18 e 35 anos son os que un maior índice de abandono da actividade deportiva presentan, ¿teñen previsto algunha medida para esta franxa de idade?

Falaba vostede tamén na súa intervención do impulso do deporte feminino e poñía enriba da mesa os datos dos últimos números de deportistas federados no ano pasado. Pero, tendo en conta o número de deportistas federados en Galicia, as mulleres aínda non chegamos ao 25 por cento das federadas; mellorouse nos datos, pero queda moito; o 25 por cento é unha porcentaxe moi pequena. E queda moito ademais. Queda por cumprir a lei, esa Lei de igualdade do ano 2023, que aprobaron vostedes, unha lei que pon obrigas na materia e no eido deportivo para acadar a igualdade; obrigas como a creación e adaptación de infraestruturas e servizos para promover o acceso igualitario á práctica deportiva.

Nós propoñemos dende o PSdeG unha estratexia cuadrienal de impulso do deporte feminino e que vostedes veñan dar conta dos logros acadados nesta Cámara.

E falaba vostede tamén da violencia no deporte. Nós condenamos eses terribles feitos acontecidos, esa agresión que causou a morte a un veciño do concello do Grove, levada a cabo no eido deportivo. Por iso mañá traeremos unha proposición de lei, que esperamos contar co apoio do resto dos grupos, na que pedimos unha maior actuación desa Comisión Galega do Control da Violencia para actuar na prevención e nun maior control e nunha maior firmeza ante estas condutas, que son inasumibles.

Mañá entregará vostede as medallas do mérito deportivo de Galicia. Nós a verdade queremos dende aquí aproveitar para —ben, eu persoalmente como pontevedresa que son— mostrar o orgullo a eses nomeados de Pontevedra: Marina de Saa, esa muller pioneira no deporte fe-



minino; Lupe Murillo, que tamén traballa nun ámbito moi difícil, no ámbito do fútbol, que é un ámbito moi masculino e moi masculinizado. E non poña esa cara, porque foi unha compañeira de aquí, é a presidenta do meu club e eu poño en valor a súa actividade independentemente de que sexa do Partido Popular, señor deputado do Partido Popular. E despois tamén de Pablo Hinojar, ese título, ese premio a título póstumo, que loitou durante toda a súa vida por dignificar o deporte da ximnasia e exixir para Pontevedra instalacións minimamente axeitadas e levou anos e anos entrenando moitos deportistas pontevedreses e pontevedresas recoñecidos a nivel internacional pero que nunca contaron con instalacións nin minimamente dignas para entrenar.

Sobre o pavillón de ximnasia da Parda, levo dende 2015 pedíndolle ao Goberno, primeiro ao Goberno local, logo ao Goberno da Xunta, a creación deste pavillón, unha débeda histórica con Pontevedra. Dende a Xunta tiran o balón ao tellado do concello, dende o concello ao tellado da Xunta, vinte e cinco anos e non hai, non se sabe nada deste pavillón de ximnasia da Parda. Díciame nunha ocasión Pablo Hinojar: non creo que o poida chegar a ver; a verdade cumpriuse e os seus prognósticos, desgraciadamente. Espero que sexa nun futuro non moi lonxano unha realidade.

E falaba vostede do Anxo Carro, unha instalación na que realmente moitos anos levaba o Concello de Lugo reivindicando melloras, porque, ademais, é unha instalación de carácter autonómico.

En relación coa Xustiza, esa Lei de medidas en materia de eficiencia e de servizo público de Xustiza é un dos maiores logros acadados polo Goberno de Pedro Sánchez, que vai modernizar a Xustiza, uns procedementos decimonónicos que eran pouco eficientes e supoñían uns problemas de moito calado no desenvolvemento dos procedementos xudiciais, unha urxencia e unha necesidade imperiosa de actuar dende o Goberno galego, porque lémbrolle que a entrada en vigor desta norma é inminente, o 3 de abril de 2025, salvo nove meses, no caso de atribución de competencias en materia de violencia sexual, e vai traer moitísimos cambios, tanto nos procedementos como na planta xudicial.

E nomeaba vostede os xulgados de instancia coas súas seccións, as oficinas de xustiza, a necesidade da agrupación de concellos ou a aprobación dunha RPT. Espero que vostedes cheguen a un acordo cos sindicatos de, primeiro, aprobar o complemento específico antes de modificar esa RPT, porque somos a única comunidade, xunto a Andalucía, que non ten aprobado ese complemento específico.

Entre outros avances que contempla a lei tamén está a da mediación obrigatoria nos procedementos civís e mercantís. Hai que avanzar en materia de mediación en Galicia. A mediación está paralizada en Galicia dende hai moitos anos e necesita impulso, porque é un medio axeitado para a resolución de controversias que non teñen que chegar ao eido xudicial e vai supoñer un desatascamento deses xulgados de primeira instancia, ben, agora seccións de primeira instancia.

Por outra banda, señor conselleiro, nós pediámoslle e insistimos aquí nunha iniciativa, insistimos aquí nesta ocasión, que cremos que a Xunta non está preparada para asumir estes



cambios; cremos que os pillou o touro, como noutras moitas áreas, e nós pedimos, como fixeron outras comunidades autónomas con competencias transferidas —e poño o exemplo de Navarra—, que constituían vostedes un grupo de traballo, no que estea a Dirección Xeral de Xustiza, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o fiscal xefe de Galicia, así como os sindicatos máis representativos, para que traballen en como levar a cabo de forma conxunta esas modificacións que son pertinentes para adaptar o territorio, o noso territorio, o funcionamento dos nosos xulgados á normativa.

Falaba vostede tamén do Imelga. Os datos do Imelga demostran claramente o que dicíamos nós, que o problema do Imelga era estrutural e que é necesario incrementar a plantilla. Vostedes preferiron externalizalo. Creo que agora mesmo demostra que é necesario o incremento da plantilla de persoal do Imelga.

E falaba vostede do Dicireg, máis de 7 millóns de euros de investimento do Goberno de Pedro Sánchez para dixitalizar os rexistros civís.

A ampliación dos xulgados. Eu estou de acordo en que é necesario amplialo, agora xa non serán unidades xudiciais senón seccións dentro dos tribunais de instancia, pero para iso teñen vostedes que respaldar os orzamentos do Goberno de España, para que se poida prever esa ampliación desas seccións.

E falaba vostede da Administración local —vou ter que ir moi rápido para que me dea tempo—. Decía que o problema é o modelo. Nós compartimos que o problema é o modelo de financiamento local, tanto do financiamento local como do financiamento autonómico, e atender a principios como a singularidade, a dispersión, a despoboación e o envellecemento, pero vostede fala coa boca moi grande cando se trata do modelo de financiamento autonómico, pero o financiamento local esquece que tamén é necesario, porque neste momento os concellos están infrafinanciados, cun marco legislativo desfasado e con moitas competencias impropias asumidas.

Falaba desas necesidades de modificar tanto o financiamento como delimitar as competencias e tamén eses grupos de traballo que se estaban a crear, pero vostedes non mostraron moito interese. No ano 2024 unicamente se fixeron dúas xuntanzas deses grupos de traballo e levan durante todo 2025 —e iso que tiveron o compromiso de cada dous meses xuntarse— sen ter ningunha xuntanza coa Fegamp para tratar estes temas, uns temas necesarios.

E tamén en relación coa Lei da Administración local, porque a Fegamp remitiu varios correos solicitándolle unha xuntanza no tocante ao texto do borrador desta lei e non recibiu resposta por parte da Xunta. Polo tanto, iso non denota moito interese.

En relación cos GES, é necesario mellorar a situación dos GES; é un grupo de emerxencias, ou sexa, que non deriven as competencias no eido local ou no eido das deputacións provinciais...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vaia rematando, señora Castro.



A señora CASTRO REY: ...porque é insostible o nivel de inseguridade laboral, a falla de profesionalización e os salarios, que rozan o salario mínimo interprofesional, e algunha sede é insalubre.

Mire, voulle poñer un exemplo antes de rematar. Vostedes venderon ou saíron na prensa entregando un camión de emerxencias no ano 2021 ao GES da Lama e un vehículo bomba, bomba urbana lixeira, no ano 2022 ao GES de Moraña, e son GES que aínda non están constituídos. ¿Como se explica isto? Ou sexa, reciben material algúns GES...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Castro.

A señora CASTRO REY: ...que nin sequera existen aínda. E estanos a utilizar algúns concellos, por exemplo o da Lama, para limpeza e desinfección por parte dos operarios municipais. Isto non ten ningún sentido.

Logo falareille dos outros temas que tocou vostede na súa intervención e sobre os que non tiveron tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

As miñas primeiras palabras quería referilas a un tema que vostede case non tratou, a unha competencia, que é das relacións exteriores e coa Unión Europea, cooperación para o desenvolvemento. E, unha vez que xa está aprobado o plan director, unha vez que xa está aprobado o plan anual que establece once países preferentes para esta cooperación e dous territorios, entre os que están os que son o Sáhara e Palestina, a min, no nome do meu grupo, e non só por razóns de solidariedade e non só por razóns de humanidade, senón case por dignidade xeracional, gustaríame pedirlle que na convocatoria deste ano centrarse os proxectos en Palestina. É dicir, creo que pasaremos a historia esta xeración pola que presenciou en directo un xenocidio e non fixo absolutamente nada. (*Aplausos.*) Cando menos, para compensar iso, dende Galiza, dende a Xunta, dende a Xunta de Galiza teñamos unha deferencia nesa cooperación e para o desenvolvemento, que eu entendo que, dada a amplitude desmesurada desta consellería, nin sequera tivera ben tocar.

En todo caso, o primeiro, unha vez máis, como fixemos co seu antecesor e como fixo na comparecencia anterior a miña compañeira Iria Carreira, reiterarlle a nosa disposición ao diálogo e acordo, diálogo o acordo que entendemos que é necesario, porque esta área ten uns importantes retos e a distribución desta consellería é absolutamente disparatada.



Xa me teñen escoitado, e vostede fala de que foi hai moito tempo, vostede en 2007 reclamaba unha consellería específica só para Xustiza. Eu, como no 2007, creo que ao mellor iso era exaxerado; naquel momento era coa Administración local e Interior, pero, en todo caso, esta distribución de competencias, onde están emerxencias, interior, Administración local, transportes, deportes, relacións parlamentarias institucionais, é absolutamente desproporcionado, e fai que o conselleiro en moitos casos non estea enterado, pero non —entendo eu— nin sequera por falta de capacidade, senón porque é imposible. Esta estrutura da Xunta de Galiza non permite unha xestión eficaz e eficiente das competencias que ten atribuídas.

E empezo —e así o tiña previsto— por unha área á que vostede nin sequera fixo referencia, unha área que é a Dirección Xeral de Relacións Institucionais Parlamentarias, unha área cuxa primeira función, segundo o decreto de estrutura da consellería, é facilitar o control parlamentario sobre o Goberno, e resulta evidente que é unha función democraticamente relevante que non se está a cumprir en absoluto. O Goberno está anulando a función de ver este Parlamento, de controlar a acción de Goberno.

O Goberno non facilita a documentación que, vía artigo 9, lle piden estes grupos parlamentarios. Por exemplo, en relación coa contratación da Xunta de Galiza con empresas afíns a deputados e altos cargos do Partido Popular, levamos meses, e nalgún caso anos, esperando que remitan esa documentación, e nin está nin parece que non lle importa que non se estea cumprindo ese deber e esa responsabilidade da Xunta de Galiza. A Xunta de Galiza non resposta as preguntas que se lle formulan nin permite o exercicio doutros dereitos parlamentarios que consideramos que son o noso dereito e que tamén son o noso deber. É unha área importante á que vostede, dentro desa extraordinaria amplitude, nin sequera tivo a ben facer referencia.

Nos case tres anos que leva vostede como conselleiro seguindo dentro desta área, vostede igualou o récord do seu predecesor, un récord que era complicado de igualar. Non conseguíu ningunha transferencia nova e semella que agora existe vontade, e vostede así o expuxo, e aínda que hai apenas unha hora votaran en contra de solicitar unha transferencia, de tramitar unha competencia, vostede expuxo aquí a vontade de ampliar o autogoberno en tres áreas. Agardamos que sexan manifestacións sinceras e que non fiquen só hoxe, senón que teñan continuidade.

Mais, en todo caso, dende o Bloque Nacionalista Galego, no convencemento de que o incremento do autogoberno, o incremento da capacidade de decisión é bo para a cidadanía de Galiza, é bo para o benestar dos galegos e das galegas, animamos, simplemente, a que retome as reclamacións competenciais que xa fixera o Goberno bipartito en 2007, que solicite, entre outras cousas, a xestión do tráfico e seguridade viaria —aí parece que o imos ter complicado—, a inspección de traballo, portos, aeroportos, ferrocarrís, salvamento marítimo, emigración e inmigración, institucións penitenciarias, planta e demarcación xudicial, etc., etc., simplemente que retomen os traballos feitos. Na consellería constarán os traballos que xa estaban feitos e debidamente informados en 2007.

E se cumpre rectificar en materia de autogoberno e en materia de relacións institucionais, a rectificación non debe ser menor en materia de Xustiza. Diciamos o pasado mércores en co-



misión que o BNG, e non só o BNG, estamos preocupadas, moi preocupadas, pola pasividade da Xunta de Galiza ante a entrada en vigor en menos de sete días, o 3 de abril, dunha norma que modifica dun xeito importante a Administración de xustiza e introduce novos e importantes cambios nos procesos.

Dende que vostede é conselleiro, o número de asuntos pendentes penso que é o maior que houbo na historia, e iso que en 2018, pola folga de catro meses e polos conflitos que houbo, que paralizaron ou ralentizaron o funcionamento da Administración de Xustiza, mais penso que nunca houbo case 220.000 asuntos en tramitación nos xulgados de Galiza, un 30 por cento máis que en 2022, cando vostede asumiu esta responsabilidade.

E cando lle falaba na comparecencia hai dous anos a miña compañeira Iria Carreira da complicada situación dos xulgados de Viveiro, Carballo, Vilagarcía ou Ribeira, tamén podíamos falar dos xulgados de familia de Santiago ou de Ourense, algo que podemos repetir no día de hoxe, algo que podemos dicir exactamente igual que poderíamos dicir no 2022, ou peor. O que podemos dicir é que, se non colapsan, se estas unidades xudiciais non colapsaron, foi grazas ao compromiso das traballadoras que están destinadas nos mesmos. E nin daquela nin hoxe temos a confianza de que vaian incrementar os cadros de persoal destas unidades xudiciais, nin tampouco que vaian aumentar o número de prazas xudiciais nestes espazos. Pero non só en Viveiro, non só en Vilagarcía, Carballo ou Ribeira, tampouco agardamos que vaian crear unha sección de violencia sobre a muller nos tribunais de instancia de Ourense, de Lugo, de Pontevedra ou de Ferrol.

E penso que a motivación é a mesma, que non van aceptar a quita da débeda do Goberno do Estado, porque son obxectivos, porque son negociacións a que chegou cun acordo o Bloque Nacionalista Galego, e por iso vostedes nunca, nunca, pediron unha unidade xudicial, nin agora unha sección dun tribunal de instancia, para Ourense, para Lugo, para Pontevedra ou para Ferrol.

Por certo, tamén me gustaría que fixera unha petición. Cando vostedes falan dun xulgado, dunha sección dun tribunal de instancia para Compostela, ¿pénsano estender para Ribeira? ¿Non só Muros e Padrón, senón que tamén van estender ou pretenden estender ese tribunal de instancia ata Negreira? Xa lles anticipo, como anticipamos o outro día en comisión, a frontal oposición a esa anormalidade do Bloque Nacionalista Galego.

Pero, claro, podíamos dicir: ¿como poden anticipar que non se van crear esas unidades xudiciais? Porque, mire, señor conselleiro, de acordo cos orzamentos aprobados, non dotan de persoal esas eventuais unidades xudiciais; de acordo cos orzamentos que vostedes aprobaron, como moito, como moito, como moito, como moito, tendo moi boa fe, podían crear dúas unidades xudiciais; dúas unidades xudiciais, por certo, sen persoal de auxilio.

Da quenda de oficio, nin sequera ten a ben recoñecerlle o dereito á folga, nin sequera ten a ben recibir as persoas, as profesionais que están en folga.

Vostede anuncia a inminente presentación dunha nova Lei de Administración local, o mesmo que xa fixo hai dous anos e medio, hai dous anos e medio, exactamente igual coa Rede Lo-



calis: vostede anunciaba unha nova Lei de Administración local. Nós o que agardamos é que sexa efectiva, que sexa real, que sexa participativa, que reconfigure as demarcacións administrativas de Galiza e que as adapte á realidade galega, non á realidade estatal de 1833, senón á realidade galega e, sobre todo, que mellore o financiamento.

Efectivamente, hai que negociar co Estado unha mellora do financiamento e na participación dos concellos nos ingresos do Estado, mais non é razoable que o fondo base de Cooperación Local, o fondo que si garante a suficiencia e a autonomía dos concellos, permaneza inalterado, en números constantes, dende 2010; se aplicamos o IPC, está 30 millóns por baixo do que se dotaba en 2009.

E, en todo caso, vostede non fixo referencia, probablemente por razón da extensión da súa área, mais si que agardaría unha precisión: ¿como está iso da delimitación competencial? É dicir, que é unha obriga do Pacto local de 2006, que xa se constituíran grupos de traballo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que tiñan que reunirse en outubro de 2024, mais non se volve saber de algo moi importante, algo moi importante, porque os concellos están aguantando o SAF.

E vostede fala, por exemplo, do socorrismo, que xa lle explicamos á directora xeral...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que o Tribunal Supremo establece que en concellos de menos de vinte mil habitantes non é obriga. Por tanto, os concellos seguen sen poder e sen ter capacidade económica, soportando moitas competencias que son impropias e sobre as que a Xunta de Galiza ten que pronunciarse.

Nada máis. Isto é unha manifestación máis de que esta é unha consellería tan ampla e tan irracional que nin sequera dá tempo a poder pronunciarse sobre todos os aspectos que se debería.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, en nome do Grupo Popular, grazas, señor conselleiro, por comparecer ante esta Cámara para expoñer a folla de ruta que está a seguir o seu departamento, explicar



os pasos que o Goberno galego está a dar no obxectivo de acadar unha Galicia máis deportiva, máis xusta, máis segura e mellor conectada, unha Galicia entendida dende a particularidade de cada un dos seus 313 concellos e unha Galicia cuxa voz sexa oída e respectada máis alá das nosas fronteiras. *(Aplausos.)*

Trátase, señor conselleiro, duns obxectivos que derivan —como non podía ser doutro xeito— das necesidades e das demandas dos galegos, pero tamén son o resultado do compromiso que hai máis dun ano adquirimos con eles. Pedímoslles a confianza, co aval do feito, cun programa de futuro e comprometéndonos a cumprir a palabra dada.

E hoxe, logo de escoitar a súa intervención, señor conselleiro, pois podemos reafirmar con orgullo que cumprimos, que Galicia cumpre, porque no noso programa electoral comprometíámonos a loitar contra a violencia e a intolerancia no deporte, e cumprimos. Comprometiámonos a mellorar a conectividade entre as cidades galegas, e cumprimos. Comprometiámonos a traballar por unha xustiza áxil, resolutiva e próxima á cidadanía, e cumprimos. Comprometiámonos a seguir garantindo a suficiencia financeira dos nosos concellos, a través dun novo marco normativo, e cumprimos. Comprometiámonos a defender a dignidade de Galicia, afondando no noso autogoberno, e cumprimos. Comprometiámonos a mellorar a seguridade e a atención ás emerxencias, e cumprimos. E, por último, pero non por iso menos importante, comprometíámonos a converter as prioridades galegas en prioridades europeas, e cumprimos.

Porque, como dicía, Galicia cumpre, e co presidente Alfonso Rueda á fronte, pésele a quen lle pese, Galicia goberna. *(Aplausos.)* E é unha mágoa que todo isto se produza sen poder contar cunha oposición construtiva e disposta a contribuír aos éxitos da nosa terra; todo o contrario. Dicía o voceiro do BNG que ofrecía diálogo e acordo. Pois eu, a verdade, é que, entre construír ou destruír, a esquerda sempre está instalada na crítica permanente e na negación inxustificada da realidade. Do mesmo xeito que entre contribuír a mellorar Galicia ou boicotear as súas oportunidades de éxito, a esquerda sempre está instalada no «non»; mais tamén nas ameazas, no alboroto, nas manifestacións e no ruído, aínda que iso supoña lastrar o futuro das galegas e dos galegos. Son negacionistas do futuro, negacionistas do emprego, negacionistas da industria, a través —¡como non!— da corrupción do pensamento colectivo. Queren someter a sociedade a un proceso de conflictividade social irreal, co fin de impoñer a súa ideoloxía. E iso, señorías do BNG, é corrupción do pensamento político. *(Aplausos.)*

Estamos ante un independentismo que presume moito de poñer liñas vermellas, pero en realidade é incapaz de situar os intereses dos galegos por diante dos seus propios intereses partidistas e ideolóxicos, ou, o que é o mesmo, situar aos intereses dos galegos por diante dos intereses de Pedro Sánchez. Só así se entende a hipocrísia do BNG e do Partido Socialista cando reclaman aquí melloras no transporte público pero calan ante o Ministerio de Transportes cando pretende deixar incomunicados a máis de 130.000 galegos, eliminando paradas das liñas de autobuses estatais en 22 concellos do rural galego. *(Aplausos.)*

Señor Ojea, vostede tiña dez minutos, adicou un minuto a queixarse de que non tiña tempo e logo só investiu sete minutos na súa intervención; realmente deixou tres sen utilizar; a verdade é que lle sobra o tempo, ¿non?, e todo para vir falar aquí do pavillón dos Remedios, que é



unha instalación —que eu saiba— municipal, señor Ojea. Vostede pide agora pois que se arregle a cuberta, pero mire, no ano 2020 houbo unha reforma integral —que levou a cabo, por certo, a Xunta de Galicia, e investiu 2 millóns de euros—, vostede ben sabe que para mellorar a accesibilidade e poñer un ascensor, ampliar unha planta de 500 metros para un ximnasio, e todo iso fíxoo a Xunta de Galicia, señor Ojea. Mire, dediquen investimentos municipais a infraestruturas municipais; menos samba e máis traballar, señor Ojea. *(Aplausos.)*

Señora Castro, efectivamente vostedes de padriño saben moito, saben moito de padriños e de apadriñar persoas e, sobre todo, mulleres, os ministros que teñen no Goberno de España.

E vén vostede aquí reclamar un mellor financiamento para os concellos, alegando que están case afogados. Pero mire, calan cando o Goberno central, o Goberno de Pedro Sánchez, ao que vostedes están sempre rendendo pleitesía, os mergulla aínda máis na auga con novas competencias e cargas económicas, dende a xestión das colonias felinas, derivada da Lei estatal de benestar animal, ata a retirada do amianto, ou o taxazo do lixo, derivado da Lei estatal de residuos. Falen cos seus alcaldes, pregúntenlles canto lles supón iso economicamente; pregúntenlles os señores do BNG aos seus alcaldes canto lles supón iso economicamente. E todo mentres o Goberno de España, iso si, impide aos concellos empregar os seus remanentes orzamentarios e lles nega a opción de expresar as súas demandas na Comisión Nacional da Administración Local, que leva, señores da oposición, dous anos sen convocarse.

Fálenlles aos seus alcaldes do anuncio que fixo onte o Ministerio de Facenda, que lles impide destinar os remanentes a investimentos sostibles e obrígaos a destinalos única e exclusivamente á débeda dos concellos. Pregúntenlles aos seus alcaldes se están de acordo ou non. Miren, o presidente da Fegamp xa votou a favor dunha iniciativa do Partido Popular para poder utilizar os remanentes nas cousas que precisan os concellos, nos investimentos.

Pero ¿saben que? Que a vostedes en Madrid lles fan cero caso. Pero, iso si, cando vén Pedro Sánchez aquí a Galicia, vostedes réndenlle pleitesía, iso si; dá igual o maltrato a Galicia, vostedes réndenlle pleitesía, e o Bloque Nacionalista Galego pois exactamente igual. *(Aplausos.)*

Reclaman aquí máis autogoberno, pero calan cando o Estado boicotea a asunción de novas competencias ou escúdanse nesas competencias para agochar as súas propias e verdadeiras intencións. Falo de como o PSOE boicotea semana tras semana no Congreso a tramitación da Lei sobre a transferencia da AP-9. Miren, nesta semana suma a prórroga número 40 dende a chegada de Pedro Sánchez á Moncloa.

E di o señor Tabarés, señor conselleiro, que non se conseguiu ningunha transferencia, ningunha competencia. Ben, eu creo que a transferencia da xestión do litoral se conseguiu recentemente. Eu non sei en que país vive o señor Tabarés, salvo que teña información privilexiada do Goberno, porque o Goberno está impedindo a transferencia real dos medios precisos para xestionar o litoral; igual é iso e por iso non a computa como unha transferencia baixo este goberno.

E falo tamén como ao BNG só lle interesan as alertas meteorolóxicas para usalas en contra dos gobernos do Partido Popular, e só lle interesan as competencias de seguridade para botar



a Garda Civil e a Policía Nacional de Galicia. Por certo, hoxe mesmo consúmase a expulsión da Garda Civil de Navarra, que se iniciou tamén con esa transferencia de tráfico que pretende o Bloque Nacionalista Galego. E, claro, di agora o señor Tabarés que o ve complicado. Mire, señor Tabarés, complicado non. Mentres governe o Partido Popular en Galicia, vai ser imposible. *(Aplausos.)* A Garda Civil e a Policía Nacional quedarán en Galicia. Ese soño, ese soño que vostedes comparten con Bildu, a Bildu saíulle ben en Navarra, porque humillou a Pedro Sánchez, pero aquí en Galicia, mentres governe o Partido Popular, complicado non, señor Tabarés, imposible.

E o peor de todo é que, con todo isto ás súas costas, aínda teñen o valor de vir aquí sacar peito e atrevese a dar leccións coas súas soflamas. Pero, mire, non imos aceptar leccións, señor Tabarés, de quen presume de feminismo e despois apoia a Lei de eficiencia na Xustiza, á que facía referencia o conselleiro, unha lei que non só desbota calquera posibilidade de crear novos xulgados específicos de violencia de xénero, eses a cambio dos que vostedes lle deron o poder a Pedro Sánchez. Mire, esa lei que vostedes apoiaron en Madrid só implicará unha sobrecarga dos actuais xulgados de violencia sobre a muller. Bote as mans á cabeza. Mire, iso xa llo expliquei na comisión da semana pasada, e vostede negaba que non ía sufrir un incremento. Lea o comunicado que sacou onte o Consello Xeral do Poder Xudicial, no que —se o leu, sabe perfectamente os datos que lle vou dar agora mesmo— advirte de que o incremento de expedientes será o 12 por cento en España. ¿E sabe canto vai ser o incremento para Galicia? O... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, pero diso vostede non fala, diso vostede non fala— 18,3 por cento. Galicia vaise poñer no cuarto lugar de comunidades autónomas bloqueadas pola xustiza desa lei supostamente de eficiencia xudicial. *(Aplausos.)*

Señor Tabarés, vostedes iniciaron un colapso total dos xulgados.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, remato xa.

Un paso atrás na loita contra a violencia de xénero. Non foi o primeiro. O primeiro foi a Lei do só si é si, esa que puxo na rúa milleiros de agresores sexuais; iso vai no seu haber, señores do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle paso ao señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, dámoslles a benvinda aos veciños de Mondoñedo.

Sen límite de tempo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.



Ben, pois tentarei ir respostando a todas as cousas que foron suscitando os diferentes portavoces, se podo e son capaz.

Dicía o señor Ojea que se centrou máis que nada nas instalacións deportivas, e a principal queixa do señor Ojea é que Ourense non estaba presente nesas cifras, nin a provincia nin a cidade. Pois non é certo, señor Ojea.

Primeiro, dicirlle que case todas as infraestruturas, por non dicir todas, das que vostede falaba aquí son infraestruturas municipais, nas que loxicamente a Xunta de Galicia pode colaborar, pero son infraestruturas municipais. Vostede chegou a dicir que respecto do Couto, que é unha instalación da Xunta de Galicia, das poucas que temos nunha cidade —só hai dous campos de fútbol nas sete grandes cidades, que son o de Lugo, o Anxo Carro, do que acabamos de licitar a súa reforma e xa firmamos a cesión ao propio club, e o de Ourense, onde xogan dous clubs—, pois despois da súa intervención máis nos valía ter aforrado o investimento, polo que dá a entender vostede, porque quedou todo fatal. Pois eu dígolle que non é tal, e sobre todo no céspede, que é a principal preocupación e está licitado un novo contrato para o mantemento, porque é certo que xogan dous clubs e hai un desgaste importante.

Pero mire, dicía que era o peor das sete grandes cidades, pero gustaríame que entendera. En Ferrol o campo é municipal; na Coruña o campo é municipal; en Pontevedra o campo é municipal; en Vigo o campo é municipal; en Lugo é da Xunta, e acabamos de licitar unha reforma que estaba pendente e trasladámoslle a súa xestión ao club; e en Ourense a Xunta fixo un investimento, pero dende logo estamos dispostos a falar co concello para que teña un campo municipal e poida atender ese campo municipal. Non teña ningunha dúbida, e dende logo fago ese acercamento. (*Aplausos.*)

Nos últimos anos, señor Ojea, para que o saiba, investimos bastante: 3 millóns no Couto; 2,2 millóns nos Remedios, que é un campo, unha instalación municipal, pero investimos 2,2 millóns de euros; e en Expourense, unha pista de atletismo onde sabe vostede que se dan cita as seleccións galegas, campionatos nacionais e incluso a selección española de diferentes categorías veñen facer os seus *staffs* á pista de Ourense, que é unha referencia en toda España, tamén investimos 4,4 millóns. E estes son investimentos só na cidade de Ourense durante os últimos anos. Polo tanto, non é xusto que vostede veña aquí e diga que non se leva investido nada en Ourense, non é así. Probablemente sexa das cidades onde máis investimos en materia deportiva, máis de 18 millóns nos últimos anos.

Falaba vostede, ademais, da provincia de Ourense. Mire, o ano pasado levamos a cabo investimentos en todos estes concellos: en Allariz, Arnoia, Bande, Baños de Molgas, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Coles, Cualedro, Laza, Maceda, Monterrei, Muíños, Oímbra, Pereiro, A Peroxa, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao, Taboadela, Verea, Viana do Bolo e Vilamarín; todo en instalacións deportivas, só o ano pasado. De feito, foi a provincia máis beneficiada en canto ao número de actuacións en materia deportiva de toda Galicia. Polo tanto, a crítica que vostede fai non é certa.

Na Coruña actuamos en 20 concellos, en Ourense en 25, en Lugo en 16 e en Pontevedra en 16, e en Vigo, que é outra delegación, 2; un total de 1.300.000 euros investidos nesas insta-



lacións que lle dicía. Espero que con isto lle puidera dar argumentos e dende logo cambie a súa opinión ao respecto.

Con respecto á voceira do Partido Socialista, dicíame vostede se non teño nada que dicir acerca da Federación. Pero imos ver, acabo de ver un teletipo do señor Besteiro, igual non entenderon nada. As candidaturas para o Mundial, señora Castro, presentáronas os concellos. Á Xunta de Galicia dirixíronse en distintos momentos para saber se iamos colaborar, e dixémoslles que si, coas dúas: coa Coruña e con Vigo. Son eles os responsables de presentar a candidatura e cubrir todos os formularios, os proxectos que foron necesarios. A Xunta de Galicia non participou en nada diso, nin dunha maneira nin doutra. É o propio alcalde de Vigo o que en moitas ocasións ten dito que el se ía encargar de conseguir moitas cousas. De feito, antes incluso de que foran seleccionadas as categorías, o novo presidente do Consello Superior de Deportes, en outubro, xa dicía que en Galicia ía haber unha candidatura, non sei a cal se refería, ou non sei por que o presidente do Consello Superior de Deportes ten información acerca de que vai haber unha candidatura, cando aínda a Federación non fixera o seu traballo; ou, unha vez feita, por que vén o señor Uribe a Vigo, xunto ao alcalde, e xa lle di que se vai encargar de que isto se solucione. Pois a min paréceme moi ben que se encargue de que se solucione.

En todo caso, a candidatura seleccionada foi a do concello da Coruña, que goberna o Partido Socialista. Pregúntelle á señora Inés Rei que fixeron eles e que non fixeron outros. Eu non o sei, porque non presentamos a candidatura e non tivemos acceso á totalidade do expediente que presentaron cada unha das cidades. Pero se o Partido Socialista quere pedir explicacións, que llo pida a quen llo teña que pedir. Nós, cando vimos a noticia do pasado luns, claro que dixemos que a Federación terá que explicar como foi a designación. Igual que o dixemos cando o alcalde de Vigo nos reclamaba que lle pediramos á Federación hai varias semanas explicacións, e así o fixemos. E fixémoslo por carta, ao alcalde e á Federación. Pero dende logo non somos responsables de nada diso. En todo caso, pregúntenlle á alcaldesa da Coruña.

Nós dende logo xa amosamos a nosa predisposición a apoiar as candidaturas, se non recordo mal, dende outubro —creo recordar—, finais do ano 2022, e a partir de aí, señora Castro, nós non tivemos nada que ver, nada que ver. Loxicamente as explicacións haberá que pedilas, pero non é a esta administración. Estea vostede completamente segura. *(Aplausos.)*

E di vostede que lle preocupa o sedentarismo da sociedade galega e que nós non facemos nada. Non é certo. Puxemos en marcha a receita deportiva, que é algo innovador, que non se fai noutros territorios, en colaboración coa Consellería de Sanidade, para que nos propios centros de saúde de moitos concellos, que voluntariamente se están prestando a iniciar —e empezamos co concello de Abegondo e de Arteixo, creo recordar—, de modo piloto, os propios facultativos poidan recetar actividade física para determinadas patoloxías ou determinadas necesidades do paciente.

En todos os ámbitos estamos actuando. Estamos traballando co Clúster do Deporte, de maneira consensuada; temos un proxecto, do que espero que teremos noticias ao longo do ano, para tentar conseguir ese obxectivo que o Clúster do Deporte puxo enriba da mesa hai tempo, que era que dous millóns de galegos sexan considerados deportistas. Deportistas non quere



dicir que participen nun equipo e que vaian a competicións, significa que existan dous millóns de galegos que fan algún tipo de actividade física; pode ser de mantemento, pode ser loxicamente de alta competición, pero aí estamos traballando co Clúster do Deporte e imos querer seguir traballando.

Pero fíxese: comezamos polos máis pequenos, porque creo que —cremos, porque estou seguro de que o compartirá— cando a un rapaz pequeno se lle fai coller gusto á práctica deportiva é moito máis probable, non é seguro pero é moito máis probable que a medida que vai medrando siga afeccionado ao mundo do deporte. E no día de hoxe temos que o 60 por cento dos rapaces que están entre os 6 e os 16 anos practican algún deporte. ¿Non cre que iso é importante? Pois non deixa de aumentar esa cifra, e queremos seguir aumentándoa. Gustaríanos que o cen por cento dos rapaces dos colexios practicasen deporte. Xa imos polo 60 por cento, e estamos seguros de que imos poder conseguir incrementar esa porcentaxe. Dende logo estamos traballando e imos por bo camiño.

E ese é un camiño que tamén leva esforzo financeiro. Díciolle que, para que non teñan que pagalo as familias, o seguro para a práctica deportiva o paga a Xunta de Galicia. Somos a única comunidade autónoma en toda España que pagamos o seguro, e son 3 millóns de euros. Se fixeramos como as outras comunidades autónomas, pois tiñamos 3 millóns de euros para atender a outras necesidades, pero cremos que hai que facer fronte a ese seguro e intentar que os rapaces cada vez practiquen máis deporte.

Dicía vostede do Bono Deporte. Nós explicamos o Bono Deporte no seu momento. Dixemos que había unha situación, unha conxuntura onde o IPC se tiña incrementado moito e o custo de vida das familias estaba nun momento complicado, e neses momentos, neses momentos, establecéronse determinadas axudas para as familias. E por primeira vez, señora Castro, por primeira vez, fomos quen de situar o deporte como unha das necesidades prioritarias tamén das familias. Non queríamos que as familias tomaran a decisión de que, nunha situación de menos recursos ou nunha situación de incremento do custo da vida, o primeiro que caera fose a práctica deportiva dos seus rapaces.

Non sei se é axeitado ou non, pero dende logo nós cremos que fixemos ben. E demos un Bono Deporte para aqueles rapaces de ata 16 anos que practicasen unha actividade federada, para ter un centro control, e poder axudalos neses custos e que a familia non tomara a decisión de sacar os nenos e nenas da práctica deportiva. Ese era o obxectivo do Bono Deporte.

E claro que falamos dun Bono Actívate, cun obxectivo de lexislatura. Imos nun ano, señora Castro. Espero que durante toda a lexislatura sexamos capaces de cumprir o cen por cento do programa, que é o que normalmente facemos.

Dicía vostede da presenza da muller no deporte. Non sei cal é a crítica, ou, como dicía o outro, de que se nos acusa, porque en Galicia unha de cada tres licenzas corresponde a unha muller, pero é que en España é unha de cada catro. ¡Home!, imos por diante de España. ¿Que podíamos ir mellor e sacarlle máis vantaxe á media de España? Indubidablemente. Pero fíxese: no deporte de alta competición, nos deportistas galegos de alto nivel, nos de DAN, o 41 por cento, xa non é unha de cada tres, catro de cada dez son mulleres.



O incremento nos deportistas de alto nivel dende o ano 2011 é —escoite, ¡eh!— do 549 por cento, dende o ano 2011, 549 por cento. (*Aplausos.*) ¿Pode ser mellor? Efectivamente, pode ser mellor, pero, ¡home!, non me diga que está mal; polo menos podería recoñecelo: ¡oia!, estano facendo relativamente ben, a ver se poden mellorar. Pois pode ser, pero creo que son cifras das que todos nos temos que sentir orgullosos.

E falaba vostede tamén das infraestruturas, e falaba de Pontevedra. ¡Carai!, é que Pontevedra probablemente sexa unha das cidades que menos infraestruturas deportivas municipais ten. ¿Por que? Porque en certa medida se vale das infraestruturas deportivas que ten a Xunta de Galicia, e os clubs da cidade están a utilizar as infraestruturas do CGTD, cando tiñamos que ter máis dispoñibilidade desas infraestruturas, loxicamente, para os deportistas de elite, e sen descoidar os deportes de base, que teñen que ser atendidos polo concello.

Así que vostede, que coido ademais e sei que é preocupada polo deporte, e ten algo de incidencia ou de preponderancia no Concello de Pontevedra, ben, coido que o señor Iván podía pedir que fixeran máis infraestruturas deportivas municipais. Nós imos facer a nosa parte, e imos situar en Pontevedra, porque o que queremos é ampliar o CGTD. Non podemos facer máis. Falaban do adestrador que imos recoñecer mañá en Ourense, o adestrador de Melania. Claro, é que Melania ten un problema para facer os saltos en *super tramp* alí, porque a altura do pavillón non pode ser máis alta, e necesitaba paréceme que eran 13 ou 14 metros e só están 11. Pero loxicamente nós imos solucionar todo ese tipo de cousas.

Pero o deporte de base de Pontevedra, que está a utilizar as nosas instalacións, tamén nos limita, e está a utilizar as nosas instalacións porque o concello non as ten propias. Vostedes gobernan en Pontevedra, ¡eh!, ou cogobernan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, non gobernan. Pois cogobernan e aproban os orzamentos, ou cogobernaron durante... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Foron outros, son outros. Ou cogobernaron nalgún momento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Oia!, non estaría mal que de vez en canto miraran para quen ten a responsabilidade.

Falaba vostede en Xustiza de que esta lei é dos maiores logros. Ben, xa o veremos. Eu o que botei en falta durante toda a súa exposición é que non lle adicou nin medio minuto, ¿medio minuto?, nin cinco segundos a falar do financiamento da lei. ¿Vostede está de acordo con que todos estes cambios normativos que fai o ministerio, que supoño que virá coa mellor intención que pode traer —digo eu, iso non o poño en dúbida, outra cousa é o efecto práctico—, non cre que deberían de vir acompañados por máis..., ¡por máis!, por algunha dotación económica para facer fronte? ¿Non o cre? Pois eu creo que si. Non obstante, vostede non di absolutamente nada.

E fala do problema do persoal da Administración autonómica e di que Galicia, xunto con Andalucía, é a única que non ten aprobado un complemento específico. ¡Home!, vostede sabe, igual ca min, que nestes momentos se está a negociar, pero tamén podía dicir que Galicia é a única comunidade de toda España que ten aprobada a carreira profesional en Xustiza e que iso fai que os emolumentos finais dos funcionarios de Xustiza estean por enriba da media de España. Iso tamén lle agradecería que o dixese. Non obstante, vostede céntrase en que é



a única que non o ten. Si, pero temos a carreira profesional, que ningunha outra comunidade a ten, señora Castro, e agradeceríalle que o dixera.

E fala vostede da mediación. Nós temos tamén bastantes accións en mediación, pero —repto— ese novo cambio lexislativo ¿quen o vai pagar, señora Castro?, ¿quen o vai pagar? Porque despois falamos dos concellos, ¿non?, pero ¿quen vai pagar todo isto? Non vén nunca acompañado de ningunha aportación de financiamento por parte do ministerio, e vostedes tampouco din absolutamente nada.

E dinos que a Xunta non está preparada, e a súa proposta é que fagamos unha comisión onde estean os xuíces, os fiscais... Pero non me atendeu cando o dixen, porque eu xa falei diso. Este asunto e a aplicación foi tratado na Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén na Comisión coa Fiscalía, co fiscal superior e os fiscais de cada provincia. E creamos —díxeno e, se non o dixen, vamos, tíña escrito, case seguro que o dixen— sub-comisións, cos xuíces por un lado, vendo cales eran os problemas que ía traer a aplicación da lei e que solucións podíamos poñer enriba da mesa, e tamén cos fiscais. E estamos mantendo reunións con todas as organizacións representantes dos letrados da Administración de xustiza, tamén para ver que problemas están eles a ver ou que problemas poden xurdir e como afrontalos, pero iso xa o estamos facendo.

Non sei, probablemente non fagamos moito ruído, pero porque nos adicamos a solucionar os problemas, señora Castro. Sentámonos e traballamos e estamos a solucionar os problemas, pero non agora, esta semana nin este mes; isto empezámolo a traballar xa antes incluso de que fora aprobada a lei, xa estabamos prevendo que problemas podíamos ter se esa lei finalmente saía adiante.

Falaba vostede do Imelga e do Dicireg. Claro, iso é unha competencia do Estado, só faltaría que non investiran os 7 millóns, é unha competencia o Estado. A única diferenza con outras comunidades autónomas é que Galicia colaborou de xeito excepcional, e por iso o propio ministerio pon como exemplo Galicia diante doutras comunidades, porque aquí vai estar implantado antes de que en moitas outras comunidades. É un recoñecemento que fai o ministerio, e nós agradecemosllo, sinceramente. Supoño que estará de acordo.

E di vostede, solta así como que non hai novas unidades xudiciais porque o PP non aprobou os orzamentos. ¡Oia!, pero só hai que seguir a prensa a diario. O Goberno está a sacar cada día un gasto distinto para comprar un sector determinado ou para comprar determinados partidos políticos e non ten orzamentos. ¡Claro! Compra determinados partidos políticos, acepta a chantaxe de determinados partidos políticos para salvar calquera real decreto no Congreso. E aí non ten orzamentos, pero non ten problema para seguir traballando. O propio presidente dixo que os orzamentos non eran tan necesarios; é máis, dixo que non era necesario nin ir ao Congreso. Ou sexa, ¿que agora me pon como desculpa que non hai unidades xudiciais novas porque o PP non aproba os orzamentos? Iso, señora Castro, non é propio seu, (*Aplausos.*) non é propio seu, señora Castro.

E termino. Dicía vostede que como está o tema das competencias. Pois no tema das competencias esa comisión sobre as competencias tense reunido varias veces, está pendente de máis reunións e eu espero que haxa avances importantes en próximas datas.



Di vostede tamén que a Fegamp ten pedido en varias ocasións a Lei da Administración. É certo, cando a teñamos finalmente e vaia a exposición pública trasladarémola á Fegamp, non teña ningunha dúbida, faltaría máis, en tempo e forma. Terán tempo para analizala e para facer tamén as aportacións. Espero, desexo que as aportacións da Fegamp sexan en nome da Fegamp, que sexan en nome da Fegamp, non do presidente da Fegamp, que son cousas distintas. Dígoos pola maneira de traballar do último ano e pico, no que o presidente se arroga a representación de toda a asemblea, cando non a ten e cando fai cousas que non consulta co resto da asemblea.

E falaba vostede dos GES. Mire, se hai algo que está claro de competencias e que non admite discusión —ningunha, señora Castro— é que todos os servizos de emerxencia son municipais; á Xunta correspóndelle a súa coordinación. Son municipais e, se non son municipais, son da outra Administración local, que é a deputación. Nós colaboramos dende o principio. Colaboramos cos consorcios, e non tiñamos que facelo; colaboramos cos GES, e non tiñamos que facelo, porque é competencia dos concellos de máis de vinte mil ou das deputacións, señora Castro. E cos GES a única Administración ou, mellor dito, a Administración que fai unha maior aportación é a Xunta de Galicia. As deputacións fan unha aportación menor á da Xunta de Galicia e os concellos, moito máis pequena. Pero é que no material as deputacións non aportan nada, señora Castro, nada. Os concellos pagan o material, traxes e algún outro material, que supón unha cantidade moito menor, pero quen pon todos os vehículos é a Xunta de Galicia. E ¿por que o facemos? Porque, se non, a situación era grave e porque os concellos e as deputacións non cumprían cunhas funcións que son importantes e que poden supoñer un risco moi importante para a poboación. Pero esa comisión para falar das competencias, este é outro dos asuntos que hai que poñer enriba da mesa.

E fálame vostede dos concellos da Caniza e Moraña —paréceme que era— ou A Lama. Efectivamente, foi subministrado un material nun momento determinado cando estaba a piques de constituírse e para ir axilizando, e non os constituíron, e nós xa reclamamos que nos devolvan ese material. Xa o reclamamos varias veces e chegaremos ata o final, pero claro que reclamamos que ese material é necesario para outros GES que xa están constituídos, señora Castro, non teña ningunha dúbida. Reclamámolo varias veces e seguiremos loxicamente coas accións que sexan necesarias.

E paso ao voceiro do Bloque. Decía un voceiro na interpelación anterior: «que deixen paso á democracia, que chega o Bloque». (*Murmurios.*) Ben, pois iso, iso é o que temos.

Empezou vostede falando da cooperación para o desenvolvemento e facendo unha petición de que adicamos o orzamento que temos para proxectos que poidan ter como destino Palestina. Nós non temos ningún problema... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, que priorizáramos os proxectos. Ben, pois, loxicamente, sabe vostede que os proxectos os presentan as ONGD, que son as que levan a cabo os proxectos de desenvolvemento, e nós colaboramos. Moitas veces son proxectos que pasan dun ano, que son plurianuais, e, polo tanto, se as organizacións que están sobre o territorio consideran que este ano deben orientar a súa acción cara a ese territorio, que é un dos que están priorizados por parte da Xunta de Galicia —mire que non hai países no mundo, pois nós temos once priorizados—, nós non temos ningún problema nese sentido, señor Tabarés; pero iso, dende logo, non nos corresponde a nós.



Dicía vostede que viña aquí con ánimos de diálogo. Ben, non creo que sexan exactamente ánimos de diálogo, máis ben nas súas disposicións sempre consideran que o que vostedes propoñen é palabra dun ser superior, que teñen toda a lexitimidade e ademais están no poder absoluto da razón, e cando non sae, resulta que é o PP, que vén coa súa maioría botar polo chan a democracia e o que pensan os cidadáns. Iso é o resumo de todas as súas intervencións, non só na súa de hoxe, senón en xeral dos representantes do seu partido.

Viña dicir que empezou pola Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e que non facilitabamos o artigo 9. Mire, nós levamos contestado no que vai de lexislatura o 76 por cento dos artigos 9, e quedanos algún por contestar. ¿Sabe cantos contestaban vostedes cando vostedes estaban nesta Cámara e gobernaban o Partido Socialista e o Bloque? O 63 por cento. Ben, imos mellorando, imos por enriba do que vostedes facían, e iso que non temos en conta —falamos de porcentaxe— o número absoluto de peticións. É dicir, o que se fai é promover unha escalada sen igual moitas veces de peticións de documentación.

Por certo, noutros parlamentos, como pode ser o Parlamento de Cataluña, sabe vostede que está limitada a petición de información á oposición, a oposición ten un límite de petición de información. Aquí non, aquí a oposición incluso, tendo minoría, pode presentar e pode sacar adiante unha comisión de investigación. Iso en ningún parlamento, en ningún parlamento se facilita iso. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, no catalán si, o catalán é exemplo de moito. (*Risos.*) (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Entón, ¿que quere que lle diga? Levamos no que vai de lexislatura vinte comparecencias — unha por petición do Bloque— e cando vimos comparecer resulta que nos din: «é que fala vostede de demasiados asuntos; entón, é mellor que non veña». (*Murmurios.*) ¿Cal é o resumo de todo isto? Que o caso é criticar —señor Tabarés, de verdade—, nunca se produce un recoñecemento mínimo —xa non digo de que as cousas se fan ben— de nada, e ás veces acúsase de cousas que ademais non é que non sexan certas, é que son mentira, por iso ca-brean moito máis.

Falaba vostede de que os números en Xustiza... ¡Ah!, non. Antes diso falaba de que non existen novas transferencias, recordoullo a señora Prado. ¡Home!, acusáronnos de facer unha declaración de independencia pola última que pedimos. Por certo, vostedes puxéronse moito de perfil, como fan sempre que teñen que discutir algo cos seus socios, porque para vostedes os sillóns nas deputacións e nos concellos valen máis que o interese de Galicia, e cada vez que hai unha decisión que o Partido Socialista fai mal no Goberno ou aquí vostedes prefiren culpar o PP da Xunta antes que dirixirse ao Partido Socialista; non fan absolutamente nada, non vaia ser que se enfade.

Por iso, eu pregunto sempre: ¿canto custan? Ou ¿que ten que pasar para que vostedes de verdade aperten o Partido Socialista?, (*Aplausos.*) ¿que ten que pasar? ¿Que ten que facer Sánchez e aplaudir Besteiro para que vostedes de verdade se planten? Eu non o sei, pero realmente é curioso.

Falaba vostede de Xustiza e dicía que os números están peor que nunca. ¡Home!, vostede debería de facer unha reflexión e ver o que están a conlevar todos os cambios lexislativos;



con todos os cambios lexislativos que se fixeron nos últimos anos, ¿que está a pasar? Claro que esa reflexión é a que lle facía a señora Prado acerca do colapso que están advertindo, incluso a súa alcaldesa de Santiago, nunha moción aprobada por todos os grupos, a instancias tamén da xuíz decano de Santiago, que dixo que «de levarse a cabo tal cal está, isto é un colapso». E eses xulgados de violencia sobre a muller que vostedes prometían, que outro voceiro, creo que fora Ourense, dixera que xa se encargou el de facelo e xa estaba listo, pois non é verdade. ¿Ou era isto ao que se refería? Porque, se é isto, vostede sabe cales son os problemas, pero non é culpa da Xunta de Galicia, ¡eh!, señor Tabarés, non é culpa da Xunta de Galicia.

Di vostede que que imos facer co cadro de persoal e que ao final non se aproban as propostas do Bloque que tiñan coas que chegaron un acordo —¿a un acordo con quen?, ¿a un acordo con quen, señor Tabarés?— e que nós non as pedimos porque foi o Bloque o que chegou a un acordo. ¿Con quen chegaron a un acordo? As novas unidades xudiciais créaas o ministerio, despois dun informe do Consello Xeral do Poder Xudicial. E Galicia é unha das comunidades nas que chegamos a un acordo a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Chegamos a un acordo, unánime, e facemos unha petición de trece, ou dezaseis —creo que foi a última vez—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) doce; pois de doce, se quere —non me lembro exactamente do número—, doce unidades xudiciais, doce. Di vostede: nunca se fan máis de dúas. Non, nos últimos anos estábanse aprobando por parte do ministerio tres. E nós sempre temos todo previsto, o espazo e os funcionarios, para que comece o seu traballo o 2 de xaneiro. ¿Sabe cal é o problema? Que os seus socios levan dous anos sen aprobar ningunha unidade xudicial. E, en vez de reclamarlle ao Partido Socialista que faga ou que cree novas unidades xudiciais en Galicia, ¿que fai? Dille á Xunta que non pon funcionarios. Pero se o problema moitas veces —gran parte das veces— é que necesitamos máis xulgados, señor Tabarés. E vostede sábeo. Pero é máis fácil, de novo, criticar a Xunta de Galicia e non dicirlles nada aos socios, non vaia ser que se enfaden, que é o que fai o Bloque todas e cada unha das veces. Polo tanto, eu, se me di vostede con quen chegou a un acordo, agradeceríallo encantado.

E falaba vostede tamén da Lalga, de que hai dous anos que a anunciamos. Mire, a verdade é que levamos traballando moito tempo. É certo. Ben merece a pena. Eu quérolle agradecer ao grupo de Rede Localis que nos estivo axudando durante todo este tempo. Non foi un traballo única e exclusivamente con este grupo, ou só con este grupo, senón que, ademais, fixemos un traballo e fixemos algún acto importante, no que, por certo, non participaron. (*Murmurios.*) Non, non participaron os representantes do Bloque e do PSOE.

Eran asuntos nos que había oco para poder explicar o que cada partido quixera. Eran asuntos nos que algún alcalde do PP non estaba de acordo co que alí se recollía. Non pasa nada. Eu creo que é suficientemente importante como para que determinados asuntos, como, por exemplo, o número de concellos que existen e as novas formas de colaboración entre distintos concellos, se poidan falar. Ou é bastante importante como para que se fale das funcións e das competencias que ten cada administración. O problema normalmente dos concellos non é o número de competencias, é o financiamento para esas competencias, aínda que non sexan del. Non hai ningún concello que renuncie a levar a cabo competencias, o que quere é máis financiamento. E nós o que dixemos é: sendo conscientes de que hai compe-



tencias que levan a cabo os concellos, que non as tiñan que facer, tamén somos conscientes de que hai competencias que leva a cabo a Xunta de Galicia que non as tiña que facer. Pois o primeiro que temos que facer para tentar solucionalo é poñerlle nome e apelidos a cada unha desas competencias. E que saibamos, que non nos fagamos trampa. ¡Oia!, isto estano a facer os concellos e non o teñen que facer, certo; e isto estao a facer a Xunta de Galicia e non o ten que facer, certo. Ben, pois, en primeiro lugar, non sigamos aumentando esa situación, pero para iso temos que saber cal é competencia de cadaquén.

E, en segundo lugar, como revertemos esa situación, nun período transitorio cos fondos necesarios para poder prestala, e nun período posterior, pois, loxicamente, unha administración renunciando a algunhas competencias e outra a outras, que cada unha asuma as que lle corresponden por lei.

É mellor falar entón como falan outros, de poñerse á contra e non participar. Eu creo que este é un proceso serio, de tentar chegar a un acordo. E, por certo, un acordo no que vai facer falta tamén a implicación das deputacións e que, loxicamente, asuman funcións que ao mellor non estaban facendo e que teñan unha maior implicación.

E é certo, nós imos tentar ou falar da mellora do financiamento das entidades locais nesa lei, pero, como vostede sabe, como a vostede seguro que non se lle escapa, dentro da marxe que temos na Xunta de Galicia. Tentaremos melloralo, por suposto.

E falaba das delimitacións competenciais e dicía que, no caso dos socorristas, como xa se dixo aquí e dixo un xulgado, é dos concellos pequenos. Se non é dos concellos pequenos, é das deputacións, pero non da Xunta, ¡eh!, é das deputacións. E eu tamén lle contestei: na deputación onde vostedes gobernan, que teñen a metade do Goberno dende hai moitos anos e hai dúas ou tres lexislaturas creo, que é a provincia que máis quilómetros de costa ten, ¿que fai cos municipios que teñen costa e nos que hai moitas praias? Non lles dá unha axuda para socorristas. ¡Home!, entendo que Ourense igual podía adicar un pouco menos, pero A Coruña, co mesmo número... (*Murmurios.*) ¡Ah!, claro, pero A Coruña, co mesmo número de concellos, ten piscinas e praias. Pero aí a Deputación da Coruña non dá ningunha axuda para os socorristas de praias. Esa é a forma de entender a política do partido do Bloque Nacionalista Galego.

Unha vez máis, vén ao Parlamento de Galicia criticar algo que fai a Xunta que non lle corresponde, pero presta servizo aos concellos, e ao mesmo tempo cala onde gobernan, onde teñen responsabilidade, por non enfadar os seus socios de goberno. (*Aplausos.*) ¿Canto custa...? ¿Que é necesario, señor Tabarés, para levar a cabo isto?

E, señora Prado, eu agradézolle as súas aportacións e, sobre todo, o seu punto de vista. Sabe que, efectivamente, tentamos mellorar todas e cada unha das áreas desta consellería. ¿Que ás veces nos gustaría ir máis rápido? Sen dúbida. E ¿gustaríanos ter máis orzamento? Sen dúbida. Pero, cando che toca levar a cabo un labor de xestión, tes que tentar facelo o mellor posible cos orzamentos que tes, loxicamente tentando sempre melloralos e tentando conseguir novos recursos, veñan de onde veñan, para mellorar ao final a vida dos galegos e das galegas.



Ese é o traballo no que estamos e ese é o traballo no que imos seguir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Abrimos rolda especial de aclaracións.

En primeiro lugar, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Ben, a duración dos aplausos tampouco debe estar regulamentada e tamén debe ter sen límite de tempo, ¿non? (*Murmurios.*)

Ben, imos ver, imos ver, como dicía o outro. Vou empezar por calquera sitio, como dicía o que foi rozar a toxeira.

Varias veces dixo o señor conselleiro que non tiñamos que facelo, que non tiñamos que facelo, presumindo de que a Xunta asume moitas veces competencias que non lle corresponden. Pois mire, se os concellos —digamos— fixeran constar permanentemente a cantidade de cousas que fan —o que se chama habitualmente competencias impropias e que moitas delas son da Xunta precisamente—, ese mesmo conto pois podémolo aplicar aos concellos. Os concellos asumen moitísimas competencias impropias, algunhas da Xunta, e tamén, de vez en cando, algunhas do Estado. Vostede tamén recriminaba que a Xunta asumía moitas veces competencias do Estado central, porque non as desenvolvían, pero xa lle digo: os concellos, en moito maior grao, asumen esa clase de competencias impropias, tamén sen o financiamento suficiente, como dicimos moitas veces.

E logo falou dos investimentos deportivos, nese caso concreto que se fan en Ourense, na provincia de Ourense. Mire, a discriminación vén por agravios comparativos; ou sexa, a discriminación defínese en termos relativos, non en termos absolutos.

Vostedes poden facer e deben facer infraestruturas na provincia de Ourense, pero do que nos queixamos son dos agravios comparativos, que fan moitas máis noutras provincias. Ademais, presumen do que fan cunha especie de paternalismo, cunha especie de condescendencia, como se non fora a súa obrigação, como se lle tiveramos que deber un favor, como cando diciamos de nenos: *viva la madre superiora, que nos lleva de excursión.*

A ver, vostedes fan o que teñen a obrigação de facer, que é colaborar cos concellos e facer cousas cos concellos. Díciame a señora Prado que se arranxara un tellado, un tellado do pavillón que levou un temporal, que levou un furacán, que levantou o tellado *de cuaxo*, ademais a fin de semana seguinte había un campionato importante nas piscinas, e houbo que adxudicar polo procedemento de urxencia e arranxar. ¡Oia!, só faltaría que a Xunta non botase unha man nesa clase de cousas, en situacións de forza maior. Que nin sequera foi para deixar a cousa moito mellor, foi para restablecer practicamente o tellado tal e como estaba, derramado polo furacán.



Eu non penso que os concellos lle teñan que agradecer —digamos— especialmente, como se fora un favor, o que fai a Xunta neles. O que si que non ten que haber é discriminacións notorias. Porque puxo o exemplo de varias infraestruturas municipais nas que a Xunta axuda e eu pódolle dicir de moitas infraestruturas municipais doutras cidades de Galicia que reciben moitísima maior axuda da Xunta, e non llo botan en cara, porque nunca llo vin botar na cara tampouco, ¡eh!

Mire, a cuestión do tempo. Eu non sei como razoan os seus cerebros, non sei como razoan, pero a min non me parece razoable que nós, dispoñendo neste caso agora de cinco minutos de tempo, vostede poida utilizar o tempo que lle dea realmente pois a gana; quero dicir, con independencia do tempo que vostede utilice, sexa unha hora, sexa media hora, sexan cinco minutos, nós temos cinco minutos. A min iso non me parece razoable. Eu —xa digo— non sei como funcionan os seus cerebros, pero non me parece xusto nin me parece razoable.

E eu non entro no xogo, eu non lles fago o caldo gordo, eu non bailo o baile que marca a súa batuta; ou sexa, eu non trato de tocar todos os temas por arriba de xeito superficial, prefiro centrarme nun, razoalo como é debido, neste caso como foi o tema do deporte, e ignorar os outros, porque non é lóxico que trate de razoar trinta ou corenta temas da súa consellería Frankenstein e non trate nin cunha mínima profundidade ningún deles. Por iso préfirome centrar nun sitio, non lle bailar o baile, non lle bailar *el agua*, como se soe dicir, porque iso é darlle carta de natureza. Se eu trato de responder a todas as cuestións que plantexou nunha hora e media en dez minutos, estoulle dando carta de natureza a esta forma de traballar no Parlamento. E a min non me parece lóxico que vostedes teñan un tempo indefinido e despois nós teñamos dez. Ou sexa, é que non cabe en ningunha cabeza. E iso enténdeo calquera.

Ben, entón, gustoume que nomeara Expourense. Mire, eu voulle recordar que Expourense foi unha idea do meu partido e que o Partido Popular ao principio tratouno de ocorrencia — e non só o Partido Popular, tamén hai que dicilo— e despois ao final acabaron pois dándose conta de que tiñamos razón. E non é o único caso que podemos dicir.

E agora si que se me acabou o tempo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si, ten que rematar.

Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Ben, señora Mazón —perdón—, mellor dito, señora Prado, perdón pola confusión... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) É que ten vostede moitas similitudes co señor Mazón, e voullas dicir. En primeiro lugar, vostede representa a dereita máis extrema do Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*) En segundo lugar, vostede non admite os erros. E voulle insistir novamente no mesmo que lle dixen na Comisión 1ª hai unha semana. E pasou unha semana e aínda non leu a Lei de eficiencia vostede, porque volve insistir na necesidade da restrición



dos tribunais de violencia sobre a muller, contra a muller, mellor dito. Esta lei vén reforzar esa protección, non só con esas seccións de violencia contra a muller, senón tamén con seccións de violencia contra a infancia e contra a adolescencia, que por primeira vez se contemplan nesta Lei de eficiencia.

E tamén se parece vostede ao señor Mazón na pouca ambición. Porque iniciou vostede a súa exposición dando as grazas ao Goberno da Xunta por ter cumprido todos os compromisos electorais. Pois se todos os compromisos electorais se cumpren en menos dun ano, é que eran poucos compromisos electorais, señora Prado. (*Aplausos.*)

E, señor conselleiro, eu non lle botei a culpa ao Goberno da Xunta nin a responsabilidade sobre ese cambio de criterio da Federación de Fútbol. Unicamente lle pedín que, como mínimo, vostede amose o seu malestar por este cambio, amose o seu malestar por ese cambio de puntuación, aproveitando esta comparecencia pública, e tamén pida explicacións á Federación de Fútbol. Porque deixa fóra do Mundial unha cidade galega e vostedes teñen que defender por riba de todo os intereses de Galicia, tamén os intereses da cidade de Vigo, ¡eh!, que é unha das principais cidades galegas.

E, en relación co Bono Deporte, dicía vostede que era unha medida excepcional pola situación económica de hai un ano. E, a verdade, alégrome moito que comparta vostede manifestacións como as que contiñan os xornais internacionais de referencia, como por exemplo *The Economist*, cando falan *del milagro de España* en relación coa situación económica e cos prognósticos económicos de crecemento que presenta España. Alégrome de que o comparta.

E en Xustiza pois non faga trampa, porque non é o mesmo o complemento específico que o complemento da carreira profesional; por moitos motivos, o principal é porque o segundo é voluntario.

E o financiamento da lei. Dicía vostede que esta Lei de eficiencia impón obrigas ás comunidades autónomas, pero non vai acompañada de financiamento. Pois non é certo, porque o Estado dende o ano 2021 transferiu ás comunidades autónomas en materia de Xustiza máis de 470 millóns de euros, e máis de 10 millóns de euros en concreto a Galicia, para a modernización da Xustiza, para dixitalización, que é o que impón, en definitiva, tamén esta lei.

En relación co deporte, creo que estamos aínda moi lonxe de poder sacar peito e de poder estar contentos coa xestión do impulso do deporte feminino co 25 por cento das mulleres federadas. Creo que aínda temos que ter uns obxectivos moito máis ambiciosos neste sentido.

E falaba vostede tamén dos GES e de como é a actuación voluntaria por parte da Xunta, sen ningún tipo de compromiso que a obriga. Non é certo, porque a Lei de emerxencias fala das competencias da Xunta, da coordinación das emerxencias en xeral, e os GES teñen un labor de responder ás emerxencias (a extinción de incendios, o rescate de persoas e animais, as asistencia en catástrofes civís, inundacións, etc.). E a situación dos GES é insostible, levan moito tempo denunciando a mesma.



Dicíalle —insisto—: inseguridade a nivel laboral, falla de profesionalización, salarios que rozan o salario mínimo interprofesional e tamén moitas sentenzas xudiciais que non se están a cumprir no eido laboral. Por exemplo, falo do concello de Sanxenxo, con esa necesidade de quenda de garda de tres persoas, como dixo unha sentenza xudicial, que non quere cumprir o seu alcalde; ou a do concello de Muros en materia laboral; ou o alcalde da Veiga, en Ourense, que non firmou a autorización para intervir os GES nun incendio que houbo hai unhas semanas en dúas casas.

E falando de emerxencias, quero tamén nomear a situación na que se atopa a Policía local. As mulleres dentro da Policía local en Galicia supoñen un 10 por cento. Creo que hai que cumprir a Lei de igualdade, do ano 2023. Hai que implementar dende o Goberno galego un plan de medidas específicas que incrementen e que fomenten a participación das mulleres dentro da Policía local. E teñen vostedes que revisar as exixencias das probas físicas, que en moitas ocasións supoñen un escollo para elas.

Falabamos tamén da Administración local. Eu dicía que temos que mudar eses criterios, tanto de financiamento como de repartición, e urxe esa nova normativa na que vostedes están a traballar.

E non me podo deter máis, porque non teño tempo. Se non, faláballe tamén da repartición do canon eólico, como esta diminuíu en favor da Xunta e en detrimento dos concellos dende o ano 2011.

Pero, en relación coa UPA, firmen vostede o convenio, cumbran vostedes a lei, como fixo Valencia no ano 2018; ou, se non, opten pola opción B, pola que optou Canarias aí hai pouco, pola opción de desenvolver unha policía propia, desenvolvan unha lei que xa está aprobada no Parlamento durante o Goberno bipartito; e así se incrementarán o número de efectivos, que, por certo, da Policía Nacional e da Garda Civil temos o maior número da historia de efectivos en Galicia, grazas ao Goberno de Pedro Sánchez, non ao de Rajoy, que diminuíu en 500 o número de efectivos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Dende o Grupo Socialista cremos que hai que seguir avanzando, que vostede ten moitas fronteas abertas e obrigas legais, que requiren unha xestión urxente. Nós seguiremos facendo, fiscalizando o seu labor e facendo unha oposición construtiva, porque queremos que en Galicia haxa un modelo que asente a convivencia territorial e un modelo de Galicia que avance como as diferentes comunidades autónomas e non quede atrás.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señora presidenta.



Señor Calvo, de todas as persoas que estamos presentes nesta Cámara, eu creo que vostede é a menos lexitimada para falar de pacto de sillóns. A min, que son de Ourense, que sei, perfectamente, que vostede é un dos dous artífices en negociar con Democracia Ourenzana un pacto que unicamente era: ti gobernas na Deputación, ti no Concello, sen nada máis, (*Aplausos.*) ¡home!, que sexa vostede, porque sabe que sei, que veña falar de pacto de sillóns, ¡home!, realmente, en fin...; que quede así como como unha brincadeira e como tal a tomo.

Despois fala de que están preparados para entrar en vixencia desta Lei de eficiencia procesual, agora Lei de servizo público de Xustiza, que entra en vixencia o 3 de abril. Non, non están preparados, non teñen feito nada. Vostedes falan incluso da relación de postos de traballo, que enseguida... Mire, non teñen nin sequera empezadas as negociacións para realizar a relación de postos de traballo, algo do que, por certo, levan décadas obrigados a facelo, pero non a teñen.

Pero non só iso. Despois acúsame de soberbia, ao Bloque Nacionalista Galego. Non. É que a todas as propostas que lle imos presentando, incluso a semana pasada en dúas ocasións, votan «non». Levamos moitos anos pedíndolles un sistema público de mediación e vostedes votan «non»; a partir do 3 de abril vai ser obrigatorio. E ¿que lemos hoxe en *El Progreso*, de Lugo?: «*Juzgados de Lugo reciben una avalancha de demandas a fin de eludir la Ley de mediación*». Claro, as consecuencias do incumprimento, da falla de previsión —si, señor conselleiro—, a falla de previsión e de cumprimento das súas obrigas, de non ter previsto ningún sistema público do que veñen por lei obrigados destes que se denominan MASC.

Pero nós presentámoslles en moitas ocasións que negociaran a xustiza gratuíta, cos colexios profesionais, cos compañeiros e compañeiras, cos que están en folga, señor conselleiro, que as recibira, e vostedes votan «non»; vostede nin sequera as recibiu.

Dicía, preguntaba alguén: ¿e quen pagará?, ¿quen pagará? Pois mire, as profesionais da avogacía e da procura son as que están pagando elas, non recibindo menos, senón pagando elas boa parte da xustiza gratuíta, en concreto do funcionamento do sistema operativo dos colexios, como xa lle explicamos varias veces. Polo tanto, ¿quen o paga? Desde logo, a Xunta non. O Estado tamén se pon do lado de fóra, si, pero a Xunta de Galiza tamén fai o mesmo.

Tamén cando lle presentamos a emenda nos orzamentos pedindo un incremento do orzamento en materia de Xustiza. ¿Por que? Porque é o máis baixo de todo o Estado, de todas as comunidades autónomas con competencias transferidas, por habitante, é o máis baixo, e vostedes votan «non». Nós pedímoslles tamén un incremento en materia de xustiza gratuíta. ¿Por que? Porque está en Galiza un 30 por cento máis baixo da media do Estado, e vostedes votan «non».

Vostedes hoxe din que Galiza ten unha planta xudicial escasa e é por culpa, efectivamente, do Goberno do Estado, que parte de culpa ten. Pero, mire, cando en Madrid gobernaba o seu Goberno amigo, en 2011, ¿sabe cantos xulgados se crearon? Ningún; en 2012, ningún; en 2013, ningún; en 2014, ningún; en 2015, ningún; en 2016, ningún. Debían de estar máis pendentes da Policía patriótica que de facer unidades xudiciais. (*Aplausos.*)



E agora, que, por certo, señora Prado, os xulgados desaparecen, xa deixan de existir como órgano xurisdiccional, o que van existir son os tribunais de instancia e poden existir seccións que leven violencia sobre a muller e delitos contra a liberdade sexual, que hai moita xente que considera que as violacións, que as agresións sexuais e a trata tamén son delitos contra a muller, e vanas levar esas seccións de violencia sobre a muller. Por certo, estas seccións de violencia contra a muller das que vostede hai menos de sete días votou en contra da súa creación; hai menos de sete días (*Aplausos.*) dixo neste Parlamento que non quería que se creasen seccións de violencia sobre a muller. (*Murmurios.*) Si, porque se queremos que existan órganos xurisdiccionais só para levar violencia sobre a muller, é necesario que se creen esas seccións especializadas. Se non, seguirán levando o caso Alvia, violacións e agresións sexuais e tamén violencia sobre a muller; se non se crean esas seccións, das que —repito— vostede votou en contra hai menos de sete días.

Nós valoramos, señor conselleiro, para retomar algunhas das cousas que me quedaban pendentes, os proxectos para deportistas de elite, mais tamén entendemos que cos indicadores negativos que ten Galiza non só é a competición e non só é a competición de elite, senón que debe haber un plan de fomento da actividade física...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...debe seguir fomentándose o Plan Xogade, creado polo Goberno de coalición, polo Goberno bipartito.

E despois —xa remato, porque, efectivamente, dá pouco tempo— vostedes, xa que negan o desenvolvemento do corpo galego de Policía e negan que nós poidamos ter unha organización propia para Galiza, decidir en Galiza o número de efectivos que necesitamos e os medios e a estrutura coa que poidan contar, cando menos asinen ese pacto que polo visto están negociando e a que está disposto o Goberno do Estado, para que polo menos siga vixente a unidade de Policía Adscrita; por certo, ese pacto que está caducado dende 2008. É dicir, que vostedes con esa Policía patriótica tampouco foron capaces de chegar a ese acordo de renovación do acordo administrativo co Ministerio do Interior.

Nada máis. Segue a nosa man tendida para o diálogo e para chegar a puntos de encontro, que vexo que non estaría de máis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señora presidenta.

Señor Tabarés, vostedes, claro que si, son máis de pactos de párking, iso xa o sabemos, que en Ourense gústalles o pacto do párking; ese si que é o seu, ese si que é o seu. (*Aplausos.*)



Mire, señora Castro, non veña aquí mentir tanto. Vostedes menten tanto que —xa dicía o señor Ojea que non tiña tempo— eu en cinco minutos son incapaz de desmontar todas as mentiras que dixeron os dous grupos nestes dez minutos. Pero algunha hai que desmentir.

Mire, señora Castro, só dúas comunidades autónomas en toda España teñen menos policía que Galicia, que son Cantabria e Murcia. En seis anos a cifra de axentes descendeu un 8,3 por cento en Galicia. ¿Sabe canto descendeu en España? Un 1,4. ¿Sabe cantos axentes necesitaríamos para completar o catálogo de axentes en Galicia? Mil, señora Castro. Así que deíxen de mentir. (Aplausos.)

E mire, señor Tabarés, non minta. Este grupo non votou en contra da creación de seccións, non minta. Aquí a pasada semana na comisión este grupo presentou unha iniciativa para falar das novas unidades xudiciais e vostedes presentaron unha emenda. Este grupo non aceptou unha emenda que nada tiña que ver coa iniciativa. E ¿sabe o que lle dixen? Díxenlle que temos presentada no Senado e no Congreso unha proposición de lei para modificar esa lei que vostedes votaron a favor e que é unha lei que está colapsando os xulgados de violencia de xénero actualmente. Non minta, señor Tabarés, que son especialistas en mentir, son especialistas en mentir. (Aplausos.)

E, miren, claro que lemos a lei, lémosla os do Partido Popular e lén os xuíces; o que pasa é que para vostedes, como son fachas con toga, pois non len o que din... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, a súa compañeira, que se ri, ela sabe do que falo, chamounos nesta tribuna fachas con toga. Pois miren, eses fachas con toga, leo textualmente o manifesto asinado por 135 xuíces especializados en violencia sobre a muller, a ver se lle vale isto, señor Tabarés: «*El efecto inmediato de la reforma va a ser el colapso total de unos juzgados ya de por sí sobrecargados en una materia tan sensible como la lucha contra la violencia de género y la protección de las mujeres y de sus hijos e hijas. Se va a producir un significativo paso atrás en la lucha contra la violencia de género, que puede generar espacios de desprotección y riesgo para las víctimas de dicha violencia, ante la imposibilidad material de poder atender de manera pormenorizada y detallada cada asunto, ya que los juzgados más congestionados son los más proclives a rechazar las peticiones, precisamente por esa sobrecarga que sufren*».

Se non leron a lei, se non len os manifestos dos xuíces ou fachas con toga ou como lles queiran chamar, non veñan vostedes aquí dicir o que é unha realidade, e é que vai haber un colapso nos xulgados que protexen as vítimas, señorías.

Pero, claro, as liñas vermellas o BNG ¿cando as pon? Pois a ver, imos facer un repaso. ¿Polo traspaso da AP-9? Non. ¿Polo 50 por cento do financiamento da Lei da dependencia? Non. ¿Por máis médicos para Galicia? Non. ¿Polas melloras en infraestruturas? Non. ¿Por que chegue o AVE a todas as cidades de Galicia? Non. ¿Por suprimir paradas de autobús no rural? Non. ¿Por pechar cuarteis da Garda Civil no rural? Non. ¿Por dotar de axentes a Unidade de Policía Adscrita? Non. ¿Por melloras nas frecuencias dos avións? Non. ¿Por melloras nas frecuencias ferroviarias? Non. ¿Saben por onde poñen eles as liñas vermellas? Porque cheguen millóns de euros a Galicia para xerar emprego e a actividade económica. (Aplausos.) Esa é a liña vermella do nacionalismo: que non veñan cartos para Galicia, señorías, que non veñan cartos para Galicia.



Miren, vostedes a verdade é que veñen aquí todos os días darnos leccións, ben, de todo, pero tamén de feminismo, ¿non?; estes que primeiro sacaron á rúa os agresores sexuais e agora pretenden desprotexer aínda máis as vítimas privándoas dun sistema xudicial eficaz para atopar saída á tiranía da violencia.

Pois mire, tampouco ningunha lección referente á acción exterior da Xunta de Galicia, e moito menos do Bloque Nacionalista Galego. Porque mentres o presidente Rueda viaxa a América Latina para fomentar o retorno dos galegos do exterior e estreitar lazos con países que no seu día acolleron tantos galegos emigrantes, iso si, criticamos que o presidente Rueda viaxe a un país como Arxentina e, iso si, estamos moi orgullosos de que os representantes do BNG viaxen a Venezuela, facer de palmeiros do chavismo, branquear a ditadura de Nicolás Maduro e dicir que Venezuela vai cada vez máis e mellor. (*Aplausos.*) Esa é a política exterior do Bloque Nacionalista Galego.

Señor conselleiro, efectivamente, dende o Partido Popular estamos contentos con que despois dun pouco máis dun ano de goberno do Partido Popular se están cumprindo os compromisos que asumimos cos galegos e galegas, claro que si. 814, señora Castro...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...compare vostede o programa co que se presentou o Partido Socialista ás últimas eleccións autonómicas co do Partido Popular. Simplemente, señora Castro, con comparalos, xa se dará conta de que os compromisos do Partido Popular se están facendo realidade, claro que si. E, como dixo o señor conselleiro, quedan aínda tres anos para seguir cumprindo.

Pero eu felicito o Goberno da Xunta de Galicia por estar no camiño do cumprimento da palabra dada, e por iso os galegos e galegas cada vez que nos presentamos ás urnas votan maioritariamente o Partido Popular e deixan a un lado a quen lles mente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...a quen os intenta manipular e a quen non quere un futuro para os nosos fillos e fillas en Galicia. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Ojea, é ben certo: das competencias impropias falamos, por iso dicíalle que o primeiro de que había que falar, o primeiro que habería que facer nós entendemos que é identificalas,



e poñer negro sobre branco cales son, para que esa situación non siga medrando —¿está de acordo, non?, supoño—, e a partir de aí ver de que maneira podemos solucionar o que xa existe no día de hoxe.

Agravios comparativos. Dicía que os datos non se miran por termos absolutos, senón porcentuais. Mire, nas axudas que dá esta consellería, fundamentalmente a través da Dirección Xeral da Administración local, o maior número de axudas que se conceden con bastante significación é para os concellos de Ourense. Non é paternalismo e, se vostede o interpretou así, desculpe, porque igual aí o expresei mal, pero non é paternalismo. De feito, hai moitas liñas que se destinan a concellos inferiores a quince mil habitantes. A maior parte dos concellos inferiores a quince mil habitantes están na provincia de Ourense; proporcionalmente ou en termos relativos, hai moitos máis en Ourense que no resto, que noutras provincias, e saen moitos máis beneficiados os concellos de Ourense. Non temos ningún problema.

É certo que cando facemos estas propostas outros partidos non están de acordo e queren que eses fondos vaian para o fondo base, porque prefiren que as grandes cidades, que teñen máis capacidade de ingresos ou de xerar ingresos, tamén participen deses fondos, que nós cremos que teñen que ir adicados aos concellos que teñen máis dificultades para ter ingresos. Esa é a postura da Xunta.

Evidentemente, como lle digo, pódese facer máis, pero supoño que non estará en contra disto que lle estaba explicando.

Señora Castro, a verdade é que estes días comparar a nosa vicevoceira da secretaría xeral do partido a min dábanme ganas de comparalo con algún membro do Partido Socialista ou exmembro do Partido Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero a verdade é que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Escribino varias veces, non o vou facer, non o vou facer, porque creo que vostede non o merece, non o merece, igual que coido que a señora Prado pois é unha gran secretaria xeral, gran voceira, e o señor Mazón, un presidente tamén da Comunidade Autónoma de Valencia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) é un gran presidente (*Aplausos.*) e está facendo o que pode e, por certo, aprobou os orzamentos e está empeñado en reconstruír Valencia.

Señorías, aínda que a algún non lle guste, eu non a vou comparar con exministros, de verdade, non o penso facer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero mire, dicíame vostede acerca do Mundial que non dixemos nada. Iso non é verdade. As noticias ás que vostede fai referencia saíron onte publicadas nun medio de comunicación, e onte tivemos un Consello da Xunta e na rolda de prensa preguntáronlle ao presidente e o presidente xa o dixo: que nós pediamos explicacións á Real Federación Española de Fútbol, para que nos explique que é o que está pasando e que, dende logo, explique se iso que se denunciaba é certo ou non. Fíxoo o presidente. ¿Vostede quere que o faga eu? Por suposto, dixémolo e díxeno na primeira intervención; claro que pedimos explicacións; pero..., pero... é que non entendo nada.

E claro que o compromiso da Xunta de Galicia era exactamente o mesmo coa cidade da Coruña, gobernada polo Partido Socialista, que coa cidade de Vigo, gobernada polo Partido So-



cialista, exactamente o mesmo. Expresámolo así nun acordo do Consello da Xunta de outubro do ano 2022; exactamente o mesmo, señora Castro.

E nós non mandamos nin á Federación nin a ningún outro colectivo información ou datos para a candidatura, todos llos enviamos ao Concello da Coruña e ao Concello de Vigo, que eran os responsables, os autores da presentación, os promotores da candidatura das dúas cidades, e o compromiso —repito, que quede claro— é exactamente o mesmo coa Coruña, gobernada polo Partido Socialista, e con Vigo, gobernada polo Partido Socialista. Non nos corresponde a nós, señora Castro. Non se equivoquen, están enfocando mal as cousas. Pero, dende logo, non é a Xunta de Galicia quen ten que ver con esta situación.

Dicía vostede, dicíanos que si, que efectivamente, que se financiaba a Xustiza e que dende o ano 2021 se levaban aportando 400 e algo millóns —paréceme que dixo— a dixitalización. ¡Home, só faltaría! Pero é que iso non ten nada que ver coa lei. ¿Ou é que dende o ano 2021 xa nos adiantaba —sería a primeira vez na historia— o Goberno do Estado o financiamento para unha lei que non sabían se se ía poder aprobar en decembro de 2023, ou primeiros de ano, de feito, como foi aprobada? Entón, como xa financiaron outras cousas, agora xa non financian a lei. Pero para todo o que conleva a aplicación desta lei non temos nada de financiamento, señora Castro. Pero non o di a Comunidade Autónoma de Galicia, dino todas as comunidades autónomas, incluídas as do Partido Socialista, que conleva unha serie de custos, que non se aporta nada de investimentos.

Volveu falar do deporte feminino. Eu repítole os datos. Efectivamente, claro que hai que seguir mellorando, pero o que hai que ver tamén é a evolución, ¿non?, e a evolución é moi boa. Fíxese: en deportistas de alto nivel é o 41 por cento. E claro que nos gustaría que fose máis. Fíxese: no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, en Pontevedra, hai máis homes que mulleres, e estamos encantados, pero quero dicir que xa se está avanzando nesa dirección e nos queda por avanzar, pero non me diga que non se está facendo nada, ¡faltaría máis!, ¿non?

E dicía vostede, falando dos GES, falando da situación dos GES, que a competencia era da Xunta de Galicia. Non é certo, é unha coordinación, claro. Pois se é unha coordinación, a coordinación non conleva comprar vehículos, ¿verdade?, non conleva comprar os camións e as furgonetas, e iso non é coordinación, ¿verdade? E a coordinación non conleva pagar máis do 50 por cento dos custos de funcionamento do GES, ¿verdade? E, non obstante, facémolo.

Polo tanto, ¡joia!, non nos pode acusar de mirar para outro lado. Facemos moito máis do que a lei nos obriga. Por iso, cando vostedes nos botan en cara o mal funcionamento dos GES, eu non sei se estará falando a outra administración, pero non estará falando coa Xunta de Galicia, porque o compromiso da Xunta de Galicia é maior que o das deputacións e os concellos. É maior, cando non é competencia. Polo tanto, ¡joia!, en fin, non sei, presente unha iniciativa nas deputacións, se coñece a alguén, ou nos concellos, non o sei, pero dende logo non é noso.

Dicía que na Policía local a presenza das mulleres é moi pequena e que teriamos que ter maior presenza feminina. Eu estou de acordo, pero as probas para as mulleres son distintas, as marcas que se lles exixen nas probas físicas, como vostede deixou caer aquí, son distintas



para as mulleres que para os homes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ben, vostede díxoo aquí, como se nós non o estiveramos a facer. E, ¡oia!, a Policía local é competencia local, imos centrarnos, ¡eh! O que facemos a través da Xunta de Galicia é facilitar que a selección de persoal e a preparación e a formación sexa, primeiro, unitaria para todos aqueles concellos que delegan esa competencia, ou que lle piden á Xunta de Galicia que a faga; e así temos un corpo de policías locais que teñen a mesma formación con independencia do concello que quere; o 75 por cento dos concellos, de todas as cores, que teñen policías locais teñen delegado na propia AGSP, non todos. Pero non é competencia da Xunta. Imos poñer e deixar as cousas claras.

E dicíanos sobre a UPA: firmen o convenio. ¡Oia!, firmar o convenio nos termos que teñen propostos por parte do ministerio supón pasar de arredor de 5 millóns a 15 millóns de euros na Unidade de Policía Adscrita.

Nós mantivemos unha reunión co ministerio, e sabe vostede que a vostede mesma eu nesta sede téñolle pedido axuda, se é capaz de botar unha man no ministerio; sabe que esa situación non é xusta, sabe que a interpretación que fai o ministerio nós non a compartimos, e así llelo dixemos tamén ao ministro, ao secretario de Estado, a todo o mundo. E estamos á espera da resposta que lle fixemos na oferta por parte da Xunta de Galicia, pero xa vexo que o Partido Socialista o que quere é que se pague o que haxa que pagar. Pois nós consideramos que iso non é así, porque estamos prestando servizos que son importantísimos, pero que, se non os presta a Unidade de Policía Adscrita, temos que prestar a Policía Nacional e a Garda Civil, e o custo para o ministerio é moi superior que se accede á proposta que lle facemos dende Galicia.

Cando di vostede que hai máis policías e gardas civís, xa llo dixoo a nosa voceira: é das comunidades onde menos hai. E é verdade que hai algúns efectivos que agora se adican a facer labores administrativos, sendo policía nacional ou garda civil, que antes o facían administrativos. Polo tanto, ese aumento nos números ten trampa, señora Castro, ten trampa. É o que nos trasladan os sindicatos continuamente, isto non é unha invención deste conselleiro ou da nosa voceira neste asunto.

E falábnos das mediacións, de que non fixemos nada —non sei se era vostede ou era o señor Tabarés—, que non fixemos nada, que non fixeron nada, vostedes están parados e non fan absolutamente nada. No ano 2024 firmamos un convenio co Consello Galego de Procuradores para a colaboración en materia de mediación no ámbito civil e mercantil; tamén o firmamos co Colexio de Avogados da Coruña e co Colexio de Avogados de Santiago. E, ademais, este ano estamos preparando con procuradores e avogados e Unión Profesional de Galicia, que agrupa todos os colexios profesionais de Galicia, non sei se o saben. Pero ben, iso é non facer nada. Pero chegan a dicir cousas como que vostedes non se teñen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si o dixoo, téñoo apuntado—... reunido —foi o señor Tabarés— para falar da RPT. É mentira. Levamos dúas reunións, señor Tabarés, dúas reunións. É que esa é a lexitimidade coa que vostede vén aquí: vostedes non fan nada, non se reúnen cos sindicatos... Levamos dúas reunións cos sindicatos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dúas reunións, non, non, dúas reunións, señor Tabarés; pregúntelles aos da CIG, a ver se lle dan a resposta axeitada, porque vostede seguramente entendeu absolutamente mal. (*Aplausos.*) Dúas reunións —dicía— para falar de todo, de todo.



E, efectivamente, a nova oficina entra en xuño, hai algunhas cousas que entran en xuño, o 30 de xuño, en 38 partidos xudiciais, salvo as cidades, que entran en función o 30 de decembro. Pero ben, alá vostede, non estamos facendo absolutamente nada.

Pero vostede di: ofrecemos a man tendida para o que necesite; non fan absolutamente nada, e demostras que é mentira, que estamos facendo cousas, pero a man está tendida. É moi difícil fiarse de alguén que che tende unha man cando che nega cousas que son evidentes e cousas que están realmente probadas. Porque ¿que esperas desa man tendida, señor Tabarés?

Falaba vostede do deporte de elite, do fomento da actividade física, e di que o Xogade é un programa do Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois mire, o deporte en idade escolar existiu de sempre... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu participei antes... Non, escoite, escoite, escoite, eu participaba en Deporte en Idade Escolar, chamábase antes, e no ano 2010 e 2011 foi cambiado, ¿vale?, polo Xogade, foi cambiado por un goberno do Partido Popular con ese nome e novas prestacións, como era o seguro obrigatorio, que o paga a Xunta de Galicia, señores. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Pero estes son vostedes, os do Bloque. É que agora inventaron todo, gobernaron catro anos, botáronos ao cabo de catro anos, pero inventaron todo. Pero ¡home!

Eu ¿que quere que lle diga? Eu desconfío, señor Tabarés, desconfío cando vostede sabe que adicamos ao turno de oficio 14 millóns de euros o ano pasado, que falamos cos colexios de avogados, de procuradores, que se mantiveron reunións coas asociacións por parte do director xeral, que este ano levan 15 millóns de euros, e vostede vén aquí en todas e cada unha das intervencións e di que non se fai absolutamente nada. E, iso si, acaba dicindo que mantén a man tendida para falar con nós. Eu, con esas mans tendidas, ¿que quere que lle diga? Fágolle unha proposta: ¿falamos desa man tendida para reclamar as unidades xudiciais que non aproba o Goberno? ¿Vostede está de acordo en sentarse con nós e reclamar esas unidades xudiciais e en reclamar as unidades xudiciais que a Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pon enriba da mesa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que vai facer vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ¡home!, agora tócame a min. ¿Que vai facer vostede co seu socio? Porque que se creen ou non se creen depende do seu socio, non depende do Partido Popular, non depende nin da Xunta nin do Grupo Parlamentario Popular, depende do seu socio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nós temos nos nosos orzamentos partidas para ter funcionarios suficientes; se ese é o problema, nós comprometémonos a ter as partidas e sacalas de onde faga falta. A ver que fai vostede cos seus socios para obrigar a que se creen esas unidades xudiciais, que os xulgados de violencia de xénero se creen en Galicia. A ver que é o que fai o Bloque Nacionalista Galego. O que fai é coidar os seus sillóns, porque os seus sillóns ben valen manter unha postura ambigua e culpar a Xunta de todos os males de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



No guión que se distribuíu aos grupos programando o reinicio estaba pautado ás dezaseis horas. Como se prolongou esta comparecencia, e con acordo, que me confirmarán todos os grupos políticos, atrasamos quince minutos. Suspendemos a sesión, que será reanudada ás dezaseis horas e cuarto. Que aproveite.

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

Continuamos co punto segundo, comparecencias. Neste caso, da conselleira de Economía e Industria, por petición propia.

Comparecencia da Sra. conselleira de Economía e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación dos proxectos industriais estratéxicos na nosa Comunidade

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Ben, pois grazas, presidente.

Boa tarde.

A economía mundial enfróntase a grandes retos derivados de múltiples factores, entre os que se atopan: a transición enerxética e a descarbonización, a globalización e competencia entre os territorios con normas moi diferentes, conflitos xeopolíticos e comercio internacional e problemas demográficos e no mercado laboral. Estes factores afectan toda a economía, pero afectan de maneira singular o sector industrial e aínda máis países como o noso, nos que os avances industriais tradicionalmente chegaron máis tarde que a outros países. Polo tanto, isto provocou que se caracterizase por unha menor contribución da industria á súa economía.

Sen embargo, na actualidade todo está cambiando: o taboleiro da industria está a ser reconfigurado e as novas actividades requiren de recursos naturais, requiren de infraestruturas e de persoal máis especializado. A industria do século XXI busca novas posibilidades para o seu desenvolvemento. O mundo está a cambiar e Europa non pode estar allea, polo que necesitamos reaccionar o antes posible ou perderemos o tren industrial.

Neste contexto, a recente comunicación da Comisión Europea sobre o Pacto Industrial Limpo, de febreiro deste mesmo ano, presenta unha estratexia integral para, simultaneamente, apoiar a competitividade industrial en Europa e combinala coa descarbonización. Este plan establece seis eixos principais: o primeiro, o acceso á enerxía accesible; o segundo, o fomento de mercados líderes para tecnoloxías limpas; en terceiro lugar, a mobilización de investimentos públicos e privados; catro, a promoción dunha economía circular con acceso



seguro a materiais; en quinto lugar, o fortalecemento da posición en mercados globais mediante asociacións e un terreo de xogo equitativo; e, en sexto lugar, o desenvolvemento de habilidades e empregos de calidade para unha transición xusta. Estamos absolutamente de acordo co fondo deste pacto e cos seus obxectivos, pero tamén pensamos que non hai tempo que perder en Europa e que o novo escenario exige de decisións moi rápidas, de forma clara, que aposten polo mantemento da industria en Europa e pola atracción de novas oportunidades. *(Aplausos.)*

Un escenario no que a situación xeopolítica actual sen dúbida será a incerteza, con varios factores que non podemos negar que condicionan e marcan o crecemento económico e o investimento. Factores coñecidos, como a guerra de Ucraína, as tensións con Rusia, as hostilidades entre Estados Unidos e a China, a inestabilidade en Oriente Medio ou o cambio climático e a transición enerxética.

Fronte a todo este escenario que acabo de debuxar, existen dúas posturas que están ben diferenciadas e que, por desgraza, coñecemos moi ben en Galicia. Unha postura é a da demagogia e a hipocrisía e outra é a do traballo e o fomento da actividade industrial e do emprego. *(Aplausos.)*

Na primeira das posturas están todos aqueles que din querer industria e mesmo incluso se atreven a dicir que queren chegar a un 25 por cento de contribución da industria ao PIB, pero despois opóñense sistematicamente a todos os proxectos industriais que pretendan instalarse no noso territorio. Tamén están aqueles que se erixen como defensores da enerxía eléctrica e da supresión dos combustibles fósiles, pero despois levan as mans á cabeza cando se quere implantar unha liña eléctrica. E neste mesmo grupo tamén están os que se queixan o día que unha empresa escolle outra comunidade autónoma para implantarse, cando estiveron os 364 días restantes insultando os empresarios e, consecuentemente, espantando calquera iniciativa que puidese estar buscando o seu lugar de implantación en Galicia. *(Aplausos.)* Señorías, creo que sabemos todos a que nos estamos a referir, aos do «non» a todo.

No outro grupo están as persoas que realmente queren industria, que coñecen os seus beneficios, que coñecen o emprego que xera, que coñecen as actividades económicas que están asociadas a ela. E que por iso actúan para que as actividades e o emprego se xeren aquí, en Galicia, no noso territorio; pero sempre co máximo respecto ao cumprimento da normativa e, por suposto, co máximo respecto ao medio ambiente. Neste grupo, señorías, está a Xunta de Galicia. De nada serve queixarnos sistematicamente de todo e non facer absolutamente nada. Por iso, a Xunta ten claro que o traballo e as medidas de apoio á industria, sempre con estrito cumprimento da legalidade, son as únicas que poden acadar que Galicia medre no ámbito industrial, como está a facer nos últimos anos.

Quero lembrarlles dous datos, que creo que son dous datos relevantes dende o punto de vista do desenvolvemento industrial galego. O primeiro refírese á evolución da ocupación industrial na EPA. De acordo coa última EPA, do terceiro trimestre do ano 2024, Galicia supera o Estado en porcentaxe de persoas ocupadas no sector industrial. Temos un 16,5 por cento, fronte á media do Estado, que está nun 13,4 por cento. Galicia experimentou en ocupación



industrial un forte ascenso interanual, pasando dunha cifra de 174.000 persoas ocupadas no cuarto trimestre de 2023 a 189.800 no cuarto trimestre de 2024. É dicir, temos 15.800 persoas ocupadas máis na industria que hai un ano. (*Aplausos.*) Deste xeito, Galicia somos actualmente a segunda comunidade, despois de Cataluña, que temos un maior incremento interanual en termos absolutos de persoas ocupadas na industria. Segundo dato relevante —datos publicados polo INE—: a cifra de negocios da industria galega sobe un 2,2 por cento en xaneiro en relación co mesmo mes do ano 2024. Esta cifra contrasta coa media nacional, onde a baixada da facturación da industria en interanual caeu un 0,4 por cento.

Este bo comportamento da industria, que desempeña un papel importantísimo no desenvolvemento económico e no desenvolvemento social de Galicia, baséase, sen dúbida, nun empresariado en Galicia moi forte, nunha clase traballadora talentosa, nunhas condicións propias do territorio e nunha estrutura industrial con sectores diversos moi potentes, como son: a automoción, a construción, o naval, o metalmecánico, o forestal, o agroalimentario ou as TIC. Estes que lles menciono son sectores que a Xunta de Galicia ten declarados como estratéxicos e para os que estamos a elaborar —como saben— os plans directores. Pero en Galicia queremos máis industria e queremos máis emprego industrial e traballamos para conseguir que se implante máis industria no noso territorio.

Hoxe en día, nun mundo absolutamente globalizado, as empresas escollen os lugares nos que desenvolver os seus proxectos en función de diversos parámetros, pero singularmente hai parámetros moi importantes para conseguir que un investimento chegue a un territorio. Entre eles: os factores económicos e de mercado e, nomeadamente, a enerxía barata; o acceso a infraestruturas e loxística; o marco legal e a axilidade en canto aos trámites necesarios para a implantación; a seguridade xurídica e tamén a estabilidade política; a existencia de man de obra; e o acceso a recursos renovables. Polo tanto, un Goberno que de verdade quere industria debe tratar de crear un marco no que todos estes factores resultan positivos con respecto a outros territorios. E isto é o que estamos a facer na Xunta de Galicia.

Como lles avanzaba, o 29 de febreiro do ano 2024 o Consello da Xunta declaramos os seis sectores que acabo de referir como sectores estratéxicos. E este ano o 17 de febreiro declaramos tres novos sectores máis: a industria da alimentación, o sector téxtil e a construción. Estes nove sectores industriais representan máis do 85 por cento do emprego industrial total de Galicia, o que significa que máis dun 85 por cento das persoas que traballan na industria en Galicia terán un plan director para o seu sector. Estes plans están elaborados con contacto absoluto co tecido produtivo, con colaboración público-privada, pensando en medidas, mecanismos e recursos que son necesarios para fortalecer o tecido empresarial de cada sector, para incrementar o emprego de calidade e tamén para fomentar sinerxías sectoriais e intersectoriais entre os distintos ámbitos industriais.

Pero na competitividade industrial, que —como digo— depende de moitos factores, hai un que é esencial e que nel é esencial o papel da Administración: a capacidade de actuar con rapidez, de simplificar, de acelerar, de alixeirar. Non podemos pedirles ás empresas que innoven mentres a burocracia frea esta innovación. Por iso, sumámonos á aposta europea dunha revolución da simplificación e creamos dúas figuras fundamentais para esta aceleración industrial. Unha é a Oficina Económica de Galicia, dependente do Igape. Un punto de



entrada para calquera empresa que teña a necesidade de crecer ou de consolidarse, pero tamén para novos investimentos que queiran vir implantarse á nosa terra. Con isto, Galicia acompañamos as empresas, Galicia asesora e Galicia pon as empresas no centro das súas políticas. Por iso, Galicia é de fiar para os investidores. E neste ámbito da aceleración destaca unha segunda figura, que é a figura dos proxectos industriais estratéxicos, que saben que creamos coa súa configuración actual na Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Non vou parar nela, porque son coñecidos os requisitos e as consecuencias da declaración como proxecto industrial estratéxico.

Quero dar conta aquí dos proxectos industriais estratéxicos que foron aprobados ou declarados ata a data. En total, temos catorce proxectos industriais estratéxicos. Un deles xa está aprobado, que é o PIE Triskelion, un proxecto de Forestal del Atlántico en Mugardos para a produción de metanol verde. Como lles dicía, a aprobación foi feita polo Consello da Xunta do 21 de outubro do ano 2024. Ademais, temos trece PIE declarados en estados de tramitación distintos. Hai tres grandes grupos.

Un primeiro grupo diría que son «proxectos verdes». Neste atópanse os seguintes proxectos. O H2Pole, nas Pontes, para unha planta de produción de H2 verde, declarado o 8 de setembro do 2022 e que nestes momentos ten xa a autorización ambiental integrada publicada no DOG do 2 de outubro do 2024. Outros dous proxectos, ambos agora mesmo en tramitación ambiental: a planta de biofibra reciclada e branqueada nas Pontes, declarada PIE o 15 de xuño do 2023; e o de H2Meirama, unha planta en Cerceda para a produción de H2 verde, declarada o 27 de xullo de 2023 tamén como PIE. Un cuarto proxecto, a planta de biometano de Norbiogas, en Curtis, declarada PIE o 18 de xuño do ano 2024; o 30 de xaneiro do 2025 requiriuse de documentación o promotor para poder iniciar a tramitación ambiental. O proxecto Arteixo H2V, de Accionplug, para a produción de hidróxeno verde, declarado PIE o 2 de setembro do 2024, pendente de comezar a tramitación ambiental. E a planta de conversión de madeira en carbón vexetal de Xeal, en Dumbría, declarada o 9 de decembro do 2024; o promotor presentou a súa documentación o pasado mes de febreiro e está en estudo por parte do persoal técnico.

Hai un segundo grupo de proxectos sostibles. O proxecto de Sentury, declarado o 6 de outubro do 2022, prevé a construción dunha fábrica de pneumáticos nas Pontes; está agora mesmo pendente de autorización ambiental integrada, unha vez que o promotor conteste os requirimentos efectuados. O proxecto Gama, o proxecto de Altri para unha fábrica de fibras téxtiles no concello lugués de Palas de Rei; declarado PIE o 29 de decembro de 2022. Como saben, acaba de publicarse a DIA no DOG do venres 14 de marzo. O proxecto *Stolt Sea Farm*, para unha nova planta de manipulación e envasado de peixe en Rianxo, declarada PIE o 11 de xaneiro do 2024; finalizada a tramitación ambiental, publicouse no DOG do 5 de febreiro do 2025 o informe de impacto ambiental e o 11 de febreiro requiríuselle ao promotor que presente o proxecto de execución. Décimo proxecto: o proxecto de extracción de cobre e rehabilitación de pasivos ambientais e xeración de sinerxías económicas de cobre San Rafael nos concellos do Pino e Touro; declarado PIE o 24 de xuño do 2024, está en información pública e consulta aos distintos organismos. Proxecto número once: a nova terminal de almacenamento de betume no porto de Vilagarcía, de Betunes Gallegos, declarada PIE o 2 de agosto do 2024 e na mesma situación que o anterior. Proxecto doce: a nova planta produtiva



sostible avanzada e automatizada de Congalsa, na Pobra de Caramiñal, que foi declarada PIE o 3 de febreiro do 2025 e que está pendente de comezar a tramitación ambiental por

E, por último, proxectos dixitais. Hai un proxecto dixital que é o Centro de Procesamento de Datos, *Data Center* de Galicia, *Green Data Center*, en Curtis, declarado PIE o 9 de setembro de 2024 e que rematou a fase de información pública o 6 de marzo sen alegacións, polo que continúa o trámite cos informes sectoriais correspondentes.

Estes trece PIE declarados, cada un na fase de tramitación que acabo de sinalar, supoñen un investimento de 2.201 millóns de euros e 4.325 postos de traballo, entre directos e indirectos.

Ben, estas dúas figuras, a da Oficina Económica e a dos Proxectos Industriais Estratéxicos, que son as dúas figuras clave de aceleración industrial da comunidade, complementáanse cunha figura con medidas para nós tamén moi importantes, que son as relativas á facilitación de solo empresarial. Por esa razón se implantou —e non me vou tampouco deter, pero creo que é importante coñecer— a complementariedade dos PIE e da Oficina Económica coas figuras das ZAPES, zonas de aceleración de proxectos empresariais e solo, e das ZIR, das zonas industriais rurais. Permiten recualificar solo e, polo tanto, facilitar a implantación de proxectos industriais de xeito moitísimo máis acelerado que nos casos onde se teñen que levar a cabo modificacións dos plans xerais urbanísticos ou facer un gran polígono industrial ao amparo da Lei de áreas empresariais de Galicia.

Pero ¿que lles falta a todos estes proxectos industriais estratéxicos para ser unha realidade —ademais do que acabo de dicir, desa tramitación áxil e rigorosa de solo industrial dispoñible—? Pois basicamente hai dous elementos que calquera investidor, ben sexa galego que quere crecer, ben sexa un investidor que vén de fóra de Galicia, precisa: precisa apoio económico e precisa enerxía.

A Xunta de Galicia consideramos que é clave e que é imprescindible o apoio ao financiamento do noso tecido produtivo. Vimos de aumentar este ano un 45 por cento os préstamos directos que dá o Igape para empresas e para emprendedores, con 152 millóns de euros dispoñibles agora no orzamento do Igape e con liñas novidosas. Destaco aquí tres liñas que creo que son importantes e atractivas, tanto para o noso empresariado galego como para eventuais investidores. Os préstamos que impulsan a concentración empresarial a través de fusións, de compras de unidades produtivas, de absorcións, que permiten ás empresas galegas ser máis fortes, máis eficientes e máis innovadoras. Os préstamos para desenvolvemento tecnolóxico e innovación, que son un factor clave para o progreso, xa que as empresas que non invistan en desenvolvemento tecnolóxico están condenadas a quedar atrás. E unha liña de préstamos tamén novidosa para a implantación no exterior das empresas. Apoiar as empresas para diversificar os mercados e para crecer no exterior.

A Xunta temos claro que temos que ofrecer mellores condicións e mellores apoios para que as empresas se implanten en Galicia e prosperen aquí. Debemos facelo a través dese acompañamento constante e dun diálogo tamén constante e continuo co tecido produtivo.



Nós témolo claro, pero o Goberno central —e máis concretamente no que se refire aos PERTE e, polo tanto, ao financiamento de proxectos estratéxicos— non parece telo tan claro. Europa realizou un esforzo financeiro sen precedentes para reactivar a súa economía e transformar o seu modelo produtivo. Con todo, a execución real destes fondos en España está moi lonxe da ambición coa que foron concibidos. A realidade é que unha parte moi significativa deses recursos non está chegando ás empresas nin aos proxectos industriais estratéxicos. Miren, dos 41.182 millóns de euros asignados a todos os PERTE, publicáronse convocatorias por valor de 24.801 millóns, un sesenta por cento. E está resolto o 41 por cento. É dicir, chegaron ás empresas 16.891 millóns do total de 41.181 millóns que ten o Goberno de España agora mesmo á disposición, en teoría, das empresas. (*Aplausos.*) E isto non é por falta de proxectos, isto non é por falta de ideas, isto non é porque non exista a necesidade deste fondo ou destes fondos por parte dos nosos empresarios. É fundamentalmente un problema de xestión e un problema de enfoque. PERTE industriais: 33.500 millóns deses 41.000 totais de todos os PERTE. O Goberno central decidiu unilateralmente quedar con todos estes fondos, sen contar absolutamente coas comunidades autónomas para nada. Unha decisión que, desgraciadamente, unicamente parecía ou parece buscar o rédito político, aínda que iso supuxese un dano ás empresas ao perderse a capacidade de xestión, o coñecemento e o contacto co tecido produtivo que ostentan as comunidades.

As consecuencias desa nefasta decisión estanse producindo nestes mesmos momentos e van seguir producíndose no futuro, porque segue habendo falta de encaixe dos proxectos industriais galegos nos PERTE. É unha realidade. Soamente dous proxectos industriais galegos foron seleccionados para obter estes apoios, e isto despois de máis de dous anos desde que se presentou o primeiro PERTE.

Sen financiamento eficaz e sen instrumentos áxiles en apoio directo ás empresas non haberá implantación industrial. Non podemos permitir que miles de millóns de euros queden sen executar mentres os sectores estratéxicos están loitando para acceder aos recursos. E, neste contexto, chama a atención que a oposición faga reflexión sobre a posibilidade de financiamento dos proxectos industriais estratéxicos por parte da Xunta de Galicia. Comprenderán, señorías, que cun orzamento de arredor duns 14.000 millóns de euros, cando o setenta por cento se adica á sanidade, á educación, aos servizos sociais, non existen posibilidades reais de que unha comunidade autónoma como a nosa —ou calquera— poida financiar cos seus fondos propios grandes proxectos tractores que poidan dinamizar a industria de forma significativa. Polo tanto, lamentablemente non está en mans de ningunha comunidade autónoma ter capacidade real para financiar grandes proxectos industriais. Non está en mans das comunidades porque o Estado español denegounos calquera transferencia e xestión dos fondos industriais, dos fondos *Next Generation*.

Pero, ademais destas axudas, ¿que buscan os proxectos cando chegan á comunidade? Buscan, desde logo, esa tramitación áxil, buscan solo industrial, buscan apoio financeiro, pero buscan tamén enerxía. Hai que ter en conta que toda a industria se enfrenta, evidentemente, á necesidade de adaptarse nun escenario de transición, de descarbonización, de electrificación. E un dos principais problemas que se encontran as empresas é o elevado custo enerxético e a variabilidade do seu prezo. É crucial, polo tanto, dispor de prezos estables e de prezos competitivos que permitan crecer e, ao tempo, permitan cumprir con ese reto da descarbonización.



Neste escenario, o aproveitamento das enerxías renovables non pode ser alleo ao lugar onde se produce o recurso. Por iso a Lei 2/2024, a coñecida como Lei de recursos naturais, promovida pola Xunta de Galicia, busca promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e promoción de actuacións que maximicen o beneficio social e económico no territorio dos proxectos que utilizan recursos naturais.

Esta liña foi continuada coas medidas incluídas na Lei de medidas fiscais e administrativas que entrou en vigor en xaneiro do ano 2025, entre elas a obriga de repotenciación dos parques eólicos de máis de 25 anos de antigüidade para conseguir un aproveitamento máis racional e eficiente dos nosos recursos naturais, sen necesidade de máis ocupación do territorio. Ou a moratoria nas solicitudes de novos parques mentres non se aprrobe o novo plan sectorial eólico; cunha excepción, que as solicitudes de parques eólicos destinen unha parte da enerxía xerada a contratos de subministración a medio e longo prazo, PPA, prezos determinados para consumidores locais e industriais. Cun único obxectivo, que temos ben claro: fixar beneficios sociais e económicos no territorio, favorecer as comunidades locais, favorecer a actividade económica de Galicia, fomentar a competitividade da industria galega e minimizar o impacto ambiental e paisaxístico. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, mentres en Galicia intentamos facer fronte a un dos principais problemas que ten o tecido empresarial —e non só aquí en Galicia, teno en toda España—, que é pór en marcha proxectos industriais, o Goberno central non ten tan claro que a cuestión enerxética sexa indispensable para o desenvolvemento industrial do país. A proba máis clara disto é que o Goberno non está a acompañar o desenvolvemento da rede de transporte eléctrico ao desenvolvemento industrial de España. Unha rede que é dos anos noventa e que xa empeza a pasar factura: perdemos oportunidades, perdemos proxectos industriais que precisan grandes consumos de electricidade, algúns deles mesmo intensivos. Temos sobre a mesa investimentos que necesitan conectarse a unha rede eléctrica que non está preparada. Necesítase máis investimento na rede eléctrica, unha nova planificación e unha resposta rápida por parte do Goberno central, que é o competente na rede de transporte eléctrico. Os proxectos industriais estratéxicos non poden estar esperando os longuísimos prazos do sistema de planificación da rede, tal e como está hoxe en día concibida. Agora mesmo os proxectos da zona das Pontes e de Ferrol teñen que estar esperando pola construción de dúas subestacións que se incorporaron nas modificacións da planificación 2021-2026, despois de moito reclamar por parte da Xunta de Galicia. Estas subestacións ¿saben cando van estar operativas? Tendo sorte, no ano 2028.

O anterior é falando de consumo, pero se pensamos en evacuación de enerxía, o Goberno vai permitir a evacuación en Meirama e as Pontes de 550 megawatts menos dos que nos correspondían cando tiñamos as centrais térmicas funcionando. Son todos estes escenarios temporais que non nos podemos permitir, pero ademais non sabemos se todos os proxectos das Pontes e de Meirama van ter a conexión garantida. Por non falar dos proxectos de Curtis ou dos proxectos da Coruña, onde non hai previsión ningunha actualmente na planificación da rede de transporte. ¿Que quere dicir todo isto? Pois quere dicir que hai proxectos industriais estratéxicos que agora mesmo xa se están tramitando en Galicia que penden dun fío. Proxectos como Triskelion, como H2Pole ou como H2Meirama.



Señorías, a realidade é que o Goberno de España está a fixar uns obxectivos de aproveitamento de enerxías renovables ou a pensar que se poden instalar xigaindustrias cando se está a obviar —non sei se por ignorancia o por malicia, non sei cal é o peor— que as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica actuais son insuficientes para evacuar a electricidade que se está a incluír nos obxectivos de descarbonización de cara ao 2030 no PNIEC e son insuficientes para permitir a implantación de moitas industrias, non só en Galicia, senón en toda España. E o Goberno de España segue para adiante como se este problema non existise. Non estamos dispostos, a Xunta de Galicia non está disposta a perder ningunha oportunidade e non estamos dispostos a permitir que o tempo se converta nun obstáculo para atraer investimentos á nosa comunidade. *(Aplausos.)* É urxente que se tomen medidas concretas en España sobre esta situación.

E hai un texto, unha norma, un proxecto de lei —e con esta parte conclúo—, que é clave para conseguir un cambio en España sobre a conexión eléctrica: o Proxecto de lei de industria e autonomía estratéxica, que acaba de aprobar o Goberno de España e que non soluciona nin un só dos problemas que afectan á industria española de verdade, pese ao título que leva a norma, «autonomía estratéxica». E ¿por que non os soluciona? É un proxecto de lei no que se rebaixa á mínima expresión a participación das comunidades, pese a que temos a competencia exclusiva en materia de industria. É un proxecto de lei que —repito— fala de autonomía, fala de proxectos industriais estratéxicos e non se garante que os proxectos industriais teñan a interconexión eléctrica necesaria para a súa implantación. É un proxecto de lei que tampouco garante —na calidade que ten a norma, con rango de lei— o apoio á industria electointensiva de España. É un proxecto de lei que, de forma asombrosa, quere garantir a continuidade dos PERTE como se fosen modelo de éxito en España.

Miren, na fase de alegacións ao proxecto no verán do ano pasado a Xunta remitimos ao Ministerio de Industria e Turismo decenas de propostas de mellora —como moitas outras comunidades— que, por certo, non foron tidas en conta practicamente ningunha. Por iso, pídolles aquí aos grupos políticos que teñen representación no Congreso que apoiem emendas a esta lei —emendas que tamén imos presentar nós a través do Grupo Parlamentario Popular— para que esta lei poida ser útil para a industria en España e, polo tanto, para a industria en Galicia. Emendas en dous sentidos, nos sentidos que acabo de sinalar. O incremento da participación das comunidades autónomas na política industrial. Pero non exclusivamente porque teñamos unha competencia exclusiva e así o di a Constitución e o Estatuto de Autonomía. O Goberno central pretende decidir o futuro industrial de Galicia sen contar con nós e sen contar co resto de comunidades autónomas nos seus respectivos territorios. A Lei da industria é outro intento máis de recentralización por parte do Goberno de España. Non se pode falar de planificación estratéxica sen falar con quen realmente coñece a realidade industrial de cada territorio, que somos as comunidades autónomas. Pero o Partido Socialista está empeñado en impoñer un modelo no que as comunidades autónomas somos ou ben espectadores ou ben xestores da súa política. *(Aplausos.)* Madrid decide e Galicia e o resto das comunidades simplemente obedecemos. Ben, o resto das comunidades menos, por suposto, dúas, que son sempre as mesmas.

A Xunta de Galicia non imos aceptar ser ignorados na planificación industrial, nin a ausencia que temos agora mesmo nesa lei nos órganos decisorios nin a nula participación decisiva



nas declaracións da condición de proxecto industrial estratéxico que se queren facer tamén dende o Goberno central.

Segundo punto que hai que tratar nesta lei: a falta de conexión da planificación industrial coa planificación enerxética. Non hai política industrial sen política enerxética, e en ningún momento da historia houbo unha relación tan estreita entre a industria e a enerxía. A enerxía é a que pode facer e ser decisiva para que un proxecto chegue a Galicia e tamén para que un proxecto se vaia de Galicia. Polo tanto, neste contexto non pode haber máis solución que aumentar a electrificación da economía, para o que se require facer un importante esforzo de desenvolvemento nas redes de transporte e distribución eléctrica e tamén nas redes de evacuación das instalacións de produción de electricidade a partir das instalacións renovables. É necesario investir recursos, hai que investir cartos e é necesario axilizar os procedementos.

Este escenario reconece todo o mundo a nivel europeo e o Goberno de España está a desaproveitar a oportunidade que lle ofrece a tramitación da nova Lei de industria para garantir o aumento da contribución das enerxías renovables ao consumo eléctrico en España e para garantir que esta rede eléctrica sexa capaz de responder aos grandes proxectos estratéxicos que poderían instalarse nos nosos territorios. Cada vez que en Galicia se tenta atraer unha grande empresa, atopámonos a mesma resposta: falta de capacidade eléctrica. E Madrid segue sen facer nada. Se un proxecto industrial estratéxico necesita novas infraestruturas eléctricas o Goberno central debe garantir a súa actualización inmediata. *(Aplausos.)*

E remato xa. Non se pode, penso eu, defender Galicia apoiando leis que lle quitan poder a Galicia. O Goberno central debe cambiar de rumbo e debe promover a implantación de proxectos industriais estratéxicos. O BNG e o Partido Socialista teñen que decidir de que lado están; se están do lado de Galicia ou do lado de Moncloa. Por iso lles digo: non remen en contra da implantación de proxectos industriais estratéxicos na nosa comunidade e non remen a favor dunha lei que recentraliza competencias e que non propón solucións para que os proxectos se instalen en Galicia.

Por agora nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Mixto. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señora Lorenzana, sabe ben que nos coñecemos dende hai moitos anos. Eu persoalmente tíña a vostede como unha das conselleiras máis serias e máis rigorosas do Goberno galego.



Por iso me sorprenderon tanto as súas declaracións este sábado, cando falou logo da manifestación na Pobra do Caramiñal —cando milleiros de galegos e de galegas por terra e por mar berraron «Altri non»—, que vostede dixera «todo un exemplo de comunismo do século XXI, que quería pobreza para Galicia e facer os galegos menos libres». Por un intre pensei, señora Lorenzana, e dígollo dende o cariño, que era como a señora Ayuso nese concepto de *libertad*, nesa hipérbole constante da dereita máis radical que abraza cada vez máis o seu partido, a Vox; que sabe ben, señora Lorenzana, que é negacionista, negacionista do feminismo, racista e que tamén nega o Pacto Verde Europeo, que falou hoxe ben del. Sábeo ben, que o é o mesmo partido, o seu partido, o que pacta coa extrema dereita nun contexto xeopolítico mundial que, evidentemente, haberá que resituarse a dereita e como se vai posicionar o seu partido neste contexto. Sacaron a careta. A verdade é que sacaron a careta.

Lembro ben tamén na súa anterior comparecencia, o 10 de setembro de 2024, cando falou de demagogia das socialistas de Galicia, cando eu lle dicía que era responsabilidade exclusiva do Goberno galego a situación de caos, inseguridade xurídica absoluta e sen precedentes no desenvolvemento eólico do noso país. Levan dezaseis anos do Goberno, algo de autocrítica supoño que terán que facer. Señora Lorenzana, falar con desprezo e sen despeinarse da gran mobilización cidadá contra unha macrocelulosa no corazón de Galicia si que é demagogia, señora conselleira.

Dito o cal, hoxe veu aquí falarnos dos proxectos industriais estratéxicos, onde está o proxecto político de Altri, ese proxecto promocionado polo Goberno da Xunta, capitaneado polo señor Rueda, PIE, que é todo un exemplo de mentiras, de incoherencias continuadas no tempo e máis, como direi máis adiante.

Señora Lorenzana, polas explicacións que deu nesta primeira intervención xa non me quedan dúbidas de que a política económica e industrial do Goberno galego é unha política de propaganda, de ir tirando, de cor gris e, sobre todo, de confrontación co Goberno de España. Por certo, esa propaganda no Plan director de automoción, que eu penso que desde que levo aquí un ano de deputada leva anunciando un ano. Creo que saíu como en tres informes do Consello da Xunta. Aprobouse hai unha semana no Consello da Xunta e eu, no día de hoxe, aínda non teño acceso ao documento do Plan director da Automoción nin no DOG nin no Portal de transparencia, señora Lorenzana. Non sei onde está ese documento.

Por tanto, hai unha política industrial carente de marca propia galega, sumida nun caos —como dicía— de xestión no desenvolvemento da enerxía eólica e na parálise de moitos proxectos industriais estratéxicos, que sabe que moitos non contan co apoio da cidadanía galega. E, ¿sabe por que, señora Lorenzana? Porque se tramitaron con opacidade; tramitáronse sen transparencia e de costas aos galegos, sen escoitar.

As socialistas cremos que o Goberno galego está a practicar, como dicía, unha política de brazos caídos, de pouca ambición de captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento produtivo. Para nós é básica e fundamental unha política industrial, sostible e ambiciosa no noso país. Non sei en que lugar nos sitúa dese grupo do que falaba, dos do «non». Nós queremos e temos un proxecto útil e proactivo para este país, para Galicia, porque cremos niso. Somos a esquerda que pode, señora Lorenzana.



E falaba de catorce proxectos industriais estratéxicos que mencionou no estado da tramitación, aprobados polo Consello da Xunta. Segundo se indica na lei galega —supoño que tamén o saberá— deben, en consonancia cos obxectivos da Unión Europea, para ter financiamento do Plan de Recuperación aliñarse con eses tres eixos que sabe perfectamente, a condicionalidade dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O primeiro eixo, a transición ecolóxica; o segundo, a transformación dixital; e o terceiro, a cohesión económica e territorial. Se non se cumpren estes tres eixos, a porta dos fondos europeos sabe ben que non se pode abrir, porque a condicionalidade é absoluta, señora Lorenzana.

O mesmo respecto que pide para os empregados públicos da Xunta de Galicia —que, evidentemente, sempre o vai ter pola miña parte— píddllo tamén aos empregados públicos e aos técnicos que están a avaliar o principio de dano non significativo ao medio ambiente e o regulamento de taxonomía para acceder a acceder ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por certo, como depende de vostede, teño que dicirlle que a páxina web da Xunta non ten actualizados os PIE. Hai publicados nove e falou de catorce. Se depende de vostede, que se actualice esa información, porque a política de falta de transparencia e opacidade sempre é a mesma en todas as políticas públicas. De feito, o voso truco ¿cal é? Declarar PIE por acordo do Consello da Xunta cando se reciben fondos *Next* ou subvencións por parte do Goberno de España. E, logo si, no Consello da Xunta fan publicidade deses PIE; e na Televisión de Galicia, por suposto, que niso hai que recoñecer que sodes uns ases.

Pero, xa que fala vostede de discriminación, voulle dar datos. Porque ao mellor non estamos examinando os mesmos datos; a ferramenta Elisa, que supoño que será a que consulta, ¿non, señora Lorenzana? Galicia é a sexta comunidade autónoma —a sexta— en recibir máis axudas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Cento sesenta e seis proxectos en total en Galicia: 3.691 millóns de euros, case 4.000 millóns de euros, a mesma cantidade que non quere Rueda que lle perdoen da débeda pública. Dos PIE galegos contan con financiamento do Goberno de España: o proxecto de hidróxeno verde das Pontes e o de Meirama, cada un con 1,15 millóns de euros; o proxecto de carbón vexetal da empresa Xeal en Dumbría, con 22 millóns de euros; o proxecto Triskelion de produción de metanol verde, que, como dixi, acaba de autorizarse en outubro do 2024. Seguimos con máis financiamento: o val de hidróxeno verde da Coruña recibirá máis de 170 millóns; 27,5 millóns do Fondo europeo de innovación para a fábrica de autosuficiencia de Norvento en Lugo. Vinte e cinco proxectos de repotenciación, señora Lorenzana, que anunciou no Consello da Xunta, pero son repotenciacións que contan con financiamento do Plan de Recuperación, en concreto 57,7 millóns de euros. ¿Que facedes vós? Repotenciacións obrigatorias de costas á veciñanza, aos concellos e ao sector eólico. Iso é o que fai a Xunta de Galicia. PERTE de descarbonización: 27,7 millóns de euros. PERTE de proxectos industriais como Ferroglobe ou Resonac. PERTE do vehículo eléctrico: máis de trescentos millóns de euros para Stellantis e máis de cincuenta millóns para a factoría de Vigo.

Non hai maltrato, señora Lorenzana, estes son os datos reais; máis ben ao contrario, sexta comunidade autónoma. É o conto que quere Feijóo que repitan. ¿Por que? Non beneficia a Galicia, señora Lorenzana; beneficia a Feijóo, o relato que quere que conten de confrontación e de facer oposición á oposición.



Señora Lorenzana, eu preguntolle: ¿a Xunta como apoia ou complementa estes PIE, estes proxectos industriais que acabo de relatar? ¿Que fai? ¿Que instrumento financeiro pon á súa disposición? Organismos hai uns cantos: está o Igape, avais, os préstamos financeiros, está o XES Galicia... Sorprendeume que non falara das súas dúas sociedades estrela: a sociedade Impulsa —¿recorda?— e a Sociedade Mixta de Recursos de Galicia. Non as mencionou, só falou da Oficina Económica. ¿Que resultados deron ata agora esas sociedades público-privadas, ese modelo que liderou vostede? Dígollo eu: cero resultados, señora Lorenzana. E vostedes seguen coa marca de facer oposición á oposición. Sempre volvo dicilo: non van beneficiar a Galicia.

E outra mostra do patrocinio comercial do voso proxecto estrela é Altri. Nós, as socialistas de Galicia, sempre defendemos o mesmo, señora Lorenzana: proxecto coherente. Todo proxecto industrial ten que ter tres requisitos: a sustentabilidade ambiental, por suposto, a económica —á que se suman agora outros partidos da oposición— e a sustentabilidade social. O proxecto de Altri, ademais, é un exemplo de opacidade. Imos ver, foi declarado estratéxico o 29 de decembro de 2022 e foi vendido pola Xunta —non digo pola empresa, digo pola Xunta— como un proxecto verde de fibra téxtil ecolóxica. E despois apareceu o proxecto bis transformado e publicado no DOG o 4 de marzo do 2024; iso si, logo de pasar as eleccións, que iso xa evidenciaba que era unha macrocelulosa no corazón de Galicia. E vimos, ademais, como se foron perdendo empregos polo camiño.

Altri é un proxecto político do PPdeG. Fixeron vostedes dese proxecto un proxecto político. Aquí volvemos rebobinar na súa comparecencia do 24 de abril do 2024, cando o mesmo lle preguntaba se na DIA os técnicos ían ter en conta o principio de dano non significativo ao medio ambiente, que é a chave para acceder aos fondos *Next*, e tamén lle preguntaba se ía financiar con fondos propios. E, ¿sabe o que dixo, señora Lorenzana, o 24 de abril do 2024? Foron as súas palabras: «por suposto, señora Iglesias, que os técnicos, os biólogos, os químicos e os enxeñeiros da Xunta van avaliar ese principio e o resto da normativa medioambiental europea». E, respecto ao financiamento, ¿que dixo? «Se o Goberno de España non apoia o proxecto, claro que o valoraremos. Se temos que tomar unha decisión de financiamento, farémolo». Xa o dixo ben claro hoxe o presidente. E ¿agora que pasou? Onde dixeron «branco» agora din «negro», señora Lorenzana. Outra volta á tortilla máis e seguen a tirar balóns fóra, eludindo gobernar.

E sabe ben que, a pesar de que o proxecto Altri conta cunha DIA favorable —con moitos condicionantes, que, ademais, deixa ao albur da promotora o seu cumprimento—, o balón volve estar no tellado do señor Rueda. E ¿por que? Porque, evidentemente, está pendente a autorización ambiental integrada, así como a autorización da posta en funcionamento da macrocelulosa, que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia autorizar finalmente Altri.

Iso si, estrañoume tamén o titular da súa entrevista no Faro de Vigo, que dixo: «*No tengo ni idea si Altri se hará o no, pero porque eso no lo decide la Xunta de Galicia*». Señora conselleira, a esa declaración eu chamaríalle deixación de funcións como conselleira de Economía e Industria. (*Protestas.*) ¡Están a gobernar vostedes! ¿Quen vai autorizar finalmente a macrocelulosa se se chega a instalar en Galicia? Competencia exclusiva en materia de política industrial estatutaria, señora Lorenzana. Eu preguntolle, señora conselleira —hipótese—:



¿que vai pasar se á macrocelulosa se lle denegan os 250 millóns de axuda singular dos fondos Next? ¿Vai o Goberno galego apoiar, como dixó o 24 de abril de 2024 que se ía facer, señora conselleira? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Onde digo «digo»...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: ...digo «Diego». En definitiva, señora Lorenzana, quéixase do «comunismo do século XXI» e de que se xere incerteza con este proxecto, pero, señora Lorenzana, o que máis desconfianza provoca é o silencio, é a opacidade e é a mentira.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ruanova Vilas-Boas.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que esta fin de semana, señora Lorenzana, deixou claro o nerviosismo e o matonismo do Partido Popular, que tildaba, entre outras cousas, de «politizada» a sociedade deste país que estaba exercendo o seu lexítimo dereito á mobilización. E nós, sinceramente, agradecemos o esforzo que están a facer dende o Goberno galego para que a xente deste país tome partido: (*Aplausos.*) na mobilización do sábado na Pobra do Caramiñal, en concertos, nos partidos de fútbol, incluso na propia gala de premios Mestre Mateo.

O que nos está deixando claro é que hai un clamor masivo contra o PP e contra Altri; que hai unha marea de dignidade que non van poder silenciar por moito que manipulen, nin coa TVG, nin por moitos cartos que destinen a comprar vontades. (*Aplausos.*) Porque, sexamos realistas e sexamos sinceros, o seu obxectivo hoxe aquí non foi presentarnos o estado da evolución dos proxectos industriais estratéxicos. O seu obxectivo hoxe aquí foi o de instalar o falso relato de que para o futuro industrial deste país é o mesmo un centro de datos que unha megacelulosa no Ulloa. (*Aplausos.*) O seu obxectivo hoxe aquí foi o de equiparar, en termos de transición tecnolóxica e de transición ecolóxica, proxectos punteiros en tecnoloxía de hidróxeno co modelo de eucaliptización, de espolio de recursos e de depredación do territorio da empresa portuguesa de Altri. Porque dentro desa lista de proxectos industriais declarados estratéxicos pola súa Consellería está o proxecto político do Partido Popular e da empresa Altri. Un proxecto político de practicar o capitalismo de amigotes que só vai xerar riqueza para uns poucos mentres hipotecan o presente e o futuro deste país e de sectores produtivos tan importantes como son o forestal e o alimentario.

E aquí formulámoslle a primeira pregunta que queremos que responda na súa segunda quenda: ¿que ten o Partido Popular con Altri? ¿Que ten o Partido Popular de Galiza coa empresa portuguesa Altri para que vaian tan directas, tan convencidas, na dirección contraria na que está indo o conxunto da sociedade galega deste país? (*Aplausos.*) Supostamente, veu aquí falar dos PIE; e digo «supostamente» porque falou de todo, pero case nada dos PIE.



Bueno, dixo unha cousa que si que nos interesou: que ten competencias exclusivas en materia de industria. Iso si que o dixo. (*Aplausos.*)

Pero, realmente, co tema dos PIE, a verdade é que tamén utilizaron esta figura, unha figura normativa, para o seu proxecto político da megacelulosa. Porque é unha figura, en teoría, pensada para facilitar, para acelerar a instalación de proxectos industriais; unha figura normativa que, efectivamente, permite que a administración vele polo desenvolvemento tecnolóxico e industrial no noso país. Úsana —e instrumentalízana—, conxuntamente cos proxectos de interese autonómico, para pasar por riba de todo: para pasar por riba da ordenación do territorio, para pasar por riba das competencias dos propios concellos, para pasar por riba de calquera criterio técnico, persoa ou normativa que se lles poña por diante.

Con todo, a pesar de todo, a pesar de que aplican o rodete, como esta normativa lles quedaba grande e lles exixía demasiado, fixeron o mesmo cos proxectos industriais estratéxicos que fan con todo: meter a motoserra dos recortes do PP. A comezar polos recortazos que fixeron dos seus propios anuncios en 2021, que alí prometían para este país, a través de proxectos industriais estratéxicos, máis de 3.600 millóns de euros de investimento e a creación de preto de vinte mil empregos industriais. Pero foron pasando os anos e foron aplicando o recortazo. Hoxe en día xa anuncian un quinto deses empregos, dos cales non se materializou apenas ningún.

Pero é que neste camiño de recortes non só recortaron os seus propios anuncios, é que tamén recortaron na propia denominación de proxecto industrial estratéxico. En 2015 para ser declarado PIE facía falta a creación de 250 empregos directos e 50 millóns de investimento. Hoxe en día, apenas 25 empregos —o de directos xa o deixamos para outro día— e 800.000 euros de investimento. E fixérono ademais, como de costume, pola porta de atrás, a través da Lei de acompañamento.

Pero aquí non acaba a cousa porque, para aderezar todo isto, como guinda a este pastel do Partido Popular, crearon paralelamente a sociedade público-privada con Abanca, a sociedade Impulsa Galicia, da que vostede é presidenta. Unha sociedade con cero transparencia, contradicindo incluso o que lles di o propio Consello de Contas no seu último informe de fiscalización das sociedades mercantís autónomas, que insiste en que a sociedade Impulsa Galicia debe estar no contorno de control público para poder exercer a súa fiscalización.

Polo tanto, xa temos aquí o pastelón do PP cos proxectos industriais estratéxicos. Comezan creando as figuras que lles permitan pasar por riba de todo, como esas figuras lles esixen moito modificanas a través da lei de acompañamento e, para acompañar todo isto, crean unha sociedade con cero transparencia que avale todo isto, garantindo que estea fóra do control público. Un negocio redondo para o Partido Popular e para algunha empresa amiga.

Polo tanto, preguntámoslle a segunda pregunta que esperemos que nos responda: ¿que acordos secretos tiñan en 2021 a sociedade Impulsa Galicia e Altri? O certo, a única realidade que podemos constatar hoxe, é que os seus anuncios arredor dos proxectos industriais estratéxicos son un auténtico *bluff*. Igual durante anos lle serviu para sacar a súa nota de prensa, igual lle serviu para saír en *La voz de Galicia*, pero é que hoxe estao utilizando —e demos-



trouno esta fin de semana— única e exclusivamente como arma política contra o BNG. Intenta instalar o relato de que o BNG está contra todo. Pero, señora conselleira, ¿a cantos proxectos industriais estratéxicos nos opuxemos? ¿Acaso o BNG non está a favor do desenvolvemento en tecnoloxías? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Poden rir o que queiran, señorías do Partido Popular. (*Aplausos.*) Nós entendemos o nerviosismo do Partido Popular co proxecto político de Altri. Entendemos que estean nerviosos. É normal, é normal, é normal. ¿Non valoramos positivamente o proxecto de Century, polo cal lle preguntamos nesta mesma Cámara? ¿Presentou alegacións o BNG a algún proxecto como o de Triskelion ou a bioplanta de fibras branqueadas de Ence? ¡Que anda que non terá o BNG cousas que dicir de Ence! Un modelo de pasteira nunha ría que rebentou o sector marisqueiro dunha ría. (*Aplausos.*) ¡Anda que non terá o BNG cousas que dicir! Pero, por suposto, cando se insiste na instalación dunha industria de enclave que só busca chuchar os recursos deste país e xerar valor engadido fóra, por suposto que imos estar en contra e por suposto que imos estar detrás dunha pancarta. Pero ¿saben por que? ¡Porque a sociedade galega tamén está detrás desa pancarta! (*Aplausos.*) Si, señorías do Partido Popular, si, incluso algúns seus tamén. (*Aplausos.*)

Deu vostede datos aquí, pero, claro, collen os datos que queren... Porque collen o do emprego interanual, pero non fan a comparativa co emprego industrial que se perdeu dende 2009 que vostedes gobernan. Porque tamén, se analizamos o PIB, por exemplo, en termos de PIB absoluto estamos moi por debaixo do crecemento medio do Estado. Galiza leva dende 2009 sen converxer coa economía do Estado, e estamos en novena posición. Iso si, sae o señor Corgos dende o principio de ano dicindo que somos os campións en PIB *per cápita*. ¿Como non imos selo? ¡É debido á sangría demográfica que causaron dende 2009! (*Aplausos.*) No caso do índice de produción industrial, levamos vendo como estamos en caída libre dende o 2009 no IPI. É verdade que aumentaron o índice de produción industrial en dúas cousas: no sector servizos e na industria extractiva. Iso é verdade, pero na industria manufactureira produciuse unha caída brutal. ¿E cal é a solución do PP ante isto? Máis industria de enclave baseada na extracción de recursos, máis turistificación, máis industria pasteira... A única proposta que lle ofrecen a este país é turismo, celulosa e salarios baixos. (*Aplausos.*)

O BNG propuxémoslle en máis dunha ocasión dotar este país dun plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial que nos permita, entre outras cousas, facilitar o acceso á innovación de sectores industriais tradicionais que xa están consolidados. E digo isto porque —e vostede xa o dixo— hai escasas semanas a súa Consellería declarou como estratéxico o sector da alimentación. E non é unha broma: declararon hai dúas semanas como estratéxico o sector industrial de alimentación. Por iso, formulámoslle a terceira e última pregunta que queremos que nos responda: ¿como é posible que declaren estratéxico o sector da alimentación ao mesmo tempo que queren instalar unha megacelulosa no Ulloa? (*Aplausos.*) ¿Como é posible que cunha man declaren como estratéxico o sector da alimentación mentres coa outra poñen en risco máis de tres mil explotacións gandeiras con máis de setenta mil vacas e coa segunda denominación de orixe máis produtiva de todo o Estado? Vostedes non nos enganar. Non queren xerar emprego; o que queren é sacar adiante o proxecto de Altri a toda costa. E o que os amola realmente, o que lles dá carraxe, é que haxa un país en pé en contra do proxecto político do Partido Popular de Altri. O proxecto do espolio, das portas xiratorias, de levar os cartos para fóra e deixarnos a merda acá.



Polo tanto, e remato xa, presidente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Están nerviosos. Eu podo entendelo, é normal que estean nerviosos. (*Aplausos.*) ¿Como non van estar nerviosos? Porque dende o Partido Popular o único que buscaron hoxe con esta comparecencia é crear o falso relato que faga fronte a esa contestación social, científica... (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Eu espero a que calen, non teño problema.

Xa sabemos que ter diante o Bloque Nacionalista máis forte de toda a súa historia corróeos e moléstaos, pero é o que hai, señorías do Partido Popular, é o que hai. ¡E máis que imos medrar e máis que estamos medrando! (*Aplausos.*) Xa o sabemos.

Remato, señor presidente, se me deixan, e insisto: o que buscan dende o Partido Popular coa súa comparecencia é crear o falso relato contra a enorme contestación social, científica e dos sectores produtivos que, unha vez máis, deron unha mostra de dignidade; unha vez máis demostraron, saíndo miles de galegas e miles de galegos encher a Pobra do Caramiñal, dignidade e amor por este país. E aí é onde vai atopar o BNG.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente. Señorías.

A verdade, señor Ruanova, púxonos nerviosísimo este novidosísimo discurso do BNG que xamais se escoitara nesta Cámara. A verdade, hai que recoñecerlle que estivo creativo, moi creativo.

En fin, señora conselleira, moitas grazas por acompañarnos hoxe, porque hoxe é un bo día para ver algunhas cuestións. Unha moi evidente, como que debatemos dúas versións contrapostas sobre cal debe ser o futuro do noso país. É evidente que dunha banda estamos todos os que defendemos unha aposta decidida pola industria sostible, polo emprego de calidade e por garantir que o futuro de Galicia continúe dependendo das mans dos galegos e non dos vaivéns caprichosos dun contexto internacional cada día máis inestable. E despois están os outros, aqueles que equiparan o futuro co inmovilismo, que bloquean toda iniciativa que supoña cambio e que permanecen aferrados irracionalmente a un mundo que xa non existe.

A Galicia de 2025 é, sen dúbida, a mellor Galicia da nosa historia: nunca tivemos mellores servizos públicos, nunca tivemos maior riqueza en termos comparativos e nunca desfrutamos dunha sociedade máis xusta, máis equitativa e máis solidaria. Sen dúbida, temos aínda miles de problemas por resolver, mil dificultades que vencer, mil retos que superar. Pero, aínda así, vivimos incuestionablemente na mellor Galicia que coñeceron os tempos.



(*Aplausos.*) Isto é así, e isto si que parece ser que proe. Pois esa Galicia, señorías, é froito do traballo colectivo dun pobo sensato e valente, capaz de superar innumerables dificultades, de anticiparse a cada reto e de adaptarse á realidade cambiante dun mundo en constante movemento. Esa Galicia é froito tamén —e hai que dicilo— da capacidade dos galegos para ignorar as voces que auguraban en cada unha desas dificultades un impedimento, en cada reto, un perigo e, en cada oportunidade, un desastre inminente. Os galegos prosperamos porque, a cada rotundo «non», sempre respondemos cun prudente «depende».

Preguntaba o señor Ruanova a que se opuxeran dende o BNG... «¡Non á eólica!» Isto non sei se lles soa. Pero, grazas a que os galegos dixemos «home, imos ver, depende», hoxe na eólica traballan case catro mil galegos directamente no sector, co beneplácito, por certo, dun Tribunal Supremo que vén respaldando por terceira ocasión o bo facer que cuestionaban os do permanente «non» a todo por parte da Xunta. (*Aplausos.*) Que me pareceu entender, señora Iglesias, que non leu vostede as noticias esta semana, á luz do que dixó aquí.

A ver se lles soa esta: «¡AP-9, non!» Pero os mesmos que cualificaban entón esta autovía de «navallada» ao territorio, hoxe destácana como vía que vertebra Galicia e reclaman a súa galeguidade.

«¡Alcoa, non!» Pero resulta que os que pretendían impedir a súa instalación na Mariña, pois despois os sucesores disfrazáronse aquí un día coa chaqueta de Alcoa nunha sesión de investidura para reivindicar a súa continuidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, dixen disfrazar, porque un puxo unha chaqueta un día —e iso era un disfraz— e despois olvidouse dela, e a camiseta de Alcoa sudámola os deste lado (*O señor Pazos Couñago sinala a bancada popular.*) durante seis anos. (*Aplausos.*) Eses fomos os que sudamos a camiseta de Alcoa.

«¡Sogama, non!» Que non me quero esquecer disto. Perdón polo berro, pero é que é o modo bloqueiro, desculpe vostede. Pero, iso si, demonizaron unha planta que leva trinta anos servindo a Galicia, amosando unha eficiencia incomparablemente superior á alternativa que plantexaban vostedes e que hoxe está quebrada. Permitiron, ademais, a eliminación de máis de trescentos vertedoiros municipais e dinamizaron unha comarca completa grazas a cincocentos empregos directos e outros cincocentos indirectos.

E preguntaba o señor Vilas-Boas que ten o PP con Altri. ¿Que ten o BNG contra calquera industria que se pretenda instalar en Galicia? Esa é a pregunta que aínda non se respondeu, señoría. (*Aplausos.*)

Mire, a conselleira desgranou hoxe aquí os principios básicos dunha estratexia encamiñada a fortalecer o proxecto industrial de Galicia e que forma parte do núcleo esencial do contrato que o Partido Popular asinou cos galegos o 18 de febreiro, xa hai máis dun ano. Señoría, é que eu non sei se o BNG ten un problema para entender como funciona a democracia, porque, segundo o BNG, a xente decide nas manifestacións, nos concertos ou nas galas. Parece ser que a xente en Galicia fala e decide en calquera sitio menos nas urnas. ¿Ou será que o BNG non quere escoitar recorrentemente o chamado das urnas? (*Aplausos.*)



Señoría, tres cuestións básicas que se propuxeron hoxe aquí. Mire, os tres eixos principais. O aproveitamento sostible dos nosos recursos conforme a normativa e os procedementos legais, procedementos legais que están garantidos, por certo, por informes independentes elaborados polos funcionarios legalmente predeterminados. Que vostedes gustan moito do informe técnico, pero sempre de calquera técnico que non sexa o que está obrigado por lei a informar destas cuestións. Fortalecemento dos nosos sectores estratéxicos: enerxías renovables, forestal, TIC... Señor Ruanova, ¿parécelle un problema para un sector estratéxico como o forestal que se instale en Galicia un segundo consumidor intensivo dun recurso que estamos exportando a razón de máis de catro millóns de toneladas, de catro millóns de metros cúbicos cada ano, cando só precisa 1,2? ¿A vostede parécelle un problema? Á maioría dos galegos que teñen aforros depositados en forma de madeira no monte, estou seguro de que non. E por último, a creación de emprego de calidade a través deses catorce PIE, case catro mil cincocentos postos de traballo vinculados á industria, que parece que molestan.

Hai que dicir que os compromisos electorais da oposición non diferían substancialmente dos do Partido Popular eh, eran bastante parecidos. Iso si, a coherencia e a credibilidade son radicalmente distintos e, trala derrota nas urnas, pois decidiron que, o que antes era bo, agora é malo. *(Risos.) (Murmurios.)* O que antes era o progreso, hoxe é un atraso. E, por arte de maxia, pasaron de ser os defensores do financiamento a ser os boicoteadores de calquera proxecto. Porque vostedes prometeron industrializar Galicia, pero a realidade é que paralizan calquera proxecto industrial nesta terra. Hoxe tiveron o cuajo, señora Iglesias, de pasar a pelota do financiamento á Xunta de Galicia. ¡É que quedaron vostedes co cen por cento dos fondos europeos, co seu voto e dos que entón cualificaban que mantiñan unha grande actitude patriótica, que eran os de Vox, que son os únicos que votaron con vostedes para mermarlles ás comunidades a posibilidade de decidir eses fondos! Vostedes e Vox, señoría. ¡Vostedes e Vox! *(Aplausos.)*

¿E como paralizan estes proxectos? Pois, miren, algúns mediante a oposición frontal ao mesmo —xa os coñecemos: «Altri non», «Mina de Touro non»...— e outros son máis sutís, reciben amables palabras. Hoxe escoitamos aquí «nós non nos opoñemos». Pero, iso si, combinan esas suaves palabras coa negación dos recursos imprescindibles para que se instalen. Están a favor do hidróxeno verde. Señorías, ¿por que se chama verde o hidróxeno verde? É que me perdo. Eu cría que era porque a obtención do hidróxeno viña dunha electrificación baseada nas enerxías renovables. ¿Pódenme explicar como se vai potenciar en Galicia o hidróxeno verde sen eólica? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque os técnicos —non sei con cal deles queren vostedes falar— vanlles dicir que iso é imposible. Como é imposible desenvolver proxectos electrointensivos sen unha tarifa específica para a industria electrointensiva e como é imposible implantar calquera industria en Galicia se non dispón dunha subministración eléctrica suficiente garantida; e vostedes non a garanten, señorías.

E despois, como isto lles queda bastante curto, agora introduciron unha novidade neste fin de semana, que é a imposición de novos requisitos burocráticos: a licenza social. Isto é interesantísimo. Eu pregunto: os outros trece PIE que detallou aquí a conselleira, ¿deben ou non deben obter licenza social? Gustaríame saber, xa que estamos postos a facer preguntas, señor Ruanova: ¿onde se solicita esa licenza social? E aínda estaríamos máis interesados en



coñecer quen expide esa licenza social. Porque ¿sabe o que pasa? Que eu creo que o que vos-
tedes chaman «licenza social» é a nova denominación de «non a todo». O vello BNG con
outra careta distinta, señorías. (*Aplausos.*)

Señorías, o obxectivo da oposición é paralizar toda iniciativa industrial que pretende insta-
larse en Galicia; cunha única excepción: a industria do bulo e a desinformación. E por con-
taminante, por tóxica e por corrosiva que poida resultar esa factoría da mentira que está
instalada no corazón mesmo de Galicia, aí si que non van escatimar esforzos, tempo ou fi-
nanciamento para estendela e emponzoñar cada rincón de Galicia. Téñano claro: non llelo
imos permitir. Sairemos á rúa, iremos casa por casa, falaremos con cada veciño para desnudar
a mentira infame que lles están trasladando aos galegos. (*Aplausos.*) Válelles todo para iso.

Eu escoitei aquí dicir que non se cuestionaba o traballo dos técnicos da Xunta. É certo que
escoitei non fai moito o mesmo nunha comisión na que se acusaba eses técnicos de facerlle
un traxe a medida a unha determinada empresa. Hoxe dise que non se lles quere faltar.
Entón, digo eu —e esta si que é unha pregunta que me gustaría que respondesen nas súas
intervencións—: ¿asumen integramente os resultado e o ditame da DIA? ¿Si ou non? ¿Asu-
men vostedes integramente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) Pois se
non o asume, señor Bará, e é tan claro, o que lle pido é que polo menos, xa que vai ser sin-
cero, non exerza de cínico dicindo que respalda o traballo dos 42 técnicos que elaboraron 32
informes que o deixan a vostede por un mentiroso. (*Aplausos.*) ¡É que esa é a realidade, se-
ñoría! ¿Pero de que estamos falando? Señor Bará, está vostede en modo titiriteiro, non sei o
que fai...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... Pérdome, pérdome...

(*Murmurios.*) Porque eu pregunto e vostede, señor Bará, di que non. Eu agradézolle a sin-
ceridade. Entón a miña pregunta é —porque igual teño que facerlle eu unha proposta a vos-
tede hoxe, señora conselleira—: ¿debería eu pedirlle á conselleira que paralice todos os PIE?
Primeiro, ata que consigan a licenza social novidosa que se introduciu a partir deste fin de
semana e, segundo, para que nos expliquen quen ten que informar todos e cada un deses
proxectos, porque ata onde eu sei todos eses informes positivos que a vostedes lles van
deses PIE foron elaborados exactamente polos mesmos 42 técnicos dos que vostedes están
poñendo en dúbida o seu traballo e a súa integridade. (*Aplausos.*) Ah, non, non. Non, perdón,
perdón...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa. Porque as novas teorías do *rodilismo* son fantásticas.
Os técnicos son boísimos e temos que fiarnos dos seus informes para todos e cada un dos
proxectos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) coa excepción do único que a vostede
non lle gusta, ese que cualificou vostede que era un «criadeiro de pirañas no Ulla».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: Hai que felicitala pola creatividade, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señorías, se algo queda claro hoxe aquí é quen defende a industria galega e quen a entrega e a está entregando a cambio de nada. *(Aplausos.)* Este Goberno ten clarísima a súa aposta pola industria: un pobo sen industria é un pobo que non ten futuro.

Señores deputados do Bloque Nacionalista Galego, recorden a súa promesa de xaneiro do 2024, a vinte días das eleccións autonómicas. Dicían que ían acadar un 25 por cento de contribución da industria ao PIB de Galicia. Fíxense que o obxectivo da Unión Europea está para o ano 2030, que é ao que se referían vostedes, nun 20 por cento. Para acadar ese 20 por cento son necesarias políticas fortes, medidas fortes de impulso á industria. É necesario colaborar coas empresas, é necesario traer moitísimos investimentos. E vostedes ían facer maxia. Querían atraer ese 25 por cento de contribución da industria ao PIB, pero sen industria. Piden todos os días postos de traballo industriais, pero sen industrias. Unha continua oposición a todo o que require a industria do século XXI. Porque estamos no século XXI; ás veces hai que recordárllelo. ¡Industria do século XXI! *(Aplausos.)*

Son mesmo capaces de pedir a continuidade de Alcoa, directamente e a través do seu sindicato de cabeceira. Son mesmo capaces, a través do seu sindicato de cabeceira, de pedir a baixada dos prezos da enerxía e, sen embargo, estar absolutamente en contra do desenvolvemento eólico en Galicia. Son os únicos que son capaces de facer isto. ¿Están en contra das medidas eólicas adoptadas pola Xunta de Galicia? ¿Están en contra da repontenciacións? ¿Están en contra dos PPA para a industria? Nada dixeron. Teñen a escasa valentía de que, nin sequera cando son medidas que están apoiando a través dun comité de empresa poden vir aquí e dicir: «si, coa repontenciación estamos de acordo; si, cos PPA para a industria, porque queremos salvar Alcoa, estamos de acordo». Son débiles ata para iso. *(Aplausos.)*

Calquera medida que favoreza a industria e que sexa proposta polo Partido Popular é criticada por vostedes. *(Aplausos.)* É unha crítica de plano, sen análise de ningún tipo. Unha visión absolutamente catastrofista, afastada da realidade que ten Galicia agora mesmo. É un pesimismo continuado que leva o BNG alá por onde vai sen propoñer absolutamente nada. ¡Absolutamente nada! E o que excede xa de todos os límites é o desinterese que teñen todos vostedes, señorías da oposición, en que os grandes proxectos tractores se implanten en Galicia. Permiten que o Goberno central discrimine a Comunidade Autónoma e non reciba o trato que están a recibir outras comunidades autónomas que si están percibindo fondos europeos. Señorías do BNG, mentres outros partidos nacionalistas fan valer os seus votos, o BNG está regalando os poucos que ten a cambio de nada, absolutamente a cambio de nada.



E os señores do PSdeG non quedan atrás disto. Mire, señora Iglesias, eu quero aclarar unha cousa: eu non falei das persoas que foron á manifestación; falei dos líderes, tanto do BNG como o do PSdeG, que secundaron esa manifestación. Este é un claro exemplo do que me refiro cando digo que fai demagogia. (*Aplausos.*) Son importantes os matices nas cousas; normalmente a clave das cousas está nos matices. (*Aplausos.*) Eu non falei das persoas que foron a esa manifestación, máis ben todo o contrario; eu habitualmente digo, e hai entrevistas miñas dicindo que é normal que as persoas se manifesten, que queiran saber, que fagan alegacións. En ningún momento eu falei dos manifestantes; falei e referinme ao comunismo do século XXI por parte dos líderes dos partidos políticos que secundaron esas manifestacións. (*Aplausos.*) O seu problema, o problema do Partido Socialista, non é soamente que Galicia non conte no Goberno central; o problema do Partido Socialista é que nin sequera se atreven a defender Galicia dentro do seu propio partido. Miren, o Partido Socialista perdeu toda valentía: non sodes capaces nin sequera de enfrontarvos ao BNG en Galicia nin ao propio Partido Socialista en Madrid.

Agora resulta que o problema que ten o Goberno de España, señora Iglesias, para dar axudas aos proxectos industriais estratéxicos é que necesita o cofinanciamento de Galicia. ¿Acaso non ten cartos o Goberno de España? Miren, señores deputados do Partido Socialista, hai proxectos noutras comunidades autónomas que se están acordando xa non cos PERTE, con axudas singulares de xeito constante e continuado e que non teñen nin comezada a tramitación. ¿E vostede di que non se está discriminando Galicia? Mire, a axuda concedida a ArcelorMittal en Asturias, Real decreto 251/2023: axuda de 450 millóns de euros e cunha tramitación ambiental que non constaba nin sequera iniciada. Cobra Solutions, Proxecto Cartaxena e Castellón: axuda directa de 150 millóns de euros, Real decreto do ano 2024; non constaba tampouco ningún avance en canto á tramitación ambiental. Xigafactoría de baterías de Envision ASC en Naval Moral de la Mata, Extremadura: axuda de 200 millóns —que era o tope máximo do programa— mais 100 millóns de préstamo; tampouco constaba ningún avance en canto á súa tramitación ambiental no momento de recibir a axuda. Proxecto Cartaxena Large Scale Electrolyzer: axuda de 155 millóns de euros en Murcia; non constaba a tramitación. Proxecto de Ver-Amonia e proxecto de hidróxeno verde en Magallón: axudas de 53 e 28 millóns, respectivamente, ambos en Aragón; avaliación ambiental solicitada no momento de concesión da axuda, pero non estaba outorgada a DIA. E pode seguir.

Mentres, vostedes, tanto señorías do BNG como señorías do PSdeG, seguen dobrando a cabeza fronte á Moncloa, en Galicia seguimos tendo proxectos industriais sólidos, solventes, con toda a tramitación feita; cousa que, como lle estou demostrando, non se exige para proxectos noutras comunidades. Pero estes proxectos, ao parecer, non son merecedores de axudas do Goberno central. E non falo só do proxecto de Altri, falo doutros proxectos que non percibiron ningunha axuda, que están quedando fóra de todas as convocatorias dos PERTE. Asturias, Murcia, Extremadura ou Aragón reciben axudas directas sen ter avaliación ambiental e Galicia nin un euro, ou «xa veremos se llo damos unha vez que teña a DIA».

E vostedes, señorías da oposición, non din nada, non protestan, non exixen, non fan nada; ou, o peor, din que non veñan fondos para proxectos galegos. Señorías do BNG, eu tamén o entendo, porque ¿como vostedes van reclamar nada para proxectos estratéxicos galegos cando a industria desapareceu por completo do pacto que fixeron co señor Sánchez? En 2023 —pouco



antes de volver asinar o pacto de investidura co PSOE— o seu deputado Néstor Rego declaraba en prensa que o Goberno de Pedro Sánchez non cumprira o pacto do ano 2020, e cito literalmente: «O Goberno non cumpriu con todo o acordo de investidura. Agora temos que ser máis exixentes e cautos, agora non haberá un cheque en branco». (*Murmurios.*) Pero, ¿que fixeron vostedes? Vostedes dobregáronse, calaron e volveron asinar un novo cheque en branco. (*Aplausos.*) E non o digo eu. (*Aplausos.*) Miren, ata medios pouco sospeitosos de criticar o BNG recoñeceron que no novo pacto de 2023 desapareceron por completo as referencias á industria e á transición verde: «De 2020 a 2023, o acordo BNG-PSOE é máis ambicioso en infraestruturas, pero sen transición verde nin industria». ¿Sabe de onde é esta noticia? Do diario *Praza*; creo que non é sospeitoso de criticar o BNG. «Agora non haberá un cheque en branco», isto é o que dixera Néstor Rego en agosto de 2023, pero máis branco que nunca; iso si, coa rúbrica da señora Pontón.

Señores do BNG, creo que son vostedes o único partido nacionalista que coñezo que rema en contra de que se instalen empresas no seu propio territorio. Xa me explicarán que clase de nacionalismo é este. (*Aplausos.*) (*A señora conselleira de Economía e Industria, Lorenzana Somoza, amosa un documento.*) Miren, esta é a importancia que lle dá o BNG á industria galega. Isto é o que puxeron no pacto de investidura sobre a industria. Nada, nada. O mesmo que logran en Madrid: ¡nada! (*Aplausos.*) Pero non estean preocupados, porque en contradicións e en falta de coherencia política non están sós; teñen un extraordinario compañeiro —ou máis ben un extraordinario subordinado— no Partido Socialista de Galicia.

Quero recordar hoxe unha fantástica peza audiovisual que creo que debería ser de referencia para calquera amante do cine propagandístico. Dura case quince minutos, pero de verdade que merece a pena vela, porque é unha auténtica xoia. Os socialistas preséntanse aquí como os grandes mártires do progreso industrial. Neste exercicio maxistral que fai o PSdeG de entón —claro, non o de agora— decide explicar con todo luxo de detalles os beneficios que tería a instalación do proxecto de Altri na comarca da Mariña. A obra titúlase «A Mariña, relato dunha traizón» —ata o título é moi épico—. Nela participan a deputada Patricia Otero; o alcalde de Foz e presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña, Francisco Cajoto; a exalcaldesa de Viveiro, María Loureiro; a exalcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez; e o entón voceiro socialista do Concello de Cervo, Francisco Mon. E nestes quince minutos os socialistas explican que Altri xerará emprego, desenvolvemento e futuro próspero para a zona. Pero, por se hai algunha dúbida, voules citar frases textuais: «un halo de esperanza», dicía a entón alcaldesa de Viveiro; «unha noticia que nos enchía de esperanza», destacaba a alcaldesa de Trabada; «unha grande oportunidade», o exvoceiro socialista de Cervo. Este vídeo colgouno o Partido Socialista da provincia de Lugo o 16 de maio de 2023. E non me digan que entón non coñecían o proxecto; eu creo que é mellor que calen que que mintan outra vez. (*Aplausos.*)

Entón, eu pregunto agora, señorías socialistas: ¿onde quedou este entusiasmo? ¿Onde están todos estes discursos sobre progreso e oportunidades. ¿Para a Mariña si e para Palas non? Voules dicir eu o que penso. Ao mellor é que «para Galicia, si», pero se non fose o Partido Popular o que goberna e, polo tanto, se a medalla da industrialización a puidese colgar o PSOE —neste caso, que pode trasladarse a mensaxe ao BNG—. ¡Que admirable a súa coherencia, señores do Partido Socialista! O que antes era unha oportunidade histórica para a



Mariña —non o digo eu, dicíano vostedes— agora é un perigo medioambiental para Palas de Rei e para a ría de Arousa. Vese que manteñen as súas ideas con firmeza: (*Aplausos.*) chegan neses quince minutos os cinco a criticar a decisión de que a empresa non se instale finalmente na Mariña e que vaia para Palas e citan as razóns polas que debería irse á costa lucense. Falan —non sei se lles soa— de pechar o ciclo da madeira, de abundancia dos recursos, da man de obra cualificada, das redes ferroviarias e dos portos... Cajoto incluso aseguraba que todos os edís da comarca estaban dispostos a colaborar para superar calquera atranco e axudar a que o proxecto se instalara na comarca mariñá. E agora a deputada nacional —por certo, Patricia Otero— vangloriábase dese acordo parlamentario do que agora renegan, unánime, alcanzado entre os tres grupos para que se instalara preferentemente na Mariña.

Pois eu creo que a este vídeo podemos sumar agora os distintos vídeos dos diferentes responsables socialistas pedindo a pasada semana acompañar a señora Pontón á manifestación do pasado sábado. Congruencia e valentía en estado puro, señores socialistas. (*Aplausos.*) ¡Isto si que é unha boa mostra do que é a política socialista na súa máxima expresión! Primeiro, venden vostedes a pena, despois preséntanse como salvadores e ao final culpan os demais. A culpa sempre é do mundo, nunca é súa.

Señorías do PSdeG e señorías do BNG, equivócanse unha vez máis: a oposición ao desenvolvemento industrial de Galicia non dana a Xunta, dana a Galicia, dana o territorio e dana os seus cidadáns. E dánaos porque limita as oportunidades que teñen os galegos de conseguir mellores empregos e de conseguir medrar en Galicia. Pero, sinceramente, creo que se equivocan unha vez máis, porque a oposición ao desenvolvemento industrial de Galicia tamén os debilita, debilítaos a vostedes como partidos políticos. Nós defendemos o desenvolvemento industrial sempre respectando a normativa e co máximo respecto aos valores naturais e patrimoniais. Vostedes escollen os proxectos segundo o rédito político que poden obter, acábo de dicir claramente o señor Pazos. ¿Vanme dicir que foron quen de analizar cada un dos catorce PIE ou que é a única preocupación súa o proxecto de Altri? ¿Vanme dicir que os técnicos que están a informar cada un destes proxectos só están manipulados nun caso, que é o de Altri? ¿Vanme dicir, por exemplo, que a autorización ambiental integrada negativa da planta de Coeses tramitouse de forma distinta á de Altri? Aí calaron, aí non houbo presión dos técnicos, aí si fixeron ben o traballo. Os técnicos fan ben o seu traballo cando fan o que din vostedes; cando fan o que eles cren que teñen que facer, dependendo dos casos e do rédito político que poidan obter, fano ben ou fano mal. (*Aplausos.*) Pois, ¿sabe que lle digo? Que os técnicos fan sempre o que teñen que facer, non están contaminados por ninguén. Dende logo, non por nós, pero tampouco por vostedes.

Miren, señores deputados da oposición, cambien o seu discurso dunha vez e defendan o desenvolvemento da comunidade. Camiñen cara a unha postura de impulso industrial sen extremismos dentro da legalidade, do máximo respecto aos valores ambientais de Galicia, do aproveitamento dos nosos recursos naturais. Asegúrolles que é posible. Galicia merece o mellor e merece un Goberno que defenda os proxectos industriais e que non os regalemos a outras comunidades. Pero tamén creo que merece partidos que negocien en Madrid con firmeza, non que asinen cheques en branco, e merece partidos que antepoñan Galicia fronte á disciplina política.



Nada máis. Grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos saudar agora os integrantes da asociación cultural Enrédate, que son alcaldes, son profesores e son tamén funcionarios de distintos países de Europa e que hoxe nos visitan no Parlamento. Despois terei ocasión de saudalos persoalmente. Benvidos ao Parlamento unha vez máis.

Grazas.

E agora, rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señora Lorenzana, de mártires nada; de valentes, todo. E dígolle máis: o sorprendente é como se deixou vostede enganar realmente por esa mentira que se fixo no Goberno galego desde que se declarou o proxecto de Altri estratéxico o 29 de decembro de 2022 polo Consello da Xunta e como se foi transformando ese proxecto verde —que incluso estaba o sector do téxtil e unha grande empresa téxtil nese proxecto inicial— e como se foi desinflando pouco a pouco e mentindo, cambiando o proxecto cando, despois das eleccións, o 4 de marzo, saíu no *DOG* a información pública do proxecto. Deixouse enganar, señora conselleira. Esa é a realidade. Ou, non sei, ao mellor xa estaba nesa complicidade de engano.

Eu tamén creo no informe Draghi, do que tamén falaba na entrevista da fin de semana, e creo tamén no Pacto Verde Europeo. O que digo eu: ¿que quere ser o PP de maior, se pacta con Vox, a extrema dereita, que é o negacionismo do cambio climático e do Pacto Verde Europeo, señora Lorenzana? ¿Está tamén de acordo con iso? (*Aplausos.*) ¿Está tamén de acordo con iso? Pois penso que é o mesmo partido ao que está afiliado o que pacta coa extrema dereita e nega o Pacto Verde Europeo, que tanto falou aquí dese pacto.

Proxecto de lei de industria estatal e autonomía estratéxica, que introduce tamén o que se pedía, esas medidas de mantemento de emprego, de evitar a deslocalización de empresas no noso territorio e tamén en Galicia. Sobre todo para loitar co tema da dependencia de terceiros países con sectores tan importantes como a automoción ou o sector naval. ¿Que pensa desas medidas de deslocalización e mantemento de emprego que reciben axudas ou ben dos fondos *Next* ou ben dos fondos *PERTE*? ¿Que vai facer o PP cando chegue ao Congreso dos Deputados? Estou a favor, ao mellor, desas alegacións en fase de emendas que se farán no Congreso dos Deputados de dar máis descentralización ás comunidades autónomas. Certo é, é unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega.

Pero o que vexo agora é que vostede fai deixación de funcións. ¿Que vai pasar con Altri? «*Pues no lo sé. No depende de la Xunta de Galicia*». Señora conselleira, de verdade, iso non é serio. ¿Quen autoriza a posta en funcionamento do proxecto industrial de Altri? ¿É o Goberno



do Estado, señora conselleira? ¿É o Goberno do Estado? Por favor, respóndame a esa pregunta. Os socialistas queremos do noso país que lidere a reindustrialización sostible, da man da transición enerxética, que consideramos un binomio inseparable. E estamos quedando atrás, señora conselleira, perdendo investimentos industriais e enerxéticos.

A comunidade autónoma está chea de incertezas e inseguridade xurídica. ¿Por que? Por que non teñen unha estratexia definida en materia de política industrial e enerxética. Bandazos e máis bandazos; trece modificacións da lei do sector eólico. ¿Que pensa o sector, a Asociación Eólica Galega, desas medidas e improvisacións? ¿Desas repotenciacións obrigatorias? Coas que estamos a favor, pero, evidentemente se repotencian e invisten na repotenciación saberá coma min, señora conselleira, que deixan de investir en novos parques eólicos ou novos temas de enerxía hidráulica reversible, por exemplo. As enerxéticas son as mesmas. Sabe ben o que está a pasar. ¿É unha comunidade autónoma con seguridade xurídica, señora Lorenzana? Non, non o é.

E sempre o dixemos e viu a coherencia do Partido Socialista. Sempre, para poder as industrias asentarse no noso país, teñen que cumprirse as tres condicións. A sustentabilidade ambiental, que queda aínda ese control sucesivo do Regulamento de taxonomía para acceder aos fondos *Next*. E sábeo ben, señora conselleira, creo que o sabe ben. Tamén a sustentabilidade económica. ¿Que pasa na hipótese de que non se reciban eses 250 millóns ou non pase o filtro de principio de dano non significativo ao medio ambiente? ¿Que vai pasar, señora conselleira? ¿Tamén vai facer deixación de funcións? Porque a pelota volve estar no seu tellado, señora conselleira. Autorización ambiental estratéxica e autorización da posta en funcionamento. ¿Que vai pasar co proxecto Altri? Se nesa hipótese os 250 millóns de euros non chegan ao proxecto, ¿que vai pasar? Contésteme a esa pregunta.

Para os socialistas é nuclear un pacto de país en materia de industria e enerxía; no equilibrio, na mesura, na rigorosidade, nin no «si» correndo nin no «non» a todo. Estamos na mesura e na rigorosidade, nun proxecto útil e propositivo que queremos para o noso país, señora Lorenzana.

Na Xunta non hai unha estratexia definida. Como dicía, oitenta parques eólicos suspendidos por falta de sustentabilidade ambiental, que non pende da cuestión prexudicial do TJUE da consulta pública. Señor Pazos, claro que lin a sentenza do Supremo. Refírese, efectivamente, ao procedemento de fraccionamento artificial dos parques eólicos e do procedemento de parques que teñen unha mesma liña de evacuación. ¿Afecta moitos dos parques eólicos suspendidos por temas de sustentabilidade ambiental? Non, señor Pazos, non. Dúas providencias do Supremo veñen de confirmar os autos de medidas cautelares. Entón, ve doado sempre situarse no «non». Iso tamén o entendemos, señora conselleira. Pero de primeira potencia eólica, ¿en que posto estamos? Quinta posición. E, mentres os investimentos foxen. ¿A onde? A outras comunidades autónomas. Iso é o que está a pasar.

Galicia é a sexta comunidade autónoma en recibir financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Pode vender o discurso que queira, de choromicas, que sempre fan iso, realmente, de vitimismo. Hai 3.691 millóns. Apoio a proxectos de hidróxeno verde: 30 millóns; fábrica de Xeal: 22 millóns; Val de hidróxeno verde: 170 millóns; fábrica de Nor-



vento en Lugo: 27 millóns; PERTE do agro: 14 millóns; PERTE naval: 7,2 millóns; transporte sostible e dixital: 8 millóns; PERTE de descarbonización: 27,7 millóns; PERTE do BIC: un total de 72 millóns. A ver, señora conselleira, creo que os datos son os mesmos, xa llo dicía. ¿Como poden ser totalmente diferentes os datos que dou eu? Está aquí no portal, na ferramenta Elisa do Goberno de España. Aquí están desglosados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: ...176 proxectos industriais que contan con financiamento de fondos *Next Generation* e de PERTE do Estado, señora conselleira.

E xa vou rematando, o tema de Altri. ¿Cre que un proxecto que precisa 250 millóns é viable economicamente? A ver se me pode responder a esa pregunta. ¿Que impacto significativo vai ter ao medio ambiente, sobre a afectación dos recursos hídricos, sobre a contaminación dos acuíferos, sobre a política forestal galega? ¿Vai cambiar?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: ¿Hai un proceso de economía circular no proxecto de Altri?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: Eu penso que non.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: A ver se me pode responder esas preguntas, señora conselleira. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ruanova Vilas-Boas.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

A verdade é que si que están nerviosos, señora conselleira, están moi nerviosos. Porque, no lugar de vir aquí comparecer unha conselleira e o grupo do PP, compareceron dous porta-vozes do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Pero o que nos demostra é que o Goberno galego neste momento é un animal salvaxe. É un animal salvaxe que se sente acurrulado e que só pode atacar de xeito desesperado. E hoxe tamén nos demostrou outra cousa. Demostrounos que vén facer aquí vostede e o portavoz do seu grupo o que non se atreve a facer o presidente da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

E, ademais, entre todas as cousas, non deixan de contradicirse, porque levan poñendo o respecto aos técnicos da Xunta na tramitación de Altri por riba de todo; ipero é que a declaración



de impacto ambiental vén asinada por dous altos cargos da máxima confianza do Partido Popular! ¡Vamos ver! (*Aplausos.*)

Falouse aquí de licenza social. Igual a licenza social había que pedirla a Beatriz Mato Otero, paréceme a min, ¿non? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E se tan bo é Altri, ¿por que non está todo o sector forestal, todo o sector industrial facendo manifestacións a favor de Altri? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que non está pasando iso? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Lorenzo...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Está claro que fala moitas veces de traballar quen menos debería, pero, ben. (*Aplausos.*) Dígoo máis que nada porque nesta comparecencia o seu grupo preferiu sacar o seu [matón] (*Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) que sacar o portavoz de Industria. Así que, señor Lorenzo, mellor non interveña nesta comparecencia. (*Aplausos.*)

Dixeron por aquí que o voto do BNG no Estado non vale para nada, pero eu digo o mesmo de sempre: pregúntenlles ás usuarias da AP-9. Pregúntenlles a partir de hoxe ás usuarias da AP-53 se o voto do BNG en Madrid non vale para nada, señorías. ¡Por favor! (*Aplausos.*)

E por suposto que o BNG vimos a esta comparecencia falar de Altri, porque non se pode pretender que veña a concelleira de Economía e Industria a comparecer a este Parlamento, a máxima responsable na tramitación dos proxectos industriais estratéxicos, a falar precisamente dese tema e que nós non falemos do proxecto que máis está preocupando a sociedade galega neste momento. Non pretenderán que compareza a persoa responsable de dar o último ok a un proxecto industrial estratéxico e que non falemos dun dos proxectos que está en tramitación. Non pretenderán que veña comparecer a conselleira e que non nos centremos exclusivamente naqueles temas que teñen que ver coas competencias exclusivas da súa consellería. Porque é verdade que se falou aquí de que as pelotas están enriba de moitos tellados, pero o certo é que aínda quedan trámites do seu Goberno para dar o visto bo a Altri. Queda a concesión de augas, queda a autorización ambiental integrada e queda a sinatura do seu puño e letra, señora Lorenzana, para que este proxecto vaia ao Consello de Goberno.

Estallo dicindo a sociedade galega, estanllo dicindo as técnicas e científicas expertas dende os seus diferentes eidos, incluso llo dixó recentemente un exalto cargo do Partido Popular, ata hai dous días na Xunta de Galiza: que o proxecto de Altri vai contribuír a unha segunda onda eucaliptizadora neste país. Porque din que exportamos eucaliptos. Xa, pero é que o eucalipto non desaparece unha vez sae de Galiza. Ese eucalipto é consumido por Ence en Navia. ¿Que lle van dicir a Ence de Navia? ¿Que deixe de comprar o eucalipto galego? ¡Anda, por favor, señorías do Partido Popular! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Falou aquí vostede, señora conselleira, de catorce proxectos industriais estratéxicos. Pero nós insistimos: o proxecto de Altri non é un proxecto estratéxico; é un proxecto político do



Partido Popular. E, polo tanto, insistimos: hai que desenvolver unha política industrial autocentrada, e debemos mirar para nós. Xa propuxemos moitas veces deseñar un plan de fomento da actividade tecnolóxica, porque estratéxico tamén é consolidar o tecido existente, así se eleva o PIB. Pero vostedes prefiren acudir a un modelo do século pasado cunha nova megacelulosa, que non queren nin en Portugal nin un modelo moi semellante en Noruega.

Dixémoslle dende o Bloque Nacionalista Galego que eran precisas mesas sectoriais permanentes nos sectores estratéxicos para facer do diálogo a planificación, pero vostedes preferiron utilizar a Sociedade Impulsa Galicia, da que vostede é presidenta, para facer acordos secretos con Altri. *(Aplausos.)*

Puxemos enriba da mesa dende o Bloque Nacionalista Galego en máis dunha ocasión a necesidade de facer modificacións normativas que impidan que as deslocalizacións se fagan a través de subvencións públicas. Pero vostedes prefiren que se entreguen 250 millóns de euros públicos a Altri para que leven o beneficio para fóra e que nos deixen a merda neste país.

Porque é moi fácil para o Partido Popular vender o falso relato de que o problema da industria deste país é o BNG ou o comunismo do século XXI. Pero o certo é que o maior problema que afronta o noso sector industrial é a visión curtopracista dun Partido Popular que destruíu, dende 2009, 40.000 empregos industriais. *(Aplausos.)*

E a única proposta sería, a única proposta desenvolvida que nos presentan hoxe, é a de volver ao franquismo industrial, que quere hipotecar o noso presente e o noso futuro, unha vez máis, a través da industria de enclave e de portas xiratorias. Polo tanto, señora conselleira, remato xa dicíndolle o mesmo que lle está dicindo a sociedade deste país: para termos futuro e para termos traballo, Altri non, Galiza si.

Moito obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, señor Brais Ruanova. Queríalle comentar, porque entendín que vostede se dirixiu ao portavoz do Grupo Parlamentario Popular chamándolle «matón». *(Varios deputados e deputadas: Si.)* Pídolle que o retire. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor. Estou falando con... *(O señor Ruanova Vilas-Boas: ¿Non viu a súa intervención?)* Si, pero vostede utilizou esa palabra, «matón», e non é unha palabra... *(O señor Ruanova Vilas-Boas: ¿E cando nos chaman «terroristas» a nós?)* Non, non, non. Eu estou agora neste caso, neste debate. Vostede... *(O señor Ruanova Vilas-Boas: Eu non o vou retirar, señor presidente.)* ¿Non o retira? Pois, retíroo eu e chámoo á orde.

Grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías, eu creo que se amosou así claramente quen está nervioso, pero hai unha cousa que me parece preocupante. Se vostede vén aquí na tribuna do maior e máis importante órgano



de Galicia e se atreve a chamar «matón» ao voceiro da maioría, ¿que non estarán aturando os alcaldes, concelleiros e a xente de boa fe que na rúa está defendendo o futuro para os seus concellos? (*Aplausos.*) ¡Ai! O vello BNG de sempre, ¡que noviños veñen e que costumes tan feos herdaron!

Mire, señoría, eu entendo que vostede ten certas dificultades para entender como funciona a administración. Calquera día vaia ver o título universitario que terá colgado na súa casa e vaise sorprenden de que está asinado polo Rei. Xúrolle que estou convencido de que a vostede quen o examinaron foron os seus profesores, pero vostede igual pensa que estaba alí Juan Carlos lendo a ver se pasara vostede as notas ou non. (*Aplausos.*) Pero, ¿de onde saíron vostedes? É lamentable.

Mire, como hoxe levamos un día no que eu creo que estamos nunha volta aos oitenta... Escoitei hoxe «OTAN non», «Alcoa non», todas estas cousas que se escoitaron. Vostedes pensan que esta casa vive nos anos oitenta, pero, afortunadamente, hoxe temos hemerotecas e hai arquivo de todo o que se di aquí. Por iso sabemos que os que hoxe intentan boicotear este proxecto, cun enorme cinismo, no seu momento apoiaron —leo— «poñer á disposición de Altri asesoramento técnico e económico para que o Goberno de España garanta os fondos necesarios para a súa implantación en Palas de Rei», por proposta do PSdeG e coa abstención dun BNG que exixía que fose á Mariña. (*Protestas.*) Si, se nos acordamos todos, eu acórdome, señoría. E, a partir de aí, para xustificar este delirio empezaron os argumentos delirantes. «É que non coñecemos o proxecto» ¡Ah!, que estaban propoñendo vostedes que se instalase un proxecto na Mariña, pero a cegas, non sabían de que ía. Mire, unha pregunta: ¿de que falaban no 2023 o Ministerio de Industria e Altri cando se reunían para buscar financiamento para a planta de Palas de Rei? Sería que estarían botando o rato.

Despois argumentan que o proxecto mudou: «Altri acuerda con el Gobierno cambios en su proyecto en Galicia para poder optar al PERTE. Presenta un proyecto extraordinario que encajaría con los objetivos de la apuesta hacia la descarbonización». ¡Oia!, co ministro este creo que xa gobernaban vostedes, ¿verdade? ¿Ou tampouco nos acordamos disto? Afirmaron, evidentemente, que querían transparencia, pero despois boicotean todas e cada unha das reunións nas que quería informar a empresa, porque esas non lles gustan.

E despois xa entramos no delirio. «É que se instala en Galicia porque non a queren en Portugal». Eu fixen unha lista de empresas que supoño que están aquí porque non as queren. Eu supoño que Stellantis, a maior factoría de Galicia, está en Galicia porque non a querían en Francia. Supoño que Alcoa é un produtor de aluminio que está en Galicia porque o señor Trump o quere fóra dos Estados Unidos. ¿Syngenta sóalle, señor Ruanova? Creo que traballaba vostede alí ata que chegou a esta Cámara. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero non se enfaden, que despois din do nervio. Curiosamente onde vostede traballa ten a sede en Basilea e resulta que é de capital chinés, pero supoño que a trouxeron ao Porriño porque non a querían alí ou para darlle satisfacción a vostede, que estivese contento. (*Aplausos.*) Claro que si. Están a favor do proxecto de Sentury, que nos felicitamos todos, pero resulta que non ten nin a avaliación ambiental aínda e ademais o proxecto é chinés; supoño que non o queren na China. Stolt Sea Farm vén para Rianxo porque os noruegueses non o queren en Noruega. O Galicia Green Data Center de Curtis debería estar en Sevilla, que é onde



está a sede da empresa que o está a impulsar. E incluso, supoño eu, que esa fábrica de Ence, a «pasteira boa» agora, pois resulta que debería estar en Madrid, que é onde ten as oficinas e non aquí en Galicia, que vostedes a querían botar a patadas. Incluso supoño que a terminal de betumes do porto de Vilagarcía podería estar instalada en Xenebra, que é onde o grupo Gunvor, o seu impulsor, ten a sede. E a pregunta que nos facemos é: ¿que facemos? ¿Desbotamos todos estes proxectos ou desbotamos os argumentos absurdos do BNG? Eu téño bastante claro, vostedes non sei. (*Aplausos.*)

Unha das mentiras máis perigosas: «que non traian os 250 millóns para Altri e que os dediquen á comarca da Ulloa». Isto, directamente, é unha estafa á comarca da Ulloa, porque saben perfectamente que iso é imposible. E, se non, pido que aquí un representante do PSOE garanta que, se non dan os 250 millóns do PERTE, se garantan para a comarca da Ulloa; e, se non, responsabilizáremolos directamente ao BNG e ao PSOE por unha fraude masiva aos veciños da Ulloa. (*Aplausos.*) ¡Menten máis que falan, señorías!

E, como hai que mentir, e mentir é gratis, ata escoitei aquí a señora Iglesias dicir «aos socialistas nunca nos gustou nada, nadiña o proxecto de Altri, sempre mantivemos o mesmo equilibrio de coherencia política». Patricia Otero, 8 de febreiro do 2022: «Hai que tirar cara á Mariña, porque realmente aí é onde están os recursos, onde está a masa forestal». Vai un pouco de nacionalismo da Mariña; «tiremos cara á Mariña». E, un ano despois, dicía o señor Martín Seco: «O noso grupo non está en contra do proxecto de Altri. Xusto ao contrario, o proxecto é unha boa idea. Temos a materia prima no territorio, teñen vostedes un socio industrial solvente e con experiencia e teñen os posibles compradores do seu produto en empresas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...como Inditex». Son cousas que pasan, como cando o señor Castro dicía que se aledaba da instalación (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e, volvo repetir, despois a señora Rodil nos acusaba de que iamos converter as troitas en pirañas ou noutras.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Vinte e sete graos.

Eu estou pensado, señorías, 27 grados. Eu voulle facer —e remato xa—...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Vou rematar cun consello para as súas señorías do BNG...:

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...coidado cando se duchen hoxe, porque se poñen a auga moi quente non vaiamos ter mañá aquí 25 pirañas. Ou igual é que xa a conversión viña moito antes deste consello. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señorías, eu creo que, despois de todo o que escoitamos hoxe, podemos concluír que a Galicia industrial é unha realidade, para gran pesar do nacionalismo galego. (*Aplausos.*) Xa non lles vou preguntar cantos proxectos industriais tiveron que soportar os ataques do BNG, porque, sinceramente, non son capaz de manter a pregunta sen que me dea a risa. Pero si lles digo: ¿cantos proxectos industriais foron propostos ou foron apoiados polo BNG? Ningún. ¿Que tipo de Galicia existiría hoxe se triunfasen as políticas antiindustriais do BNG? Unha Galicia atrasada, unha Galicia sen emprego, unha Galicia con emigración e seguro que nesa Galicia desindustrializada o BNG sería o primeiro en manifestarse a favor de postos de traballo na nosa terra.

Para vostedes, señorías do BNG, Galicia é unha escusa. Non hai nada no seu historial a favor do desenvolvemento económico da nosa comunidade e non todos os nacionalismos son así. É así o BNG. Outros nacionalismos do Estado esforzáronse por industrializar a fondo os seus territorios, por atraer investimentos, por atraer iniciativas. O BNG non pasou nunca do berro á proposta. E láméntoo sinceramente, porque un amplo consenso sobre o desenvolvemento industrial faría, sen dúbida, a Galicia máis forte. E xa sei que vostedes vanme dicir que o que queren é outra industria, outro tipo de enerxía eólica, outro tipo de crecemento económico. O problema é que nunca din cal. O modelo industrial do BNG xúrolles que é un dos segredos mellor gardados de Galicia. (*Aplausos.*)

Díganlles a verdade aos galegos: non teñan modelo, porque soamente ven Galicia en negativo. Vólvollelo dicir outra vez e pouco máis, sinceramente, teño que engadir sobre as súas intervencións. Quizais o seu modelo foi o que sumiu a Europa comunista na pobreza, nos desastres ambientais e na opresión, pero ese non é nin o presente nin o futuro que queremos o Partido Popular para os galegos. O noso modelo baséase en crear riqueza, baséase no respecto ambiental e, si, señora Iglesias, baséase na liberdade. Nós non sospeitamos do que quere investir en Galicia e deixamos que as empresas decidan se van facer os proxectos ou non. Por iso eu non sei se Altri vai facer o seu proxecto en Galicia ou non. (*Aplausos.*) Nós, o Goberno do Partido Popular, cremos en Galicia como foco de atracción de investidores. Sentímonos orgullosos de que a nosa terra conte con plans investidores. A partir de aí, por suposto, a pauta é a legalidade, a pauta é o rigor e a pauta é a verdade.

Vostedes, señorías do Partido Socialista, por moito que se esforcen, non van gañarlle en radicalismo ao BNG. Pensen ben o que están facendo; non se empeñen, porque niso teñen moita máis experiencia que vostedes. Moitos galegos preguntanse hoxe en día se existe en Galicia unha esquerda razoable que queira unha razoable industrialización da nosa comunidade. Unha esquerda que de verdade faga propostas, que non se refuxie nas pancartas. Unha esquerda que non agoche a cabeza ante os nacionalistas. Os galegos buscan esa esquerda, pero non a atopan. ¿Saben por que? Porque esa esquerda desapareceu. (*Aplausos.*) Vostedes presentáronse no Con-



greso do seu partido —e dicíao vostede, señora Iglesias— como «a esquerda que pode». Oxalá que sexa así no futuro. De momento, non poden deixar máis que de ser unha filial do nacionalismo e un discípulo obediente do Goberno central. De momento, por moito que nos esforcemos en atopar diferenzas, a súa política industrial non pode deixar de ser idéntica á do nacionalismo e cómplice da que está practicando Pedro Sánchez en Galicia.

O señor Besteiro —que non está aquí, pero é de Lugo—, os traballadores de Alcoa, os sindicatos, a Administración galega e a Administración central tamén estamos a pelexar para que este gran pulmón económico e laboral que é Alcoa se revitalice. ¿Acórdanse vostedes de que se dicía nos anos oitenta cando naceu este complexo industrial? Os mesmos argumentos que vostedes e que as señorías do BNG utilizan en contra dos proxectos industriais de hoxe utilizáronse un por un entón contra Alcoa. (*Aplausos.*) Estaban equivocados entón e volven estar equivocados agora e seguirán estando equivocados no futuro se non rectifican e non abandonan ese negacionismo industrial. O tempo acaba dando a razón a quen quere unha Galicia industrial e demóstrao con palabras e con feitos. Non se equivocaron naquel momento os que apostaron por unha poboación industrial, senón aqueles que puxeron obstáculos ao seu desenvolvemento. E Galicia dáse conta disto, señora Iglesias e señorías socialistas. Por iso o PSdeG ten agora mesmo o peso que ten en Galicia.

E diranme vostedes, señorías, que sobre determinados proxectos industriais que se expoñen en Galicia existe un debate social. Di algo similar o ministro Hereu. Tamén o digo eu. Que haxa un debate social é bo, pero non poden equiparar, en todo caso, o debate social ao rexeitamento social; non son a mesma cousa. Cando existe un debate social o político responsable —e non é o seu caso— contribúe con información, contribúe con diálogo, contribúe con trámites estritos; non se agocha detrás de mentiras, dicindo que non coñece os proxectos. O político responsable debe dicirlles aos seus concidadáns que o interese público está salvagardado por unha legalidade rigorosa e por unha administración profesional. ¿Están vostedes, está o señor Besteiro, de acordo con que a legalidade desa administración existe en Galicia? Se o están, teñen que admitir que a Xunta de Galicia está a facer o correcto; e se non o están, súmense e fúndanse, dunha vez por todas, co Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) É o momento de demostrar, señorías socialistas, que a súa esquerda pode ter un camiño propio. A prioridade do Goberno socialista en Madrid xa sabemos que non é gobernar, é sobrevivir.

Estarán de acordo comigo, polo menos, en que a diferenza coa Xunta de Galicia é enorme. Non temos que pedir permiso a ninguén para defender unha Galicia próspera e unha Galicia industrial. A única obediencia que ten a Xunta de Galicia é ao pobo galego. (*Aplausos.*)

Señorías da oposición, unha gran comunidade, como é Galicia, non se constrúe cunha suma de «nons»; (*Aplausos.*) o resultado desa suma de «nons» é «cero» ou ese folio en branco que mostraba antes. A Galicia que avanza é o resultado dunha suma de «sis», de acordos, de desacordos que se resolven con diálogo... Ese é o camiño que o Partido Popular e o Goberno da Xunta queremos para Galicia.

—Remato xa, señorías—. Sexamos responsables, sexamos dilixentes e traballemos para Galicia, man con man. Traballemos a prol dunha Galicia industrializada, dunha Galicia sostible, dunha Galicia vangardista...



Eu quero que sexa unha Galicia que se faga respectar fóra e onde as empresas e as persoas queiran vir, é dicir, eu quero unha Galicia do século XXI.

Nada máis e grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de modificación.

No punto 1 da parte resolutiva, onde di: «1. – Dar conta no Parlamento galego de inmediato os termos nos que está negociando o novo contrato...», debe dicir: «1. – Dar conta no Parlamento galego de inmediato dos termos do novo contrato...».

Emenda de modificación.

No punto 2 bis), onde di: «...aumento anunciado de máis do 16 por cento no contrato...», debe dicir: «...aumento pactado no contrato...».

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

«2 bis). Garantir que o aumento pactado do 3 por cento para realizar investimentos en obras, infraestruturas e instalacións de equipamentos sexa realmente destinado a infraestruturas ou equipamentos que melloren a calidade asistencial.»

Emenda de modificación.

É proposta unha nova redacción para o punto 4, que terá o seguinte contido:

«4. Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que, ao remate dos dous anos previstos de duración do contrato de servizos, toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo, reciba asistencia sanitaria nun hospital da rede pública. No caso de non poder cumprir co prazo de dous anos, establecer un calendario concreto que nunca deberá superar o 31 de decembro de 2029.»



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Antes de máis, teño que lamentar o abuso sistemático que se fai desde a Presidencia das competencias, intentando intimidar os deputados e as deputadas, coartando as súas intervencións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Segundo a RAG, o «Home que presume de valente e que anda provocando os demais» é un «matón» e sinónimos poden ser «bravucón» ou «gallito». E que a Presidencia chame á orde un deputado por isto é un abuso; *(Aplausos.)* un abuso de poder absoluto, absoluto. Xa está ben de que, en vez de ser o presidente de todos os deputados e as deputadas, exerza de presidente do Partido Popular.

Aquí de facerse los ofendidos, de facerse los ofendidos... (Aplausos.) (O señor Lorenzo Gómez pronuncia palabras que non se perciben.) Señor Lourenzo...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: ...supoño que a vostede *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* lle pagan obxectivos por cada parvada que di; *(Protestas.) (Aplausos.)* ¡seguro que lle pagan obxectivos...! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora... A ver.

A señora PRADO CORES: ¡Está continuamente molestando...!

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Señora Prado Cores!

A señora PRADO CORES: ¡Está continuamente molestando!

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Señora Prado Cores!

A señora PRADO CORES: Entón... ¡Vostede mesmo, vostede mesmo! ¡O BNG non lle vai pagar ningún obxectivo!

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Prégolle que escoite un momentinho, por favor!

A señora PRADO CORES: ¡Non lle imos pagar ningún obxectivo!

¡Xa está ben, home!...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: ...¡Xa-está-ben! ...*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* Deixe falar a quen está na tribuna, ¡xa está ben!

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señora Prado Cores.



A señora PRADO CORES: ¡Que lle poñan un atril a vostede especial, *jolín*, que non fai máis que estar interrompendo!

¡Isto é tremendo!

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señora Prado Cores, interrompín o tempo porque creo que é imprescindible restablecer o silencio e —se se me permite tamén— a tranquilidade na intervención.

Na intervención anterior, o señor presidente chamou á orde un deputado. Esa chamada á orde subscríboa totalmente, e creo que vostede inicia de novo a súa intervención...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Prégolles aos señores deputados que garden silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.) (Balbordo.)

¡Teñen que respectar o uso da palabra, uns e outros! —uns e outros—. *(Balbordo.)*

Creo que cada un, indubidablemente, ten o seu tempo. Interrompín o tempo para que non vaia en detrimento da súa intervención.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Creo que o mesmo respecto que piden ambos, deben predicar co exemplo, e esta reflexión vai para todas as bancadas.

Agora, houbo unha chamada á orde absolutamente ben tramitada e totalmente respectada, e eu subscríboa.

Prégolle que continúe coa súa intervención e, dado que esa chamada á orde está correctamente feita, non provoque que tamén se chame á orde a vostede...

A señora PRADO CORES: ¡Ala!

A señora PRESIDENTA (Candía López): ...por un debate en que non participou.

A señora PRADO CORES: ¡Bueno! Esta deputada...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Así que, retomo o tempo da súa intervención.

A señora PRADO CORES: Esta deputada..., *(A señora Prado Cores olla para o reloxo.)* —retoma o tempo, pero aquí non o marca— ...esta deputada reitera o que dixó ao principio e considera un abuso desde a Presidencia a intervención do presidente e a intervención da vicepresidenta neste momento. *(Aplausos.)*



Para saber a quen benefician as políticas sanitarias do Partido Popular, só hai que seguir o regueiro dos cartos —hai que seguir o regueiro dos cartos—, e podémolo ver en todas as facetas.

Desde o ano 2009, en que o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta, o que fixo foi que o regueiro dos cartos fose directamente para as empresas amigas, para as multinacionais ou para todos aqueles, que entusiasticamente, están realizando un espolio sistemático das riquezas do noso país, ben sexan financeiras, ben sexan enerxéticas, ben sexan de recursos naturais ou ben sexan directamente de transvasamento de orzamento público —que tiña que ir para os servizos públicos— cara ás súas empresas amigas. E non perderon o tempo, pois empezaron entusiasticamente desde o primeiro segundo da súa chegada ao Goberno.

E hai dúas formas de dinamitar un edificio: unha, pode poñerse dinamita nos cimentos, é rápido, fai moito ruído, créase unha gran nube de po, e todo o mundo sen entera no momento en que se dinamitou ese edificio; pero hai outra forma moito máis sutil, que é moito máis lenta, con menos ruído, pasa máis desapercibida, vaise ladrillo a ladrillo, piso a piso, viga a viga..., e o edificio derrúese igual, mais, practicamente, ninguén se entera de que se derruíu o edificio. E esa é a fórmula escollida polo Partido Popular para acabar coa sanidade pública do noso país, é dicir, pinga a pinga, piso a piso, ladrillo a ladrillo..., para que non nos enteremos —pretenden que non nos enteremos— desa estratexia clara de deterioración da sanidade pública. Mais, teño que dicirlles que están un pouco enganados e enganadas, e que aos galegos e ás galegas xa non llela colan; xa todo o mundo está perfectamente enterado e ve ás claras cal é a estratexia.

Non nos imos cansar de dicir que a Área Sanitaria de Vigo é o máximo banco de probas desta estratexia do Partido Popular, e todas as decisións que foron tomando a respecto desta área foi para que estea en mans ou condicionada pola sanidade privada e para que haxa menos existencia de sanidade pública. E o primeiro que fixeron, desde o minuto un, foi a construción do Álvaro Cunqueiro —desde o minuto un, a construción do Álvaro Cunqueiro—; desde o minuto un decidiron que aí había «negocio redondo», dito incluso polo representante da concesionaria. E, ¡bueno!, o que estaba previsto que ía custar cerca de cincocentos millóns de euros, actuaron para que costase 1.400 millóns de euros e para que estivese en mans da concesionaria ata o ano 2035. E, segundo os datos do Consello de Contas —porque hai outros datos que din que son moitos máis, pero imos ir aos datos conservadores do Consello de Contas— precísanse 470 millóns de euros máis para facer este hospital.

E, claro, a intención cando se planificou o hospital era que a Área Sanitaria de Vigo fose unha área sanitaria punteira, con recursos sanitarios e tamén de atención primaria para atender o conxunto da poboación no sistema sanitario público. E coa actuación que fixo o Partido Popular non se cumpriu esta premisa porque ese era o obxectivo, é dicir, que non se cumpriese esta premisa. E que a sanidade pública non tivese capacidade para atender a poboación, as case seiscentas mil persoas da Área Sanitaria de Vigo, e as súas demandas sanitarias; e as probas están aí.

A actuación deu como resultado un hospital máis pequeno, con menos camas, con menos de todo, e que sigue totalmente dependente da sanidade privada; non «segue», senón que



está aumentando a dependencia. O máximo expoñente da dependencia é, por un lado, o Álvaro Cunqueiro, pois páganlle, cada ano, setenta e pico millóns de euros á empresa concesionaria e os máis de cen millóns que pagan a Povisa; é dicir, que a Área Sanitaria de Vigo, a respecto dos recursos públicos dos galegos e galegas que tiñan que ir destinados á sanidade pública para que o conxunto desta área tivese dereito á atención sanitaria con recursos públicos, drénanse cada ano ao redor de douscentos millóns de euros, que van directamente para as empresas privadas que se lucran coa sanidade pública. *(Aplausos.)* Esa é a realidade e eses son os datos.

Nese contexto, interpelamos o conselleiro no pasado pleno, preguntándolle a respecto do concerto neste momento, do contrato de servizos co hospital Povisa. Queríamos saber cousas, como que nos dixese cal era o contido do concerto, cales eran os cartos, cales eran as condicións; e unha das cousas que dixó é que aínda estaba aí, na fase final. Agora a empresa Povisa —a única que podía presentarse—, que presentou as súas condicións, unha das cousas que dixó é que, claro, era «complicado», que «iso non é fácil». Non, claro, non é tan fácil como que o concerto anterior rematou en agosto do ano 2022; é dicir, vai facer tres anos, e, en todo este tempo, non foron capaces de poñer en marcha un concerto, un contrato de servizos. ¿Por que? Porque é a empresa que decide; é a empresa privada que decide, que decide cales son as condicións, que decide para que van os cartos, que decide que prestacións quere, polo que, ¿cal é o resultado? Que se aumentan os cartos lesionados a Povisa, por menos poboación, por menos servizos, mentres que os servizos máis caros van para o Álvaro Cunqueiro, para que non se complique a vida Povisa e, ademais, agasállanlle cada ano 3 millóns de euros para que paguen as remodelacións do hospital Povisa e compren tecnoloxía. É dicir, ¿negocio redondo para quen? ¡Para Povisa!; *(Aplausos.)* ¡para a sanidade pública ningún! —absolutamente ningún—. *(Aplausos.)*

E por iso hoxe traemos unha moción que o que pide é: rematen *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* co escurantismo, por favor; dean conta no Parlamento de cal é o contido do contrato de servizos; pedimos que se garanta que ese aumento do dezaseis por cento —que non hai ese aumento na sanidade pública— vaia para mellorar o servizo e para garantir as condicións laborais dos profesionais; pedimos que se presente un informe no Parlamento sobre a onde foi o regueiro de cartos que, desde 2014 ao 2025, lle estiveron metendo a Povisa. ¿Que problema ten o Partido Popular en que se saiba cantos cartos e para que? ¿Por que vota en contra o Partido Popular? ¿Que ten que ocultar? Esa é a pregunta que debería responder, cando veña explicar aquí, o representante do Partido Popular: ¿por que non queren que saibamos cantos cartos recibe Povisa?; ¿onde os mete e para que? ¡En vez destinar eses cartos á sanidade pública!

Iso é o que pedimos aquí: cousas tan esotéricas como esas, é dicir, que nos digan...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...onde meteron eses cartos e para que; e que se poñan mans á obra —xa llo dixen ao conselleiro—. Este contrato de servizos teoricamente é por dous anos, e que, por tanto, ao cabo dos dous anos, a poboación da Área Sanitaria de Vigo ten que ter recursos na sanidade pública, en hospitais públicos, para ser atendida na súa totalidade.



Parécennos peticións máis que xustificables, porque o BNG defende a sanidade pública...;

A señora PRESIDENTA (Candia López): *[inaudible]*.

A señora PRADO CORES: ...para os que non defenden a sanidade pública, igual non son tan xustificables.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Quenda do Partido Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Aínda que sexa coñecido polos que estamos aquí, no Parlamento, creo que o primeiro que debemos facer é contextualizar esta moción.

O hospital Ribeira Povisa, máis coñecido polo nome anterior de Povisa, presta os seus servizos de asistencia sanitaria na Área Sanitaria de Vigo. Atende unha poboación estimada de 116.000 persoas; poboación que está asignada aos centros de saúde dos concellos de Cangas, de Moaña, de Baiona, de Nigrán, de Gondomar e de determinados centros de saúde de Vigo: de Coia, de Bouzas, de Coruxo, Navia, López Mora, Pintor Colmeiro, Nicolás Peña, Rosalía de Castro-Beiramar.

De feito, coa citada poboación adscrita, é o maior hospital privado de Galicia con que o Sergas ten un concerto para a prestación de asistencia hospitalaria; concerto que foi asinado no ano 2014, cunha vixencia de oito anos e coa posibilidade de prórroga por outros dous anos máis, e con prórrogas adicionais ata dentro duns días, ata o 1 de abril, por razóns de interese público e porque as negociacións coa propiedade do Ribera Povisa prolongáronse máis do esperado. E todo isto a pesar de que, no mes de setembro, o presidente da Xunta, o señor Rueda, dixo que a terceira moratoria era a última e situaba á máxima prórroga no 31 de decembro; e xa vemos que non foi así. Isto é o que ten moitas veces a palabra do PP e a palabra da Xunta de Galicia.

Atopámonos de pronto cun modelo de contrato que cambia. Xa non se trata dun contrato de pago per cápita, senón dun contrato de servizos, polo que a Administración paga en función das prestacións realizadas e polos importes establecidos previamente para cada un dos servizos. Neste pleno, o conselleiro sinalaba que con iso daban cumprimento ás recomendacións do Consello de Contas. E deu algunha información, pero moi superficial. Seguen existindo moitas lagoas e falta de información sobre o novo contrato de servizos do Sergas con Ribera Povisa; por iso é moi importante contar coa información que se solicita no punto 1 desta moción.

Poderíamos falar da contía que se destina ao Povisa, pero —eu considero— hoxe hai outros elementos máis importantes dos cales que debemos falar, dado o tempo de que dispoñemos.



E un elemento, de que me gustaría deixar constancia, é que, se nos situamos no ano 2017, o Povisa tiña 138.364 usuarios, pero o hospital leva varios anos con perdas de usuarios, tanto que na última década foron case 20.000 persoas as que solicitaron o cambio para o hospital Álvaro Cunqueiro. No último ano sufriu a maior fuga de usuarios, polo que queda en 115.000 persoas; é máis, facendo a conta desde o inicio do concerto, perdeu o dezasete por cento dos usuarios porque, como é coñecido, en cada exercicio, establécese un período de trinta días naturais para que os usuarios que así o desexen poidan exercer o seu dereito á elección de asistencia sanitaria na Área de Vigo.

Sinceramente, gustaríanos saber se a Consellería de Sanidade realizou unha análise do porqué deste transvasamento de usuarios do Povisa para o Cunqueiro. Nunha reunión que o conselleiro tivo cos xefes de servizo da Área Sanitaria de Vigo, díxolles —referíndose ao Povisa— que perseguía exclusivamente dous fins: que o Povisa non fose un problema para o Sergas —o cal é moi triste— e que os usuarios adheridos gozasen dun servizo nas mesmas condicións que no Chuvi, no hospital Álvaro Cunqueiro, o cal si que compartimos.

Pero desde o noso punto de vista, a equidade debería garantirse tanto na carteira de servizos como nos tempos, na especialización dos profesionais e na dotación tecnolóxica. Non esquecemos que o Povisa foi un hospital altamente tecnolóxico, pero, no día de hoxe, pode ser que sexa un dos poucos que carece de robots cirúrxicos, por exemplo, para operar os seus pacientes. ¿Podemos, entón, falar de equidade? ¿Pódese comparar co servizo público? ¿Poden verse afectados negativamente os usuarios de Cangas, de Moaña, de Baiona, de Nigrán, de Gondomar e os dos centros de saúde de Vigo, aos cales fixen antes referencia? De aí tamén a importancia do punto 2 desta moción e do punto 2 bis que nós propoñemos na nosa emenda.

Ademais, todo parece indicar que hai procesos que xa non se van realizar no hospital Ribera Povisa; un exemplo claro é a neurocirurxía. Ao noso entender, isto pode ser outro motivo de fuga dos usuarios nos próximos anos ou incluso a incomodidade, porque haberá xente que sexa usuaria do Povisa, pero que, para facer determinadas probas ou algún tipo de intervención, teña que desprazarse para outro hospital que non sexa o da súa referencia. Tamén sabemos que o Ribera Povisa está sufrindo unha marcha de médicos e de enfermeiras cara a outros hospitais, pois buscan mellores condicións. Este fenómeno comezou tras a chegada do grupo Ribera como o novo propietario, unha situación que tamén debería preocupar a Xunta de Galicia.

Presentamos unha emenda ao punto 4 porque queremos ser realistas. Os socialistas queremos que os usuarios da Área Sanitaria de Vigo poidan ser atendidos nun hospital da rede pública, pero ninguén pode fuxir de que se trata dun tema complexo e que exige tempo e responsabilidade —si, señores do Partido Popular, os socialistas somos responsables cando falamos de cousas serias, cando falamos sempre de temas políticos de Galicia, e, neste caso, dun tema tan serio como é a saúde—. Ademais, o Povisa ten unha actividade pública e unha actividade privada, polo tanto, non podemos falar nunca do Ribera Povisa, senón da actividade pública que realiza o hospital Ribera Povisa.

E xa vou rematando porque non queda máis tempo, pero si quero deixar claro que para os socialistas a sanidade pública constitúe un dos piares fundamentais do Estado de benestar.



Desgraciadamente, en Galicia a xestión sanitaria que corresponde á Xunta de Galicia —podemos dicir— é nefasta, tanto co Goberno de Rueda como co anterior presidente, o señor Feijóo. A Área Sanitaria de Vigo non constitúe ningunha excepción dentro do que é a sanidade galega.

Remato pedindo que se acepten as nosas emendas porque —creo— complementan a moción do BNG e, nalgún caso, aclaran por que as circunstancias mudaron desde que se presentou e, sobre todo, porque —cremos— o punto 4 temos que tratalo con moita tranquilidade e con moita seriedade para non pór en ningún momento en perigo nin os 1.400 postos de traballo —ou máis de mil catrocentos— que ten o Ribera Povisa nin, por suposto, as máis de cento quince mil persoas que hoxe están sendo atendidas con ese concerto entre o Sergas e o Povisa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto. *(Pausa.) (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*
Renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Grazas, presidenta.

Neste Parlamento escóitanse moitas cousas, e é verdade que esta tribuna o aguanta todo e que xa nada sorprende. Pero hai que ter moito rostro —moito rostro— para acusarnos de privatizar a sanidade pública galega e, ademais, escoitalo en voz de dúas militantes do BNG e do Partido Socialista Galego; é dicir, dos partidos que gobernaron Galicia entre o 2005 e o 2009 e que pasarán á historia, señorías, por ser o Goberno da nosa comunidade que máis incrementou o gasto en concertos e *(Aplausos.)* que máis pacientes derivaba da sanidade pública á sanidade privada. *(Aplausos.)*

Os feitos son claros: co Bipartito o gasto en concertos incrementouse nun 48 por cento en catro anos. A propia deputada Ana Pontón, portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que hoxe nos critica, votaba a favor dos orzamentos que aumentaban, ano tras ano, as partidas para a sanidade privada. E isto non o di o Partido Popular, senón os informes do Consello de Contas de Galicia, aínda que os socialistas e os nacionalistas non os usan cando non lles convéñen politicamente. Vostedes, señorías do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, son os campións da privatización sanitaria en Galicia; por iso os galegos os botaron do Goberno na primeira oportunidade. Non fixeron unha á dereita.

Hoxe, con esta moción, regresa outro dos clásicos do BNG. Algunhas tradicións nunca se perden, señora Prado. É o mesmo debate de sempre. Seguen o seu catecismo ao pé da letra; nada novo. Mire, se falásemos dunha canción, xa estaríamos no Povisa *remix* 2025. E resulta



sorprendente que sigan erre que erre, a pesar de que o señor conselleiro llelo deixase ben claro no pasado pleno. Señorías, os feitos son os que son, e por moito que retorzan, por moito que mintan e por moito que fagan espaventos, non van cambiar a realidade porque a realidade non se altera nin con manipulacións nin con alborotos; por moito que intenten disfrazala, os feitos seguen sendo os mesmos.

Señora Prado, maldita hemeroteca. Foron vostedes, o Bipartito, os que blindaron o Povisa, en virtude dun acordo ao cal se chegou no ano 2006; e blindaron o concerto incluso con lei, é dicir, coa Lei de saúde de Galicia do ano 2008. (*Aplausos.*) Vostedes falan de transparencia e ocultan a realidade. (*Aplausos.*) Tamén foi o Goberno bipartito o que formalizou, no ano 2006, un documento denominado *Acordo básico pola saúde da Área Sanitaria de Vigo*, entre a Consellería de Sanidade e a Dirección do Povisa, no cal tamén participaron representantes das organizacións sindicais máis representativas, entre elas, a CIG, o seu sindicato amigo —non se lembran diso, ¡non!—; unha CIG que, cando gobernaba o BNG, parecía estar bastante a favor dos concertos, e agora ocupa o seu tempo, entre outras cousas, en facer viñetas machistas a unha compañeira de Goberno, en alporizar a poboación e en aportar pancartas.

E, como vexo que teñen mala memoria, permítanme lembrarllas que, nese documento, se comprometían a manter o emprego sanitario, tanto no sector público como no privado, recoñecendo a conveniencia de manter e potenciar os instrumentos de concertación e de cooperación público-privada. Claro que diso non se acordan, señora Prado, porque a memoria que teñen vostedes é bastante selectiva. E o propio Consello de Contas recoñeceu que, grazas a esa blindaxe legal, o Povisa segue existindo tras a construción do Álvaro Cunqueiro.

Eu prégoles que suba a esta tribuna documentada e que conta a verdade. Vostede formou parte daquel Goberno, e, polo tanto, imaxino que a coñece. A Lei de saúde de Galicia do ano 2008, que fixeron vostedes, estableceu a complementariedade do sistema público e do sector privado na atención sanitaria; unha fórmula administrativa da cal o Servizo Galego de Saúde pode facer uso lexítimo —e insisto na palabra «lexítimo»— como ferramenta para complementar a atención dos seus pacientes. Os concertos son unha ferramenta lexítima que vostedes mesmos impulsaron, que antes a vostedes lles servía e a empregaban, pero que agora, sen embargo, critican. Esta é a coherencia do Bloque Nacionalista Galego; retrátanse sós.

Se algo quedou acreditado, na Comisión de investigación do pasado decembro, é que, se vostedes seguisen gobernando, manterían o Povisa, por moito que agora o critiquen.

Miren, no Partido Popular seguiremos apostando por todos os recursos que garantan a mellor prestación sanitaria para todos os galegos e tamén para os vigueses. Saben ben que o contrato con Povisa é un procedemento plenamente legal, previsto no artigo 168 da Lei de contratos do sector público. En todo momento, durante as negociacións do novo contrato, o obxectivo esencial e prioritario da Consellería foi velar por garantir a equidade e a calidade asistencial da poboación de referencia asignada ao Povisa. Ademais, o novo contrato, que entrará en vigor agora en abril, logo dun proceso negociado e transparente que dá seguridade aos usuarios e aos traballadores, introduce melloras importantes: xa non se vai pagar unha cota fixa por paciente, senón que a Administración só aboará os servizos realmente presta-



dos; reforzarase a supervisión da actividade do hospital — quede tranquila, señora Espinosa; non a vexo por aí—; os casos máis complexos serán tratados no hospital público Álvaro Cunqueiro —que é a referencia en tecnoloxía e en innovación sanitaria—; vaise introducir a historia clínica [...] para os pacientes de Povisa, garantindo un mellor seguimento e equidade; e, por suposto, os cidadáns seguirán tendo li-ber-da-de, ¡liberdade de elección!, sobre onde queren recibir esa asistencia especializada. Povisa-non-impón, os pacientes son os que deciden.

Señorías, eu pido respecto polos vigueses. O obxectivo do contrato é prestar asistencia a unha poboación estimada de ao redor de cento dezaseis mil persoas que ¡libremente! así o elixan. A señora Espinosa —que non está aquí— falaba de fuga; nós falamos de liberdade. A Povisa acoden libremente os cidadáns que así o deciden; non ocorría o mesmo cando vostedes, no ano 2006, blindaron o concerto. Así que menos pancartas, señorías, menos camisetas e máis coherencia. Cando gobernaban vostedes privatizaban; agora, na oposición, fanse os defensores da liberdade pública.

O Partido Popular de Galicia foi, durante as últimas décadas, o garante da extensión dos recursos e das prestacións da sanidade pública galega, e os centros hospitalarios do sistema público galego lideran a innovación na atención cirúrxica. E, señorías, o que realmente importa aos galegos..., o que verdadeiramente importa..., é que a sanidade sexa gratuíta, universal e de calidade; e iso é o que garante o Partido Popular, apostando polas mellores infraestruturas, pola mellor tecnoloxía e polos mellores profesionais para a nosa comunidade.

Isto é o noso compromiso cos galegos. O que vostedes demostraron cando gobernaron...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—xa remato, presidenta—... o que demostrou o Bipartito cando gobernou —e o que vimos— foi unha inestabilidade, unha falta de coordinación e unha xestión que decepcionou os galegos, polo que nunca máis, desde o ano 2009, volveron confiar en vostedes.

E «clamor». Falábase de «clamor» na tribuna esta mañá. O clamor galego viuse —no que se falou— no ano 2009, no 2012, no 2016, no 2020 e no 2024. E así se escribe a historia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para a autora da moción, a señora Prado.

Lembre posicionarse para as emendas.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

¿En ningún momento se van cansar de mentir, señoras e señores do Partido Popular? «Temos máis profesionais que nunca», «temos máis orzamento que nunca», «temos máis



innovación que nunca»...; ¿e por que hai máis problemas que nunca na sanidade pública deste país? (*Aplausos.*) Sería unha boa pregunta.

A cuestión é que vostedes xa non enganán ningúen, e os galegos e as galegas xa non se resignan. Efectivamente, é un clamor; é un clamor dos galegos e galegas (*Aplausos.*) que se levantan contra os dezaseis anos de espolio continuado do Partido Popular por terra, mar e aire; é o clamor dos miles de galegos e galegas que se manifestaron este sábado pasado na Pobra, por mar e terra, berrando: «¡Altri non!», «¡Mina de Touro e O Pino, non!»; (*Aplausos.*) Igual que miles de galegos e galegas, que se van manifestar o vindeiro 6 de abril nas rúas de Compostela, convocados por SOS Sanidade Pública, en defensa dunha sanidade pública, universal, galega e de calidade. ¿E por que o van facer? Porque xa non cren nas súas mentiras e porque ven, día a día, o que está acontecendo; e ven que cada recurso, cada euro, que o Partido Popular dedica á sanidade privada, é un euro que sacan da sanidade pública. E os datos están aí á vista: un concello de 20.000 habitantes, como é Moaña, non ten Urxenncias; un concello de 10.000 habitantes, como é Alfoz, non ten nin un só médico; un concello de case 40.000 habitantes, como é Vilagarcía, fáltanlle tres médicos e ten colapsado o servizo do PAC; un concello, como pode ser Marín, pecha o PAC porque non hai nin un só profesional. Hai douscentos concellos no noso país sen pediatras; en moitas comarcas, o servizo de ambulancias non existe; os helicópteros do 061 traballan a tempo parcial; as persoas que teñen problemas de saúde mental non teñen asistencia; ou hai 360.000 persoas en lista de espera. Sobran as razóns, e vai ser tamén un clamor —como o deste sábado nas rúas de Compostela— o vindeiro 6 de abril. Non teñan a máis mínima dúbida, deputados e deputadas do Partido Popular.

E hoxe, o BNG trae aquí unha iniciativa e o Partido Popular vai votar en contra disto que lles vou dicir: de que se remate coa opacidade —unha cousa é predicar, pero dar trigo...: entón, van votar en contra de que se remate coa opacidade— e de dar conta do contido do contrato de servizos —¡é transparencia, pero non o coñecemos!, señores deputados e deputadas do Partido Popular—; de que os cartos públicos se dediquen á calidade asistencial e ás condicións laborais e salariais do persoal, en vez de á conta dos resultados de Povisa; e de que actúen para que toda a veciñanza —600.000 persoas— da Área Sanitaria de Vigo teña dereito á asistencia sanitaria hospitalaria nun centro público. Iso é o que vai votar en contra o Partido Popular. Dígoo por se alguén está despistado e pensa que aquí estamos pedindo cousas estratosféricas.

E logo —un clásico—, se non fose —como dicía Castelao— porque o conto é serio, sería para efectivamente rirse. Veñen aquí e continuamente sacan o santo en procesión. Unha declaración de intencións, asinada no ano 2000 —porque é unha declaración de intencións—, resulta que blindo Povisa.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E resulta que os acordos do Consello da Xunta e os acordos publicados no *DOG* non blindaron o Álvaro cunqueiro porque esas só eran cuestións oficiais; agora, unha declaración de intencións a respecto da Área Sanitaria blindo Povisa. ¡Bueno,! Un *poquito* de seriedade, por favor —un pouquiño de seriedade— e de traballar un pouco pola sanidade pública.



Vostede, deputada do Partido Popular, atreveuse a dicir, na última Comisión 5ª, que a sanidade pública e a privada son complementarias. Segundo a lei, a privada é complementaria da pública —e aínda non por lei...—. ¡Vostedes traballan para iso!, para poñelas en igualdade de condicións, pero, de momento non o están.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A vostedes véselles a faciana e ensinan a *patita* continuamente por debaixo da porta, e o seu obxectivo incansable, desde o ano 2016, é traballar para engordar a conta de resultados das súas empresas á custa...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...da sanidade dos galegos e das galegas.

Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

¿As emendas? Non dixo nada das emendas.

A señora PRADO CORES: Perdón.

Só imos aceptar a primeira emenda, porque logo fai toda unha serie de consideracións a respecto... —se me permiten un segundo, para agradecer o voto favorable que manifestaron...— ... de que xa se coñece practicamente o informe, pero non o coñecemos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Acepta a primeira entón?

A señora PRADO CORES: Seguimos sen coñecelo, polo tanto, nin iso.

E eu tamén lles quero dicir, con claridade, aos deputados e ás deputadas do Partido Socialista, que o punto 4 —en que pedimos a asistencia sanitaria na rede pública, incluído, se é necesario, facerse cargo de Povisa— non é froito dunha improvisación; é froito de análise...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...e iso non pon en risco absolutamente nada.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Está demostrado que iso se pode facer, como se fixo coas fundacións reverténdoas para o público.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



A señora PRADO CORES: Entón, non hai ningún risco.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentou unha emenda o Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Alexandra Fernández Gómez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir tres novos puntos na parte resolutiva, co seguinte texto:

<<4. Comprometerse ao cumprimento escrupuloso dos prazos de ditame e notificación da resolución do bono alugueiro mocidade.

5. Acordar co Goberno do Estado de cara a vindeiras convocatorias a mellora das bases do programa, adecuando os prezos por zonas territoriais á realidade do mercado inmobiliario galego, establecendo criterios de concorrencia competitiva e posibilitando que todas as persoas que comparten pisos poidan solicitar a dita axuda, así como a mellora da súa financiación.

6. Despregar un Plan de emancipación propio con programas e servizos específicos, xunto coa implementación dunha rede de oficinas de vivenda que presten atención individualizada para asesorar sobre os mesmos, facilitando e promovendo así a emancipación.>>)

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para defender a moción, ten a palabra o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Quería resultar entenecedora a conselleira de Economía e Industria dando consellos ao Partido Socialista. E quero dicirlle á conselleira de Economía e Industria que cando ela naceu o Partido Popular non existía. *(Un señor deputado: ¡¿Como que non?!)* *(Murmurios.)* ¡Non!, o Partido Socialista ten unha historia de 145 anos e non lle consentimos á conselleira nin consellos nin cuestións similares. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Decidimos por nós, decidimos as nosas políticas *(Aplausos.)* e non nos fusionamos con ninguén. Non admitimos consellos dun partido



condenado por corrupción (*Protestas.*) (*Balbordo.*) — ¡dun partido condenado por corrupción!—. (*Protestas.*) (*Aplausos.*) ¡Si, vaian ás sentenzas! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non consentimos consellos dun partido condenado por corrupción a un partido que loitou pola democracia 145 anos. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Interpelabamos a conselleira de Vivenda, no pleno pasado, sobre a maior preocupación que teñen hoxe os galegos e as galegas: a vivenda. En Galicia, a crise da vivenda afecta sobre todo a mocidade, cun mercado do alugueiro no cal os prezos creceron de forma descontrolada, impedindo que os mozos e as mozas poidan acceder a unha vivenda digna. Segundo datos do Informe do prezo da vivenda, de Idealista, o prezo do alugueiro incrementouse ao redor dun 40 por cento na Coruña; dun 36 por cento en Santiago; dun 29 por cento en Lugo; dun 28 por cento en Ourense; dun 25 por cento en Pontevedra; e dun 21 por cento en Vigo, nos últimos anos.

Nesa interpelación poñiamos o foco na importancia que ten a colaboración entre administracións; colaboración que adquire un rango moi importante nas políticas de vivenda. As cifras das achegas do Estado á política de vivenda en Galicia son cuantitativamente moi importantes, e a conselleira non o puido negar. Os programas cubertos presupostariamente polo Estado, en casos ata o noventa por cento, que son executados polo Goberno galego, teñen unha grande aceptación, como o demostra o número de solicitudes. Na nosa interpelación manifestabámonos a favor dunha maior colaboración entre o Goberno galego e a Administración do Estado e apuntabamos para unha situación moi concreta, que eran os programas de apoio ao alugueiro para os mozos e as mozas. Hoxe son xa 5.160 mozos e mozas que demandan unha vivenda pública; é dicir, un terzo do total de demandantes.

As respostas da conselleira non achegaron nada novo. Só achegaron o enroque e relatar partidas orzamentarias que, logo, non se executan; falar de programas que non cobren nin minimamente aos que os solicitan; e fiar toda a política de vivenda á construción de novas vivendas. ¿Cantos mozos e mozas poderán comprar esas vivendas? Pero si houbo unha liña argumental moi clara na resposta da conselleira: mostrouse claramente a orientación do enfrontamento co Goberno do Estado; a permanente queixa de que se deben recibir máis fondos; e, sobre todo, a negativa para cofinanciar programas que fosen deseñados polo Estado.

E isto parécenos especialmente grave porque recoñecer que o importante, como na AP-9 e en tantos outros temas, é a confrontación co Goberno estatal, é certamente negativo. Dicar que é difícil xestionar eses programas é recoñecer que non se ten capacidade de interlocución porque se nega que se teñan mecanismos na Administración galega para mellorar os procedementos; esta negativa ten uns prexudicados directamente e, neste caso, son os mozos e as mozas que, nun número moi importante, non poden acceder a un programa Bono Alugueiro Mocidade que lles proporciona 250 euros ao mes. O motivo —recoñecido pola conselleira— é a negativa para financiar e cofinanciar, polo menos, en porcentaxes similares a Administración do Estado; unha negativa inxustificada cando, a maiores, quedan partidas sen executar que permitirían un programa e unha extensión a un número maior de beneficiarios.



A xestión e as cifras deste programa deixan en moi mal lugar o Goberno do PP en Galicia. A Xunta xa efectuou unha primeira convocatoria en 2022, coas transferencias comprometidas polo Goberno de España para o período de 2022/2023; esa convocatoria permitiu conceder finalmente 5.253 axudas sobre un total de 14.000 solicitudes. A distribución de achegas entre o Estado e a Xunta di moito da implicación de cada un: 11 millóns do Estado e 1,5 millóns da Xunta. Como queira que a Xunta —que non achegou fondos adicionais para esa convocatoria, o que supuxo que 8.400 solicitudes quedasen sen atender— realizase a mesma achega que o Estado, poderíase ter chegado á atención case plena dos solicitantes, o que suporía unha gran mellora na situación de miles de mozos; pero o Goberno do PP de Galicia rexeitou chegar fondos adicionais e, por encima, comunicou moitas das denegacións cun ano de atraso.

Esta xestión da convocatoria do Programa do ano 2022 preocúpanos moito como precedente porque o 20 de febreiro se abriu unha nova convocatoria cos fondos achegados polo Estado, é dicir, o noventa por cento polo Estado e o dez por cento pola Xunta. E, novamente, repítese a situación, a conselleira recoñecía nesta tribuna, en resposta á nosa interpelación, que xa se presentaran 5.603 solicitudes. Cómpre lembrar que só durante o primeiro día, tras a apertura da convocatoria, 3.186 galegos solicitaron a axuda. Quince días despois de comparecer aquí a conselleira, descoñecemos o número de solicitudes presentadas, pero é evidente que leva o mesmo camiño que a convocatoria de 2022. É moi posible que, novamente, se chegue ao redor das 14.000 solicitudes.

A conselleira estaba a recoñecer que, outra vez, o Goberno galego deixará tirados miles de mozos por non querer cofinanciar este programa. As cifras de solicitantes, que se repiten, demostran o atractivo do Programa para a mocidade, e o Goberno galego négase a que poida chegar a todos os que o solicitan. Esta é a política do PP en materia de vivenda e, especialmente, no relacionado coa mocidade. O Goberno galego está obrigado a cofinanciar programas de apoio á vivenda que a sociedade demanda e non pode ampararse na confrontación coa Administración do Estado.

O número de mozos e mozas que o Goberno galego deixa tirados é absolutamente indecente e é responsabilidade directa do PP —dese partido, ¡si!, condenado pola corrupción—. Unha política fracasada que debe corrixirse de inmediato.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

É unha evidencia que o Bono Alugueiro Mocidade fracasa, que é un programa que fai augas por todos os costados e tamén por parte de todas as administracións.

En materia de financiamento, o Goberno central acaba de reducir á metade a súa aportación a este programa, que, curiosamente, eles mesmos promoven e levan por bandeira; e, doutra



parte, a Xunta continúa de brazos cruzados, sen achegar practicamente nin un euro. Para este ano apenas vai aportar os remanentes da convocatoria anterior; por tanto, uns mal e outros peor que fatal.

Pero hai máis problemas. Temos un Goberno central que deseñou unhas bases que son claramente inxustas dende o punto de vista social. Temos unha Xunta que fai á mantenta unha pésima xestión da tramitación para demorar anos en conceder as axudas. E, por se fose pouco, o Goberno central, que tiña que pór os cartos para convocar a axuda no ano 2024, non se acordou ata que rematou o ano; así que, en 2024, a xente quedou agardando en balde. E para o 2025, a Xunta volve ignorar a realidade do mercado inmobiliario cando fixa os topes máximos de alugueiro e discrimina os mozos que viven nalgúns concellos á hora de poder solicitar a axuda.

E por se fosen poucos os problemas e os agravios á mocidade, o debate da interpelación do anterior pleno, en lugar de xirar ao redor de como resolver a situación, pondo solucións enriba da mesa, foi un debate sobre quen o fixo peor, é dicir, sobre que Administración foi máis culpable do fracaso evidente dun bono que se anunciaba a bombo e prato como a solución ou como a axuda que ía permitir emanciparse a todos os menores de 36 anos, que cobren por baixo de tres veces o IPREM, pero que, en realidade, só vai chegar aos 2.000 primeiros que as soliciten sen criterios xustos.

Pois miren, ante unha situación de emerxencia en materia de acceso á vivenda como a que vivimos, repartir as culpas entre administracións non vale para absolutamente nada. Precisamos solucións con compromisos concretos para corrixir todas as eivas; por iso, o Bloque presentou unha emenda de engádega con distintos puntos.

En primeiro lugar, que a Xunta se comprometa ao cumprimento escrupuloso dos prazos do ditame e da notificación da resolución do Bono Alugueiro Mocidade porque —como xa temos debatido aquí—, na anterior convocatoria, a Xunta fixo unha tramitación nefasta, que estivo a punto de recibir as advertencias da Valedoría do Pobo; e porque, ademais, sabemos que isto non é algo novo da Xunta de Galiza, xa que os atrasos na tramitación das axudas son o seu *modus operandi*. Hai unha directriz do IGVS para maltratar as persoas que solicitan as axudas ao alugueiro, demorando meses en responderlles incumprindo os prazos legalmente establecidos. Acabamos de velo coas axudas do alugueiro que se acaban de notificar máis dun ano despois a máis de doce mil persoas que as solicitaron e ás cales se comunicou que non ían recibila porque non había fondos.

Agora, imaxinen que hai unha persoa que precisa da axuda ao alugueiro para poder pagar as rendas no final de mes e que leva máis dun ano agardando sen unha resposta da Xunta de Galiza, cando a Administración ten a obriga de resolver en tres meses, e que, ademais, as bases establecen que, se non recibise resposta nese prazo, o solicitante debería entender que a axuda estaría denegada. Pero resulta que, un ano despois, a Xunta aínda está notificando cales se conceden e cales se denegan. E preguntamos ás señorías do Partido Popular: ¿que lle di ao seu caseiro esa persoa que está agardando, durante máis dun ano, a que se lle tramite a axuda, sen saber se lla van conceder ou non?; ¿que lle di ao caseiro?: ¿que espere a cobrar?; ¿que espere a saber se vai poder pagar ou non? O ano pasado houbo



16.000 persoas que estiveron todo o ano nesa situación e un 73 por cento das solicitudes foron denegadas.

Non deixa de ser paradoxal que, mentres o Partido Popular alimenta o medo aos impagos, sexa a propia Xunta que xerese, coa súa xestión, situacións de inseguridade e de vulnerabilidade a inquilinos e a caseiros. (*Aplausos.*)

A segunda emenda que incluimos é a necesaria modificación das bases da convocatoria en varios sentidos. Primeiro, para que se establezan criterios de concorrencia competitiva; para que se teña en conta cal é a situación económica, familiar ou de dependencia, de forma que se dea prioridade a quen máis o precisa; e para acabar co método actual, que consiste en conseguir rexistrar ás doce en punto a solicitude, como quen xoga un boleto, e en agardar a ver se hai fortuna. Esta forma de tramitar as axudas tampouco é un feito illado porque sucede coa práctica totalidade das axudas da Consellería de Vivenda, para a cal, o único criterio é conseguir facer o rexistro máis rápido ca ninguén.

Miren, as axudas para a mellora da eficiencia enerxética foron esgotadas na primeira hora; as axudas para o alugueiro xeral, esgotadas nas primeiras horas; ata as axudas para a accesibilidade. Onte liamos nun xornal o caso de Antonio, cun 86 por cento de discapacidade, que precisa dun salva-escaleiras para acceder á súa casa. Solicitou a axuda ás doce en punto da noite e a súa solicitude conseguiu entrar entre as vinte primeiras, pero Antonio recibiu como resposta: «Crédito esgotado». Igual pasa co Bono Alugueiro Mocidade, no cal en ningunha destas axudas se valora quen é quen máis o precisa nin como os recursos públicos deberían estar contribuíndo para recortar as desigualdades sociais.

Outro dos aspectos que hai que corraxir, dentro das bases da convocatoria, son os límites máximos de renda das vivendas alugadas porque os que se estableceron na actual convocatoria, en moitos casos, non casan coa realidade do mercado inmobiliario con que se atopan estes mozos e mozas. Por exemplo, no último Informe do Observatorio da Vivenda sobre os alugueiros en Galiza sinálase que nun concello como Bergondo hai un prezo medio de alugueiro de 619 euros, pero a Xunta establece que nese concello eses mozos non poden alugar unha vivenda que sobrepase os 400 euros; en Nigrán, os prezos medios están en 781 euros e, en 630 euros, en Baiona, pero, en ambos os casos, establécese como requisito un tope máximo ao alugueiro de 500 euros. E isto sucede así porque o único criterio que segue a Xunta de Galiza é o número de habitantes do concello, sen ter en conta cal é a situación real do mercado inmobiliario en cada un destes lugares, onde hai factores como a presión turística ou a proximidade a zonas con especial dinamismo que poden comportar un aumento dos prezos do alugueiro que fagan imposible cumprir cos criterios da subvención.

E nós entendemos que, evidentemente, hai que ser cauteloso ao aplicar calquera tipo de aumento dos topes de prezo porque podería levar efectos negativos, como contribuír para un incremento dos prezos do mercado, pero queda evidenciada a necesidade de que exista unha concordancia entre a delimitación e a clasificación territorial deses tramos coa realidade do mercado, para evitar que haxa mozas que, ao final, non poidan acceder á axuda porque non atopa na súa contorna alugueiros que respondan ás exixencias marcadas.



Ademais, para facilitar que as bases das axudas sexan coherentes e xustas, deberíanse incorporar, na valoración das rendas máximas, outros factores, como o tamaño da vivenda ou o número de habitacións, con base nas necesidades que poida ter un fogar, porque non son iguais as exixencias espaciais que ten unha parella menor de 36 anos, con dous fillos ao cargo, que un fogar unipersoal e, por tanto, o prezo do alugueiro que vai ter que pagar será distinto. Pero as actuais bases non distinguen nada disto, e acaban por discriminar quen ten máis necesidade. Igual pasa cos pisos compartidos, cun contrato de alugueiro común, que deberían ter unha consideración distinta en canto ao prezo máximo adecuado ao número de persoas convivente.

En todas as cuestións relativas á modificación das bases da convocatoria, ten parte de responsabilidade o Goberno central, que establece o marco xeral, pero tamén ten unha responsabilidade a Xunta, con competencias para modificar algunhas destas. Por iso, o que pedimos nesta emenda é que ambas as administracións senten a dialogar e pacten como corrixir todos estes aspectos.

E, xa por último, na emenda formulamos que a Xunta poña en marcha un plan propio de emancipación, porque é evidente que este Bono Alugueiro Mocidade —tal como está formulado dende o Estado— ten numerosas eivas, e a Xunta podería facer algo máis que laiarse: buscar solucións, impulsando programas propios de emancipación e axudas galegas á emancipación que, ademais, sexan continuadas no tempo porque este bono estatal abriu unha convocatoria en 2022 —que a ver quen chega antes no primeiro minuto— e non volveu abrir unha convocatoria ata o ano 2025. O que necesitamos son convocatorias máis estables e continuadas. Fagan programas propios na Xunta de Galiza e, no tocante ao bono estatal, tamén utilicen as competencias da Xunta de Galiza para que sexa máis accesible e xusto; xestionen a axuda como debería ser; planten batalla en Madrid, nos aspectos que teñen que corrixirse; e, ademais de queixarse polos poucos fondos que achega o Estado, tamén deberían poñer algo, como mínimo o mesmo que o que aporta o Estado.

Miren cantas cousas podería facer un goberno que quixese abordar realmente o problema da emancipación. Por iso lamentamos que hoxe veñan aquí a un debate, en que uns e outros intentan ocultar as responsabilidades propias e sinalar culpables noutro lado, porque iso, realmente, á xente moza deste país de pouco lle vale. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Grueira Fernández.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías do Partido Socialista, miren se vai facer historia o Partido Socialista que, ao paso que vai, quedará sendo un partido residual. E non llelo digo eu, xa llelo dicía o exalcalde socialista, o señor Paco Vázquez. ¡E non lle quito razón! *(Aplausos.)* Non lle quito razón, porque miren o nivel que, ata o señor Besteiro se ten que rodear de bandeiras estreladas. E, dende logo, iso non é ser do Partido Socialista.

Hoxe vimos falar aquí dun dos problemas que máis preocupa a mocidade: o acceso á vivenda. Á maioría dos mozos estalles custando poder acceder á súa primeira vivenda, aínda que hai



quen compra sete casas en cinco meses. E todos sabemos de quen lle estamos a falar, ¿verdade, señor Font? Do señor Koldo, un membro do Partido Socialista. *(Aplausos.)* Ese é o modelo de vivenda que pretenden implantar. *(Aplausos.)*

É certo, hai un problema coa vivenda, e non é para menos. Nos sete anos que leva o señor Pedro Sánchez, o panorama é desolador. As políticas sanchistas fixeron que os prezos estean polas nubes, posto que os alugueiros subiron máis de catrocentos euros de media e os prezos da venda máis dun 37 por cento; fiscalmente castigan quen aforra para mercar a súa propia vivenda; impuxeron unha Lei de vivenda que está sendo un total fracaso; hai menos oferta, máis dificultades e máis ocupacións ilegais; a ocupación, co voso goberno, creceu un 40 por cento e, hoxe mesmo; e, hoxe mesmo, espertabamos cunha portada que informaba *(A señora Grueira Fernández mostra un recorte de prensa.)* de que o Partido Socialista intentaba coar unha reforma a favor dos ocupas nunha lei antifranquista. *(Aplausos.)* Iso é o que fai o Partido Socialista; lonxe de solucionalo, o único que fai é agravar o problema *(Aplausos.)* e sempre co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

E veñen aquí dar leccións de vivenda. Con este panorama non poden dar nin unha soa lección porque, en lugar de asumir as responsabilidades, veñen aquí cunha moción que di que a Xunta ten que facer o traballo que corresponde ao Estado, e, ¿vostedes pretenden defender así a mocidade con esta forma de traballar? O que non poden pretender é que nós aceptemos este despropósito porque o modelo que vostedes pretenden impoñer é o modelo de Sánchez: el invita e o resto pagamos; e pode ser que ao BNG lle valla, coma sempre pero, dende logo, ao Partido Popular, non. Non nos vale porque non imos permitir que os galegos se convertan nos *pagafantas* de Sánchez; os galegos non son os *pagafantas* de ninguén, e nós, no Partido Popular, non o imos consentir. *(Aplausos.)*

Foi Sánchez o que recortou a metade do Bono Alugueiro. *(Aplausos.)* Ese foi o seu presidente, o señor Sánchez; e, por se fose pouco, tamén foi o que nin sequera foi capaz de programar o Bono para o 2024, obrigando a que a Xunta tivese que poñer 10 millóns de euros, con fondos propios, para compensar a súa incompetencia.

As súas señorías, por tanto, antes de vir aquí dar leccións, o primeiro que teñen que facer é asumir as súas competencias e facer o seu traballo, porque xa está ben dos agravios constantes a Galicia; xa está ben de que aos seus socios, os socios cataláns e os do País Vasco, lles regalen o que a nós nos negan.

E logo, no segundo punto da moción, falaba de que non tiña información; a información xa lla deron. A conselleira compareceu aquí xa un par de veces, explicoullo, detalloullo e reiteouno — e moi ben —. E, dende aquí, dende o Grupo Popular, queremos felicitar a conselleira de Vivenda polo bo traballo que está a facer a prol da mocidade galega. *(Aplausos.)*

Por tanto, señorías, o problema aquí non é que non saiban os datos; *(Aplausos.)* o problema é que prefiren mirar para outro lado porque, se non, estrágaselles o seu discurso. Sigán así — sigán así — porque, mentres vostedes seguen neste plan, a Xunta traballa e actúa con medidas eficaces e útiles para poder axudar a xente nova a acceder á súa primeira vivenda; medidas concretas e útiles, como poden ser esas bonificacións fiscais; as axudas directas de ata 20.000 euros



para poder acceder á súa primeira vivenda pública; as axudas de ata 10.800 euros para aqueles que prefiran comprar unha casa en pequenos concellos ou de ata 12.000 euros para aqueles que decidan irse a cascos históricos; tamén puxo en marcha os aloxamentos compartidos; vai duplicar o parque público de vivenda de 4.000 a 8.000 vivendas, das cales vai reservar un 40 por cento para os menores de 36 anos que decidan alugar e un 25 por cento para os menores de 36 anos que decidan comprar; tamén sacou dúas liñas de avais que cobren o 20 por cento dunha hipoteca; oo Bono Emancípate, é dicir, máis de 240 millóns de euros nos orzamentos da Consellería de Vivenda; a aposta pola rehabilitación a través do programa Rexurbe...

Estes son feitos. Nin son pancartas, nin son promesas baleiras, nin son fotos, senón as solucións reais que a Xunta de Galicia está dando á mocidade galega para que teña máis oportunidades para acceder á súa propia vivenda. Por desgraza, non podoo dicir o mesmo do Goberno do señor Sánchez, que non está facendo absolutamente nada máis que estorbar e facer o que non ten que facer.

En definitiva, a diferenza é clara. Hai dous modelos: o modelo de vivenda da Xunta de Galicia e o modelo de vivenda sanchista. Mentres a Xunta triplica os orzamentos en vivenda, o Goberno de Sánchez non é nin capaz de aprobar os seus; mentres a Xunta lles dá axudas directas de ata 20.000 euros aos mozos que queiran comprar a súa primeira casa, o Goberno de Sánchez protexe a quen llela ocupa; mentres a Xunta aproba dúas liñas de avais para facilitar a compra, o Goberno de Sánchez non é capaz de executar ningún dos avais que prometeu; (*Aplausos.*) e mentres a Xunta traballa para duplicar o parque público de vivenda, o Goberno de Sánchez non foi capaz de construír nin unha soa das miles de vivendas que prometeu.

E poderíamos seguir así toda a tarde, (*Aplausos.*) pero creo que a conclusión xa é bastante clara: o PSOE non pode vir aquí darnos leccións de vivenda; de ningunha maneira. E tamén está claro outra cousa: que os galegos prefiren o modelo da Xunta de Galicia, e non llelo digo eu; dino, cada vez que poden, os galegos, votando nas urnas maioritariamente o Partido Popular e, (*Aplausos.*) moi en particular, a mocidade, posto que o Partido Popular é o partido máis votado pola mocidade pese a quen lle pese.

Por tanto, señorías, vostedes sigan nese plan: (*Aplausos.*) o PSOE contando os seus contos e o BNG aplaudíndollos. Mentres, o Partido Popular seguirá traballando a prol da mocidade e do problema da vivenda para paliar os seus efectos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo autor da moción, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Grueira, dicía Alejandro Magno: «Si usted espera, perderá la audacia de la juventud». (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



Mire, partido residual (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vai a acabar sendo o PP, se continúa Feijóo na Presidencia. (*Risos.*) ¡Si!, e vai acabar sendo partido residual, se vostedes manteñen Mazón, culpable de duascenas e pico mortes. (*Aplausos.*) (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Grueira, falando de propiedades, convén que comprobe cantas propiedades ten o que foi vicepresidente económico de Aznar, Rodrigo Rato; (*Aplausos.*) convén que o saiba antes de falar dos demais.

Señora Fernández, o discurso de distribución das culpas queda moi ben, pero se a distribución das culpas é para un, un noventa por cento e, para o outro, un dez por cento, convirá comigo en que o que convén é pedir ao Goberno da Xunta que cofinancie os programas, porque nós estamos a favor da mellora dos programas e das condicións dos programas, pero non debe ser moi malo o programa do Goberno central cando quedan 8.400 solicitudes sen atender por culpa (*O señor López Font sinala a bancada do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia.*) do Goberno galego.

E, señora Grueira, en canto ao modelo sanchista e ao modelo do PP, mire, dixo que compareceu a conselleira. ¡Claro que si!, (*O señor López Font mostra un documento.*) o 10,3 por cento de execución na partida que mencionamos na moción —este papel non é meu; é do seu goberno—; o 10,3 por cento no terceiro trimestre. Pero cando vostedes, cos maravillosos programas do Goberno galego do PP, deixan fóra 13.200 solicitudes dun programa de alugueiro titulado *Colectivo con maiores necesidades...* ¡Home!, se se sente vostede orgullosa destas cifras, certamente é sorprendente.

Mire, o modelo do PP o que debe dar é satisfacción para cofinanciar; ¿para mellorar?, ¡si!, pero tamén cofinanciar, porque vostedes están expulsando miles de mozos e mozas dunha axuda de 250 euros mensuais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Font.

¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda do...?

(*O señor López Font pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias

O señor PRESIDENTE: Para esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Trenor López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar aos grupos con representación no Parlamento de Galicia:

- 1. A relación de expedientes sancionadores incoados ás empresas concesionarias nos anos 2021, 2022 e 2023, e a resolución dos mesmos, indicando o motivo de sanción e o importe da mesma.*
- 2. Os datos de quilómetros percorridos no transporte á demanda por concesión no anos 2021, 2022 e 2023, número de viaxeiros e número de expedicións, engadindo a cada unha delas os datos de kms e expedicións recollidos no contrato concesional.*
- 3. A documentación que se solicite relativa ás ofertas gañadoras dos contratos dentro do actual Plan de Transporte Público, que non fora declarada confidencial.*
- 4. Os datos a 31 de decembro de 2024 da frota de buses titulares e reserva de todas concesións de transporte colectivo competencia da Xunta de Galiza, cos datos de calidade medioambiental e anti-güidade.»*)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

O señor conselleiro na anterior interpelación, no pleno pasado, tivo quince minutos de intervención, é dicir, dúas intervencións de dez e cinco minutos —como ben saben—, e non foi capaz de responder á única pregunta que lle fixen eu aquí, que era: ¿por que non queren entregar os datos que piden á Xunta de Galiza?

Con ese comportamento —que rebaixa tanto e que falta tanto o respecto a esta institución— con que xa nos teñen acostumados os conselleiros e as conselleiras: vir aquí para non responder, como fixo o outro día o señor conselleiro, o señor Calvo; e non só non para responder, senón para preguntar á oposición —para facer preguntas á oposición— para que respondésemos como se fósemos os conselleiros e as conselleiras.

Pero eu creo que hoxe aquí, neste Parlamento, xa se denigrou dunha forma moi clara e moi noxenta esta institución e a política galega, cando vimos que non só unha conselleira veu hoxe aquí comparecer e non só non respondeu absolutamente nada, senón que utilizou o Goberno galego para atacar descaradamente e furibundamente a oposición, cunha linguaxe e cunha ferocidade cara á oposición realmente impropia do que debería ser unha conselleira ou un conselleiro da Xunta de Galiza. E iso fala do pouco respecto que teñen a esta institución



e ao propio Goberno galego —iso fala moi ben disto—. E xa non é que non nos respondesen aos artigos 9... ou que correspondesen nunha forma totalmente ridícula; xa non é que nós negasen información, senón que, directamente, para vostedes este Parlamento sobra por completo. (*Aplausos.*)

E para nós, non. Aínda que vostedes teñan o Goberno galego, este segue sendo o noso goberno e segue sendo o Goberno galego, gobernen vostedes ou non. ¡Si!, para nós segue sendo o noso goberno, e iso é o que lle falta ao Partido Popular, é dicir, que realmente non ten ningún tipo de preocupación por este Parlamento.

E eu dicía antes que o conselleiro non foi capaz, en quince minutos, de responder unha soa pregunta. A min fíxome dúas e respondinas sen ningún tipo de problema. Non quero eu compararme cun conselleiro, ¡pero bueno! —creo—, deixa bastante que desexar.

E falabámoslle sobre as diferentes informacións que saían recentemente na prensa sobre a alerta que se estaba creando no transporte escolar, coas inspeccións que a Xunta de Galiza abdicou directamente nunha empresa privada, privatizando todo o que ten que ver co control e coa inspección do transporte público por estrada. É que realmente incluso a prensa dicía: «Alerta no transporte escolar: o sesenta por cento dos autobuses controlados son multados; na provincia da Coruña, o oitenta por cento», como lle dixen o outro día ao conselleiro.

E a verdade é que o conselleiro non nos falou moito do que eu lle acababa de preguntar. Loxicamente, non é seguramente a súa función, é dicir, vir responder, como se [...] noutras ocasións; debín ir interpelar os responsables da empresa consultora, que fai todo o traballo á Xunta de Galiza.

E dicía algo, conselleiro, bastante curioso; dicía que nós viñamos dicindo que o Goberno galego o que quería, co servizo de transporte público ou con outro tipo de servizos que ofrece a propia Xunta, era fastidiar os galegos e as galegas. E eu a verdade é que non podo estar menos de acordo con iso. Fastidiar os galegos e as galegas, para vostedes, é simplemente un dano colateral. Aquí o importante é asegurar o negocio ás súas empresas amigas, chámese Monbus, chámese Altri ou chámese o que sexa, pasando por enriba dos galegos e das galegas, pasando por enriba da sociedade galega. Non o fan co fin último de fastidiar, pero se hai que fastidiar, hai que fastidiar, porque o fin último sempre é beneficiar os amigos do Partido Popular. Ese capitalismo de «amiguetes», ese capitalismo do século XXI, con cheiros, con tufos... a século XX, que non pode con el. E así, isto é o que fan.

Hoxe, sorprendeume bastante —e debaterémolo despois tamén, na miña réplica— a emenda que o Partido Popular introduciu nesta moción. E é que esta moción foi tamén debatida de forma moi similar e algúns dos puntos son practicamente os mesmos que os dunha iniciativa que trouxemos en novembro do ano pasado —esta mesma lexislatura— e que o Partido Popular rexeitou con absoluta contundencia dicindo que o que pedíamos non era para nada necesario, nin que tiñamos dereito a recibir esta información. E hoxe, na moción que se formula, o Partido Popular apenas cambia nada do que nós pedimos, polo que entendo que no día de hoxe, cinco meses despois desa moción, o Partido Popular rectifica a súa posición, totalmente antidemocrática, totalmente opaca, onde a transpa-



rencia xa non é nin sequera un nome ruso, como o de dimitir, e nestes cinco meses despois admite que ten que dar esta información, aínda que cun pequeno matiz, loxicamente; se non, non meterían a emenda e apoiarían unha iniciativa do BNG por primeira vez nesta lexislatura, seguramente.

O que fan é introducir a cuestión da confidencialidade no que ten que ver coa documentación das ofertas das empresas gañadoras do servizo de transporte público nos procesos contractuais deste servizo. Eu entendo a cuestión da confidencialidade nun proceso contractual de licitación pública, no sentido de que as empresas ofertan unha serie de melloras que puntúan para gañar unha licitación e entendo que, por unha cuestión de competencia, ten que haber documentación confidencial para salvaguardar os intereses desa empresa en relación con outras empresas competidoras. Pero, señorías do Partido Popular, a oposición neste Parlamento non é unha empresa interesada nesta cuestión. Somos representantes do pobo galego con dereitos e con deberes, fundamentalmente de fiscalizar a súa acción política e de controlar a súa acción política. Nós non lle podemos comprar que hai documentación sensíbel, documentación de interese social a nivel do que fai a Xunta de Galiza, nin que nós non teñamos o dereito e a capacidade de consultar esa documentación; non llelo podemos comprar ás señorías do Partido Popular. Non lles podemos comprar, polo tanto, esa cuestión da confidencialidade, e debe quedar fóra de todo mínimo exercicio de transparencia e de todo mínimo exercicio de levantar a opacidade, de abrir as ventás e de que o tufo a ese capitalismo do século XX saia, para que realmente saibamos que está acontecendo no servizo de transporte público.

Porque unha das cuestións que nós traíamos aquí era, por exemplo, todo o que ten que ver cos expedientes sancionadores ás empresas concesionarias. Se ben é certo que o conselleiro o outro día deu algúns datos —máis dos habituais—, dixo —e ademais fun ao *Diario de Sesións* para copialo textualmente—: «No 2025, impostas 107 sancións a 60 concesionarios diferentes, por un importe de ao redor de 200.000 euros». Nós queremos saber esas sancións con base en que, a quen, como, cando e onde.

Porque, señorías, hai un argumento que levamos utilizando tempo —porque realmente, cando lle dixen ao conselleiro que cando hai sospeitas e non se aclaran esas sospeitas, algo hai—, e é que realmente neste país está saíndo moi barato incumprir. Está saíndo moi barato incumprir no servizo de transporte público, e iso lévanos unha vez máis a ese trato de favor, a esa protección das grandes concesionarias do transporte. Alégrome de que caesen do burro nesta cuestión e de que vaian entregar esa documentación —¡xa era hora!—, porque levamos anos pedíndollela e sabendo que, cando rectifican e cando lles fan caso ao Bloque Nacionalista Galego, acertan, porque máis transparencia e menos opacidade é acertar. E nós, como deputados e deputadas da oposición, temos o dereito e o deber de poder fiscalizar, de poder saber o que está acontecendo, e vostedes teñen tamén o dereito e a obriga de así facelo, de así garantilo. Iso é o que imos seguir demandando.

Falaremos na seguinte quenda da cuestión da emenda. Pero, como lle digo, é moi difícil de comprar todo ese tema da confidencialidade, sabendo que para exercer un traballo de control, de fiscalización do Goberno, non cabe ningunha confidencialidade posible nos dereitos de saber a verdade da sociedade galega.



Mis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señor Ríos, tiña un compañeiro noutra lexislatura que dicía: «paus se remas, paus se non remas». Pois no seu caso é o mesmo: se lle damos a razón, mal; se lle levamos a contraria, tamén mal. Co cal, estamos nun callejón sen saída.

Pero, mire, si que hai unha cousa que non lle permito: nós, este grupo parlamentario, ten o máximo respecto a este Parlamento, e voulle explicar por que... (*Murmurios.*) Voulle explicar por que, e van entendela. Mire, hoxe a portavoz do Goberno central dixo que levar os orzamentos á Cámara é unha perda de tempo. Iso foi o que dixo a portavoz do seu goberno, do Goberno que vostedes apoian. Non vin a ninguén do Bloque Nacionalista Galego que lle parece mal que o Partido Socialista, que o Goberno, lle furete ao Parlamento unha obriga, ademais constitucional. ¡Nada!, a vostedes parécelles ben, ¡parécelles ben! (*Aplausos.*)

Señoría, este grupo non dilúe o control ao Goberno facéndolle preguntas propias. Cando gobernaba o Bipartito, había unha pregunta do Partido Popular, que facía a oposición, e había dúas preguntas do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista para diluír a pregunta ao exercicio de control ao Goberno que facía isto. Iso pasaba antes, agora non. Agora vostedes fan preguntas de control ao Goberno, e o Partido Popular escoita e atende as súas propostas. Iso é o que se fai cando alguén ten certo espírito democrático.

Pero a vostedes imaxino que lles parece ben. Cando vostedes teñen a maioría da Mesa, pasan o rodillo e obrigan a que os demais non teñan a representación que lles correspondería. Por iso non lle permito que diga que nós non nos preocupamos por este Parlamento, todo o contrario; é máis, estaba pensando que aquí, por exemplo, hai debate do estado da Autonomía. Noutros parlamentos non hai debate do estado da Nación, e ao Bloque Nacionalista dálle absolutamente igual. O señor Sánchez non sei cantos fixo, pero creo que non fixo ningún debate do estado da Nación dende que é presidente, ¡nin un!, e o Bloque Nacionalista é socio de Pedro Sánchez. ¡Oia!, a vostedes iso parécelles fabuloso. Por iso non lle permito que diga que nós non nos tomamos en serio este Parlamento.

Miren, señorías, estamos a falar do Plan de transporte público de Galicia. Son case 3.600 liñas, que atenden máis de 58.000 paradas a través de máis de 2,3 millóns de servizos ao ano, que percorren máis de 58 millóns de quilómetros de servizo. Grazas a este plan da Xunta de Galicia, estamos mellor conectados que nunca por unha rede de autobús interurbano que se adapta ás necesidades da cidadanía en canto a destinos, frecuencias e horarios, e fai un



uso eficiente dos recursos. Ademais, conta coa capacidade de axuste necesaria para seguir mellorando continuamente.

A unha oferta de servizos moi potente acompañana outras condicións que fan do autobús un medio de transporte atractivo, competitivo, seguro, fiable e igualitario; grazas, entre outras cousas, aos prezos ao alcance de todos, e cunha aposta continuada por promover todas as vantaxes económicas que favorezan o uso recorrente deste servizo. A Xunta facilita descontos e bonificacións xerais para todos os usuarios, xunto con medidas especialmente dirixidas aos máis novos, ás persoas maiores ou ás familias numerosas. Somos a única comunidade que contempla este abano tan completo de descontos e de bonificacións —ja única comunidade!—. E, como ben sabe, mantivemos a bonificación adicional autonómica do 20 por cento no prezo dos billetes de autobús para todos os usuarios, aínda sen saber o que ía facer o Goberno de España. O sistema de transporte público autonómico implantado pola Xunta de Galicia aposta por dar servizo a todos os cidadáns, independentemente de onde vivan, e por fomentar o seu uso, grazas ás tarifas económicas para os usuarios.

No ámbito da oferta de servizos, a renovación total do autobús interurbano da nosa comunidade, xunto co traballo de mellora continua, deixa datos que falan por si mesmos. A comunidade pasou nos últimos anos de 900 a 3.600 liñas, case catro veces máis; de 20.000 a 58.000 paradas, case o triplo. E as frecuencias aumentaron do 1,480.000 millóns de servizos ao ano, a 2,360.000 millóns de frecuencias, un 60 por cento máis de frecuencias.

Unha das razóns de ser deste incremento espectacular é porque se deu unha atención prioritaria ao rural. O Plan de transporte público de Galicia supuxo a revisión completa do mapa de liñas e introduciu solucións para a máxima cobertura do autobús dun xeito eficiente, como o transporte integrado ou compartido, co que se conseguiu unha rede de máis de 2.200 liñas que facilitan as viaxes nos ámbitos máis próximos entre as localidades máis dispersas e as vilas. Son máis de 700.000 servizos cada ano que funcionan en momentos de alta demanda de transporte público e que están sendo capaces de beneficiar cada ano máis usuarios non escolares.

Tamén hai que destacar o transporte baixo demanda, que garante o transporte público alá onde é necesario, á vez que optimiza os percorridos dos servizos e os tempos de viaxe segundo as peticións dos usuarios, e incluso evita que os servizos vaian ou circulen baleiros. Case 2.400 liñas contan hoxe con algunha parada baixo demanda, e hai máis de 600.000 servizos ao ano, señor Ríos.

No ámbito das tarifas, a renovación completa das concesións permitiu establecer un sistema homoxéneo para toda Galicia, eliminando as diferenzas de prezo que existían entre distintas zonas e distintas concesións e abaratando con carácter xeral os billetes de autobús nas viaxes en toda a comunidade. O incremento da oferta de servizos e a mellora das tarifas son logros cumpridos pola Xunta de Galicia, pero o noso compromiso é seguir avanzando.

E en relación, señor Ríos, á información e á transparencia —como intuía pola emenda que presentamos—, imos apoiar a súa moción, cunha emenda técnica que non creo que teña vostede ningún problema en admitir. Porque, xa llo dixo o conselleiro cando foi a interpe-



lación hai quince días: transparencia total e información a que sexa necesaria, a través do Portal de Transparencia, a través do artigo 9, a través dunha moción que vostede plantexa. Se non é quen de utilizar o Portal de Transparencia, pídanos axuda e intentamos axudalo para consultalo. (*Murmurios.*) Se non lle gusta como é a resposta a través do artigo 9, pois volva formulala e volveráselle contestar.

Pero, mire, só nesta lexislatura o Goberno galego respondeu a 6 artigos 9: 5 do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Partido Socialista. Tramitáronse todas as solicitudes sobre este tema.

En definitiva, señor Ríos, hai vontade por parte da Xunta de Galicia de que haxa total transparencia; vontade absoluta. ¿Que quere vostede máis información? Proporcionaráselle toda a información que vostede precisa. Por iso, por iso mesmo, imos apoiar esta iniciativa —se vostede apoia a emenda que nós presentamos—, porque entendemos que desa forma vostede deixará de facer insinuacións e que vostede deixará de insinuar certas cousas que despois non plasma. Xa lle dixen a última vez que se vostede cre que hai algo que non é correcto, vaia aos xulgados, señor Ríos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (*Pausa.*) (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

De novo, boa tarde.

Toca hoxe debater sobre transporte público.

Primeiro, quero dicir que é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia que, como recoñeceu o conselleiro, supón 150 millóns de euros ao ano. E debatemos sobre un concepto que choca frontalmente coa práctica política do PP: a transparencia e o respecto ás normas democráticas neste Parlamento. Non, señor Trenor, non; non son respectuosos con este Parlamento, non o son. Dicir que presentan unha emenda técnica é unha burla, unha burla completa a este debate.

Miren, os socialistas dende o inicio desta lexislatura, consecuentemente co exposto anteriormente, denunciámos a situación do transporte público en Galicia e os problemas de funcionamento que se viñan detectando. Como dicía, desde o inicio tomamos como referencia e nos mantemos no relato do ocorrido desde a promulgación da Lei de transporte de Galicia. É evidente que das decisións adoptadas no seu momento de falta de transparencia véñense arrastrando fallos no funcionamento actual. A proposta dos socialistas debatemos aquí sobre o que recollía o Informe do Consello de Contas, que cada vez é máis real sobre a situación do transporte público, ao analizar a problemática do transporte, a



xestión do Goberno galego con respecto a el e, sobre todo, as decisións que se debían adoptar para melloralo.

Cando expomos este debate, con base nos conceptos que trasladaba o Informe do Consello de Contas, quíxose quitar importancia aos puntos básicos que alí se expuñan e dar cifras e máis cifras sobre liñas, paradas, viaxeiros, supostas melloras, etcétera. O señor Trenor elevouno a millóns de datos, e hoxe seguimos cun funcionamento que soportan as galegas e os galegos que non se corresponde con ese esforzo orzamentario dunha cantidade tan importante como a de 150 millóns de euros.

O debate de hoxe é tan sinxelo como requirir ao Goberno galego os datos reais do transporte público en Galicia. Aquí é onde o PP e o Goberno de Rueda se enrocan en negar a evidencia. Non coñecer os datos que se solicitan impide facer unha radiografía do funcionamento do servizo público, e hoxe novamente cobran consistencia os problemas que expuña o Consello de Contas, por moito que o negue o conselleiro e o señor Trenor.

O informe, exhaustivo e detallado, centrábase en varios aspectos moi concretos, que son os que xustifican aínda hoxe que o Goberno da Xunta deba responder coa información detallada para coñecer a realidade. Falouse da abdicación; si, a abdicación das súas competencias de inspección e control dos contratos asinados. E a abdicación resulta especialmente grave nas súas competencias de facer un seguimento dos contratos asinados á hora de coñecer o grao de cumprimento das concesionarias con respecto aos compromisos que deben facer efectivos.

Non dispoñer da documentación, das ofertas e a emenda trampa que realizaron as concesionarias que obtiveron o servizo impídenos facer un seguimento desas obrigacións, e o máis grave é que os usuarios descoñecen en moitos casos os seus dereitos, o que impide poder exixilos.

Segundo apartado, queixas dos usuarios. A realidade está no descontento diario, que se materializa en queixas que quedan sen contestar. O peor desta situación é a normalización que fan os usuarios da situación, dando por irremediabes os atrasos, os cambios das liñas, as deficiencias puntuais, etcétera. A resignación, señorías do PP, converteuse na norma, e correspóndelle ao Goberno galego tomar en consideración as queixas dos usuarios para mellorar o servizo.

Terceira cuestión, penalidades. Detectaba o informe que existen procedementos de infracción abertos, pero que non se impoñen as penalidades correspondentes, aspecto moi importante para valorar o servizo, cando se pode chegar en último extremo á rescisión dos contratos. Facilitar a relación dos expedientes sancionadores dos últimos anos permitiría coñecer os motivos das sancións, e sobre todo permitiría adoptar decisións para mellorar a prestación do servizo.

E, finalmente, corresponde a xestión do Goberno galego. A falta de planificación que fai constar o Informe do Consello é un aspecto cualitativo moi importante e que afecta, como dicía, a xestión do Goberno.



A resposta do conselleiro de querernos facer crer que non queren prexudicar a ninguén coas súas decisións é un exercicio de «buenismo» que non se corresponde coas deficiencias que os usuarios soportan a diario, que aparecen nos medios de comunicación de forma reiterada e que son denunciados por alcaldes, alcaldesas, asociacións e particulares. As queixas concretas que denunciámos no seu momento mantéñense, e fóronse incrementando co paso do tempo noutros puntos xeográficos.

Insisto, na provincia da Coruña, a liña que xera máis problemas é a da Coruña-Ferrol-Pontevedra-Betanzos. Ao incumprimento de horarios, engádese a denuncia dos concellos de falta de prazas. En Ferrol perdéronse frecuencias, liñas e prazas, ademais de cambios de roteiros, impuntualidades e buses avariados; situación que se repite en Betanzos e en Pontevedra, onde máis visible se fixo a mobilización.

Na provincia de Pontevedra incúmprese o contrato de autobuses entre Vigo e a comarca do Val Miñor, e tamén destacan os problemas do servizo de bus entre Marín e Pontevedra.

Poderíamos continuar cos problemas que sofren as persoas con mobilidade reducida, os estudantes nos accesos a centros escolares e universidades, e en asistencia a consultas médicas e hospitais.

Os usuarios non teñen un aceptable grao de satisfacción co servizo. É necesario coñecer esa información, que ata o momento se lle nega á oposición. O exercicio de transparencia hai que facelo real, non só como un enunciado.

Apoiaremos esta proposta de moción, e se o PP vota en contra, o discurso do conselleiro quedará totalmente desautorizado. Non sei que vai facer o BNG coa emenda do PP, pero considérola como unha emenda trampa á hora de falar da confidencialidade. É unha trampa, non é unha cuestión técnica, como nos quere facer crer o señor Trenor.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señor Trenor, véxolle a vostede un bo futuro. Parece que estaba nunha interpelación xa, no sentido de: «ti fai a pregunta que queiras que eu contestarei o que me dea a gana»; un pouco nesa liña que lle comentabamos antes.

¡Máximo respecto ao Parlamento galego, señor Trenor, por favor! Creo que estabamos tendo un debate que pretendía ser serio. Fan absolutamente o que lles dá a gana: cambian vostedes o contido das comisións para coartarnos a nosa capacidade de control, agora meten todas as comparecencias, fan as preguntas en comisión e en pleno para simplemente utilizar o Parlamento como unha rolda de prensa con público... En case cinco anos —e agradezo que hoxe



este o presidente da Xunta — que levo aquí non lle vin a vostede — e antes ao anterior presidente — contestar nin unha soa pregunta que se lle formula nas sesións de control e na comisión de investigación ¡todo o que fixeron con este Parlamento!... ¿Como pode vostede vir aquí dicir — e dar golpes de peito — que vostedes respectan absolutamente algo esta institución, señor Trenor, por favor? (*Aplausos.*) ¡É que podería estar así toda a miña intervención!: artigos 9 non contestados ou contestados de forma ridícula, e un suma e segue. Suma e segue, porque para o Partido Popular simplemente este Parlamento non é máis que un alfofalante da súa propaganda.

Señor Trenor, efectivamente, ímoslle aceptar a súa emenda, sabendo que é unha trampa, sabendo que é imposible saber cal é o estado real do servizo de transporte público por estrada sen saber se están cumprindo as ofertas. Nós debemos saber cantos quilómetros se propuxeron a maiores nas ofertas, canto rebaixaron a antigüidade dos vehículos, cantas bases operativas din que ían ter por enriba das que tiñan os pregos, cantos autobuses...; canto e canto e canto prometeron e non cumpren. Claro é que fundamental. Claro que é fundamental e claro que seguiremos defendendo que temos que ter dereito a esa información. E ímola pedir. A súa emenda, se a collemos con literalidade, é que van dar toda a información referida a esas ofertas, salvo as que están consideradas como confidenciais. Nós imos pedir todo o que entendemos necesario para saber se realmente se está cumprindo o que está asinado nos contratos. E o partido Popular proponnos moitas veces saltos de fe, sen ningún tipo de documentación, e temos que crer por unha cuestión de fe todo o que nos din, como todos os datos que soltou vostede agora, ou os que dixo o conselleiro o outro día.

Eu o que non vou facer hoxe é un salto de fe; voules dar hoxe un voto de confianza. Espero e agardo que despois de aceptar a súa emenda recibamos toda esta documentación nun prazo razoable de tempo. Se non é así, volveremos, e volveremos dicindo que o Partido Popular, como xa sabemos —fagan que me equivoque, por favor—, non ten absolutamente ningún tipo de palabra nin con este Parlamento nin coa sociedade galega. Fagan que me equivoque, entreguen toda a documentación que nós pedimos de xeito detallado e, realmente, deixen entrar un pouco de aire sobre o que está acontecendo e leva acontecendo estes anos co servizo de transporte público, señor Trenor. Fan ben cando rectifican e lle fan caso ao BNG. Non intenten enlearnos con trampas e poñan os documentos enriba da mesa, porque, cando falan papeis —como lle dixen ao conselleiro aí atrás—, calan as barbas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación. Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que se acepta no seu primeiro punto.

(*A señora Espinosa Mangana pide a palabra.*)



Pide a palabra a señora Espinosa. Si, déanlle voz ao escano da señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Si, presidente.

Dado que só aceptan un punto da nosa emenda, pediríamos a votación por puntos: os puntos 1, 2, 3 por un lado, e o punto 4, por outro.

O señor PRESIDENTE: O problema é que non está a señora Prado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si...

¿Non lle aceptan a votación por puntos? (*Asentimento.*) Vale.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra, 39; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Carlos López Font.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto 4 da orde do día, que é o de proposicións non de lei, respondo á cuestión formulada pola señora Espinosa hoxe pola mañá, sobre as acumulacións. Xa tiven a oportunidade de falar con ela.

O Regulamento contempla, efectivamente, no artigo 162 e no artigo 159, que é unha competencia do presidente acumular ou non acumular as proposicións, sempre que teñan un nexos común, de unión. Iso é así, non o vou negar, pero é a primeira vez —e eu creo que son o que máis tempo levo aquí— que isto sucede cun mesmo grupo. Entón, ben... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, plantéxame dúbidas, porque non hai antecedentes. Entón, eu o que lles propono, se lles parece, é deixalo como está; é dicir, un debate por separado. Pero propono que na Xunta de Portavoces falemos de se cando hai dúas cuestións similares do mesmo grupo o presidente acumula ou non acumula, como se fai cando son de distinto grupo, porque, se iso tivéssemos que facelo hoxe, eu tería que acumular neste pleno seis cuestións do mesmo grupo —¡do mesmo grupo!—, xa que hai cuestións similares do Grupo Socialista e hai outras cuestións similares do Grupo Parlamentario Popular.

Entón, eu propoñolles que, aínda que é unha facultade do presidente, teña eu tamén un certo criterio, porque isto non se deu nunca —que eu saiba— neste Parlamento. Entón, ímolo debater por separado, e na Xunta de Portavoces falaremos despois desta cuestión.

Polo tanto, pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e tres deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9

O señor PRESIDENTE: Formulouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda tamén do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:



«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao Goberno de España que remita a información sobre o seu posicionamento fronte aos requirimentos da Comisión Europea en relación coa AP-9 e que atenda ás solicitudes de información e reunión formuladas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Transportes.
2. Dirixirse ao Goberno de España para que elabore e faga público un estudo que avalíe, como mínimo, os seguintes aspectos: o custe do rescate da AP-9, de implantación da súa gratuidade e de aplicar as bonificacións vixentes ata final da concesión e facilite, en cumprimento có principio de transparencia, os cálculos nos que se basea».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.)

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3, que terá o seguinte contido:

«3. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar as mesmas bonificacións, que nas autoestradas de titularidade estatal AP-9 e AP-53, nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, como paso para implantar a gratuidade total nas devanditas autoestradas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Roberto Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Abro comiñas: «Aprobar en el Congreso de los Diputados la proposición de ley del Parlamento de Galicia para la transferencia de la AP-9 a lo largo del año 2020, e incluír esta autopista en los esquemas de compensación para la rebaja de los peajes que se pongan en marcha para las concesiones a largo prazo aún vigentes, garantizando como mínimo la bonificación del cien por cien del peaje para los usuarios recurrentes —dos veces o máis al día—, tanto a particulares como a profesionales, durante todos los días da semana. Además, se establece el compromiso de eliminar durante la legislatura el impacto en los usuarios del incremento extraordinario de tarifas acumulativo durante veinte años» —pecho comiñas—. É o texto literal do pacto PSOE-BNG para investir presidente a Pedro Sánchez, asinado o 3 de xaneiro de 2020 por Adriana Lastra Fernández e Ana Pontón Mondelo. Se tivesen a máis mínima vergonza, nin subían á tribuna, señorías, ¡nin subían á tribuna! (Aplausos.)

Cinco anos despois, pese a este flagrante incumprimento do asinado, pese a esa estafa consumada por Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego aos galegos, Pedro Sánchez conserva a presidencia do Goberno. A explicación: o sometemento permanente do interese xeral á chantaxe de quen sexa e ao prezo que sexa para acadar a aritmética parlamentaria e que lle permita conservala. Pero hai outra cousa que tamén conserva Pedro Sánchez cinco anos despois: o apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego; e para isto, señorías, si que



non hai explicación, ninguén o pode entender. Non hai nacionalismo máis barato para Sánchez nin máis caro para os galegos que o do Bloque Nacionalista Galego. (Aplausos.) A única gratuidade que conseguiron de Sánchez foi a do seu apoio; iso foi o único grauíto que trouxeron a Galicia. (Aplausos.)

Esta mañá, o señor Castro recorreu ao chat GPT para preguntarlle polas bondades da Lei de intelixencia artificial aprobada no día de hoxe. A verdade é que me picou a curiosidade e eu acabo de preguntarlle algo moito máis concreto. Pregunta: «¿algún día se transferirá a Galicia la titularidad y competencia sobre la AP-9?» (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Resposta: «Es difícil predecir cuándo se llevará a cabo esta transferencia, ya que depende de la voluntad política de las negociaciones entre el Gobierno central y la Xunta de Galicia. La lucha pola transferencia continúa y muchos gallegos esperan que se logre en el futuro. Si tienes interés en este tema, te recomendaría seguir las noticias y los anuncios oficiales para estar al tanto de cualquier avance». ¡Y es lo que hice!, exactamente o que fixen. E por iso, ¿saben cal é o último anuncio oficial de interese nesta materia, señorías? O acordo da Mesa do Congreso de hoxe, 25 de marzo: (O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.) a prórroga número 25, señorías. Pero ¿con que cara van subir hoxe vostedes a esta tribuna? (Aplausos.) ¿Con que cara, señorías? (Aplausos.) ¡¿Con que cara?! (Aplausos.)

Este desleixo do Goberno e dos seus socios cunha demanda unánime do Parlamento galego, ademais de ser unha deslealdade institucional, lacera a capacidade de Galicia de propoñer leis en ámbitos de competencia estatal; un dereito recoñecido tanto no noso Estatuto como na propia Constitución. Señorías, Galicia aspira lexitimamente a xestionar a AP-9.

En decembro de 2023 este Parlamento aprobou novamente por unanimidade solicitar a transferencia a Galicia da súa titularidade e xestión, asumindo o Estado repercusións económicas e financeiras dos convenios en vigor, das actuacións en infraestruturas xa comprometidas e das necesarias no futuro que non sexan responsabilidade da Xunta de Galicia, e tamén a dotación económica necesaria para ampliar as bonificacións e eliminar o incremento extraordinario do 1 por cento durante vinte anos, acordado polo Goberno socialista do señor Zapatero: 25 prórrogas ao trámite de emendas; 40, se sumamos as 15 da lexislatura pasada.

Vostedes, señorías, non lle están a negar a Galicia a transferencia; é que vostedes lle están a negar a Galicia o debate. E a pregunta é: ¿que van facer vostedes, señorías do PSOE e do BNG? Porque o certo é que os galegos hoxe padecen as peaxes da AP-9 máis altas da súa historia. Percorrela enteira custa, dende o 1 de xaneiro, 26,85 euros. Dende que goberna Pedro Sánchez, co seu apoio, a AP-9 converteuse na autoestrada na que máis subiron as peaxes en España, cun incremento acumulado que supera o 28 por cento. Porque o certo, señorías, é que neste 2025 tamén se converteu na autoestrada na que máis subiron as peaxes en Europa. Mentres as principais vías europeas de pago se están a actualizar por debaixo do IPC —sobre un 2 por cento—, Sánchez, co apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego, sobe a AP-9 máis do dobre, o 5 por cento. Porque o certo é, señorías, que dende que Sánchez é presidente, co apoio explícito e inasequible ao desalento do Bloque Nacionalista Galego, ten decretada a gratuidade de oito autoestradas, ten feito grauítos 4 de cada 10 quilómetros de peaxe, co apoio do BNG, 1.000 quilómetros menos de



pago en toda España, tres veces máis que todos os quilómetros de pago que o Estado ten Galicia; son os máis caros de España e Europa, co apoio do BNG. ¿Cantos quilómetros liberou Sánchez en Galicia? Cero, señorías; tamén co apoio do BNG, (*Aplausos.*) ¡tamén co seu apoio! (*Aplausos.*)

Reclamamos respecto para Galicia, señorías. Ten que cesar este agravio, outro máis que está a prexudicar a maioría das familias e a competitividade dos sectores estratéxicos claves na nosa comunidade. O certo é que o que hoxe está a pasar é isto, e toca falar, por tanto, dos acordos e das decisións que hai que adoptar hoxe, no 2025, para ter unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta, tal e como vostedes, Partido Socialista e Bloque Nacionalista, lles prometeron aos galegos.

Polo tanto, volvo preguntar: ¿que van facer vostedes, señorías? Supoño que pretenden fuxir desta pregunta, a través da emenda que presenta novamente o Partido Socialista, ou mesmo que pretenden sacar peito das bonificacións da AP-53 aprobadas esta mañá. Por favor, afórrrennos a pelexa por ver quen se anota o minipunto. Estarán orgullosos, levoulles só cinco anos cumprir coa boca pequena co prometido aos galegos. ¡Parabéns! Como dicía Esopo: pariron os montes e naceu un insignificante rato.

Señorías, o verdadeiro obxectivo marcouno o presidente Rueda hai un ano; o verdadeiro obxectivo é que a autoestrada de Santiago a Ourense sexa toda ela sen custo para os usuarios, porque no día de hoxe unha parte xa o é. ¿Saben cal? A autonómica, (*Murmurios.*) tal e como, polo tanto, reclamamos na nosa iniciativa. Dende a A-52 ao Alto de Santo Domingo a autoestrada é de titularidade autonómica e está libre de pago; a partir de Dozón, a infraestrutura é competencia do Estado, e dende Lalín convértese nun vial con peaxe a partir desa vila. O investimento que tería que afrontar o Goberno de Pedro Sánchez é similar ao que xa executa a Xunta para manter sen custo para o usuario ese tramo autonómico; uns 10 millóns de euros que Madrid debería desembolsar. Non se lle está a pedir máis esforzo que o que xa fai a Xunta de Galicia.

Remato. Tamén é importante, por certo, respecto da AP-53, saber que plans teñen, porque esta é a autoestrada de peaxe cun período concesional máis extenso por diante. ¿Pensan esgotalo tamén, como xa anunciaron que van facer coa AP-9?

Remato. Os galegos esperan —porque a merecen— a mesma vontade política e a mesma dispoñibilidade orzamentaria que xa existe para outros territorios. Os galegos esperan, en definitiva, que quen ten hoxe a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias as adopte, para ter unha AP-9 cen por cento galega e gratuíta, tal e como lles prometeron.

E por iso a pregunta novamente —e con isto remato— é: ¿que van facer vostedes, señorías, á parte de vir aquí falar —supoño— da prórroga de Aznar e de votar —supoño— a favor desta iniciativa? ¿Que van facer, señorías? ¿Van seguir dicindo que chove, señores do BNG? ¿Van seguir deixando a bravura en Pedrafita? ¿Van seguir sendo os perfectos soldados de Sánchez ou van amosar a dignidade propia de quen di defender os intereses de Galicia en Madrid e, dunha vez por todas, retirar o seu apoio incondicional a Sánchez? ¿Van seguir sendo moi bravos aquí e moi mansos alá?



Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Rodríguez, o campión da cara é vostede, sendo do partido de José María Aznar. ¡Claro que hai que falar de José María Aznar! ¡Claro que lle debería dar vergonza a vostede subir aquí dicir o que di!

Mire, é evidente que coa presentación desta proposición non de lei o único que trata o PP é de desviar a atención doutros temas importantes hoxe en Galicia. A súa negativa ao debate acumulado das dúas propostas do PP demostra; *(Aplausos.)* unha aplicación do Regulamento por parte da Presidencia que non compartimos. ¡Que estraño que a primeira vez na historia deste Parlamento que un grupo trae dúas proposicións iguais sexa sobre a AP-9! ¡Que cara ten, señor Rodríguez! *(Aplausos.)*

Mire, resultou ridícula a xustificación do señor Pazos para negarse a ese debate acumulado. As preguntas ao presidente de mañá sobre Altri si se poden acumular, aínda que con enunciados diferentes, e as dúas presentadas polo PP sobre a AP-9 non se poden acumular porque proveñen do mesmo grupo, di o señor Pazos. ¡Incríble! Se cadra, nunca un grupo presentou dúas iniciativas no mesmo pleno e sobre este tema, evidentemente, e encima o señor Pazos permitiuse esta mañá ameazar veladamente co que se podía propoñer no futuro. Bueno, que alguén me explique a diferenza entre os dous temas a debater. Miren, o único que pretende o PP é debater, precisamente, hoxe e mañá sobre o mesmo para dar dous titulares de prensa e escapar doutros temas. *(Aplausos.)*

Señor Rodríguez, o último anuncio é este: *(O señor López Font mostra un documento.)* a AP-53. É o último anuncio, efectivamente, no relativo ao camiño da gratuidade iniciado polo Goberno socialista cando o Consello de Ministros de hoxe aproba as bonificacións para a AP-53 de ata o 75 por cento, igualando as que ten a AP-9. Nun dos moitos debates que tivemos vostede e eu dicíalle que non se preocupase pola AP-53, que a bonificación comprometida polo Goberno do Estado do 75 por cento chegaría de inmediato, e aquí está no día de hoxe, señor Rodríguez. *(Aplausos.)* Vostede —que lle gusta moito poñer exemplos de cifras de custos— pode ler a prensa de hoxe e ver *(O señor López Font mostra un documento.)* que aquel usuario da AP-53 que estaba a pagar 280 euros ao mes, a partir do acordo do Consello de Ministros de hoxe, pagará 70 euros; non llo di o señor Font, dillo a prensa, que a pode ler: si, o 75 por cento. ¡Mal día para o PP!

Como seguro que o PP non contaba con este mal día, expor por enésima vez o relativo á AP-9 demostra o escaso interese do PP. Rescatar unha iniciativa do 2 de maio do ano pasado deixa ás claras que o único obxectivo desta proposición é non debater doutras cousas. Re-



petireino ata a saciedade: estamos encantados de debater sobre a AP-9. Non nos molesta este debate. Como esta iniciativa é de maio do pasado ano, repetimos o que dicíamos nesas datas: para falar da AP-9, señor Rodríguez, o primeiro que ten que facer o PP de hoxe é pedir perdón a todos os galegos e galegas por que teñamos que seguir pagando peaxes. *(Aplausos.)* Se seguimos pagando peaxes é... *(Murmurios.)* Xa sei que lles molesta moito, porque José María Aznar, presidente do Goberno polo PP, no ano 2000 ampliou a concesión por vinte e cinco anos. *Se lo diré las veces que sea necesario: ata 2048, que tamén lles molesta moito.*

Nos últimos debates que tivemos séntense vostedes moi molestos cando se lles fala de Aznar e de 2048, pero teñen que apechugar co que fixo un goberno do PP e a maiores con aquilo ao que contribuíu outro goberno do PP, o de Rajoy. E teñen que apechugar coa laxa de que o Goberno galego do PP no ano 2000 non levantou a voz e tampouco o PP de Galicia. Non fale de covardes, señor Rodríguez. Os covardes foron vostedes cando no ano 2000 non levantaron a voz fronte á prórroga de Aznar. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, fronte á súa demagogia, os socialistas estamos traballando realmente polos que importan, que son os que pagan, e pola gratuidade. E fronte aos quince anos do Goberno do PP de non facer nada, levántase o Goberno de Pedro Sánchez —si, o Goberno de Pedro Sánchez— para poñer en marcha unha política de bonificacións que nos leve á gratuidade. E ese camiño da gratuidade é o que lle doe ao PP; está iniciado ese camiño. Do 50 por cento pasamos ao 75 por cento, e iso é o importante. Porque os que pagan, como o exemplo que poñía anteriormente, fan números de aforro e comprobamos que a súa factura baixou de forma moi significativa.

E todo isto co esforzo económico do Goberno do Estado, cunha media de apoio, señor Rodríguez —que lle gusta falar moito de millóns—, de 80 millóns anuais, que van directamente ao peto dos que transitan pola AP-9 e que agora se incrementarán nuns 8 millóns á AP-53.

Todos eses millóns —a suma; se queren, fágana— significan un aforro directo para os galegos e as galegas. E a vostedes en debates falsos encántalles o rescate, a titularidade..., e a nós, como pasos seguintes, fenomenal. Pero ¿sabe unha cousa? Queremos rescatar e ter a titularidade para xestionala de forma diferente a vostedes. ¿Por que digo isto? Porque vostedes xa gobernan sobre unha titularidade de dúas autoestradas autonómicas. ¿E quéreme dicir para que lles serve aos galegos e ás galegas que vostedes exerzan esa titularidade? Absolutamente para nada, porque non exercen o rescate que piden para a AP-9 e porque non aplican as mesmas bonificacións que o Estado custea ás autoestradas que xestionan. *(Aplausos.)* Por iso —estou seguro de que o aburriréi—, a nosa insistencia na emenda que tanto lles molesta: en que a Xunta aplique as mesmas bonificacións que o Estado nas autopistas que xestionan vostedes, nas autoestradas autonómicas.

Tanta insistencia de vostedes no rescate e na titularidade, esquecendo a gratuidade, lévanos a pensar no seu interese para xestionar a AP-9. Igual están a pensar vostedes en xestionala para seguir mantendo as peaxes ou en que Rueda faga o mesmo que fixo a Aznar e amplíe a concesión máis alá do 2048.

De novo, señor Rodríguez, creo que nos volvemos ver mañá. Encantado. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señor Rodríguez, eu sei que son un inconsciente. Seino perfectamente; xa non é a primeira persoa que mo di e que mo insinúa. Pero ¿con que cara subo eu aquí? Con esta, coa única que teño. Xa perdín a conta de cantas teñen vostedes, señor Rodríguez. E con este tema aínda máis. (Aplausos.) O único que sei das súas múltiples caras é que todas están feitas de formigón armado; iso si que o sei perfectamente; esa cara de formigón armado que teñen que ter para vir aquí dicir que o BNG non queremos a AP-9 e que aplaudimos o que fai o Goberno español... Xa llo teño dito en múltiples ocasións, e non llo vou repetir: vostede siga coa súa cantilena, que xa non coa en ningún tipo de cuestións. E a cara de formigón armado que ten tamén para vir aquí, despois de que en varias ocasións vostedes vetaran directamente a transferencia da AP-9 da man de Ana Pastor no Congreso. Xa non lle vou ir á Aznar, fálolle de Ana Pastor, que vetou en varias ocasións directamente que se puidese debater sobre a transferencia e a gratuidade da AP-9. E vostedes nos últimos anos votaron ata cinco veces en contra no Congreso dos Deputados e das Deputadas a esta transferencia. E non lle falo de hai vinte nin trinta nin corenta anos, fálolle de hai menos de dez anos. Nos últimos dez anos vostedes votaron ata cinco veces en contra no Congreso e vetaron tamén isto cando estaba Ana Pastor de presidenta da Mesa en varias ocasións.

Señor Rodríguez, eu xa llo dixen en moitas ocasións: a vostedes a AP-9 non lles importa absolutamente nada, ¡non lles importa absolutamente nada! O gran problema é que lles teñen que explicar aos cidadáns deste país por que utilizan como unha arma arboladiza unha cuestión tan fundamental para as persoas e para as empresas que operan no noso país, como é a cuestión da AP-9, porque nin uns nin outros... Xa llo dixen, estiven moi tentado —se se puidese— de vir aquí e reproducir no ordenador a miña intervención na comisión do pasado xoves. Mañá estaremos pendentes... Hoxe, claro, non lle van cubrir esta cuestión na prensa, porque houbo a comparecencia da señora conselleira. Ben, en fin, é que é un follón. Unha vez máis, a utilización do Partido Popular deste Parlamento para as súas cuestións partidistas. Entón, volvemos mañá con esta cuestión en *prime time* para ver se facemos algo máis. Pero realmente o problema é que a vostedes nunca lles importou, nesas múltiples caras —todas son de formigón armado—, a AP-9, nin ningunha infraestrutura que viñese ou que estivese destinada para vertebrar realmente este país, que non tivese como obxectivo espoliar os nosos recursos naturais e que non tivese como obxectivo calquera tipo de beneficio para a metrópole.

E, señor Rodríguez, «tan bravos aquí e tan mansos en Madrid». Eu o gran problema que lle vexo a vostede, ao seu grupo, é que son tan bravos aquí e tan inexistentes alá. (Aplausos.) Díxenllo o outro día, señor Rodríguez. Díganme unha soa medida —unha soa jeh!, unha soa medida— que vostedes tomaran en referencia coa AP-9 nos anos de goberno do señor Rajoy, ou mesmo agora na oposición.



Eu pódolle dicir o que fixo e o que conseguiu o BNG. Hoxe, por exemplo, as bonificacións da AP-53 e as bonificacións da AP-9. ¿É pouco? Si. ¿O Goberno español non está cumprindo con este país? Si. ¿Cumpriu algunha vez? Non, porque nos queren para o que nos queren. Pero ¿que conseguiu o Partido Popular gobernando e na oposición —gobernando aquí e alá e estando na oposición—. Dígamo, señor Rodríguez. Eu formuleilles esta mesma pregunta o xoves pasado, tivo tempo de pensalo. Se non, preguntámoslle ao ChatGPT, que, ao mellor, nos sabe dicir que fixo o Partido Popular pola transferencia e a gratuidade da AP-9 nestes últimos anos, de 2011 para acá. Xa non lle falo de Aznar, senón do seu colega Felipe González, que os dous agora son tan amiguetes, tan amiguetes dese capitalismo que vostedes practican, e uns e outros teñen moitísimo que ver nesta historia. Pero xa non lle vou falar diso. Fálolle dos últimos catorce anos, do Goberno de Mariano Rajoy co Goberno de Pedro Sánchez na oposición. Dígame, fagamos balance. ¿Que conseguiu o BNG para a AP-9, para a súa transferencia, para a súa gratuidade, e que conseguiu o Partido Popular con sete anos de goberno?

Xa que vostede nos lanza unha pregunta nunha PNL do Partido Popular, entenda que eu tamén estou no dereito de formularlle unha tan sinxela coma esa. ¿É suficiente? Non, claro que non é suficiente. ¿O Goberno de Pedro Sánchez está cumprindo? Non.

Eu creo que un día deberíamos ver —o que pasa é que teño que destinar o tempo a outras cousas, quizais máis frutíferas— cantas veces votou en contra o BNG no Congreso de cuestións que formula o Goberno e cantas veces votou en contra o Partido Popular. Ao mellor, ata nos sorprendiamos, porque nas cuestións fundamentais o Partido Popular se alía perfectamente cos intereses do Goberno español, ou, cando menos, como vimos nestes últimos días, se abstén; como na cuestión, por exemplo, de non apoiar ningún tipo de entidade que faga apoloxía do franquismo. Vostedes aí abstivéronse e non tiveron ningún tipo de problema. Pero en moitísimas outras cuestións, como en todo o que ten que ver co rearme, en todo o que ten que ver con eses 800.000 millóns de euros, vostedes aplauden coas orellas e votan con quen faga falta. Aí non hai ningún tipo de cuestión. *(Aplausos.)*

Agora ben, eu, sinceramente, máis alá do Padornelo, non lles vin elevar a voz coa cuestión da AP-9 nin unha soa vez, ¡nin unha soa vez! ¡Nin unha soa vez! ¡É así! E o BNG faino case todos os días, e aínda por riba conseguindo cousas. ¿Insuficientes? Seguro, claro que si, pero conseguindo cousas que vostedes nin sequera intentan facer, porque isto non é máis que un xogo, un toma e daca entre o Partido Popular e o Partido Socialista, e cando toca a AP-9, toca a AP-9, e cando toca «x», toca «x». Iso é o triste, que vostedes releguen, que releguen os intereses e as necesidades do pobo galego a intereses partidistas do Partido Popular, de Madrid ademais; do Partido Popular de Madrid, porque aos deputados galegos que ten o Partido Popular non se lles escoitou absolutamente nada no Congreso dos Deputados e das Deputadas a este respecto.

Polo tanto, señor Rodríguez, a min gustaríame, sinceramente, que estes debates servisen para algo realmente e que non servisen simplemente para facer como fixo Ana Pastor no seu momento, é dicir, para vetar esta iniciativa na Mesa do Congreso e un par de anos despois, en campaña electoral, dicir: se nós gobernamos, o primeiro que facemos é transferir a AP-9. ¡É que, a ver...!, é difícil seguirilles as caras, porque son moitas. É difícil seguiríllelas.



Eu por agora teño unha, para o bo e para o malo, ¡eh! Para o bo e para o malo só teño unha e ao mellor son moi inconsciente e veño aquí investir contra un muro, pero non se preocupe, que somos de cabeza dura, por iso non se alarme. E, ao final, os muros, por moi duros que sexan, a base de cabezazos, acaban rompendo. E ao mellor non serei eu, ao mellor terá que vir o seguinte e o seguinte e o seguinte, pero ese é o carácter do pobo galego, que non vai parar nin un só día até conseguir o que lle pertence, señor Rodríguez. E o que lle pertence é unha AP-9 galega e libre de peaxe. Iso é o que nos pertence e iso é o que temos que conseguir. Se van estorbar, por favor, apártense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señorías do BNG e do PSOE, non lles importa falar da AP-9, pero ben que quixeron acumular as dúas cuestións. Así que non sei... Ou sexa, hoxe ata tiveron que tirar do comodín de Franco.

Miren, AP-53. ¡Parabéns! Só lles levou cinco anos cumprir con o das 28 medidas pactadas no 2020 e cunha das 40 asinadas no 2023. Levan un 0,68 por cento de medidas executadas. ¡Bravo!, ¡espectacular! *(Aplausos.)*

Pero, miren, si hai unha cousa que é seria, señor Ríos: nin sequera eu, que formo parte do grupo maioritario desta Cámara, me atrevo a dicir cal é o verdadeiro carácter dos galegos, pero podo garantirlle que romper muros a cabezazos non é. *(Murmurios.)* Señor Ríos, un pouco de respecto.

Miren, ¿saben cal é o seu problema, señorías? O seu problema é que non todo o soluciona a semántica. Claro que por sete míseros votos para manter a Moncloa vostedes mercadean co futuro de menores que chegan ás nosas costas; pois deixamos de falar de repartición e dicimos «reubicación» e por arte de birlibirloque xa non hai problema. *(Murmurios.)* ¿Que o Goberno está dividido entre si e cos seus socios ante a estratexia europea en materia de defensa? Non pasa nada, o problema non é a falta de maioría, o problema é falar de «rearme». Entón, falamos de «seguridade» e listo.

E resulta que agora, ante a estafa —porque son vostedes uns estafadores— aos galegos da promesa que lles fixeron e a constatación de que nin hai nin vai haber vontade política para a transferencia e a gratuidade da AP-9, pois a isto chamámoslle «camiño á gratuidade» e listo, xa estaría. ¡Pero como poden ter tanta cara, señorías! ¡Pero como poden ter tanta cara! *(Aplausos.)* Non, señorías, os agravios non se resoven por vía semántica, a AP-9 segue sen ser gratuíta e está moi lonxe de selo.

Miren, voulles poñer un exemplo que nin sequera vostedes poden discutir, porque é o exemplo que usa a páxina web do Ministerio para vender as bondades das bonificacións. Un camioneiro que faga a ruta entre A Coruña e Vigo, 158 quilómetros, catro veces á semana, aforrará 706,40, euros en peaxes; co novo descontrol, aforra a mesma cantidade que vai se-



guir pagando 706,40 euros. (*O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.*) ¿Saben o que lle custa un traxecto similar a un camioneiro castelán-leonés, vasco, aragonés, andaluz, catalán ou valenciano? Dígollo eu: Burgos-Vitoria, 119 quilómetros, AP-1, cero euros; (*O señor Rodríguez Martínez vai mostrando distintos documentos.*) Zaragoza-Lleida, 152 quilómetros, AP-2, cero euros; Sevilla-Cádiz, 123 quilómetros, AP-4, cero euros; Barcelona-Girona, 100 quilómetros, AP-7, cero euros; Valencia-Alicante, 170 quilómetros, AP-7 —a última en unirse—, cero euros. (*Aplausos.*) ¡Pero, como poden ter tanta cara, señorías! Non se trata de que hoxe sexa un mal día para o PP, é que para os galegos que usan a AP-9 todos os días son malos dende que goberna Pedro Sánchez. ¡Por favor, tápense un pouco!

Remato, señorías. ¿Que máis ten que pasar para que vostedes se planten dunha santa vez? Míren, a AP-9 nin é gratuíta nin é galega. Hoxe acordouse a prórroga da súa tramitación número 25. ¡Mala rima, señorías! —moi ilustrativo do que están a facer, do que está a pasar, pero mala rima—. Non deixa de ser curioso que xusto vostedes sexan 25: os 25 dos 25 que seguen apoiando incondicionalmente a Sánchez para que consume esa rima con Galicia e cos galegos. Mellor propóñolles outra rima: traballen con ahínco para que non haxa máis de 25. (*Murmurios.*)

Remato xa. Grazas a Dios, a vontade do pobo galego neste lado da Cámara puxo a 40 precisamente para cantarlles as corenta, para reprenderlles de xeito firme e decidido a súa actitude a vostedes e ao Goberno que apoian, e seguiremolo a facer todas as veces que faga falta, (*Aplausos.*) hoxe, mañá e no vindeiro pleno, porque non hai dereito, señorías.

A pregunta é a mesma, señorías do PSOE e BNG: ¿van plantexarse vostedes darlle o seu apoio a Pedro Sánchez ou van seguir levantando a man aquí e baixando os pantalóns alí?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Rodríguez, ¿«estafadores» será metaforicamente? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Coidado! Pero é bo que se saiba. Estafadores metaforicamente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Non hai problema.

O señor PRESIDENTE: Non, non, supoño que... A min gustaríame, porque se estamos rodeados de estafadores é un concepto... Non sei, vostede verá.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Retiro a palabra. A min vanme aplaudir por retirala e a vostedes por non facelo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Xa a retirou. (*Murmurios.*) ¡Tranquilidade! ¡Tranquilos!

Xa acabamos hoxe. Imos descansar.

Hai que relaxarse un pouco.


Suspéndese a sesión ás oito e trinta e sete minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | | | |
|--------------------------------------|-----|---|-----|
| 1. Abalde Alonso, Julio Ernesto | S | 39. Mouzo Mas, Paula | P |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación | P | 40. Ojea Bouzo, Armando | M |
| 3. Arias Rodríguez, Raquel | P | 41. Pazos Couñago, José Alberto | P |
| 4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel | P | 42. Pérez Fernández, Rosana | BNG |
| 5. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | 43. Pérez López, José Daniel | BNG |
| 6. Barreiro Sánchez, Enrique | P | 44. Pérez López, Noelia | P |
| 7. Calvo Pouso, Diego | P | 45. Pérez Millares, María Magdalena | P |
| 8. Campero Dorado, Cristina | P | 46. Pomar Tojo, Carmen María | P |
| 9. Candia López, María Elena | P | 47. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG |
| 10. Carreira Pazos, Iria | BNG | 48. Prado Cores, María Montserrat | BNG |
| 11. Casares Gándara, Juan Manuel | P | 49. Prado del Río, Paula | P |
| 12. Castro García, Daniel | BNG | 50. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG |
| 13. Castro Rey, Paloma | S | 51. Queixas Zas, Mercedes | BNG |
| 14. Deza Martínez, María | P | 52. Ríos Santomé, Paulo | BNG |
| 15. Espinosa Mangana, María Elena | S | 53. Rodil Fernández, Olalla | BNG |
| 16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás | BNG | 54. Rodríguez Carrera, María Felisa | P |
| 17. Fernández Davila, María Cristina | BNG | 55. Rodríguez Conde, Ángel | P |
| 18. Fernández Fernández, Secundino | BNG | 56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | S |
| 19. Fernández Gómez, Alexandra | BNG | 57. Rodríguez González, Román | P |
| 20. Fernández González, Ariadna | BNG | 58. Rodríguez Martínez, Roberto | P |
| 21. Fernández Rosende, Jesús María | P | 59. Ruanova Vilas-Boas, Brais | BNG |
| 22. Ferro Iglesias, José Luis | P | 60. Rueda Valenzuela, Alfonso | P |
| 23. Fidalgo Iglesias, Miguel | P | 61. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P |
| 24. García Comesaña, Julio | P | 62. Santamaría González, Raúl | P |
| 25. García González, Patricia | P | 63. Santos Costa, Manuel | P |
| 26. Golpe Acuña, José Manuel | BNG | 64. Sanz Arias, Cristina | P |
| 27. Gómez Besteiro, José Ramón | S | 65. Suárez Fernández, Iago | BNG |
| 28. González Iglesias, Carmela | BNG | 66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | BNG |
| 29. Grueira Fernández, Nicole | P | 67. Taibo Corsanego, Iria | BNG |
| 30. Hermelo Piñeiro, María Dolores | P | 68. Trenor López, Gonzalo | P |
| 31. Iglesias Rey, Patricia | S | 69. Valcárcel Armesto, Montserrat | BNG |
| 32. Insua Lema, Óscar | BNG | 70. Varela Fernández, Katherinie | P |
| 33. Longueira Castro, Silvia | S | 71. Vázquez Mourelle, Ethel María | P |
| 34. López Font, Carlos | S | 72. Vázquez Suárez, Cecilia | P |
| 35. Lorenzo Gómez, Rubén | P | 73. Vereza Fraiz, Borja | P |
| 36. Marnotes Fernández, Argimiro | P | 74. Vidal Lamas, Sonia | BNG |
| 37. Mato Díaz, José Manuel | P | 75. Viso Diéguez, Miguel Ángel | P |
| 38. Méndez López, Lara | S | | |





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

